



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

axencia galega de infraestruturas

CLAVE	TIPO DE ESTUDO
AC/19/132.06	PROXECTO DE CONSTRUCIÓN

TÍTULO

SENDAS NA AC-552. TREITOS: 34+400-34+860 E 44+300-45+080

DESIGNACIÓN	ESTRADA
AC-552	AC-552 A Coruña (A Grela) - Cee (AC550)

PUNTOS QUILOMÉTRICOS	TREITOS
34+400 - 34+860 e 44+300 - 45+080	MONTECELO e BORMOIO

PROVINCIA	REDE
A CORUÑA	PRIMARIA BÁSICA

DOCUMENTOS

TOMO ÚNICO

MEMORIA, PLANOS, PREGO P.T.P. E ORZAMENTO

ENXEÑEIRO DIRECTOR DO PROXECTO

MARÍA JESÚS TEJADA LÓPEZ

ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO

GAEL SÁNCHEZ RIVAS

PBL SEN IVE	DATA	CONSULTOR
570.950,38 €	FEBREIRO 2021	TERRAVANZA Gabinete de Estudios Territoriales Avanzados
PBL CON IVE	**EXEMPLAR**	
690.849,96 €	1	

ÍNDICE XERAL

1 INDICE XERAL

DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS

Anexos á Memoria

Anexo nº 1: Cumprimento da orde de estudo

Anexo nº 2: Antecedentes Técnicos e Administrativos

Anexo nº 3: Cartografía, Topografía e Replanteo

Anexo nº 4: Xeoloxía e Xeotecnía

Anexo nº 5: Efectos Sísmicos

Anexo nº 6: Climatoloxía e Hidroloxía

Anexo nº 7: Planeamento Urbanístico

Anexo nº 8: Tráfico

Anexo nº 9: Trazado

Anexo nº 10: Movemento de Terras

Anexo nº 11: Firmes e Pavimentos

Anexo nº 12: Drenaxe

Anexo nº 13: Estruturas

Anexo nº 14: Solucións ao tráfico durante as obras

Anexo nº 15: Sinalización, balizamento e defensas

Anexo nº 16: Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística

Anexo nº 17: Obras Complementarias

Anexo nº 18: Estudo de Xestión de Residuos

Anexo nº 19: Estudo de Seguridade e Saúde

Anexo nº 20: Coordinación con outros Organismos e Servizos

Anexo nº 21: Expropiacións

Anexo nº 22: Reposición de Servizos

Anexo nº 23: Plan de Obras

Anexo nº 24: Clasificación do Contratista

Anexo nº 25: Xustificación de Prezos

Anexo nº 26: Orzamento para Coñecemento da Administración

Anexo nº 27: Formula de Revisión de Prezos

Anexo nº 28: Valoración de Ensaios

Anexo nº 29: Seguridade Viaria

DOCUMENTO Nº 2: PLANOS

1.- Emprazamento e Índice

2.- Estado actual

2.1.- Planta actual

2.2.- Replanteo

3.- Planta Xeral

3.1.- Planta Xeral. Actuacións

3.2.- Firmes, Pavimentos e Seccións

3.3.- Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística

3.4.- Drenaxe

4.- Traballos Previos

5.- Perfís Lonxitudinais

6.- Perfís Transversais

7.- Firmes e Pavimentos

8.- Seccións Tipo

8.1.- Planta

8.2.- Seccións

9.- Drenaxe

9.1.- Planta

9.2.- Detalles

10.- Estruturas

11.- Sinalización, Balizamento e Defensas

11.1.- Estado Actual

11.2.- Planta Actuacións

11.3.- Detalles

12.- Reposición de Servizos

12.1.- Servizos Existentes

12.2.- Alumeado Público

12.3.- Abastecemento e Saneamento

12.4.- Telecomunicacións

13.- Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística

14.- Obras Complementarias

DOCUMENTO Nº 3: PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

DOCUMENTO Nº 4: ORZAMENTO

Medicións auxiliares

Medicións

Cadro de prezos Nº1

Cadro de prezos Nº2

Orzamentos Parciais

Orzamento de Execución Material

Orzamento Base de Licitación e Base de Licitación máis IVE

DOCUMENTO Nº 1
MEMORIA DESCRIPTIVA E ANEXOS

TERRAVANZA
Gabinete de Estudios Territoriales Avanzados S.L.

MEMORIA DESCRIPTIVA

ÍNDICE

1 OBXECTO DO PROXECTO 3

2 ANTECEDENTES TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS 3

3 XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA 3

4 ACTUACIÓNS PROXECTADAS 3

4.1 TRAZADO 4

4.1.1 SENDAS PEONÍS. DESCRICIÓN DO TRAZADO 4

4.1.1.1 TRAZADO EN PLANTA 5

4.1.1.2 TRAZADO EN ALZADO 5

4.1.2 ACONDICIONAMENTO DE CURVA. DESCRICIÓN DO TRAZADO 5

4.2 SECCIÓNS TIPO 5

4.3 FIRMES 9

4.3.1 CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO 10

4.3.2 FIRME ESTRADA AC-552. ACONDICIONAMENTO DE CURVA (PK 34+490 A 34+730) 11

4.3.3 FIRME ESTRADA AC-552. PONTE SOBRE O RÍO CALVAR 12

4.3.4 CRUCES DE CALZADAS 12

4.4 PAVIMENTOS 13

4.4.1 SENDA PEONIL MIXTA (USO MIXTO NON DEPORTIVO) 13

4.4.2 SENDA PEONIL EN ZONA DE ACCESO A PROPIEDADES 14

4.4.3 SENDA PEONIL. ENTORNO PATRIMONIO CATALOGADO (PK 34+570 A 34+630) 15

4.4.4 BEIRAVÍA TRANSITABLE 15

4.4.5 SENDA SOBRE VOLADIZO: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR 16

4.4.6 RAMPLAS E VAOS 16

4.5 ESTRUTURAS 17

4.6 DRENAXE 18

4.6.1 DRENAXE LONXITUDINAL 18

4.6.2 DRENAXE TRANSVERSAL 19

4.7 SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS 19

4.7.1 SINALIZACIÓN 19

4.7.2 BALIZAMENTO 19

4.7.3 DEFENSAS 19

5 SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS 20

6 CARTOGRAFÍA 20

7 XEOLOXÍA E XEOTECNIA 20

8 TRÁFICO 21

9 PATRIMONIO 22

10 INCIDENCIAS AMBIENTAIS 22

11 PLANEAMENTO URBANÍSTICO 23

12 REPOSICIÓN DE SERVIZOS 23

12.1 SERVIZOS AFECTADOS XESTIONADOS POLA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA 23

12.2 SERVIZOS AFECTADOS XESTIONADOS POR EMPRESAS PRIVADAS 24

13 EXPROPIACIÓNS E BENS AFECTADOS 24

14 ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS 24

15 ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE 25

16 VALORACIÓN DE ENSAIOS 25

17 CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA 25

18 FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS 25

19 PLAN DE OBRA 25

20 PREZOS E ORZAMENTOS 26

21 CONCELLOS NOS QUE SE DESENVOLVERAN OS TRABALLOS 27

22 NORMAS E INSTRUCIÓNS CONSIDERADAS 27

23 CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN 28

23.1 CONTIDO MÍNIMO DO PROXECTO DE ACORDO CO ARTIGO 233 DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO 28

23.2 DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA EN CUMPRIMENTO DO ARTÍGO 13.3 DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO 28

23.3 REAL DECRETO 997/2002: ACCIÓNS SÍSMICAS 28

23.4 REAL DECRETO 1627/1997 28

23.5 LEI 10/2014, DE 3 DE DICIEMBRE, DE ACCESIBILIDADE 29

23.6 REAL DECRETO 105/2008 29

24 DOCUMENTOS DO PROXECTO 29

25 CONCLUSIÓN 30

1 OBXECTO DO PROXECTO

O presente proxecto ten por obxecto o desenvolvemento completo da solución óptima, con detalle suficiente da execución de diversos tramos de sendas na estrada autonómica AC-552, A Coruña (A Grela) – Cee (AC-550) nos treitos comprendidos entre os PK 34+400 – 34+860 e 44+300 – 45+080. Por outra parte, durante a redacción do proxecto decidiuse estender a actuación entre os PK 34+400 – 34+860 ata o PK 34+960 coa finalidade de dotar de continuidade á senda peonil ata o Centro Comercial Carrefour.

A actuación proposta afecta ao termo municipal de Coristanco. Coa realización deste proxecto procurase a mellora da seguridade viaria e o fomento da mobilidade sustentable na devandita estrada, mediante a construción dunhas sendas peonís e ciclistas.

2 ANTECEDENTES TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

A Axencia Galega de Infraestruturas detectou a necesidade de realizar diversas actuacións encamiñadas ao fomento da mobilidade sustentable e a mellora da seguridade vial en varios treitos da estrada AC-552, no Concello de Coristanco.

Con tal motivo encargase á empresa TERRAVANZA, Gabinete de Estudios Territoriales Avanzados, S.L., en outubro de 2019, a redacción do proxecto de construción “Sendas na AC-552. Treitos: 34+400-34+860 e 44+300-45+080”, de chave AC/19/132.06.

3 XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA

A solución adoptada no presente proxecto para a estrada AC-552 é consecuencia dos obxectivos que se procuran coa redacción do mesmo, o fomento da mobilidade sustentable e a mellora da seguridade viaria.

Na elaboración do presente proxecto será preciso considerar as directrices establecidas pola Conselleria de Infraestruturas e Vivenda, debido á ocupación do Dominio Público Viaria existente e seguir os criterios de deseño establecidos no marco de referencia do Plan de Sendas de Galicia.

4 ACTUACIÓNS PROXECTADAS

Desenvolveranse varias actuacións puntuais, que se describen a continuación:

Treito I: entre os PK 34+400, final da senda Carballo – Bértoa, e o PK 34+860, inicio da beirarrúa próxima aos arredores do Centro Comercial Carrefour, pola marxe esquerda da estrada, estendendo deste xeito a actuación ata o PK 34+860. Neste treito xa existen zonas con beirarrúas, polo que existirán zonas de senda de nova execución e outras nas que hai que renovar e/ou ampliar a beirarrúa existente, eliminar obstáculos, etc., de xeito que se acade un itinerario continuo accesible. Por outra parte, coa finalidade mellorar a seguridade viaria proxectase unha leve rectificación da curva existente ao longo deste treito.

Deste xeito, entre os PK 34+400 a 34+570 proxectase a renovación e ampliación das beirarrúas actuais, cun ancho variable e superior aos 2,00 m e segundo os criterios da OC4/2017. A continuación, entre os PK34+570 e 34+630 proxectase a renovación das beirarrúas existentes mediante un pavimento de formigón con acabado en árido visto coa finalidade de mellorar a integración do itinerario peonil cos elementos catalogados do entorno e cun ancho mínimo de 2,00 m. Entre os PK 34+630 e 34+730 realizase o acondicionamento da curva existente, o que implica o incremento do seu radio e o retranqueo do muro de pedra actual, xunto coa implantación dunha senda peonil de 2,00 m de ancho e segundo os criterios da OC 4/2017. Logo, entre o PK 34+730 e 34+860 proporcionase continuidade ao itinerario peonil mediante unha senda peonil de 2,00 m de acho, que pola configuración do terreo terá que apoiarse sobre un murete de escolleira. Por último, entre o PK34+860 e 34+960 proxectase a renovación das beirarrúas existentes mediante a súa adaptación aos criterios da OC 4/2017 e cun ancho de 2,00 m.

Treito II: entre os PK 44+300, final das beirarrúas de Bormoio, e o PK 45+080, punto de acceso ao Cemiterio de Agrillos, pola marxe dereita da estrada. Neste treito é necesaria a ampliación da estrutura de paso sobre o Río Calvar.

Deste xeito, entre os PK44+350 e 44+530 proxectase a implantación dunha senda peonil de ancho variable, cun mínimo de 2,00 m, segundo os criterios da OC 4/2017. A continuación, entre os PK44+530 e 44+620, e debido aos condicionantes de espazo existentes para a ampliación da plataforma pola existenza dun noiro case que vertical, proporcionase continuidade ao itinerario peonil mediante unha beiravía transitable de ancho 1,50 m. Logo, entre os PK44+620 e 44+680 realizase o paso sobre o Río Calvar, para o cal proxectase un voladizo de formigón prefabricado para ampliar a estrutura de fábrica existente, proporcionando unha senda de 1,50 m de ancho. Posteriormente, entre os PK44+680 e 45+070 proxectase unha senda peonil de ancho 2,00 m segundo os criterios establecidos na OC 4/2017.

Como complemento ao anterior, leváranse a cabo outro tipo de traballos que permitirán mellorar as condicións actuais da estrada:

- Adecuación da sinalización vertical e horizontal á nova configuración da vía. Así, corrixíranse as marcas viais actuais en varios tramos, para impedir os xiros á esquerda e obrigar a que éstos se realicen nos novos lugares que se habilitarán para esta manobra.
- Retranqueo das sinais verticais que poidan resultar afectadas polas obras.
- Reposición de elementos de drenaxe e servizos afectados.

Nos seguintes apartados descríbese con maior detalle as principais características das sendas proxectadas para cada un dos seus aspectos funcionais e construtivos.

4.1 TRAZADO

As actuacións comprendidas no presente proxecto consisten na execución de sendas peonís, con posible compatibilidade co tránsito ciclista, en dous tramos da estrada AC552 ao seu paso polo termo municipal de Coristanco.

As obras localízanse na estrada AC552 no Concello de Coristanco, divididas en dous treitos:

- TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860
- TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

O TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860 localizase no núcleo de Montecelo (Coristanco), proporcionando continuidade á senda Carballo – Bértoa xa proxectada e continuando ao longo da marxe esquerda da estrada AC552 ata a beirarrúa existente no entorno do Centro Comercial Carrefour e a súa glorieta de acceso. Hai que sinalar que durante a redacción do proxecto decidiuse extender a senda peonil ata o PK 34+925 coa finalidade de dotar de continuidade e homoxeneidade ao itinerario no acceso ao Centro Comercial Carrefour. Neste Treito I ademais proxectase o acondicionamento da curva existente, procurando a mellora da súa seguridade e visibilidade.

O TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080 localizase no núcleo de Bormoio, proporcionando continuidade ás beirarrúas existentes no mesmo ata a vía de acceso ao Cemiterio de Agrillos, e atravesando no seu percorrido sobre a ponte do Río Calvar.

Na seguinte imaxe amosase a localización de ambos treitos dentro do Concello de Coristanco:



Figura 1. Localización dos treitos da actuación

Deste xeito, as actuacións proxectadas serán as seguintes:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

- Senda peonil
- Acondicionamento de curva

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

- Senda peonil

4.1.1 SENDAS PEONÍS. DESCRICIÓN DO TRAZADO

De xeito xeral, e dadas as características das sendas peonís proxectadas, non se realizan modificacións respecto do trazado en planta, en canto as aliñacións do eixo da estrada, e respecto ao trazado en alzado, mantendo a rasante existente.

4.1.1.1 TRAZADO EN PLANTA

O trazado en planta, en particular as aliñacións existentes no eixo da estrada AC552 nos dous Treitos (I e II) considerados mantense, xa que as sendas peonís proxectadas foron deseñadas seguindo a o bordo da plataforma xa existente, cunha ampliación alí onde sexa necesario.

Non obstante, hai que sinalar que no Treito I, alí onde se realiza o acondicionamento da curva, o trazado da senda peonil adaptase a este novo eixo.

4.1.1.2 TRAZADO EN ALZADO

Dadas as características da actuación, adaptadas á plataforma existente da estrada AC552, non se definiu un trazado en alzado para as sendas peonís, xa que a súa rasante estará ligada á existente na actualidade na estrada AC552.

Non obstante, hai que sinalar que no Treito I, alí onde se realiza o acondicionamento da curva, o trazado en alzado da senda peonil adaptase a este novo eixo, que por outra parte manterá o existente na actualidade na estrada AC552, xa que non se prevé ningún cambio na rasante por tratarse dunha ampliación da plataforma para a mellora do radio da curva actual.

4.1.2 ACONDICIONAMENTO DE CURVA. DESCRICIÓN DO TRAZADO

Coa finalidade de mellorar a seguridade viaria, proxectase no PK 34+625 o acondicionamento da curva existente no Treito I. Esta mellora local do trazado descríbese a continuación. Neste senso, só se fará referencia ao Treito I, xa que no Treito II mantense en todo momento a aliñación actual e non se realiza ningunha clase de modificación puntual do eixo da estrada AC-552.

Debido a necesidade de mellorar a seguridade viaria na curva existente no Treito I proxectase o acondicionamento da mesma mediante a mellora local do seu radio de curvatura.

Deste xeito, cando na actualidade a curva existente posúe un radio de xiro de 89 m, a mellora local proxectada permite acadar un radio de xiro de 150 m.

Esta mellora do trazado en planta só supón o incremento do radio de xiro da curva desde o PK 34+625 ata o PK 34+725, nunha lonxitude de 100 m, mantendo tanto o número de carrís como a anchura dos mesmos. Neste senso, o acondicionamento da curva supón unha ampliación da plataforma cara o interior da curva, coa finalidade de mellorar o seu radio de xiro.

Figura 2. Esquema do acondicionamento da curva no PK34+625 (en vermello eixo actual; en verde novo eixo na curva)

No Anexo nº 9. Trazado recollense as principais características xeométricas do acondicionamento de curva no Treito I.

4.2 SECCIÓNS TIPO

Tendo en conta o entorno das sendas peonís proxectadas e o espazo dispoñible defiríronse distintas seccións transversais tipo en base ao sinalado nas OC 3/2016 e OC 4/2017. Non obstante, tal e como se sinalou en apartados precedentes, nalgún caso houbo que considerar excepcións debido aos condicionantes de partida existentes.

A continuación, recóllense as distintas seccións tipo transversais definidas.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Respecto ás seccións tipo transversais no Treito I defiríronse cinco (5) tipoloxías segundo o entorno e os condicionantes existentes.

STI.1. SECCIÓN TIPO I.1. BEIRARRÚAS EN ZONA EDIFICADA (PK 34+400 a 34+570)

A sección STI.1. BEIRARRÚAS empregarase nas zonas nas que existen na actualidade beirarrúas en entorno edificado, renovando a súa tipoloxía polo modelo de senda peonil establecido nas devanditas ordes circulares. Esta sección tipo mantén o estacionamento existente para a partir do bordo implantar a senda peonil ata o límite do parcelario de titularidade pública.

Dentro desta sección tipolóxica considerase unha variación no pavimento naqueles casos nos que se permita o acceso dos vehículos ás parcelas lindeiras, reforzando o sección estrutural cun mallazo, tal e como se define no Anexo nº 11. Firmes e Pavimentos.



Figura 3. Sección Tipo ST.I.1. Beirarrúas en Zona Edificada. Senda



Figura 4. Sección Tipo ST.I.1. Beirarrúas en Zona Edificada. Senda Armada

STI.2. SECCIÓN TIPO I.2. ENTORNO ELEMENTOS PATRIMONIAIS (PK 34+570 a 34+630)

A sección STI.2. ENTORNO ELEMENTOS PATRIMONIAIS empregarase no entorno dos elementos catalogadas como Patrimonio Cultural, renovando a beirarrúa existente, pero mediante un pavimento de formigón con árido visto, sen contar con estacionamento e mantendo unha beiravía de 1 m de ancho.

Dentro desta sección tipo existen unha subseccións, na que na súa zona inicial e para facilitar a transición entre a tipoloxía anterior mantense o estacionamento.



Figura 5. Sección Tipo ST.I.2. Entorno Elementos Patrimoniais con estacionamento

*A sección sen estacionamento será igual contando cunha beiravía de 1,00 m en vez do aparcamento

STI.3. SECCIÓN TIPO I.3. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE (PK 34+630 a 34+700)

A sección STI.3. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE empregarase no acondicionamento da curva considerada neste treito e ao longo do muro de peche de pedra que será retranqueado e trasladado. A tipoloxía é a definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, o contacto entre a senda peonil e o muro de pedra realizarase mediante unha banda de lastro de granito de 10 cm.



ST.I.3 - NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE
(P.K. 34+630 - 34+730)

Figura 6. Sección Tipo ST.I.3. Nova implantación muro de peche

STI.4. SECCIÓN TIPO I.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO (PK 34+730 a 34+860)

A sección STI.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO empregarase no último parte deste treito, segundo a tipoloxía definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, e dado que hai unha notable diferencia de cota entre a plataforma da estrada e o terreo natural, considerase a necesidade de empregar un pequeno muro de pedra para reducir o noiro resultante.



ST.I.4 - NOVA IMPLANTACIÓN (MURO DE ESCOLLEIRA)
(P.K. 34+730 - 34+860)

Figura 7. Sección Tipo ST.I.4. Nova implantación solo rústico

STI.5. SECCIÓN TIPO I.5. BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA (PK 34+860 a 34+960)

A sección STI.5. BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA empregarase na extensión deste treito ata a glorieta de acceso ao Centro Comercial Carrefour mediante a renovación das beirarrúas existentes nun entorno sen edificación e lindeiro co terreo rústico. Esta sección consiste na tipoloxía definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, e dado que nalgún punto inicial pode haber unha notable diferencia de cota entre a plataforma da estrada e o terreo natural, considerase a necesidade de empregar un pequeno muro de pedra para reducir o noiro resultante.



ST.I.5 - BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA (MURO DE ESCOLLEIRA)
(P.K. 34+860 - 34+960)

Figura 8. Sección Tipo ST.I.5. Beirarrúas en zona non edificada (muro de escolleira)



ST.I.5 - BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA (NOIRO)
(P.K. 34+860 - 34+960)

Figura 9. Sección Tipo ST.I.5. Beirarrúas en zona non edificada (noiro)

TREITO 2. PK . 44+300 - 45+080

Respecto ás seccións tipo transversais no Treito I definíronse catro (4) tipoloxías segundo o entorno e os condicionantes existentes.

STII.1. SECCIÓN TIPO II.1. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE (PK 44+350 a 44+530)

A sección STII.1. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE empregarase no primeiro tramo da senda peonil, no que na marxe dereita situase un muro de peche que delimita a plataforma existente. A tipoloxía é a definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando como separación coa calzada a cuneta de formigón existente na actualidade. Naqueles puntos onde sexa preciso pola presenza dun acceso a unha propiedade o pavimento da senda peonil será reforzado con mallazo.



ST.II.1 - NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE (P.K. 44+350 - 44+530)

Figura 10. Sección Tipo ST.II.1. Nova implantación muro de peche

STII.2. SECCIÓN TIPO II.2. BEIRAVÍA TRANSITABLE (PK 44+530 a 44+620)

A sección STII.2. BEIRAVÍA TRANSITABLE empregarase no tramo tras a anterior sección e ata a Ponte sobre o Río Calvar onde os condicionantes do entorno dificultan considerablemente a posibilidade de ampliación da plataforma pola presenza dun noiro practicamente vertical. Deste xeito, aproveitarase a cuneta existente de formigón como beiravía transitable, dotándoa do pavimento preciso e do balizamento que permita sinalizar a presenza de peóns. Esta cuneta poderá ser ampliada ata o pé do noiro alí onde sexa posible, intentando manter alúmenos unha anchura de 1,50 m.



ST.II.2 - BEIRAVÍA TRANSITABLE (P.K. 44+530 - 44+620)

Figura 11. Sección Tipo ST.II.2. Beiravía transitable

STII.3. SECCIÓN TIPO II.3. SENDA EN VOLADIZO (PK 44+620 a 44+680)

A sección STII.3. SENDA EN VOLADIZO empregarase no tramo que discorre apoiado na Ponte sobre o Río Calvar, a cal debe ser ampliada mediante un voladizo que permita a integración na plataforma do espazo preciso para a senda peonil. Este voladizo e a súa tipoloxía descríbese no Anexo 13. Estruturas.



ST.II.3 - SENDA EN VOLADIZO (P.K. 44+620 - 44+680)

Figura 12. Sección Tipo ST.II.3. Senda en voladizo

STII.4. SECCIÓN TIPO II.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO (PK 44+680 a 45+070)

A sección STI.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO empregarase no último parte deste treito, segundo a tipoloxía definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, e dado que nalgunha zona existe algunha diferencia de cota entre a plataforma da estrada e o terreo natural, considerase a necesidade de empregar un pequeno muro de pedra para reducir o noiro resultante.

Dentro desta sección tipolóxica considerase unha variación no pavimento naqueles casos nos que se permita o acceso dos vehículos ás parcelas lindeiras, reforzando o sección estrutural cun mallazo, tal e como se define no Anexo nº 11. Firmes e Pavimentos.



ST.II.4 - NOVA IMPLANTACIÓN EN SOLO RÚSTICO (MURO ESCOLLEIRA)
(P.K. 44+680 - 45+070)

Figura 13. Sección Tipo ST.II.4. Nova implantación solo rústico (Muro de escolleira)



ST.II.4 - NOVA IMPLANTACIÓN EN SOLO RÚSTICO (NOIRO VERDE)
(P.K. 44+680 - 45+070)

Figura 14. Sección Tipo ST.II.4. Nova implantación solo rústico (Noiro)

4.3 FIRMES

A selección dos paquetes de firme e dos pavimentos empregados na definición das actuacións do presente proxecto, tanto no que respecta aos itinerarios peonís, coa posibilidade de que nalgún punto ou tramo poidan ser compartidos coa bicicleta, como aqueles ámbitos nos que se actúa sobre a calzada, basease nas recomendacións e criterios expostos nas seguintes normativas:

- Orde Circular 4/2016 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Orde circular 3/2016
- Orde Circular 4/2017 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Ordes Circulares 3/2016 e 4/2016
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 35/2000, mentres non se desenvolva a disposición regulamentaria da Lei 10/2014, en todo o que non contradiga á devandita normativa vixente na actualidade)
- Caminos Naturales. Manual de aspecto constructivos. 6. Normalización de aspectos constructivos del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.
- Orden FOM/3460/2003, de 28 de noviembre, por la que se aprueba la norma 6.1 IC Secciones de firme, de la Instrucción de Carreteras (BOE de 12 de diciembre de 2003)

Os principais criterios, baseados nas anteriores normativas e recomendacións, empregados para a elección e definición dos pavimentos e firmes son os sinalados a continuación:

TREITO I: 34+400 e 34+860

Neste primeiro treito considerase unha senda peonil continua empregando para iso as recomendacións recollidas nas devanditas ordes circulares. Deste xeito, considéranse os seguintes criterios:

- Empregarase un pavimento na senda peonil para uso mixto, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos puntos nos que poida existir circulación de vehículos para o acceso a vivendas, predios ou garaxes empregarase un pavimento cunha sección resistente axeitada e compatible con esta circulación, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos tramos de nova implantación da senda procurase empregar o ancho recomendado e que permita cumprir coa normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas vixentes.
- Nas zonas consolidadas pola edificación e nas que exista xa beirarrúa procurase que, aparte de proporcionar o ancho pertinente, a senda peonil dote de continuidade e unidade ao espazo público, polo que se estenderá ata o limite da aliñación, ben a fachada ou ben o peche da parcela.

- No entorno dos elementos patrimoniais catalogados empregarase un pavimento que permita unha mellor integración dos mesmos e da senda peonil no seu espazo de afección, este pavimento estará baseado nas recomendacións proporcionadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- No acondicionamento da curva existente, na cal será preciso a ampliación da plataforma existente, empregarase un paquete de firme axeitado e segundo o recollida na Norma 6.1 – I.C., considerando a carga de tráfico actual e prevista.

TREITO II: 44+300 e 45+080

Neste segundo treito considerase unha senda peonil, na que debido aos condicionantes existentes, e para permitir a súa continuidade será preciso empregar unha maior diversidade de solucións.

- De forma xeral empregarase un pavimento na senda peonil para uso mixto, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos puntos nos que poida existir circulación de vehículos para o acceso a vivendas, predios ou garaxes empregarase un pavimento cunha sección resistente axeitada e compatible con esta circulación, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos tramos de nova implantación da senda procurase empregar o ancho recomendado e que permita cumprir coa normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas vixentes.
- Nas zonas nas que a configuración da estrada e do seu entorno non sexa posible a implantación dunha sección axeitada, considerase a redución dos estándares coa finalidade de permitir un itinerario peonil cunha certa seguridade, empregando unha solución de beiravía transitable.
- Na Ponte sobre o Río Calvar, na cal a senda peonil establecerase mediante un voladizo, o pavimento empregado estará integrado na propia estrutura, agás unha capa superficial para o tránsito peonil mediante tratamento epoxídico.

4.3.1 CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO

O punto de partida de cara a definir os firmes que se empregarán no acondicionamento da calzada é a categoría do tráfico, a cal se identifica a partir do recollido no artigo 4 da Norma 6.1 – I.C. “Secciones de Firme”.

Neste senso, a estrutura do firme deberá axeitarse á acción do tráfico pesado, polo que a súa configuración dependerá da intensidade media diaria de vehículos pesados (IMDp) prevista no carril de proxecto para o ano de posta en servizo do proxecto.

A avaliación da IMDp realizarase a partir dos datos dispoñibles e tendo en conta a evolución do tráfico pesado, tal e como se realizou no Anexo nº 8. Tráfico. Respecto da asignación por carrís para a determinación da categoría de tráfico pesado considerase:

- En calzadas de dous carrís e con dobre sentido de circulación, incide sobre cada carril a metade dos vehículos pesados que circulan pola calzada.
- En calzadas de dous carrís por sentido de circulación, no carril exterior considerase a categoría de tráfico pesado correspondente a todos os vehículos pesados que circulan nese sentido.
- En calzadas de tres ou máis carrís por sentido de circulación, considerase que actúa sobre o exterior o 85 % dos vehículos pesados que circulan nese sentido.

Deste xeito, e considerando que a estrada AC552 tratase dunha vía de dous carrís e con dobre sentido de circulación, incide sobre cada carril a metade dos vehículos pesados que circulan pola calzada.

As categorías de tráfico pesado consideradas na devandita Norma 6.1 – I.C. son as que se sinalan na seguinte figura:

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO	T00	T0	T1	T2
IMDp (vehículos pesados/día)	≥ 4 000	< 4 000 ≥ 2 000	< 2 000 ≥ 800	< 800 ≥ 200

TABLA 1.B. **CATEGORÍAS DE TRÁFICO PESADO T3 Y T4**

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO	T31	T32	T41	T42
IMDp (vehículos pesados/día)	< 200 ≥ 100	< 100 ≥ 50	< 50 ≥ 25	< 25

Figura 15. Categorías de tráfico pesado na Norma 6.1 – I.C.

Tendo en as previsións determinadas no Anexo nº 8. Tráfico e na figura anterior, na táboa seguinte amósanse os resultados da IMDp:

TREITO	IMDp (2020) total/***carril***	IMDp (2030) total/***carril***	CATEGORÍA TRÁFICO
TREITO 1. : 34+400 e 34+860	941/**471**	981/**491**	**T2**
TREITO 2. : 44+300 e 45+080	109/**55**	113/**57**	**T32**

Táboa 1. Variables para a selección do paquete de firmes: acondicionamento da curva do Treito 1

Polo tanto a categoría de tráfico pesado será **T2 para o TREITO I e T32 para o TREITO II**.

4.3.2 FIRME ESTRADA AC-552. ACONDICIONAMENTO DE CURVA (PK 34+490 A 34+730)

A definición do paquete de firme a executar na zona de acondicionamento da curva no .TREITO 1. : 34+400 e 34+860 estará baseada nas seccións de firme sinaladas na Norma 6.1 – IC "Secciones de Firme", e que se establecen en función da explanada dispoñible e da categoría de tráfico pesado. O acondicionamento da curva realizarase entre os PK 34+590 e 34+730.

Neste senso, e tendo en conta o sinalado no *Anexo nº 8. Tráfico*, considéranse os seguintes parámetros respecto da categoría de tráfico e da explanada existente.

CATEGORÍA DE TRÁFICO	T2
EXPLANADA	E2

Táboa 2. Variables para a selección do paquete de firmes: acondicionamento da curva do Treito 1

Respecto da explanada considerase, por seguridade, que a existente na actualidade na estrada AC552 é unha E2, polo que o obxectivo en canto á ampliación da plataforma será acadar como mínimo unha explanada E2. Neste senso, considerando que o solo subxacente é de tipo axeitado, a formación da explanada deberá contemplar o sinalado na devandita Norma 6.1 – IC.

Tendo en conta que na devandita norma se sinala que con caracter xeral, para a capa superior empregada na formación das explanadas, por razóns de durabilidade e uniformidade da capacidade estrutural en toda a traza, recomendase a consideración preferente dos solos estabilizados in situ, con cal ou con cemento, fronte a unha aportación directa de solos sen tratar, seleccionouse unha explanada formada por 25 cm de S-EST2.

Deste xeito, tendo en conta a categoría de tráfico T2 e a explanada E2, e segundo as seccións de firme recomendadas na Norma 6.1 – IC, seleccionase o paquete de firme **221** formado por 25 cm de saburra artificial e 25 cm de mesturas bituminosas.

A saburra artificial seleccionada será de tipo ZA – 0/20 e o dimensionado da capa de mesturas bituminosas realizase segundo a Norma 6.1 – IC escollendo deste xeito unha composición formada polas seguintes capas:

- Capa de rodaxe: AC-16-SURF BC 50/70 S (5 cm)
- Capa intermedia: AC-22-BIN BC 50/70 S (5 cm)
- Capa de base: AC-32-BASE BC 50/70 G (15 cm)

Entre estas capas aplicaranse os seguintes regos:

- Rego de adherencia: Emulsión asfáltica C60B3 TER en regos termoadherentes entre as distintas capas da mestura bituminosa (sobre as capas AC-32 BASE e AC-22 BIN)
- Rego de imprimación: Emulsión asfáltica C50BF4 en regos de imprimación sobre a capa de saburras.

Polo tanto, a sección estrutural do firme no acondicionamento da curva no TREITO I será a que se reflicte na seguinte táboa:

SECCIÓN FIRME ESTRADA AC-552: ACONDICIONAMENTO DE CURVA		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Rodaxe	AC-16-SURF BC 50/70 S	5 cm
Intermedia	AC-22-BIN BC 50/70 S	5 cm
Base	AC-32-BASE BC 50/70 G	15 cm
Sub-base	Saburra artificial ZA-0/20	25 cm
Explanada	S-EST2	25 cm

Táboa 3. Sección Firme no acondicionamento de curva



Figura 1. Esquema da sección estrutural de firme no acondicionamento de curva

Por outra parte, no acondicionamento da curva hai que considerar a presenza de dous situacións distintas: a área de ampliación da plataforma e a área de transformación da sección na plataforma actual. No caso da ampliación da plataforma executarase o paquete de firmes completo, nas zonas de ampliación da plataforma, xunto coa zona de demolición (parte do carril interior) para facilitar a continuidade da plataforma. Por outra parte, nas áreas de transformación da sección, que se corresponde co resto da calzada ata o estacionamento da marxe dereita actual, realizarase un fresado das capas de rodadura e intermedia, aplicando só as capas intermedia e de rodadura do paquete de firmes definido, co obxectivo de dotas de continuidade ao firme e ademais axustar as transicións do peralte.

4.3.3 FIRME ESTRADA AC-552. PONTE SOBRE O RÍO CALVAR

A definición do paquete de firme a executar na zona da Ponte sobre o Río Calvar no .TREITO 2. : 44+300 e 45+080 estará baseada nas seccións de firme sinaladas na Norma 6.1 – IC "Secciones de Firme", e que se establecen en función da explanada dispoñible e da categoría de tráfico pesado.

Neste senso, hai que sinalar que a implantación dunha peza de formigón prefabricado para configurar o voladizo sobre o que se disporá a senda peonil, implicará a retirada do pavimento existente, dado que esta peza ocupará toda a sección existente na devandita ponte na actualidade, tal e como se define o correspondente anexo de estruturas.

Deste xeito, tendo en conta a categoría de tráfico T32 e a explanada E1,dado que se situará sobre a peza de formigón a partir da que se formará o voladizo, e segundo as seccións de firme recomendadas na Norma 6.1 – IC, seleccionase a capa de mestura bituminosa do paquete de firme **3212** de 12 cm de mesturas bituminosas.

O dimensionado da capa de mesturas bituminosas realizase segundo a Norma 6.1 – IC escollendo deste xeito unha composición formada polas seguintes capas:

- Capa de rodaxe: AC-16-SURF BC 50/70 S (5 cm)
- Capa intermedia: AC-22-BIN BC 50/70 S (7 cm)

Entre estas capas aplicaranse os seguintes regos:

- Rego de adherencia: Emulsión asfáltica C60B3 TER en regos termoadherentes entre as distintas capas da mestura bituminosa (sobre as capas AC-16 BIN)
- Rego de imprimación: Emulsión asfáltica C50BF4 en regos de imprimación sobre a soleira de formigón.

Polo tanto, a sección estrutural do firme na Ponte sobre o Río Calvar será a que se reflicte na seguinte táboa:

SECCIÓN SENDA SOBRE VOLADIZO: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Rodaxe	AC-16-SURF BC 50/70 S	5 cm
Intermedia	AC-22-BIN BC 50/70 S	7 cm
Explanada	Soleira de formigón	60 cm

Táboa 4. Sección Firme na Ponte sobre o Río Calvar

SECCIÓN FIRME ESTRADA AC-552:
PONTE SOBRE O RÍO CALVAR



Rodaxe: AC-16-SURF BC 50/70 S (5 cm)
Intermedia: AC- 22-BIN BC 50/70 S (7 cm)

Explanada: Soleira de formigón (60 cm)

Figura 16. Esquema da sección estrutural de firme na Ponte sobre o Río Calvar

4.3.4 CRUCES DE CALZADAS

Nos cruces de calzadas nos que pola continuidade das redes de servizo asociadas á senda peonil sexa preciso demoler e escavar a sección de firme actual, reporase o paquete de firmes segundo a seguinte sección:

SECCIÓN FIRME EN CRUCES DE CALZADA		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Rodaxe	AC-16-SURF BC 50/70 S	5 cm
Intermedia	AC-22-BIN BC 50/70 S	5 cm
Base	Saburra artificial ZA-0/20	25 cm

Táboa 5. Sección de firme en cruces de calzada

A sección de firme empregada nos cruces calzada e reflectida na anterior táboa realizarase previo fresado e escavación do firme actual, no ancho preciso para a implantación das canalizacións dos servizos urbanos. Unha vez executado o tendido destes servizos, realizarase a reposición dos firmes.

SECCIÓN FIRME EN CRUCES DE CALZADA



Rodaxe: AC-16-SURF BC 50/70 S (5 cm)
Intermedia: AC-22-BIN BC 50/70 S (5 cm)

Base: Saburra artificial ZA-0/20 (25 cm)

Figura 17. Esquema da sección estrutural de firme en cruces de calzadas

Tendo en conta que as calzadas a atravesar tratase en todos os casos de vías secundarias, tipo pista, de titularidade municipal, con pavimentos, en xeral, mediante un triplo tratamento superficial ou unha capa de rodaxe de aglomerado bituminoso, considerase que a sección de firme exposta na táboa anterior é suficiente para garantir a súa funcionalidade e durabilidade.

4.4 PAVIMENTOS

Nos seguintes apartados realizase a definición dos pavimentos proxectados nos tramos de senda peonil, tendo en conta a diversidade de necesidades e condicionantes existentes respecto dos posibles usos. Deste xeito, considéranse as seguintes tipoloxías de pavimentos:

- Senda Peonil Mixta (Uso Mixto Non Deportivo) como pavimento principal do itinerario peonil
- Senda Peonil Mixta en acceso a propiedades con reforzo de mallazo nos puntos de acceso a predios
- Senda Peonil Mixta de formigón lavado e árido visto no entorno dos elementos do Patrimonio Cultural catalogado
- Beiravía transitable mediante tratamento superficial con slurry
- Senda Peonil sobre voladizo na Ponte sobre o Río Calvar
- Pavimento táctil indicativo en ramplas e vaos

No establecemento das posibles solucións a executar tivéronse en conta as recomendacións recollidas nas seguintes normativas:

- Orde Circular 4/2016 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Orde circular 3/2016
- Orde Circular 4/2017 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Ordes Circulares 3/2016 e 4/2016
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 35/2000, mentres non se desenvolva a disposición regulamentaria da Lei 10/2014, en todo o que non contradiga á devandita normativa vixente na actualidade)
- Caminos Naturales. Manual de aspecto constructivos. 6. Normalización de aspectos constructivos del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

4.4.1 SENDA PEONIL MIXTA (USO MIXTO NON DEPORTIVO)

A definición da senda peonil realizase a partir das recomendacións contidas nas normativas devanditas e tendo en conta as distintas especificacións recollidas no manual *Caminos Naturales. Manual de aspectos constructivos. 6. Normalización de aspectos constructivos*, del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (MAPAMA), naqueles aspectos non definidos nas ordes circulares e recomendacións da Axencia Galega de Infraestruturas en canto a Mobilidade Sustentable.

En particular, a anterior publicación tívose en conta para aquelas cuestións non definidas nas recomendación particulares da Axencia Galega de Infraestruturas, como no caso da caracterización do tipo de explanada que permitirá a selección das características da senda peonil mixta de formigón.

Tendo en conta a consolidación existente nas zonas atravesadas pola senda peonil, xa que se trata en todos os casos de zonas pertencentes á explanada da estrada AC-552, ou das beirarrúas asociadas nos treitos consolidados pola edificación, e segundo o sinalado no *Anexo nº 4. Xeoloxía e Xeotecnia*, considerouse que a explanada podería catalogarse como de calidade media (S1). Non obstante, de cara a execución da explanada considerase que unha vez realizada a demolición e retirada dos materiais antrópicos, e a posterior preparación da superficie de asento e compactación da mesma, e coa finalidade de asegurar que se acade unha explanada tipo S2 proponse o aporte de 20 cm de material adecuado con CBR≥10 e unha compactación mínima do 98% do Proctor Modificado .

Deste xeito, e tendo en conta que se está a deseñar unha senda peonil, sobre a cal non é agardable o tráfico de vehículos pesados, considerase que a categoría do tráfico é unha C4.

Considerando os datos anteriores, e segundo as recomendacións expostas nas Ordes Circulares devanditas, aparte do recollido na publicación de *Caminos Naturales*, seleccionase unha sección de firme composta por 16 cm de formigón HF-3,5 con cemento con baixa calor de hidratación, coherente cunha explanada S1 e unha categoría de tráfico C4, tanto para un período de proxecto de 20 anos como de 30 anos.

Deste xeito, a sección estrutural do pavimento para senda peonil mixta será a sinalada na seguinte táboa e no esquema a continuación:

SECCIÓN SENDA PEONIL MIXTA (PEONIL + CICLISTA)		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Formigón HF-3,5 con cemento con baixa calor de hidratación, de cor terrizo	16 cm
Explanada	Solo adecuado CBR≥10	20 cm

Táboa 6. Sección Senda Peonil Mixta

Figura 18. Sección Senda Peonil Mixta. Esquema

Respecto do acabado, tal e como se sinala nas correspondentes ordes circulares devanditas considerase un formigón coloreado en central de cor terrizo, a cal pode ser proporcionada polo pigmento Bayferrox 960, ou semellante, cunha dosificación que deberá ser do 3,5% sobre o peso do cemento.

Por outra parte, e segundo o sinalado nas correspondentes ordes circulares, colocarase un bordo de formigón prefabricado, de dimensións 100x22x15 cm, en zonas urbanas ou asimilables a urbanas que delimite a senda peonil con respecto da calzada e a eleve uns 10 cm sobre a rasante da anterior, de tal xeito que o bordo quede embebido uns 5 cm.

A sección transversal do bordo a empregar será a amosada na seguinte figura:



Figura 19. Sección Transversal do Bordo

No bordo da senda plasmarase o logotipo de Sendas de Galicia, segundo a imaxe adxunta, que deberá estar centrada respecto dunha lonxitude de 2 metros como máximo (equivalentes a dúas pezas prefabricadas). Este logotipo fixarase pintado mediante o emprego dunha pintura plástica en frío de dous compoñentes, ou pintura para marcas viais prefabricada tal e como determina o PG-3. A tipografía das letras será TW Cen Mt Condensed Extra Bold. En todo caso, o logotipo é a súa aplicación realizarase segundo o descrito na OC 4/2017.



Figura 20. Logotipo a engadir nos bordos da Senda Peonil

4.4.2 SENDA PEONIL EN ZONA DE ACCESO A PROPIEDADES

En zonas de acceso a propiedades ao longo da Senda Peonil Mixta, e nas que sexa posible o tránsito de vehículos, considerase preciso a inclusión dun mallazo 20x20x6 mm, que neste caso terá función estrutural e non unicamente para reducir a retracción.

Ademais, a cor da senda peonil nestes puntos será gris formigón, tal e como se amosa na seguinte imaxe:

Cor de referencia: Gris formigón: RAL 7030 / PANTONE black 7 UNIDADE DE MASA ATÓMICAAS (solid uncoated)

Figura 21. Logotipo a engadir nos bordos da Senda Peonil

Por outra banda, nestes puntos nos cales é agardable un tránsito de vehículos accedendo as súas propiedades, considerase preciso que o bordo sexa remontable, coa finalidade de facilitar o acceso.

As restantes características da sección estrutural do pavimento nestas zonas de acceso a propiedades serán as mesmas que as descritas para a Senda Peonil, agás no que respecta á inclusión do mallazo e a cor.

4.4.3 SENDA PEONIL. ENTORNO PATRIMONIO CATALOGADO (PK 34+570 A 34+630)

No Treito 1: PK 34+400 e 34+860 e no entorno dos elementos catalogados do Patrimonio Cultural, en concreto entre os PK 34+570 e 34+630, coa finalidade de mellorar a integración dos mesmos e da propia senda peonil no seu contorno de afección, empregarase un pavimento de formigón lavado con árido visto, en vez do pavimento de formigón de cor terrizo.

As características deste pavimento serán, en xeral, respecto da súa sección estrutural as mesmas que para os restantes tramos de senda peonil.

Deste xeito, no espazo lindeiro cos elementos catalogados do Patrimonio Cultural empregarase a seguinte sección estrutural:

SECCIÓN SENDA PEONIL MIXTA (ENTORNO PATRIMONIO CATALOGADO)		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Formigón HF-3,5 con acabado árido visto desactivado	16 cm
Explanada	Solo adecuado CBR≥10	20 cm

Táboa 7. Sección Senda Peonil Mixta no entorno do Patrimonio Cultural Catalogado

SECCIÓN SENDA PEONIL
ENTORNO ELEMENTOS PATRIMONIO



Figura 22. Sección Senda Peonil Mixta no entorno do Patrimonio Cultural Catalogado. Esquema

En todo caso, a definición final deste pavimento atenderá ás recomendacións proporcionadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

No caso das entradas e accesos a propiedades privadas no entorno do Patrimonio Cultural catalogado empregarase esta mesma sección estrutural do firme.

4.4.4 BEIRAVÍA TRANSITABLE

Deste xeito, neste tramo proxectase empregar a beiravía existente como senda peonil, para o cal considerase axeitado dispor dun pavimento diferenciador e que, ao mesmo tempo, permita unha textura axeitada para o tránsito peonil. Polo tanto, considerase a disposición dun tratamento de pavimento epoxídico de 1,5 mm de espesor tipo COMPODUR URBANO ou equivalente. sobre a base da beiravía existente, segundo a sección reflectida na seguinte táboa:

SECCIÓN BEIRAVÍA TRANSITABLE		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Tratamento epoxídico tipo COMPODUR URBANO ou equivalente	1,5 mm
Explanada - Base	Beiravía de formigón actual	20 cm

Táboa 8. Sección Senda sobre voladizo: Ponte sobre o Río Calvar

SECCIÓN BEIRAVÍA TRANSITABLE

Figura 2. Sección Senda sobre voladizo: Ponte sobre o Río Calvar. Esquema

Por outra parte, e para reducir a perigosidade neste treito colocaranse as correspondentes balizas e protecciónss dos peóns, segundo o *Anexo nº 15. Sinalización, Balizamento e Defensas*.

4.4.5 SENDA SOBRE VOLADIZO: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR

Na Ponte sobre o Río Calvar, onde a solución proposta considera a inclusión dun voladizo de formigón, coa finalidade de proporcionar o espazo necesario para incorporar unha senda peonil á infraestrutura xa existente. Dado que o propio voladizo de formigón xa actúa como parte da sección estrutural do pavimento, unicamente considerase preciso a incorporación dunha capa superficial que permita a súa diferenciación, ademais de proporcionar a textura axeitada para o tránsito peonil.

Deste xeito, no treito da senda peonil sobre a estrutura en voladizo aplicarase un pavimento epoxídico de 1,5 mm de espesor tipo COMPODUR URBANO ou semellante.

SECCIÓN SENDA SOBRE VOLADIZO: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Tratamento epoxídico tipo COMPODUR URBANO ou semellante	1,5 mm
Explanada - Base	Estrutura de formigón armado	25 cm

Táboa 9. Sección Senda sobre voladizo: Ponte sobre o Río Calvar

SECCIÓN SENDA SOBRE VOLADIZO:
PONTE SOBRE O RÍO CALVAR

Figura 23. Sección Senda sobre voladizo: Ponte sobre o Río Calvar. Esquema

4.4.6 RAMPLAS E VAOS

Atendendo ao sinalado tanto nas OC 4/2017 e 4/2016, xunto coa lexislación e normativa vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, nas zonas de cruce da senda peonil con outras estradas, pistas ou camiño, empregarase un pavimento de textura e cor diferente ao do itinerario peonil principal, preferentemente de tipo táctil e indicador de advertencia ou proximidade ao punto de perigo.

Deste xeito, nas proximidades de cruce da senda peonil con outras calzadas transversais proxectase un pavimento táctil indicador mediante baldosas con tratamento superficial a base de botóns de forma troncocónica e de altura máxima 5 mm dispostos en retícula ordenada de 30x30 cm. Estas baldosas serán dispostas mediante franxas en sentido transversal ao da marcha e de 80/120 cm de ancho para a sinalización de cruces con outras calzadas e a disposición de pasos de peóns, de tal xeito que contrasten tanto na súa superficie e rugosidade como na súa cromática co resto do pavimento da senda peonil, permitindo que as persoas con diversidade funcional detecten a existencia dun punto de perigo.

Baixo as baldosas táctiles disporase unha base de formigón en masa HM-20/P/20/I de 10 cm de espesor e unha sub-base de saburra artificial ZA – 0/20 de 25 cm de espesor.

RAMPLAS E VAOS		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Baldosas hidráulicas de botóns	5 cm
Base	Formigón en masa HM – 20/P/20/I	20 cm
Sub-base	Saburra artificial ZA-0/20	25 cm
Explanada	Solo adecuado CBR≥10	20 cm

Táboa 10. Sección Senda en ramplas e vaos peonís

SECCIÓN RAMPLAS E VAOS



Figura 24. Esquema de pavimento de textura e cor diferenciada en cruce de vías

Ao mesmo tempo, nos puntos de cruce con outras calzadas transversais e atendendo á normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas vixente na actualidade disporase de vaos peonís, sobre todo no acceso a pasos de peóns de existir, e de tal xeito que a elevación entre a senda peonil e a calzada sexa a mínima posible, permitindo a continuidade do itinerario peonil sen desniveis significativos.

4.5 ESTRUTURAS

A implantación dos distintos tramos de sendas peonís precisará da construción de dous tipos de estrutura: un voladizo para resolver o paso na Ponte sobre o Río Calvar e de pequenos muros de escolleira, cunha altura máxima de 1,50 m para aquelas zonas nas que sexa necesario un recheo e non se estime oportuno o estendido dun noiro cunha certa anchura que poida ocupar o terreo máis alá do dominio público viario.

A continuación descríbese cada unha das estruturas sinaladas e nos seguintes apartados detallase o seu dimensionado e cálculo.

VOLADIZO NA PONTE SOBRE O RÍO CALVAR

O paso da senda peonil sobre a Ponte do Río Calvar, entre os PK 44+620 e PK 44+680 precisa dunha solución que permita a ampliación da estrutura existente, xa que non existe espazo para a reorganización da sección e a implantación da senda peonil en condicións de seguridade e comodidade. Dada esta situación, deseñase unha ampliación en voladizo da Ponte sobre o Río Calvar coa finalidade de implantar a senda peonil.

Esta ampliación en voladizo da Ponte sobre o Río Calvar deseñase mediante unha estrutura de formigón de 2,50 m de ancho total e espesor de 0,60 m, dos cales 1,50 m serán transitable, e disporase un peitoril metálico para a separación do tráfico rodado e unha varanda de protección fronte ao desnivel existente.

A estabilidade do voladizo acadase mediante unha zapata baixo a calzada actual que actuará de contrapeso, dado que non se consideran axeitadas outras solucións como o ancoraxe sobre a estrutura de mamposteria actual. Esta zapata de estabilización terá unhas dimensións de 3,00 m de longo e un canto de 0,45 m, xunto cun muro de 0,15 m de altura sobre a zapata e 0,60 m de ancho, para permitir a disposición do aglomerado sobre a estrutura.

Tendo en conta as características da estrutura existente, e para facilitar a execución do voladizo esta estrutura deseñase a partir dun prefabricado de formigón (prelousa) que actúa de encofrado colaborante . Esta prelousa apoiarase sobre o taboleiro da estrutura existente, e conta con xanelas para permitir a ancoraxe posterior da ampliación ao taboleiro.



Figura 25. Esquema da ampliación en voladizo



Figura 26. Esquema da estrutura da ampliación en voladizo

Por outra parte, e para evitar a transmisión das cargas do voladizo sobre a estrutura actual de pedra deseñase unha xunta de porexpan entre o último sillar e a prelousa. Este último sillar deberase recortar para permitir a colocación do voladizo sen afectar á rasante actual da ponte.

O pavimento transitable no voladizo será de natureza epoxídica cun espesor de 8 mm e cunha pendente transversal do 1 % cara o exterior do voladizo, de tal xeito que a escorrega dirixase cara os sumidoiros.

No trasdós da estrutura executarase un sistema de impermeabilización e drenaxe composto por pintura impermeabilizante, unha lámina drenante e un tubo dren.

MURO DE ESCOLLEIRA

Nas zonas de terraplén e co obxectivo de reducir a súa dimensión para non sobrepasar a liña de dominio público viario considerase o apoio da senda peonil sobre un muro de sostemento de escolleira. Estes muros realizaranse con escolleira granítica de bloques de 300 – 1.000 kg cun ancho en coroación de 0,50 m e unha altura máxima de 1,50 m. Este muro estará apoiado sobre unha cimentación de escolleira e formigón HM-20 de 1,50 m de ancho e 1,50 m de canto.



Figura 27. Muro de escolleira de apoio da senda

4.6 DRENAXE

Nos seguintes apartados descríbese de xeito resumido as actuacións deseñadas para a correcta drenaxe das sendas peonís proxectadas. No Anexo nº 12. Drenaxe desenvolvese de forma detallada estes aspectos.

4.6.1 DRENAXE LONXITUDINAL

A drenaxe lonxitudinal consiste no conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que poidan ser evacuadas, de xeito que non causen danos superiores aos permitidos á estrutura do firme.

As consideracións básicas a considerar respecto da drenaxe lonxitudinal son as seguintes

- O período de retorno que se considera para o cálculo de caudais é de 25 anos segundo a Instrución 5.2- IC “Drenaxe Superficial”.
- O elemento principal de condución e recollida da auga son o bordo e o sumidoiro.
- Unha vez recollidas as augas superficiais da plataforma, condúcense á propia rede de augas pluviais por medio de sumidoiros, arquetas, colectores e pozos de rexistro, para posteriormente verter ao terreo naqueles puntos onde sexa posible. Evitarase, na medida do posible, achegar as augas pluviais á rede de saneamento existente.
- A máxima velocidade admisible da auga en colectores de PVC será de 6,0 m/s, mentres que a mínima non deberá ser inferior a 0,6 m/s, de acordo con a Instrución Técnica para Obras Hidráulicas en Galicia – Saneamento.

Tendo en conta os requirimentos de evacuación das augas pluviais que precisa a implantación de sendas peonís nos ambos treitos contemplados neste proxecto e os condicionantes urbanísticos e funcionais existentes deseñouse unha rede de drenaxe lonxitudinal que permitise a correcta xestión da escorrega superficial.

Deste xeito, as actuacións proxectadas respecto da drenaxe lonxitudinal son as seguintes:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

- 2 colectores de diámetro 400 mm
- 14 pozos de rexistro, dos cales 8 son en substitución das arquetas existentes na actualidade
- 14 embornais, dos cales 8 son de renovación dos existentes

TREITO 2 PK. 44+300 - 45+080

- 4 colectores de diámetro 400 mm
- 27 pozos de rexistro
- 28 embornais, dos cales 5 son de renovación dos existentes

4.6.2 DRENAXE TRANSVERSAL

Non se afectará a ningunha canle natural distinto dos xa interceptados pola actual estrada, polo que se considera que seguen sendo válidos as cruces e os puntos de desaugadoiro existentes.

Neste senso, tanto no Treito 1, no que existen distintas ODT, como no Treito 2, no que hai que salientar a Ponte sobre o Río Calvar, considerase que as infraestruturas para a drenaxe transversal son suficientes e axeitadas para a súa función.

Por outra parte, será preciso ter en conta aqueles puntos nos que, polas necesidades construtivas e hidráulicas, realizarase a descarga ou desaugue dos elementos de drenaxe lonxitudinal ao terreo adxacente ou as redes de pluviais e saneamento existentes. Polo tanto, disporase de diversos puntos de desaugue a leitos naturais e/ou redes de pluviais, que se sinalan na táboa seguinte:

TREITO I. P.K. 34+400 - 34+860				
Colector	**ACTUACIÓN.**	**P.K.**	**DESCRICIÓN**	**DIÁMETRO (mm)**
I.C1	Conexión a rede existente	34+396	Conexión a pozo de rexistro existente	400
I.C2	Punto de descarga I.D1 proxectado	34+820	Descarga a terreo natural asolagable	400

Táboa 11. Puntos de descarga para o Treito I

TREITO II. P.K. 44+300 - 45+080				
Colector	**ACTUACIÓN**	**P.K.**	**DESCRICIÓN**	**DIÁMETRO (mm)**
II.C1	Punto de descarga II.D1 proxectado	44+640	Descarga ao Río Calvar	400
II.C2	Punto de descarga II.D2 proxectado	44+640	Descarga ao Río Calvar	400
II.C3	Punto de descarga II.D3 proxectado	45+018	Descarga a leito natural	400
II.C4	Punto de descarga II.D4 proxectado	45+018	Descarga a leito natural	400

Táboa 12. Puntos de descarga para o Treito II

4.7 SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS

No *Anexo nº15. Sinalización, balizamento e defensas* descríbense e xustifícanse os elementos de sinalización vertical e horizontal, balizas e defensas proxectadas.

4.7.1 SINALIZACIÓN

Renovarase a sinalización vertical e horizontal existente, a cal se verá reforzada naqueles puntos onde se considera preciso para garantir a seguridade viaria.

4.7.2 BALIZAMENTO

Colocaranse elementos de balizamento alí onde se considera necesario para garantir a seguridade viaria, en particular dos peóns. Deste xeito, proxéctanse balizas naqueles puntos nos que sexa necesario para garantir a seguridade dos peóns, e complementar a sinalización vertical e horizontal existente. En particular, considerase precisa a sinalización mediante balizas do tramo en beiravía transitable do Treito II.

Ademais, disponse de captafaros naqueles puntos onde se considera preciso por razóns de seguridade viaria.

A localización e disposición das balizas e dos captafaros reflíctese nos planos correspondentes.

4.7.3 DEFENSAS

Segundo a Orde Circular 4/2017, colocarase un peitoril estético urbano de tipo monorail e tubular, fabricado en aceiro e recuberto cun tratamento DÚPLEX na cor RAL-5002, con nivel de contención N1, clase de severidade A e anchura de traballo W1, segundo a norma europea UNE-EN 1317-5, incluídos os elementos de ancoraxe e fixación; e capaz de conter a autocares de 13 toneladas a 50 Km/h con anchura de traballo W2 e intrusión VI2.

O peitoril urbano presentará as seguintes características:

- Nivel de contención: N1
- Índice de severidade: A.
- Ancho de traballo: W1.
- Deflexión dinámica: < 1 m.

O peitoril estético urbano localizarase en:

TREITO I: 34+400 e 34+860

Neste primeiro treito considerase a colocación do peitoril estético urbano no acondicionamento da curva, coa finalidade de incrementar a seguridade dos peóns.

TREITO II: 44+300 e 45+080

No segundo treito considerase a colocación do peitoril estético urbano na Ponte sobre o Río Calvar.

Por outra banda, considerase a colocación dunha varanda modular en aceiro inoxidable naqueles puntos nos que sexa preciso para a protección dos peóns respecto a desniveis na contorna da senda peonil. A varanda colocada estará deseñada cumprindo os seguintes criterios de accesibilidade e seguridade:

a) Terán unha altura mínima de 0,90 m, cando a diferenza de cota que protexan sexa menor de 6 m, e de 1,10 m nos demais casos. A altura medirase verticalmente dende o nivel do chan.

b) Non serán escalables, polo que non dispoñerán de puntos de apoio entre os 0,20 m e 0,70 m de altura.

c) As aberturas e espazos libres entre elementos verticais non superarán os 10 cm.

A varanda de protección dos peóns colocarase:

TREITO I: 34+400 e 34+860

Neste primeiro treito considerase a colocación da varanda naqueles casos que tras o acondicionamento da curva o desnivel existente supere os 1,5 m.

TREITO II: 44+300 e 45+080

No segundo treito considerase a colocación da varanda na Ponte sobre o Río Calvar.

5 SOLUCIÓNS AO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS

A execución das obras comprendidas no presente proxecto precisará actuar sobre a plataforma existente en varios treitos. Non obstante, os traballos nunca afectarán á plataforma completa, senón que se manterá sempre un carril útil para a circulación. En calquera caso, será imprescindible dispoñer sinalización durante o tempo que duren as obras.

No Anexo nº14, Solucións ao tráfico durante ás obras, descríbese cómo se realizarán os desvíos do tráfico e engádense as fichas da sinalización provisional a empregar durante a realización destes traballos.

6 CARTOGRAFÍA

A cartografía empregada neste proxecto foi elaborada mediante levantamento taquimétrico de cada unha das zonas nas que se actúa. No Anexo nº3. Cartografía, Topografía e Replanteo inclúese a definición dos traballos realizados e un listado de puntos e bases de replanteo.

7 XEOLOXÍA E XEOTECNIA

No Anexo nº 4. Xeoloxía e Xeotecnia .estúdianse as condicións xeolóxicas e xeotécnicas que presentan os terreos polos que discorre o trazado proposto.

En xeral, e para a execución das diferentes unidades relacionadas con actuacións xeotécnicas fixéronse as seguintes hipóteses:

- Supúxose que a explanada existente baixo a calzada, dentro do ámbito de actuación, ten unha categoría E2, o cal é razoable, tendo en conta a sección de firme existente.
- Naqueles puntos onde se actúa fóra dos límites da explanación da estrada actual, como pode ser nos ámbitos a partir PK 44+600, requirirá escavacións do terreo natural polo que se supuxo que o material existente tras o desmonte será adecuado, na contorna próxima da estrada, e a falta de estudo xeotécnico que puidese confirmalo. Para esta hipótese, será necesaria a achega de 35 cm. de chan seleccionado tipo 3 (CBR≥20), sobre o este material, para conseguir unha explanada E2 ou ben a súa mellora mediante tratamentos de tipo solo-cemento.

Neste último caso considerouse o emprego preferible de 25 cm de S-EST2, solo mellorado con cemento, para a conformación da explanada, dado que o solo de base é un solo axeitado.

En xeral, nas zonas nas que sexa necesario disporanse noiros 1:1 (Horizontal:Vertical) en desmonte e 3:2 (H:V) en terraplén. Coas inclinacións propostas non se prevén problemáticas relacionadas coa xeoloxía ou coas características xeotécnicas do terreo, xa que os noiros observados nas proximidades da zona de actuación posúen inclinacións semellantes e non se observaron ou detectaron problemas de inestabilidade nos mesmos.

Nas zonas nas que se amplíe a calzada será necesario eliminar a capa actual de terra vexetal existente, para o cal considerouse un espesor medio aproximado de un (1) metro.

Cando nos tramos considerados sexa precisa a execución dun muro, baixo este colocaráse unha capa de formigón ciclópeo.

8 TRÁFICO

Os datos de tráfico foron obtidos da "*Memoria de Tráfico das Estradas da Comunidade Autónoma de Galicia"* do ano 2019, editada pola Xunta de Galicia. A continuación, inclúense os datos dos últimos anos das estacións máis próximas aos treitos de actuación.

ANO	AC-552(57)		AG-55(36)		AG-55(46)	
	IMD	% pesados	IMD	% pesados	IMD	% pesados
2014	7.038	7,1%	-	-	-	-
2015	7.234	7,1%	-	-	-	-
2016	5.826	6,6%	7.105	5,4%	6.445	5,2%
2017	3.807	5,6%	7.294	5,4%	6.603	5,3%
2018	3.826	5,6%	7.604	5,5%	6.923	5,5%
2019	3.859	5,6%	7.927	5,6%	7.190	5,7%

Táboa 13. Evolución dos aforos nas Estacións de referencia (Fonte: Afoxun2019)



Figura 28. Evolución da IMD nas Estacións de Aforo de referencia

Tendo en conta os datos anteriores, poden estimarse para estas Estacións de Aforo de referencia a taxa de crecemento da IMD e da porcentaxe de pesados. Neste senso, pode observarse nas táboas anteriores como a posta en funcionamento da AG-55 supuxo unha redución considerable do tráfico na AC-552. Por outra parte, tendo en conta o shock que puido supor a entrada en servizo da AG-55 sobre o tráfico de longa distancia na AC-552 no ano 2016 – 2017. Polo tanto, considerase máis axeitado realizar a estimación das taxas de crecemento e da porcentaxe de pesados a partir do ano 2017, para eliminar o impacto da entrada en servizo da AG-55.

ESTACIÓN	TAXA DE CRECEMENTO (2017 – 2019) %	
	IMD	% pesados
AC-552(57)	0,683 %	0,00 %
AG-55(36)	4,25 %	1,84 %
AG-55(46)	4,35 %	3,70 %

Táboa 14. Taxas de crecemento nas Estacións de Aforos seleccionadas

Tendo en conta os datos da taxa de crecemento das estacións seleccionadas, pode considerarse que para a estrada AC-552, ésta será do 0,683 %. Esta taxa é coherente co trasvase do tráfico cara a Autovía AG-55 e co moi baixo incremento que se pode observar na Figura 1. Deste xeito, e considerando os aforos máis recentes no ámbito dos treitos obxecto deste proxecto a estimación do tráfico no ano 2020, supoñendo un crecemento lineal do tráfico, amosase na seguinte táboa:

TREITO	ESTACIÓN DE AFORO	IMD (2016)	% PESADOS (2016)	IMD (2020)	% PESADOS (2020)	IMDpesados (2020)
T1: 34+400-34+860	AC-552(34)G1	16.361	5,6 %	16.811	5,6 %	941
T2: 44+300-45+080	AC-552(46)G0	1.888	5,6 %	1.940	5,6 %	109

Táboa 15. Estimación do tráfico no ano 2020

A taxa de crecemento porcentual anual considerada será o 0,683 % sinalado anteriormente, xa que se considerada que se trata dunha certa estabilidade no tráfico, sobre todo, tendo en conta que o principal incremento do tráfico de longa distancia debería ser absorbido pola Autovía AG-55. Por outra parte, esta taxa é inferior á máxima do 1,44 % anual acumulado considerada como umbral superior na *Orden FOM/3317/2010, de 17 de diciembre, por la que se aprueba la Instrucción sobre las medidas específicas para la mejora de la eficiencia en la ejecución de las obras públicas de infraestructuras ferroviarias, carreteras y aeropuertos del Ministerio de Fomento*.

Polo tanto, e considerando a taxa de crecemento porcentual do 0,683 %, na seguinte táboa amosase o tráfico estimado para o ano 2030:

TREITO	ESTACIÓN DE AFORO	IMD (2020)	% PESADOS (2020)	IMD (2030)	% PESADOS (2030)	IMDpesados (2030)
T1: 34+400-34+860	AC-552(34)G1	16.811	5,6 %	17.509	5,6 %	981
T2: 44+300-45+080	AC-552(46)G0	1.940	5,6 %	2.021	5,6 %	113

Táboa 16. Estimación do tráfico no ano 2030

A determinación da categoría do tráfico pesado é un punto fundamental de cara tanto o dimensionamento dun novo firme, segundo o exposto nopunto4 da Norma 6.1 – I.C., como para a análise do estado actual do firme e do dimensionamento da súa rehabilitación, no caso de que fora precisa, segundo o exposto nos puntos 5.3 e 8.1 da Norma 6.3 – I.C.

A categoría do tráfico pesado vén dada pola Intensidade Media Diaria de pesados (IMDp) existente nos tramos considerados da rede viaria a estudio. Esta IMDp obterase, de xeito xeral, a partir dos aforos rexistrados nas mesmas, e tendo en conta que se estima que a metade desta IMDp circula por cada carril, na seguinte táboa sinalase a categoría de tráfico en cada treito do proxecto:

TREITO	IMDpesados (2030)	IMDpesados carril (2030)	CATEGORIA DE TRÁFICO PESADO
T1: 34+400-34+860	981	491	**T2**
T2: 44+300-45+080	113	57	**T32**

Táboa 17. Categoría do tráfico pesado segundo Norma 6.1 – I.C.

9 PATRIMONIO

Respecto ao Patrimonio Cultural e Histórico hai que sinalar que no entorno de ambas actuacións existen distintas situacións. Así, no caso do Treito I poden identificarse unha serie de elementos culturais e históricos que posúen unha certa protección, mentres que no caso do Treito II non se identificaron elementos patrimoniais ou históricos que presenten algún tipo de catalogación ou protección.

Deste xeito, respecto do Treito I identificáronse os seguintes elementos:

Elemento	Categoría	Catalogación
Dúas casas con hórreos en Montecelo	Arquitectónica	PXOM PBA
Lavadoiro	Etnográfica	Non catalogado

Táboa 18. Elementos do Patrimonio Cultural e Histórico

Por outra parte, segundo a resolución da Xefatura Territorial da Coruña do Servizo de Xestión Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, que se adxunta a este anexo no Apéndice II, existe un elemento no Treito II que si ben non aparece nin no PXOM nin no Plan básico autonómico, pese a non ter a consideración de catalogado, debe terse en conta durante a realización das obras. Trátase dun elemento que na actualidade está desaparecido, a Mota TO15029008, localizado na contorna do cemiterio de Agrillos, e que foi arrasado hai uns 45 anos, en parte pola construción devandito cemiterio e pola realización de acondicionamentos agrícolas.

Neste senso, hai que considerar a posible afección que sobre os distintos elementos patrimoniais identificados poderían ter as actuacións proxectadas.

No *Apéndice Nº 1. Estudio de Patrimonio Cultural* do Anexo nº16. Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística, detallase con maior concreción a identificación dos elementos do Patrimonio Cultural e Histórico e os seus impactos.

10 INCIDENCIAS AMBIENTAIS

As actuacións contempladas no presente proxecto non se atopan entre os supostos da Lei 21/2013, de Avaliación Ambiental, xa que a tipoloxía das mesmas non aparece nin na relación do Anexo I nin no Anexo II da devandita Lei. Ademais, unha vez analizada a posible afección da actuación proxectada sobre os espazos naturais existentes no ámbito de intervención, concluíse que é nula, xa que este ámbito fica restrinxido aos bordes da calzada actual, con aumentos da plataforma de dimensións reducidas nun entorno, en xeral, xa urbanizado.

Sen embargo, e dado que o presente proxecto atravesa o ZEC Río Anllóns estaría suxeito ao sinalado ***no artigo 7.2.b) Os proxectos non incluídos nin no anexo I nin o anexo II que poidan afectar de forma apreciable, directa ou indirectamente, a Espazos Protexidos Rede Natura 2000*** polo que alúmenos sería obxecto dunha ***AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL SIMPLIFICADA***.

Polo tanto, e de acordo co anterior, resulta necesaria a tramitación conforme ao procedemento de Avaliación Ambiental.

Ao mesmo tempo, no Anexo nº 16. Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística inclúese un estudo dos aspectos ambientais e das posibles incidencia das obras sobre o Medio Ambiente.

En calquera caso, na definición das obras procurouse evitar a xeración de impactos que puideran afectar ao medio natural, reducindo as actuacións cun efecto potencial adverso, e empregando solucións brandas e respectuosas co medio.

Non obstante, definiuse un Programa de Vixilancia Ambiental no que se establecen as medidas correctoras e preventivas correspondentes co obxecto de reducir, mitigar e evitar impactos na fase construtiva, e que se adxunta no devandito anexo.

11 PLANEAMENTO URBANÍSTICO

No Concello de Coristanco as normas urbanísticas vixentes están constituídas polo "Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)" con data de aprobación definitiva do 3 de decembro de 2015.

A proposta de trazado das sendas peonís mantén as aliñacións propostas nas normas urbanísticas, dentro do dominio publico viario. Ademais, todas as actuacións propostas no presente proxecto cumpren coas prescricións do planeamento xeral do Concello de Coristanco.

Os solos afectados son os seguintes:

Treito I: Solo de dominio público viario da estrada autonómica AC-552, Solo de Núcleo Rural Común (SNRC) e Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional (SNRT) de Montecelo, rematando no Solo Urbano (SU) de Coristanco (San Roque).

Treito II: Solo Urbano (SU) de Bormoio, Solo de dominio público viario da estrada autonómica AC-552, e Solo de Núcleo Rural Común (SNRC) de O Outeiro.

No Anexo nº 7. Planeamento Urbanístico descríbense as distintas clasificacións e calificacións dos solos polos que discorre a actuación proposta.

12 REPOSICIÓN DE SERVIZOS

No Anexo nº 22. Reposición de Servizos realizase un estudo co obxecto de establecer unha valoración axeitada dos servizos que se verán afectados pola execución das obras correspondentes ao presente proxecto, tendo en conta que se levou a cabo o deseño do mesmo de tal xeito que a afección aos servizos existentes fora a mínima posible.

Os distintos Servizos Afectados, dentro dun proxecto construtivo, poden clasificarse segundo a incidencia da súa reposición sobre o orzamento. Deste xeito, en xeral, os Servizos Afectados dunha obra poden clasificarse segundo as seguintes categorías:

- Reposición de Servizos a incluír no Orzamento de Execución Material (xestionados pola Administración Pública)
  - Iluminación Pública
  - Abastecemento
  - Saneamento e Drenaxe
- Reposición de Servizos a incluír no Orzamento de Coñecemento para a Administración (xestionados por empresas privadas)
  - Subministración Eléctrica (Alta, Media e Baixa Tensión)
  - Gas
  - Rede de Telecomunicacións

Tendo en conta a distinción sinalada nas liñas anteriores identificáronse e valorouse os servizos afectados polo desenvolvemento das obras obxecto deste proxecto.

12.1 SERVIZOS AFECTADOS XESTIONADOS POLA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

De forma xeral, non se prevé a afección directa ás redes de ningún destes Servizos, xa que as actuacións proxectadas non contemplan nin escavacións que puidesen afectar xa existentes, agás no caso da renovación dalgún tramo da rede de drenaxe de pluviais ou para a conexión de novos tramos de rede. Non obstante, nestes casos non se considerarán como servizos afectados a repoñer, xa que se trata dunha actuación de renovación dos mesmos.

Non obstante, puidese ser que no estendido de novas capas de firme nas sendas, algún pozo ou arqueta pertencentes ás redes mencionadas puidese quedar a menor cota que a rasante do novo pavimento. Neste caso, realizaríase a posta a cota dos pozos de rexistro e arquetas afectados.

Deste xeito, e tras a revisión en campo e cartográfica, identificáronse as seguintes afeccións respecto desta clase de servizos:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

No Treito 1 identificáronse os seguintes elementos:

- 3 pozos de rexistro pluviais
- 6 arquetas de rexistro pluviais
- 6 acometidas do abastecemento

No caso dos pozos e das arquetas de rexistro pluviais considerase a súa substitución nunha nova rede, polo que non se trata en esencia dunha reposición do servizo.

TREITO 2 PK. 44+300 - 45+080

No Treito 2 non se identificou ningún elemento da rede a repoñer, agás 1 pozo de rexistro e catro embornais, que serán renovados.

Dentro do orzamento de execución material do proxecto engadiuse a valoración da reposición dos seguintes servizos afectados.

ESTIMACIÓN ECONÓMICA REPOSICIÓNS CICLO DA AUGA				
TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860				
Concepto	Ud	Med	Precio	Importe
Recrecido de pozos ou arquetas para acometidas de abastecemento	ud	6	84,02	**514,20 €**
Posta a cota de pozos de saneamento	ud	5	126,79	**633,95 €**

Táboa 19. Valoración da Reposición de Servizos Afectados do Ciclo da Auga

Por tanto, o total das reposicións a executar neste capítulo respecto das afeccións ao Ciclo da auga ascende a MIL CENTO CORENTA E OITO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (1.148,15 €).

12.2 SERVIZOS AFECTADOS XESTIONADOS POR EMPRESAS PRIVADAS

Aínda que na súa meirande parte as actuacións contempladas no proxecto execútanse sobre o espazo viario xa existente, sen producirse afección a liñas eléctricas ou de telecomunicacións, máis aló daquelas conexións necesarias para a implantación de novas luminarias nalgunha das actuacións, hai que considerar que o acondicionamento da curva no Treito 1 supón a necesidade de retranquear 1 poste eléctrico.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

No Treito 1 identificase a seguinte afección a redes eléctricas.

- Retranqueo de 1 poste eléctrico e as súas conexións aéreas
- 3 recrecidos de arquetas eléctricas/alumeado público/

TREITO 2 PK. 44+300 - 45+080

No Treito 2 non se identifica ningunha afección a redes eléctricas.

Dentro do orzamento de para coñecemento da administración do proxecto engadiuse a valoración da reposición dos seguintes servizos afectados.

ESTIMACIÓN ECONÓMICA REPOSICIÓNS LIÑAS ELÉCTRICAS				
TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860				
Concepto	Ud	Med	Prezo	Importe
Retranqueo de poste eléctrico	ud	1	350,00	350,00 €
Cable liña aérea	m	110	19,40	2.134,00 €
Recrecido de arquetas eléctricas/alumeado público	ud	3	84,02	252,06
TOTAL				**2.736,06 €**

Táboa 20. Valoración da Reposición de Servizos Afectados de Subministro Eléctrico

Deste xeito, tal e como figura no Anexo nº 22. Reposición de Servizos a cantidade total a reposición dos servizos afectados xestionados por empresas privadas, neste caso Liñas Eléctricas, ascende a DOUS MIL SETECENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (2.736,06 €).

13 EXPROPIACIÓNS E BENS AFECTADOS

As actuacións previstas neste proxecto implican, nalgunhas zonas, a ocupación de terreos, tomando como limite de expropiación, en caso de ser preciso, a liña de derrame dos noiros, incrementada nun metro. Non obstante, nas zonas nas que existen peches ou beirarrúas en terreos con pouco desnivel, decidiuse facer coincidir a nova liña de expropiación coa de ocupación.

No Anexo nº 21. Expropiacións figura a valoración detallada dos bens afectados e dos terreos que será necesario ocupar para executar as obras, sendo a cantidade total de CATRO MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.889,59€).

14 ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

En cumprimento do R.D. 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición (RCD), o presente proxecto inclúe o Anexo nº18. Estudo de Xestión de Residuos, que ten como obxectivo establecer as directrices respectos da xestión dos residuos de construción e demolición que se producirán na execución da obra, considerando, entre outros aspectos, unha estimación da súa cantidade, das medidas xenéricas para a prevención que se adoptarán, o destino previsto para os residuos, así como unha valoración dos custes derivados da súa xestión, e que deberán formar parte do orzamento do proxecto.

Tamén como medida especial de prevención, establecese a obrigación, no caso das obras de demolición, reparación ou reforma, de facer un inventario dos residuos perigosos que se xeren, proceder a súa retirada selectiva e a entrega a xestores autorizados de residuos perigosos.

No Anexo nº 18. Estudo de Xestión de Residuos figura a valoración detallada para a xestión dos residuos de construción e demolición (RCD) resultantes da execución da obra, sendo a cantidade total de VINTE MIL CORENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (20.046,37 €).

15 ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE

O proxecto inclúe o Anexo nº 19. Estudo de Seguridade e Saúde, conforme ao esixido no artigo 4 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e ten como obxectivo establecer as directrices respecto da prevención de riscos de accidentes laborais, de enfermidades profesionais e de danos a terceiros. Tamén se estudan as instalacións de sanidade, hixiene e benestar durante as obras.

O Estudo de Seguridade e Saúde servirá como directrices xerais á empresa construtora para levar a cabo as súas obrigas no campo da prevención de riscos profesionais, facilitando o seu desenvolvemento baixo o control da Dirección Facultativa de acordo co devandito R.D. 1627/1997, polo que se implanta a obrigatoriedade da inclusión de un Estudo ou un Estudo Básico de Seguridade e Saúde nos proxectos de edificación e obras públicas.

Deste xeito, tal e como figura no Anexo nº 19. Estudo de Seguridade e Sáude a cantidade total para a seguridade e saúde da obra ascende a DEZASEIS MIL DOUSCENTOS TRINTA E SETE EUROS (16.237,00 €).

16 VALORACIÓN DE ENSAIOS

No Anexo nº 28. Valoración de Ensaios inclúese unha relación dos ensaios de autocontrol e de contraste que, a modo estimativo, poderían realizarse durante a execución das obras. Do mesmo xeito, estimouse tamén o seu custe, confirmándose que o importe dos ensaios de contraste é inferior ao 1 % do Orzamento de Execución Material do proxecto, e, polo tanto, será a conta do contratista.

Ascende o orzamento para ensaios de autocontrol á cantidade de **CATORCE MIL NOVECENTOS VINTE SEIS EUROS (14.926,00 €) IVE NON ENGADIDO.**

O importe dos ensaios de contraste ascende á cantidade de **CATORCE MIL OITOCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS (14.895,00 €) IVE NON ENGADIDO.**

Deste xeito, o importe dos ensaios de contraste supón un 3,1 % do Orzamento de Execución Material, polo que será preciso engadir no Orzamento para Coñecemento da Administración o importe adicional, sobre o 1 % do O.E.M. imputable.

17 CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

En base á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e segundo o seu artigo 77, exixírase clasificación do contratista en obras de importe igual ou superior a 500.000 €.

Segundo o establecido no correspondente Anexo nº 24. Clasificación do Contratista, ésta foi determinada en base ao artigo 79 da devandita lei.

GRUPO	SUBGRUPO	CATEGORÍA
G (Vías e Pistas)	**6** (Obras viais sen cualificación especifica)	**3** (Contía superior a 360.000 € e inferior ou igual a 840.000 €)

Táboa 21. Clasificación do Contratista

18 FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS

Segundo ao establecido no artigo 103 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, non procede a revisión de prezos nin establecer unha fórmula para tal fin.

19 PLAN DE OBRA

O presente proxecto desenvolverase nun Prazo de Execución de OITO (8) MESES, segundo o detallado no Anexo nº 23. Plan de Obra, contados a partir da data de reformulo.

Este Anexo nº 23 inclúese para dar cumprimento á Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que no seu artigo 233 establece, facendo referencia ao contido dos proxectos:

"...deberán comprender alúmenos: ...e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso de tempo e custe"

En calquera caso, o Contratista poderá propor unha planificación alternativa, a cal deberá ser aprobada pola Dirección Facultativa, e que, en ningún caso, poderá superar o prazo anteriormente indicado.

Á recepción das obras, ao seu remate e para os efectos establecidos no artigo 243 da Lei 9/2017, concorrerá un facultativo designado pola Administración titular, o facultativo encargado da Dirección das Obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto na Lei 9/2017.

Asemade, en cumprimento do artigo 243, apartado 3, da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público establecerase no prego de cláusulas administrativas particulares, o prazo de garantia das obras, atendendo á natureza e complexidade das mesmas, non podendo ser éste inferior a un ano salvo casos especiais.

Se as obras atópanse en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, dará as obras por recibidas. Levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instricións precisas, fixando un prazo para corrixir aquelas. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectuase, poderase conceder outro prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

20 PREZOS E ORZAMENTOS

En cumprimento do artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o cálculo dos prezos das distintas unidades de obra do presente proxecto baséanse na determinación do importe dos custes directos e indirectos precisos para a súa execución, sen incorporar, en ningún caso, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), que poida gravar as entregas de bens ou prestacións de servizos realizados.

A xustificación dos prezos do presente proxecto realizouse cos prezos elementais que se acompañan, en base aos prezos de materiais, man de obra e maquinaria correspondentes á zona de localización das obras e analizando os rendementos e cantidades de materiais necesarios na formación de cada prezo. O listado coa descomposición dos prezos presentase no Anexo nº 25. Xustificación dos Prezos.

Nos distintos apartados recollidos no Documento Nº 4. Orzamento detállanse as medicións das distintas unidades de obra, defínense os cadros de prezos e os orzamentos parciais, que configuran o Orzamento de Execución Material e o Orzamento Base de Licitación.

A continuación, amosase un resumo do importe por Capítulos e subcapítulos do proxecto:

1	CAPÍTULO 1. TRAMO 34+400 - 34+860	231.148,42 €	48,18 %
2	CAPÍTULO 2. TRAMO 44+300 - 45+080	210.450,45 €	43.86 %
3	CAPÍTULO 3. VARIOS	1.908,00 €	0,40 %
4	CAPÍTULO 4. XESTIÓN DE RESIDUOS	20.046,37 €	4,18 %
5	CAPÍTULO 5. SEGURIDADE E SAÚDE	16.237,00 €	3,38 %
	ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	**479.790,24 €**	**100 %**

Táboa 22. Organización e importe por Capítulos

Deste xeito, e tendo en conta a táboa anterior, o Orzamento de Execución Material (O.E.M.) do presente proxecto ascende á cantidade de:

CATROCENTOS SETENTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA EUROS con VINTE E CATRO CÉNTIMOS(479.790,24 €).

O Orzamento Base de Licitación (O.B.L.) sen IVE é o resultado de incrementar o Orzamento de Execución Material pola aplicación das porcentaxes correspondentes a Gastos Xerais (13 % do O.E.M.) e de Beneficio Industrial (6 % do O.E.M.). En todo caso, o Orzamento Base de Licitación sen IVE ascende á cantidade de:

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL, O.E.M.	479.790,24 €
GASTOS XERAIS, G.G. (13% DO O.E.M.)	62.372,73 €
BENEFICIO INDUSTRIAL, B.I. (6% DO O.E.M.)	28.787,41 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (TOTAL O.E.M. + G.G. + B.I.) sen IVE	**570.950,38 €**

Táboa 23. Orzamento Base de Licitación

CINCOCENTOS SETENTA MIL NOVECENTOS CINCUENTA EUROS con TRINTA E OITO CÉNTIMOS (570.950,38 €).

A cantidade anterior será gravada co 21 % de I.V.E., de tal xeito que o Orzamento Base de Licitación . resulta ser de:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	570.950,38 €
IVE (21 % DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN)	119.899,58 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	**690.849,96 €**

Táboa 24. Orzamento Base de Licitación con IVE

SEISCENTOS NOVENTA MIL OITOCENTOS CORENTA E NOVE EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (690.849,96 €).

A incorporación de distintas partidas complementarias, como o Programa de Vixilancia Ambiental, a reposición de servizos, as expropiacións e outras, conforma o Orzamento para Coñecemento da Administración, o cal ascende ás seguintes cantidades:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	690.849,96 €
EXPROPIACIÓNS	4.889,59 €
REPOSICIÓN DE SERVICIOS AFECTADOS (COMPAÑIAS)	2.736,06 €
PLAN DE VIXILANCIA AMBIENTAL	6.400,00 €
PLAN DE VIXILANCIA PATRIMONIAL	1.000,00 €
CONTROL DE CALIDADE	10.097,10 €
ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN	**715.972,71 €**

Táboa 25. Orzamento para Coñecemento da Administración

SETECENTOS QUINCE MIL NOVECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (715.972,71 €).

21 CONCELLOS NOS QUE SE DESENVOLVERAN OS TRABALLOS

As actuacións descritas no presente proxecto discorrerán por terreos pertencentes ao Concello de Coristanco.

22 NORMAS E INSTRUCIÓNS CONSIDERADAS

Nas obras comprendidas neste proxecto serán de aplicación as seguintes normas e instrucións.

- Contratos:
  - Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.
  - R.D. 1098/01, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, modificado por el Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto.
  - Ley 14/2013, de 27 de septiembre, de apoyo a los emprendedores y su internacionalización.
  - Ley 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española.
- Firmes e pavimentos:
  - Orden FOM/3460/2003, de 28 de noviembre, por la que se aprueba la Norma 6.1-IC, “Secciones de Firme”, de la Instrucción de Carreteras.
  - Orden Circular 5bis/02 sobre las condiciones para la adición de polvo de neumáticos usados en las mezclas bituminosas.
  - Orden FOM 2523/2014 por la que se actualizan determinados artículos del PG-3, relativos a materiales básicos, a firmes y pavimentos, y a señalización, balizamiento y sistemas de contención de vehículos.
  - Orden Circular 4/2017 de la Axencia Galega de Infraestruturas, en la cual se actualizan los criterios para el diseño de las actuaciones contempladas en materia de movilidad alternativa de Galicia establecidos por las Órdenes Circulares 3/2016 y 4/2016.
- Sinalización, balizamento e defensas:
  - Instrucción Española de Carreteras:
    - Instrucción 8.1- I.C. "Señalización Vertical", aprobada por Orden FOM de 20 de marzo de 2014.
    - Instrucción 8.2- I.C. "Marcas Viales", aprobada por O.M. de 16 de julio de 1987.
    - Instrucción 8.3- I.C. "Señalización de Obras", aprobada por O.M. de 31 de Agosto de 1987.
  - Señalización de Obras (Orden Circular 304/89 del 21 de Julio).

– Pregos de Prescricións Técnicas:

  • Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para Obras de Carreteras y Puentes de la Dirección General de Carreteras (PG-3) de 1.975, aprobado por O.M. del 6/2/76, y sus sucesivas modificaciones y actualizaciones.

– Estruturas:

  • NCSR-02, “Norma de construcción sismorresistente: Parte general y edificación”. Aprobada por Real Decreto 997/2002, de 27 de Septiembre.

– Seguridade e Saúde:

  • Ley 31/1995 de 8 de Noviembre de Prevención de Riesgos Laborales. B.O.E. de 10 de Noviembre de 1.995, y posteriores modificaciones.

  • Real Decreto 1627/1997, por el que se establecen las condiciones mínimas de seguridad y salud en las obras de construcción.

  • Real Decreto 485/1997, del 14 de Abril, sobre disposiciones mínimas en materia de señalización de seguridad y salud en el trabajo.

  • Real Decreto 486/1997, del 14 de Abril, por el que se establecen las disposiciones mínimas de seguridad y salud en los lugares de trabajo.

  • Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, por el que se desarrolla la Ley 32/2006, de 18 de octubre, reguladora de la subcontratación en el sector de la construcción.

- Xestión de residuos:

  • Real Decreto 105/2008, de 1 de febrero, por el que se regula la producción y gestión de residuos de construcción y demolición.

  • Ley 10/2008, de 3 de noviembre, de residuos de Galicia.

- Clasificación do contratista:

  • R.D. 1098/01, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, modificado por el Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto..

23 CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN

23.1 CONTIDO MÍNIMO DO PROXECTO DE ACORDO CO ARTIGO 233 DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

O presente proxecto inclúe todos os documentos exixidos polo artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, considerándose que a información incluída nos mesmo é suficiente para definir, valorar e executar as obras.

23.2 DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA EN CUMPRIMENTO DO ARTÍGO 13.3 DA LEI 9/2017, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

O presente proxecto refírese a unha obra completa, entendendo como tal a susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo das ampliacións de que posteriormente poida ser obxecto, e comprende todos e cada un dos elementos necesarios para a utilización da obra. Deste xeito, dáse cumprimento ao artigo 13, apartado 3, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

23.3 REAL DECRETO 997/2002: ACCIÓNS SÍSMICAS

Segundo o Real Decreto 997/2002, por el que se aprueba la norma de construcción sismorresistente, parte general y edificación (NCSR-02), non é preciso ter en conta os efectos sísmicos, como se xustifica no Anexo nº 5. Efectos Sísmicos.

23.4 REAL DECRETO 1627/1997

En cumprimento do R.D. 1627/1997, inclúese o correspondente Estudo de Seguridade e Saúde no Anexo nº 19.

23.5 LEI 10/2014, DE 3 DE DICIEMBRE, DE ACCESIBILIDADE

No presente proxecto e nas zonas nas que se deseñan e definen elementos de nova construción para a circulación peonil cumprense as exixencias que establece a Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade de Galicia, así como o regulamento que desenvolve o Decreto 35/2000.

Neste senso, salientar que os itinerarios peonís accesibles proxectados cumpren os requisitos normativos, tal e como se sinala no Anexo nº 11. Firmes e Pavimentos.

23.6 REAL DECRETO 105/2008

En cumprimento do R.D. 105/2008, de 1 de febrero, por el que se regula la producción y gestión de residuos de construcción y demolición inclúese o correspondente Estudo de Xestión de Residuos no Anexo nº 18.

24 DOCUMENTOS DO PROXECTO

En cumprimento do artigo 233. “Contido dos proxectos e responsabilidade da súa elaboración” da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o presente proxecto contén os seguintes documentos:

DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS

Anexos á Memoria

- Anexo nº 1: Cumprimento da orde de estudo
- Anexo nº 2: Antecedentes Técnicos e Administrativos
- Anexo nº 3: Cartografía, Topografía e Replanteo
- Anexo nº 4: Xeoloxía e Xeotecnía
- Anexo nº 5: Efectos Sísmicos
- Anexo nº 6: Climatoloxía e Hidroloxía
- Anexo nº 7: Planeamento Urbanístico
- Anexo nº 8: Tráfico
- Anexo nº 9: Trazado
- Anexo nº 10: Movemento de Terras
- Anexo nº 11: Firmes e Pavimentos
- Anexo nº 12: Drenaxe
- Anexo nº 13: Estruturas
- Anexo nº 14: Solucións ao tráfico durante as obras
- Anexo nº 15: Sinalización, balizamento e defensas
- Anexo nº 16: Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística
- Anexo nº 17: Obras Complementarias
- Anexo nº 18: Estudo de Xestión de Residuos
- Anexo nº 19: Estudo de Seguridade e Saúde
- Anexo nº 20: Coordinación con outros Organismos e Servizos
- Anexo nº 21: Expropiacións
- Anexo nº 22: Reposición de Servizos
- Anexo nº 23: Plan de Obras
- Anexo nº 24: Clasificación do Contratista
- Anexo nº 25: Xustificación de Prezos
- Anexo nº 26: Orzamento para Coñecemento da Administración
- Anexo nº 27: Formula de Revisión de Prezos
- Anexo nº 28: Valoración de Ensaios
- Anexo nº 29: Seguridade Viaria

DOCUMENTO Nº 2: PLANOS

1.- Emprazamento e Índice

2.- Estado actual

- 2.1.- Planta actual
- 2.2.- Replanteo

3.- Planta Xeral

- 3.1.- Planta Xeral. Actuacións
- 3.2.- Firmes, Pavimentos e Seccións
- 3.3.- Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística
- 3.4.- Drenaxe

4.- Traballos Previos

5.- Perfís Lonxitudinais

6.- Perfís Transversais

7.- Firmes e Pavimentos

8.- Seccións Tipo

8.1.- Planta

8.2.- Seccións

9.- Drenaxe

9.1.- Planta

9.2.- Detalles

10.- Estruturas

11.- Sinalización, Balizamento e Defensas

11.1.- Estado Actual

11.2.- Planta Actuacións

11.3.- Detalles

12.- Reposición de Servizos

12.1.- Servizos Existentes

12.2.- Alumeado Público

12.3.- Abastecemento e Saneamento

12.4.- Telecomunicacións

13.- Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística

14.- Obras Complementarias

DOCUMENTO Nº 3: PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

DOCUMENTO Nº 4: ORZAMENTO

Medicións auxiliares

Medicións

Cadro de prezos Nº1

Cadro de prezos Nº2

Orzamentos Parciais

Orzamento de Execución Material

Orzamento Base de Licitación e Base de Licitación máis IVE

25 CONCLUSIÓN

Na execución das obras recollidas na presente memoria teranse en conta, en todo momento, as determinacións das normas de obrigado cumprimento e regulamentos referentes a obras deste tipo, así como a normativa en vigor referente á prevención de riscos laborais e sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde, controlándose por parte da Dirección Facultativa e Coordinación de Seguridade e Saúde que realmente se cumpren as devanditas normas e regulamentos durante a execución das obras.

Estimando que o presente Proxecto de Construción foi redactado conforme á lexislación vixente, que se refire a unha obra completa de acordo co artigo 13, apartado 3, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que conten os documentos necesarios de acordo co artigo 233 da devandita Lei, e que a solución atopase suficientemente xustificada, elevase á superioridade para a súa aprobación, se procede.

A Coruña, Febreiro de 2021

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
Autor do Proxecto

A Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos
Directora do Proxecto

Fdo: Gael Sáncez Rivas
Nº Colegiado; 24644

Fdo: María Jesús Tejada López

Vº Bº

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
Xefe do Servizo da Área de Planificación e Programación na
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Fdo: Carlos Lefler Gullón

ANEXO Nº 1
CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO

ÍNDICE

1 INTRODUCIÓN 2
2 CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO 2
2.1 ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PRESENTE PROXECTO 2
2.2 ORZAMENTO DA ACTUACIÓN 2
3 FICHA DESCRITIVA 3
4 CONCLUSIÓN 3
1 OBXECTO DA ACTUACIÓN 5
2 PLAN DE ESTRADAS 5
3 DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS 5
4 CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS 5
4.1 TRAZADO 6
4.1.1 SENDAS PEONÍS. DESCRICIÓN DO TRAZADO 6
4.1.1.1 TRAZADO EN PLANTA 6
4.1.1.2 TRAZADO EN ALZADO 6
4.1.2 ACONDICIONAMENTO DE CURVA. DESCRICIÓN DO TRAZADO 6
4.2 FIRMES E PAVIMENTOS 6
4.3 ESTRUTURAS 11
4.4 DRENAXE 12
4.4.1 DRENAXE LONXITUDINAL 12
4.4.2 DRENAXE TRANSVERSAL 13
5 PRINCIPAIS UNIDADES DE OBRA 13
6 POBOACIÓN SERVIDA 13
7 CONCELLOS AFECTADOS 14
8 EXPROPIACIÓNS 14
9 SERVIZOS AFECTADOS 14
10 PRAZO DE EXECUCIÓN 15
11 ORZAMENTOS 15
12 DISTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO POR CONCELLOS E ESTRADAS 15
13 COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS 15
14 LOCALIZACIÓN E SECCIÓNS TIPO 16

1 INTRODUCIÓN

O presente anexo ten como finalidade xustificar o cumprimento de todas as prescricións contidas na Orde de Estudo emitida o 1 de Outubro de 2019 para a redacción do proxecto de construción "SENDAS NA AC-552. TREITOS: TREITOS: 34+400-34+860 E 44+300-45+080" de CLAVE: AC/19/132.06.

2 CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO

As actuacións previstas na devandita orde de estudo pertencen ao programa de Fomento da Mobilidade Sustentable e ao subprograma 5.1. Itinerarios peonís e ciclistas.

As actuacións propostas comprenden, segundo a descrición recollida na orde de estudo:

- A execución dunha senda na marxe da estrada AC-552 nos seguintes treitos:
    1. Entre os PK 34+400, final da senda Carballo – Bértoa, e o 34+860, inicio das beirarrúas próximas ao entorno do Centro Comercial Carrefour, pola marxe esquerda da estrada, consistindo na implantación de novos tramos ou ben na renovación e/ou ampliación dos xa existentes coa finalidade de acadar un itinerario continuo accesible. Hai que sinalar que durante a redacción do proxecto decidiuse a extensión do mesmo ata o PK 34+960 para garantir a continuidade da senda peonil ata o Centro Comercial Carrefour. Por outra parte, será preciso realizar o acondicionamento da curva existente por motivos de seguridade viaria e mellorar a súa visibilidade.
    2. Entre os PK 44+300, final das beirarrúas de Agolada, e o 45+080, punto de acceso á pista do Cemiterio de Agrillos, pola marxe dereita da estrada. Neste treito é preciso realizar a ampliación mediante un voladizo da estrutura existente para o paso sobre o Río Calvar.

Entre outras instrucións particulares, a orde de estudo indica o seguinte:

- Manterase a coordinación adecuada con outros centros directivos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Deputación Provincial de A Coruña, co Concello de Coristanco e co resto de entidades e organismos que se puideran ver afectados ou que puidesen aportar datos de interese para a redacción do estudo.
- Estudarase con detalle a reposición de camiños, vías pecuarias, accesos, servidumes e servizos que resulten afectados, incluíndo no estudo as actuacións que se estimen necesarias para a súa correcta reposición.

2.1 ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PRESENTE PROXECTO

As actuacións que se pretende executar no presente proxecto consisten en:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

- Acondicionamento da curva existente e mellora da seguridade viaria
- Implantación de senda peonil continua mediante a renovación e mellora das beirarrúas e espazos existentes.
- Estendido de servizos urbanos baixo a senda peonil e reposición no seu caso
- Implantación de senda peonil continua de nova execución
- Integración de elementos patrimoniais existentes no entorno da senda peonil
- Reforzo da sinalización vertical e horizontal

TREITO 2 PK. 44+300 - 45+080

- Implantación de senda peonil continua de nova execución
- Ampliación mediante voladizo da estrutura de paso sobre o Río Calvar
- Estendido de servizos urbanos baixo a senda peonil e reposición no seu caso
- Reforzo da sinalización vertical e horizontal

2.2 ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

A orde de estudo non sinala unha estimación do custe da actuación ou do seu orzamento esperable. Non obstante, a redacción do proxecto realizouse baixo criterios de control orzamentario, sen detrimento na calidade dos materiais, procesos construtivos e dos diversos procedementos de control e supervisión do proxecto e da súa boa execución na obra.

3 FICHA DESCRITIVA

A Ficha Descritiva do proxecto, redactada segundo as directrices do Anexo I da devandita orde de estudo, inclúese no Apéndice I deste anexo.

4 CONCLUSIÓN

Á vista dos apartados anteriores e tendo en conta os documentos que acompañan ese anexo, considérase que o presente proxecto construtivo dá cumprimento á orde de estudo emitida para a súa redacción.

APÉNDICE 1. FICHA DESCRITIVA

1 OBXECTO DA ACTUACIÓN

O obxecto do proxecto é na execución de sendas peonís, con posible compatibilidade co tránsito ciclista, en dous tramos da estrada AC552, entre os PK34+400-34+860 e 44+300-45+080, ao seu paso polo termo municipal do Concello de Coristanco..

2 PLAN DE ESTRADAS

A estrada AC-552 A Coruña (A Grela) – Cee (AC-550) pertence á Rede Primaria Básica da Xunta de Galicia.

3 DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS

As actuacións contempladas no presente proxecto consisten en:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

- Acondicionamento da curva existente e mellora da seguridade viaria
- Implantación de senda peonil continua mediante a renovación e mellora das beirarrúas e espazos existentes.
- Estendido de servizos urbanos baixo a senda peonil e reposición no seu caso
- Implantación de senda peonil continua de nova execución
- Integración de elementos patrimoniais existentes no entorno da senda peonil
- Reforzo da sinalización vertical e horizontal

TREITO 2 PK. 44+300 - 45+080

- Implantación de senda peonil continua de nova execución
- Ampliación mediante voladizo da estrutura de paso sobre o Río Calvar
- Estendido de servizos urbanos baixo a senda peonil e reposición no seu caso
- Reforzo da sinalización vertical e horizontal

4 CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Desenvolveranse varias actuacións puntuais, que se describen a continuación:

Treito I: entre os PK 34+400, final da senda Carballo – Bértoa, e o PK 34+860, inicio da beirarrúa próxima aos arredores do Centro Comercial Carrefour, pola marxe esquerda da estrada, estendendo deste xeito a actuación ata o PK 34+860. Neste treito xa existen zonas con beirarrúas, polo que existirán zonas de senda de nova execución e outras nas que hai que renovar e/ou ampliar a beirarrúa existente, eliminar obstáculos, etc., de xeito que se acade un itinerario continuo accesible. Por outra parte, coa finalidade mellorar a seguridade viaria proxectase unha leve rectificación da curva existente ao longo deste treito.

Deste xeito, entre os PK 34+400 a 34+570 proxectase a renovación e ampliación das beirarrúas actuais, cun ancho variable e superior aos 2,00 m e segundo os criterios da OC4/2017. A continuación, entre os PK34+570 e 34+630 proxectase a renovación das beirarrúas existentes mediante un pavimento de formigón con acabado en árido visto coa finalidade de mellorar a integración do itinerario peonil cos elementos catalogados do entorno e cun ancho mínimo de 2,00 m. Entre os PK 34+630 e 34+730 realizase o acondicionamento da curva existente, o que implica o incremento do seu radio e o retranqueo do muro de pedra actual, xunto coa implantación dunha senda peonil de 2,00 m de ancho e segundo os criterios da OC 4/2017. Logo, entre o PK 34+730 e 34+860 proporcionase continuidade ao itinerario peonil mediante unha senda peonil de 2,00 m de acho, que pola configuración do terreo terá que apoiarse sobre un murete de escolleira. Por último, entre o PK34+860 e 34+960 proxectase a renovación das beirarrúas existentes mediante a súa adaptación aos criterios da OC 4/2017 e cun ancho de 2,00 m.

Treito II: entre os PK 44+300, final das beirarrúas de Bormoio, e o PK 45+080, punto de acceso ao Cemiterio de Agrillos, pola marxe dereita da estrada. Neste treito é necesaria a ampliación da estrutura de paso sobre o Río Calvar.

Deste xeito, entre os PK44+350 e 44+530 proxectase a implantación dunha senda peonil de ancho variable, cun mínimo de 2,00 m, segundo os criterios da OC 4/2017. A continuación, entre os PK44+530 e 44+620, e debido aos condicionantes de espazo existentes para a ampliación da plataforma pola existenza dun noiro case que vertical, proporcionase continuidade ao itinerario peonil mediante unha beiravía transitable de ancho 1,50 m. Logo, entre os PK44+620 e 44+680 realizase o paso sobre o Río Calvar, para o cal proxectase un voladizo de formigón prefabricado para ampliar a estrutura de fábrica existente, proporcionando unha senda de 1,50 m de ancho. Posteriormente, entre os PK44+680 e 45+070 proxectase unha senda peonil de ancho 2,00 m segundo os criterios establecidos na OC 4/2017.

Como complemento ao anterior, leváranse a cabo outro tipo de traballos que permitirán mellorar as condicións actuais da estrada:

- Adecuación da sinalización vertical e horizontal á nova configuración da vía. Así, corrixíranse as marcas viais actuais en varios tramos, para impedir os xiros á esquerda e obrigar a que éstos se realicen nos novos lugares que se habilitarán para esta manobra.
- Retranqueo das sinais verticais que poidan resultar afectadas polas obras.
- Reposición de elementos de drenaxe e servizos afectados.

4.1 TRAZADO

Deste xeito, as actuacións proxectadas serán as seguintes:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

- Senda peonil
- Acondicionamento de curva

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

- Senda peonil

4.1.1 SENDAS PEONÍS. DESCRICIÓN DO TRAZADO

De xeito xeral, e dadas as características das sendas peonís proxectadas, non se realizan modificacións respecto do trazado en planta, en canto as aliñacións do eixo da estrada, e respecto ao trazado en alzado, mantendo a rasante existente.

4.1.1.1 TRAZADO EN PLANTA

O trazado en planta, en particular as aliñacións existentes no eixo da estrada AC552 nos dous Treitos (I e II) considerados mantense, xa que as sendas peonís proxectadas foron deseñadas seguindo a o bordo da plataforma xa existente, cunha ampliación alí onde sexa necesario.

Non obstante, hai que sinalar que no Treito I, alí onde se realiza o acondicionamento da curva, o trazado da senda peonil adaptase a este novo eixo.

4.1.1.2 TRAZADO EN ALZADO

Dadas as características da actuación, adaptadas á plataforma existente da estrada AC552, non se definiu un trazado en alzado para as sendas peonís, xa que a súa rasante estará ligada á existente na actualidade na estrada AC552.

Non obstante, hai que sinalar que no Treito I, alí onde se realiza o acondicionamento da curva, o trazado en alzado da senda peonil adaptase a este novo eixo, que por outra parte manterá o existente na actualidade na estrada AC552, xa que non se prevé ningún cambio na rasante por tratarse dunha ampliación da plataforma para a mellora do radio da curva actual.

4.1.2 ACONDICIONAMENTO DE CURVA. DESCRICIÓN DO TRAZADO

Coa finalidade de mellorar a seguridade viaria, proxectase no PK 34+625 o acondicionamento da curva existente no Treito I. Esta mellora local do trazado descríbese a continuación. Neste senso, só se fará referencia ao Treito I, xa que no Treito II mantense en todo momento a aliñación actual e non se realiza ningunha clase de modificación puntual do eixo da estrada AC-552.

Debido a necesidade de mellorar a seguridade viaria na curva existente no Treito I proxectase o acondicionamento da mesma mediante a mellora local do seu radio de curvatura.

Deste xeito, cando na actualidade a curva existente posúe un radio de xiro de 89 m, a mellora local proxectada permite acadar un radio de xiro de 150 m.

Esta mellora do trazado en planta só supón o incremento do radio de xiro da curva desde o PK 34+625 ata o PK 34+725, nunha lonxitude de 100 m, mantendo tanto o número de carrís como a anchura dos mesmos. Neste senso, o acondicionamento da curva supón unha ampliación da plataforma cara o interior da curva, coa finalidade de mellorar o seu radio de xiro.

No Anexo nº 9. Trazado recollense as principais características xeométricas do acondicionamento de curva no Treito I.

4.2 FIRMES E PAVIMENTOS

Os firmes e pavimentos empregados seguen os criterios definidos a continuación, cumprindo no caso das sendas peonís as recomendacións formuladas pola OC 4/2017.

TREITO I: 34+400 e 34+860

Neste primeiro treito considerase unha senda peonil continua empregando para iso as recomendacións recollidas nas devanditas ordes circulares. Deste xeito, considéranse os seguintes criterios:

- Empregarase un pavimento na senda peonil para uso mixto, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos puntos nos que poida existir circulación de vehículos para o acceso a vivendas, predios ou garaxes empregarase un pavimento cunha sección resistente axeitada e compatible con esta circulación, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos tramos de nova implantación da senda procurase empregar o ancho recomendado e que permita cumprir coa normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas vixentes.

- Nas zonas consolidadas pola edificación e nas que exista xa beirarrúa procurase que, aparte de proporcionar o ancho pertinente, a senda peonil dote de continuidade e unidade ao espazo público, polo que se estenderá ata o limite da aliñación, ben a fachada ou ben o peche da parcela.
- No entorno dos elementos patrimoniais catalogados empregarase un pavimento que permita unha mellor integración dos mesmos e da senda peonil no seu espazo de afección, este pavimento estará baseado nas recomendacións proporcionadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

No acondicionamento da curva existente, na cal será preciso a ampliación da plataforma existente, empregarase un paquete de firme axeitado e segundo o recollida na Norma 6.1 – I.C., considerando a carga de tráfico actual e prevista.

TREITO II: 44+300 e 45+080

Neste segundo treito considerase unha senda peonil, na que debido aos condicionantes existentes, e para permitir a súa continuidade será preciso empregar unha maior diversidade de solucións.

- De forma xeral empregarase un pavimento na senda peonil para uso mixto, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos puntos nos que poida existir circulación de vehículos para o acceso a vivendas, predios ou garaxes empregarase un pavimento cunha sección resistente axeitada e compatible con esta circulación, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos tramos de nova implantación da senda procurase empregar o ancho recomendado e que permita cumprir coa normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas vixentes.
- Nas zonas nas que a configuración da estrada e do seu entorno non sexa posible a implantación dunha sección axeitada, considerase a redución dos estándares coa finalidade de permitir un itinerario peonil cunha certa seguridade, empregando unha solución de beiravía transitable.

Na Ponte sobre o Río Calvar, na cal a senda peonil establecerase mediante un voladizo, o pavimento empregado estará integrado na propia estrutura, agás unha capa superficial para o tránsito peonil mediante tratamento epoxídico.

A continuación, descríbense as principais características dos firmes e pavimentos proxectados.

FIRME ESTRADA AC-552. ACONDICIONAMENTO DE CURVA

A definición do paquete de firme a executar na zona de acondicionamento da curva no .TREITO 1. : 34+400 e 34+860 estará baseada nas seccións de firme sinaladas na Norma 6.1 – IC “Secciones de Firme”, e que se establecen en función da explanada dispoñible e da categoría de tráfico pesado. O acondicionamento da curva realizarase entre os PK 34+590 e 34+730.

Deste xeito, tendo en conta a categoría de tráfico T2 e a explanada E2, e segundo as seccións de firme recomendadas na Norma 6.1 – IC, seleccionase o paquete de firme **221** formado por 25 cm de saburra artificial e 25 cm de mesturas bituminosas, sobre 25 cm de S-EST2, de tal xeito que a composición final será a seguinte:

SECCIÓN FIRME ESTRADA AC-552: ACONDICIONAMENTO DE CURVA		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Rodaxe	AC-16-SURF BC 50/70 S	5 cm
Intermedia	AC-22-BIN BC 50/70 S	5 cm
Base	AC-22-BASE BC 50/70 G	15 cm
Sub-base	Saburra artificial ZA-0/20	25 cm
Explanada	S-EST2	25 cm

Táboa 1. Sección Firme no acondicionamento de curva



Figura 1. Esquema da sección estrutural de firme no acondicionamento de curva

Entre estas capas aplicaranse os seguintes regos:

- Rego de adherencia: Emulsión asfáltica C60B3 TER en regos termoadherentes entre as distintas capas da mestura bituminosa (sobre as capas AC-32 BASE e AC-22 BIN)
- Rego de imprimación: Emulsión asfáltica C50BF4 en regos de imprimación sobre a capa de saburras.

Por outra parte, no acondicionamento da curva hai que considerar a presenza de dous situacións distintas: a área de ampliación da plataforma e a área de transformación da sección na plataforma actual. No caso da ampliación da plataforma executarase o paquete de firmes completo, nas zonas de ampliación da plataforma, xunto coa zona de demolición (parte do carril interior) para facilitar a continuidade da plataforma. Por outra parte, nas áreas de transformación da sección, que se corresponde co resto da calzada ata o estacionamento da marxe dereita actual, realizarase un fresado das capas de rodadura e intermedia, aplicando só as capas intermedia e de rodadura do paquete de firmes definido, co obxectivo de dotas de continuidade ao firme e ademais axustar as transicións do peralte.

FIRME ESTRADA AC-552. PONTE SOBRE O RÍO CALVAR

A definición do paquete de firme a executar na zona da Ponte sobre o Río Calvar no .TREITO 2. : 44+300 e 45+080 estará baseada nas seccións de firme sinaladas na Norma 6.1 – IC “Secciones de Firme”, e que se establecen en función da explanada dispoñible e da categoría de tráfico pesado.

Deste xeito, tendo en conta a categoría de tráfico T32 e a explanada E1,dado que se situará sobre a peza de formigón a partir da que se formará o voladizo, e segundo as seccións de firme recomendadas na Norma 6.1 – IC, seleccionase a capa de mestura bituminosa do paquete de firme **3212** de 12 cm de mesturas bituminosas, de tal xeito que a composición será a que se reflicte na seguinte táboa:

SECCIÓN FIRME ESTRADA AC-552: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Rodaxe	AC-16-SURF BC 50/70 S	5 cm
Intermedia	AC-22-BIN BC 50/70 S	7 cm
Explanada	Soleira de formigón	60 cm

Táboa 2. Sección Firme na Ponte sobre o Río Calvar

SECCIÓN FIRME ESTRADA AC-552:
PONTE SOBRE O RÍO CALVAR



Rodaxe: AC-16-SURF BC 50/70 S (5 cm)
Intermedia: AC- 22-BIN BC 50/70 S (7 cm)

Explanada: Soleira de formigón (60 cm)

Figura 2. Esquema da sección estrutural de firme na Ponte sobre o Río Calvar

Entre estas capas aplicaranse os seguintes regos:

- Rego de adherencia: Emulsión asfáltica C60B3 TER en regos termoadherentes entre as distintas capas da mestura bituminosa (sobre as capas AC-16 BIN)
- Rego de imprimación: Emulsión asfáltica C50BF4 en regos de imprimación sobre a soleira de formigón.

CRUCES DE CALZADAS

Nos cruces de calzadas nos que pola continuidade das redes de servizo asociadas á senda peonil sexa preciso demoler e escavar a sección de firme actual, reporase o paquete de firmes segundo a seguinte sección:

SECCIÓN FIRME EN CRUCES DE CALZADA		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Rodaxe	AC-16-SURF BC 50/70 S	5 cm
Intermedia	AC-22-BIN BC 50/70 S	5 cm
Base	Saburra artificial ZA-0/32	25 cm

Táboa 3. Sección de firme en cruces de calzada

SECCIÓN FIRME EN CRUCES DE CALZADA



Rodaxe: AC-16-SURF BC 50/70 S (5 cm)
Intermedia: AC-22-BIN BC 50/70 S (5 cm)

Base: Saburra artificial ZA-0/20 (25 cm)

Figura 3. Esquema da sección estrutural de firme en cruces de calzadas

A sección de firme empregada nos cruces calzada e reflectida na anterior táboa realizarase previo fresado e escavación do firme actual, no ancho preciso para a implantación das canalizacións dos servizos urbanos. Unha vez executado o tendido destes servizos, realizarase a reposición dos firmes.

SENDA PEONIL MIXTA (USO MIXTO NON DEPORTIVO)

A definición da senda peonil realizase a partir das recomendacións contidas nas normativas devanditas e tendo en conta as distintas especificacións recollidas no manual *Caminos Naturales. Manual de aspectos constructivos. 6. Normalización de aspectos constructivos*, del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (MAPAMA), naqueles aspectos non definidos nas ordes circulares e recomendacións da Axencia Galega de Infraestruturas en canto a Mobilidade Sustentable.

Deste xeito, a sección estrutural do pavimento para senda peonil mixta será a sinalada na seguinte táboa e no esquema a continuación:

SECCIÓN SENDA PEONIL MIXTA (PEONIL + CICLISTA)		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Formigón HF-3,5 con cemento con baixa calor de hidratación, de cor terrizo	16 cm
Explanada	Solo adecuado CBR≥10	20 cm

Táboa 4. Sección Senda Peonil Mixta

Figura 4. Sección Senda Peonil Mixta. Esquema

Respecto do acabado, tal e como se sinala nas correspondentes ordes circulares devanditas considerase un formigón coloreado en central de cor terrizo, a cal pode ser proporcionada polo pigmento Bayferrox 960, ou semellante, cunha dosificación que deberá ser do 3,5% sobre o peso do cemento.

Por outra parte, e segundo o sinalado nas correspondentes ordes circulares, colocarase un bordo de formigón prefabricado, de dimensións 100x22x15 cm, en zonas urbanas ou asimilables a urbanas que delimite a senda peonil con respecto da calzada e a eleve uns 10 cm sobre a rasante da anterior, de tal xeito que o bordo quede embebido uns 5 cm.

A sección transversal do bordo a empregar será a amosada na seguinte figura:



Figura 5. Sección Transversal do Bordo

No bordo da senda plasmarase o logotipo de Sendas de Galicia, segundo a imaxe adxunta, que deberá estar centrada respecto dunha lonxitude de 2 metros como máximo (equivalentes a dúas pezas prefabricadas). Este logotipo fixarase pintado mediante o emprego dunha pintura plástica en frío de dous compoñentes, ou pintura para marcas viais prefabricada tal e como determina o PG-3. A tipografía das letras será TW Cen Mt Condensed Extra Bold. En todo caso, o logotipo é a súa aplicación realizarase segundo o descrito na OC 4/2017.

Figura 6. Logotipo a engadir nos bordos da Senda Peonil

SENDA PEONIL EN ZONA DE ACCESO A PROPIEDADES

En zonas de acceso a propiedades ao longo da Senda Peonil Mixta, e nas que sexa posible o tránsito de vehículos, considerase preciso a inclusión dun mallazo 20x20x6 mm, que neste caso terá función estrutural e non unicamente para reducir a retracción.

Ademais, a cor da senda peonil nestes puntos será gris formigón, tal e como se amosa na seguinte imaxe:

Figura 7. Cor de referencia nas zonas de acceso a propiedades

Por outra banda, nestes puntos nos cales é agardable un tránsito de vehículos accedendo as súas propiedades, considerase preciso que o bordo sexa remontable, coa finalidade de facilitar o acceso.

As restantes características da sección estrutural do pavimento nestas zonas de acceso a propiedades serán as mesmas que as descritas para a Senda Peonil, agás no que respecta á inclusión do mallazo e a cor.

SENDA PEONIL. ENTORNO PATRIMONIO CATALOGADO (PK 34+570 a 34+630)

No Treito 1: PK 34+400 e 34+860 e no entorno dos elementos catalogados do Patrimonio Cultural, en concreto entre os PK 34+570 e 34+630, coa finalidade de mellorar a integración dos mesmos e da propia senda peonil no seu contorno de afección, empregarase un pavimento de formigón lavado con árido visto, en vez do pavimento de formigón de cor terrizo.

As características deste pavimento serán, en xeral, respecto da súa sección estrutural as mesmas que para os restantes tramos de senda peonil.

SECCIÓN SENDA PEONIL MIXTA (ENTORNO PATRIMONIO CATALOGADO)		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Formigón HF-3,5 con acabado árido visto desactivado	16 cm
Explanada	Solo adecuado CBR≥10	20 cm

Táboa 5. Sección Senda Peonil Mixta no entorno do Patrimonio Cultural Catalogado

SECCIÓN SENDA PEONIL
ENTORNO ELEMENTOS PATRIMONIO



Figura 8. Sección Senda Peonil Mixta no entorno do Patrimonio Cultural Catalogado. Esquema

En todo caso, a definición final deste pavimento atenderá ás recomendacións proporcionadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

No caso das entradas e accesos a propiedades privadas no entorno do Patrimonio Cultural catalogado empregarase esta mesma sección estrutural do firme.

BEIRAVÍA TRANSITABLE

No Treito 2: PK 44+300 e 45+080, entre os PK . 44+535 e 45+615, a continuidade do itinerario peonil está condicionado pola falta de espazo para a ampliación da plataforma, xa que na marxe pola que discorre a senda peonil prodúcese un estreitamento, no que ademais as posibilidades de ampliación atópanse moi limitadas pola configuración do noiro existente e as propiedades situadas na súa testa.

Deste xeito, neste tramo proxectase empregar a beiravía existente como senda peonil, para o cal considerase axeitado dispor dun pavimento diferenciador e que, ao mesmo tempo, permita unha textura axeitada para o tránsito peonil. Polo tanto, considerase a disposición dun tratamento de pavimento epoxídico de 1,5 mm de espesor tipo COMPODUR URBANO ou equivalente. sobre a base da beiravía existente, segundo a sección reflectida na seguinte táboa:

SECCIÓN BEIRAVÍA TRANSITABLE		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Tratamento epoxídico tipo COMPODUR URBANO ou equivalente	1,5 mm
Explanada - Base	Beiravía de formigón actual	20 cm

Táboa 6. Sección Senda en Beiravía Transitable

SECCIÓN BEIRAVÍA TRANSITABLE

Figura 9. Sección Beiravía Transitable. Esquema

Por outra parte, e para reducir a perigosidade neste treito colocaranse as correspondentes balizas e protecciónss dos peóns, segundo o *Anexo nº 15. Sinalización, Balizamento e Defensas*.

SENDA SOBRE VOLADIZO: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR

Na Ponte sobre o Río Calvar, onde a solución proposta considera a inclusión dun voladizo de formigón, coa finalidade de proporcionar o espazo necesario para incorporar unha senda peonil á infraestrutura xa existente. Dado que o propio voladizo de formigón xa actúa como parte da sección estrutural do pavimento, unicamente considerase preciso a incorporación dunha capa superficial que permita a súa diferenciación, ademais de proporcionar a textura axeitada para o tránsito peonil.

Deste xeito, no treito da senda peonil sobre a estrutura en voladizo aplicarase un pavimento epoxídico de 1,5 mm de espesor tipo COMPODUR URBANO ou equivalente.

SECCIÓN SENDA SOBRE VOLADIZO: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Tratamento epoxídico tipo COMPODUR URBANO ou equivalente	1,5 mm
Explanada - Base	Estrutura de formigón armado	25 cm

Táboa 7. Sección Senda sobre voladizo: Ponte sobre o Río Calvar

SECCIÓN SENDA SOBRE VOLADIZO:
PONTE SOBRE O RÍO CALVAR



Figura 10. Sección Senda sobre voladizo: Ponte sobre o Río Calvar. Esquema

RAMPLAS E VAOS

Atendendo ao sinalado tanto nas OC 4/2017 e 4/2016, xunto coa lexislación e normativa vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, nas zonas de cruce da senda peonil

con outras estradas, pistas ou camiño, empregarase un pavimento de textura e cor diferente ao do itinerario peonil principal, preferentemente de tipo táctil e indicador de advertencia ou proximidade ao punto de perigo.

Deste xeito, nas proximidades de cruce da senda peonil con outras calzadas transversais proxectase un pavimento táctil indicador mediante baldosas con tratamento superficial a base de botóns de forma troncocónica e de altura máxima 5 mm dispostos en retícula ordenada de 30x30 cm. Estas baldosas serán dispostas mediante franxas en sentido transversal ao da marcha e de 80/120 cm de ancho para a sinalización de cruces con outras calzadas e a disposición de pasos de peóns, de tal xeito que contrasten tanto na súa superficie e rugosidade como na súa cromática co resto do pavimento da senda peonil, permitindo que as persoas con diversidade funcional detecten a existencia dun punto de perigo.

Baixo as baldosas táctiles disporase unha base de formigón en masa HM-20/P/20/I de 10 cm de espesor e unha sub-base de saburra artificial ZA – 0/32 de 25 cm de espesor.

SECCIÓN SENDA SOBRE VOLADIZO: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Baldosas hidráulicas de botóns	5 cm
Base	Formigón en masa HM – 20/P/20/I	20 cm
Sub-base	Saburra artificial ZA-0/32	25 cm
Explanada	Solo adecuado CBR≥10	20 cm

Táboa 8. Sección Senda en ramplas e vaos peonís



Figura 11. Esquema de pavimento de textura e cor diferenciada en cruce de vías

Ao mesmo tempo, nos puntos de cruce con outras calzadas transversais e atendendo á normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas vixente na actualidade disporase de vaos peonís, sobre todo no acceso a pasos de peóns de existir, e de tal xeito que a elevación entre a senda peonil e a calzada sexa a mínima posible, permitindo a continuidade do itinerario peonil sen desniveis significativos.

4.3 ESTRUTURAS

A implantación dos distintos tramos de sendas peonís precisará da construción de dous tipos de estrutura: un voladizo para resolver o paso na Ponte sobre o Río Calvar e de pequenos muros de escolleira, cunha altura máxima de 1,50 m para aquelas zonas nas que sexa necesario un recheo e non se estime oportuno o estendido dun noiro cunha certa anchura que poida ocupar o terreo máis alá do dominio público viario.

VOLADIZO NA PONTE SOBRE O RÍO CALVAR

O paso da senda peonil sobre a Ponte do Río Calvar, entre os PK 44+620 e PK 44+680 precisa dunha solución que permita a ampliación da estrutura existente, xa que non existe espazo para a reorganización da sección e a implantación da senda peonil en condicións de seguridade e comodidade. Dada esta situación, deseñase unha ampliación en voladizo da Ponte sobre o Río Calvar coa finalidade de implantar a senda peonil.

Esta ampliación en voladizo da Ponte sobre o Río Calvar deseñase mediante unha estrutura de formigón de 2,50 m de ancho total e espesor de 0,60 m, dos cales 1,50 m serán transitable, e disporase un peitoril metálico para a separación do tráfico rodado e unha varanda de protección fronte ao desnivel existente.

A estabilidade do voladizo acadase mediante unha zapata baixo a calzada actual que actuará de contrapeso, dado que non se consideran axeitadas outras solucións como o ancoraxe sobre a estrutura de mamposteria actual. Esta zapata de estabilización terá unhas dimensións de 3,00 m de longo e un canto de 0,45 m, xunto cun muro de 0,15 m de altura sobre a zapata e 0,60 m de ancho, para permitir a disposición do aglomerado sobre a estrutura.

Tendo en conta as características da estrutura existente, e para facilitar a execución do voladizo esta estrutura deseñase a partir dun prefabricado de formigón (prelousa) que actúa de encofrado colaborante . Esta prelousa apoiarase sobre o taboleiro da estrutura existente, e conta con xanelas para permitir a ancoraxe posterior da ampliación ao taboleiro.



Figura 12. Esquema da ampliación en voladizo



Figura 13. Esquema da estrutura da ampliación en voladizo

Por outra parte, e para evitar a transmisión das cargas do voladizo sobre a estrutura actual de pedra deseñase unha xunta de porexpan entre o último sillar e a prelousa. Este último sillar deberase recortar para permitir a colocación do voladizo sen afectar á rasante actual da ponte.

O pavimento transitable no voladizo será de natureza epoxídica cun espesor de 8 mm e cunha pendente transversal do 1 % cara o exterior do voladizo, de tal xeito que a escorrega dirixase cara os sumidoiros. No trasdós da estrutura executarase un sistema de impermeabilización e drenaxe composto por pintura impermeabilizante, unha lámina drenante e un tubo dren.

MURO DE ESCOLLEIRA

Nas zonas de terraplén e co obxectivo de reducir a súa dimensión para non sobrepasar a liña de dominio público viario considerase o apoio da senda peonil sobre un muro de sostemento de escolleira. Estes muros realizaranse con escolleira granítica de bloques de 300 – 1.000 kg cun ancho en coroación de 0,50 m e unha altura máxima de 1,50 m. Este muro estará apoiado sobre unha cimentación de escolleira e formigón HM-20 de 1,50 m de ancho e 1,50 m de canto.



Figura 14. Muro de escolleira de apoio da senda

4.4 DRENAXE

Nos seguintes apartados describese de xeito resumido as actuacións deseñadas para a correcta drenaxe das sendas peonís proxectadas. No Anexo nº 12. Drenaxe desenvolvese de forma detallada estes aspectos.

4.4.1 DRENAXE LONXITUDINAL

A drenaxe lonxitudinal consiste no conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que poidan ser evacuadas, de xeito que non causen danos superiores aos permitidos á estrutura do firme.

As consideracións básicas a considerar respecto da drenaxe lonxitudinal son as seguintes

- O período de retorno que se considera para o cálculo de caudais é de 25 anos segundo a Instrución 5.2- IC "Drenaxe Superficial".
- O elemento principal de condución e recollida da auga son o bordo e o sumidoiro.
- Unha vez recollidas as augas superficiais da plataforma, condúcense á propia rede de augas pluviais por medio de sumidoiros, arquetas, colectores e pozos de rexistro, para posteriormente verter ao terreo naqueles puntos onde sexa posible. Evitarase, na medida do posible, achegar as augas pluviais á rede de saneamento existente.
- A máxima velocidade admisible da auga en colectores de PVC será de 6,0 m/s, mentres que a mínima non deberá ser inferior a 0,6 m/s, de acordo con a Instrución Técnica para Obras Hidráulicas en Galicia – Saneamento.

Tendo en conta os requirimentos de evacuación das augas pluviais que precisa a implantación de sendas peonís nos ambos treitos contemplados neste proxecto e os condicionantes urbanísticos e funcionais existentes deseñouse unha rede de drenaxe lonxitudinal que permitise a correcta xestión da escorrega superficial.

Deste xeito, as actuacións proxectadas respecto da drenaxe lonxitudinal son as seguintes:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

- 2 colectores de diámetro 400 mm
- 14 pozos de rexistro, dos cales 8 son en substitución das arquetas existentes na actualidade
- 14 embornais, dos cales 8 son de renovación dos existentes

TREITO 2 PK. 44+300 - 45+080

- 4 colectores de diámetro 400 mm
- 27 pozos de rexistro
- 28 embornais, dos cales 5 son de renovación dos existentes

4.4.2 DRENAXE TRANSVERSAL

Por outra parte, será preciso ter en conta aqueles puntos nos que, polas necesidades construtivas e hidráulicas, realizarase a descarga ou desaugue dos elementos de drenaxe lonxitudinal ao terreo adxacente ou as redes de pluviais e saneamento existentes. Polo tanto, disporase de diversos puntos de desaugue a leitos naturais e/ou redes de pluviais.

5 PRINCIPAIS UNIDADES DE OBRA

TRABALLOS PREVIOS E MOVEMENTOS DE TERRAS	
Escavación en caixa en terreo sen clasificar	14.482,24 €
Demolición por medios mecánicos de firme bituminoso	9.747,96 €
Recheo con material granular sen clasificar	9.668,19 €
FIRMES E PAVIMENTOS	
Pavimento de formigón tipo senda (OC 4/2017) HF-3.5	32.778,88 €
Formigón HF-3.5	25.036,03 €
Betume asfáltico B 50/70	22.157,60 €
Bordo tipo senda prefabricado segundo OC 4/2017	19.064,14 €
Formigón bituminoso en quente AC 22 base 50/70 G	13.376,28 €
Pavimento de formigón tipo senda acabado árido visto HF-3.5	7.576,71 €
DRENAXE	
Tubo de PVC corrugado Ø= 400 mm doble pared SN-8	52.122,13 €
Pozo de rexistro Ø=1000 mm para tubos hasta Ø=600	19.022,19 €
Rígola prefabricada de ancho 30 cm	13.543,23 €
ESTRUTURAS	
Formigón HM-20	18.292,40 €
Prelousa de formigón ata e=8cm	17.481,24 €
Formigón HA-25 en cimentaciones	11.182,98 €
Aceiro corrugado B 500 S	6.824,18 €
SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS	
Peitoril urbano N1, W2, A, VI2	27.093,23 €
Varanda peonil	13.692,87 €
OBRAS COMPLEMENTARIAS	
Traslado e reconstrución de muro de mampostería	27.806,10 €
SEGURIDADE E SAÚDE	
Seguridade e Saúde	16.237,00 €
XESTIÓN DE RESIDUOS	
Xestión de Residuos	20.046,37 €

Táboa 1. Principais Unidades de Obra

6 POBOACIÓN SERVIDA

CONCELLO	POBOACIÓN
Coristanco	6.074 (ano 2019)

Táboa 9. Poboación servida

7 CONCELLOS AFECTADOS

As obras contidas no presente proxecto desenvólvense integramente no Concello de Coristanco (A Coruña).

8 EXPROPIACIÓNS

No Anexo nº 21; "Expropiacións" analízanse os terreos que son necesarios expropiar para a execución das obras, incluíndo unha estimación do custo de expropiación que se incluirá no Orzamento para Coñecemento da Administración. Do total de parcelas afectadas:

- 5 parcelas afectadas no concello de Coristanco

En ningún caso pretende este documento substituír aos que elabore a administración, en base a mellor documentación de titularidade parcelaria e valoración do solo.

De acordo con o artigo 21 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Chan e Rehabilitación Urbana, as parcelas a expropiar atópanse todas na situación básica de SOLO RURAL, agás unha pequena superficie dunha parcela que correspóndense coa situación básica de SOLO URBANIZADO.

VALORACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS	SUPERFICIE (m^2)	VALORACIÓN (€)
Expropiación	465,671	4.656,75
Bens afectados	0,00	0,00
TOTAL superficies e bens afectados	465,671	4.656,75
Premio de afección (5%)		232,84
TOTAL expropiacións e indemnizacións		4.889,59

Con todo, obtense a valoración total das EXPROPIACIÓNS a ter en conta para o Orzamento para Coñecemento da Administración que ascende a CATRO MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.889,59€)

9 SERVIZOS AFECTADOS

No Anexo nº 22. Reposición de Servizos realizase un estudo co obxecto de establecer unha valoración axeitada dos servizos que se verán afectados pola execución das obras correspondentes ao presente proxecto, tendo en conta que se levou a cabo o deseño do mesmo de tal xeito que a afección aos servizos existentes fora a mínima posible.

A continuación sinálanse os servizos afectados identificados e a súa valoración segundo a súa clasificación respecto da xestión das redes de servizos e a súa inclusión no orzamento de execución material ou para coñecemento da administración.

Deste xeito, e tras a revisión en campo e cartográfica, respecto dos ***Servizos Afectados xestionados pola Administración Pública*** identificáronse as seguintes afeccións respecto desta clase de servizos:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

No Treito 1 identificáronse os seguintes elementos:

- 3 pozos de rexistro pluviais
- 6 arquetas de rexistro pluviais
- 6 acometidas do abastecemento

No caso dos pozos e das arquetas de rexistro pluviais considerase a súa substitución nunha nova rede, polo que non se trata en esencia dunha reposición do servizo.

TREITO 2 PK. 44+300 - 45+080

No Treito 2 non se identificou ningún elemento da rede a repoñer, agás 1 pozo de rexistro e catro embornais, que serán renovados.

Dentro do orzamento de execución material do proxecto engadiuse a valoración da reposición dos seguintes servizos afectados.

ESTIMACIÓN ECONÓMICA REPOSICIÓNS CICLO DA AUGA				
TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860				
Concepto	Ud	Med	Precio	Importe
Recrecido de pozos ou arquetas para acometidas de abastecemento	ud	6	84,02	**514,20 €**
Posta a cota de pozos de saneamento	ud	5	126,79	**633,95**

Táboa 10. Valoración da Reposición de Servizos Afectados do Ciclo da Auga

Respecto dos ***Servizos Afectados xestionados por empresas privadas*** identificáronse as seguintes afeccións respecto desta clase de servizos.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

No Treito 1 identificase a seguinte afección a redes eléctricas.

- Retranqueo de 1 poste eléctrico e as súas conexións aéreas
- 3 recrecidos de arquetas eléctricas/alumeado público/

TREITO 2 PK. 44+300 - 45+080

No Treito 2 non se identifica ningunha afección a redes eléctricas.

Dentro do orzamento de para coñecemento da administración do proxecto engadiuse a valoración da reposición dos seguintes servizos afectados.

ESTIMACIÓN ECONÓMICA REPOSICIÓNS LIÑAS ELÉCTRICAS				
TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860				
Concepto	Ud	Med	Prezo	Importe
Retranqueo de poste eléctrico	ud	1	350,00	350,00 €
Cable liña aérea	m	110	19,40	2.134,00 €
Recrecido de arquetas eléctricas/alumeado público	ud	3	84,02	252,06 €
TOTAL				**2.736,06 €**

Táboa 11. Valoración da Reposición de Servizos Afectados de Subministro Eléctrico

10 PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución das obras é de OITO (8) MESES.

11 ORZAMENTOS

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	690.849,96 €
EXPROPIACIÓNS	4.889,59 €
REPOSICIÓN DE SERVICIOS AFECTADOS (COMPAÑIAS)	2.736,06 €
PLAN DE VIXILANCIA AMBIENTAL	6.400,00 €
PLAN DE VIXILANCIA PATRIMONIAL	1.000,00 €
CONTROL DE CALIDADE	10.097,10 €
ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN	**715.972,71 €**

Táboa 12. Orzamento para Coñecemento da Administración

Ascende o ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN a SETECENTOS QUINCE MIL NOVECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E ÚN CÉNTIMOS (715.972,71 €).

12 DISTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO POR CONCELLOS E ESTRADAS

Considerando que segundo o recollido en apartados anteriores todas as actuacións proxectadas localízanse no termo municipal do Concello de Coristanco e na estrada AC-552, a distribución do orzamento corresponde ao 100 % a ambos ámbitos.

13 COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS

A coordinación con outras Administracións e Entidades con intereses ou competencias no ámbito de actuación das Sendas na AC-552, treitos: 34+400-34+860 e 44+300-45+080, realizouse mediante un procedemento de reunións e comunicacións con responsables municipais, das Administracións Públicas e doutras entidades, coa finalidade de solicitar a información precisa para a redacción do proxecto e a coordinación das actuacións.

As Administracións Públicas e entidades coas que se mantiveron reunións ou se realizaron tramitacións ou consultas se listan a continuación:

- Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Xefatura Territorial da Coruña. Servizo de Xestión Cultural.
- Xunta de Galicia. Augas de Galicia. Delegación Provincial de A Coruña.
- Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Servizo Provincial de Conservación da Natureza de A Coruña.
- Concello de Coristanco. Alcaldía e Concellería de Infraestruturas, Obras, Urbanismo e Medio Ambiente.

En todas as reunións mantidas solicitouse distinta información que foi integrada na redacción do proxecto.

Ademais, realizáronse as pertinentes comunicacións coas empresas subministradoras ou xestoras dos servizos, coa finalidade de determinar as afeccións existentes e as reposicións necesarias.

14 LOCALIZACIÓN E SECCIÓNS TIPO

As actuacións comprendidas no presente proxecto consisten na execución de sendas peonís, con posible compatibilidade co tránsito ciclista, en dous tramos da estrada AC552 ao seu paso polo termo municipal de Coristanco.

As obras localízanse na estrada AC552 no Concello de Coristanco, divididas en dous treitos:

- TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860
- TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

O TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860 localizase no núcleo de Montecelo (Coristanco), proporcionando continuidade á senda Carballo – Bértoa xa proxectada e continuando ao longo da marxe esquerda da estrada AC552 ata a beirarrúa existente no entorno do Centro Comercial Carrefour e a súa glorieta de acceso. Hai que sinalar que durante a redacción do proxecto decidiuse extender a senda peonil ata o PK 34+960 coa finalidade de dotar de continuidade e homoxeneidade ao itinerario no acceso ao Centro Comercial Carrefour. Neste Treito I ademais proxectase o acondicionamento da curva existente, procurando a mellora da súa seguridade e visibilidade.

O TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080 localizase no núcleo de Bormoio, proporcionando continuidade ás beirarrúas existentes no mesmo ata a vía de acceso ao Cemiterio de Agrillos, e atravesando no seu percorrido sobre a ponte do Río Calvar.

Na seguinte imaxe amosase a localización de ambos treitos dentro do Concello de Coristanco:



Figura 15. Localización dos treitos da actuación

A continuación, recóllense as distintas seccións tipo transversais definidas.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Respecto ás seccións tipo transversais no Treito I defiríronse cinco (5) tipoloxías segundo o entorno e os condicionantes existentes.

STI.1. SECCIÓN TIPO I.1. BEIRARRÚAS EN ZONA EDIFICADA (PK 34+400 a 34+570)

A sección STI.1. BEIRARRÚAS empregarase nas zonas nas que existen na actualidade beirarrúas en entorno edificado, renovando a súa tipoloxía polo modelo de senda peonil establecido nas devanditas ordes circulares. Esta sección tipo mantén o estacionamento existente para a partir do bordo implantar a senda peonil ata o límite do parcelario de titularidade pública.

Dentro desta sección tipolóxica considerase unha variación no pavimento naqueles casos nos que se permita o acceso dos vehículos ás parcelas lindeiras, reforzando o sección estrutural cun mallazo, tal e como se define no Anexo nº 11. Firmes e Pavimentos.



ST.I.1 - BEIRARRÚAS EN ZONA EDIFICADA (SENDA s/OC 4/2017)
(P.K. 34+400 - 34+570)

Figura 16. Sección Tipo ST.I.1. Beirarrúas en Zona Edificada. Senda



ST.I.1 - BEIRARRÚAS EN ZONA EDIFICADA (SENDA ARMADA)
(P.K. 34+400 - 34+570)

Figura 17. Sección Tipo ST.I.1. Beirarrúas en Zona Edificada. Senda Armada

STI.2. SECCIÓN TIPO I.2. ENTORNO ELEMENTOS PATRIMONIAIS (PK 34+570 a 34+630)

A sección STI.2. ENTORNO ELEMENTOS PATRIMONIAIS empregarase no entorno dos elementos catalogadas como Patrimonio Cultural, renovando a beirarrúa existente, pero mediante un pavimento de formigón con árido visto, sen contar con estacionamento e mantendo unha beiravía de 1 m de ancho.

Dentro desta sección tipo existen unha subseccións, na que na súa zona inicial e para facilitar a transición entre a tipoloxía anterior mantense o estacionamento.



ST.I.2 - SENDA ENTORNO ELEMENTOS CATALOGADOS
(P.K. 34+570 - 34+630)

Figura 18. Sección Tipo ST.I.2. Entorno Elementos Patrimoniais con estacionamento

*A sección sen estacionamento será igual contando cunha beiravía de 1,00 m en vez do aparcamento

STI.3. SECCIÓN TIPO I.3. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE (PK 34+630 a 34+700)

A sección STI.3. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE empregarase no acondicionamento da curva considerada neste treito e ao longo do muro de peche de pedra que será retranqueado e trasladado. A tipoloxía é a definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, o contacto entre a senda peonil e o muro de pedra realizarase mediante unha banda de lastro de granito de 10 cm.



ST.I.3 - NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE
(P.K. 34+630 - 34+730)

Figura 19. Sección Tipo ST.I.3. Nova implantación muro de peche

STI.4. SECCIÓN TIPO I.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO (PK 34+730 a 34+860)

A sección STI.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO empregarase no último parte deste treito, segundo a tipoloxía definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, e dado que hai unha notable diferencia de cota entre a plataforma da estrada e o terreo natural, considerase a necesidade de empregar un pequeno muro de pedra para reducir o noiro resultante.



ST.I.4 - NOVA IMPLANTACIÓN (MURO DE ESCOLLEIRA)
(P.K. 34+730 - 34+860)

Figura 20. Sección Tipo ST.I.4. Nova implantación solo rústico

STI.5. SECCIÓN TIPO I.5. BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA (PK 34+860 a 34+960)

A sección STI.5. BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA empregarase na extensión deste treito ata a glorieta de acceso ao Centro Comercial Carrefour mediante a renovación das beirarrúas existentes nun entorno sen edificación e lindeiro co terreo rústico. Esta sección consiste na tipoloxía definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, e dado que nalgún punto inicial pode haber unha notable diferencia de cota entre a plataforma da estrada e o terreo natural, considerase a necesidade de empregar un pequeno muro de pedra para reducir o noiro resultante.



ST.I.5 - BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA (MURO DE ESCOLLEIRA)
(P.K. 34+860 - 34+960)

Figura 21. Sección Tipo ST.I.5. Beirarrúas en zona non edificada (muro de escolleira)



ST.I.5 - BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA (NOIRO)
(P.K. 34+860 - 34+960)

Figura 22. Sección Tipo ST.I.5. Beirarrúas en zona non edificada (noiro)

TREITO 2. PK . 44+300 - 45+080

Respecto ás seccións tipo transversais no Treito I definíronse catro (4) tipoloxías segundo o entorno e os condicionantes existentes.

STII.1. SECCIÓN TIPO II.1. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE (PK 44+350 a 44+530)

A sección STII.1. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE empregarase no primeiro tramo da senda peonil, no que na marxe dereita situase un muro de peche que delimita a plataforma existente. A tipoloxía é a definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando como separación coa calzada a cuneta de formigón existente na actualidade. Naqueles puntos onde sexa preciso pola presenza dun acceso a unha propiedade o pavimento da senda peonil será reforzado con mallazo.



ST.II.1 - NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE (P.K. 44+350 - 44+530)

Figura 23. Sección Tipo ST.II.1. Nova implantación muro de peche

STII.2. SECCIÓN TIPO II.2. BEIRAVÍA TRANSITABLE (PK 44+530 a 44+620)

A sección STII.2. BEIRAVÍA TRANSITABLE empregarase no tramo tras a anterior sección e ata a Ponte sobre o Río Calvar onde os condicionantes do entorno dificultan considerablemente a posibilidade de ampliación da plataforma pola presenza dun noiro practicamente vertical. Deste xeito, aproveitarase a cuneta existente de formigón como beiravía transitable, dotándoa do pavimento preciso e do balizamento que permita sinalizar a presenza de peóns. Esta cuneta poderá ser ampliada ata o pé do noiro alí onde sexa posible, intentando manter alúmenos unha anchura de 1,50 m.



ST.II.2 - BEIRAVÍA TRANSITABLE (P.K. 44+530 - 44+620)

Figura 24. Sección Tipo ST.II.2. Beiravía transitable

STII.3. SECCIÓN TIPO II.3. SENDA EN VOLADIZO (PK 44+620 a 44+680)

A sección STII.3. SENDA EN VOLADIZO empregarase no tramo que discorre apoiado na Ponte sobre o Río Calvar, a cal debe ser ampliada mediante un voladizo que permita a integración na plataforma do espazo preciso para a senda peonil. Este voladizo e a súa tipoloxía descríbese no Anexo 13. Estruturas.



ST.II.3 - SENDA EN VOLADIZO (P.K. 44+620 - 44+680)

Figura 25. Sección Tipo ST.II.3. Senda en voladizo

STII.4. SECCIÓN TIPO II.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO (PK 44+680 a 45+070)

A sección STI.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO empregarase no último parte deste treito, segundo a tipoloxía definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, e dado que nalgunha zona existe algunha diferencia de cota entre a plataforma da estrada e o terreo natural, considerase a necesidade de empregar un pequeno muro de pedra para reducir o noiro resultante.

Dentro desta sección tipolóxica considerase unha variación no pavimento naqueles casos nos que se permita o acceso dos vehículos ás parcelas lindeiras, reforzando o sección estrutural cun mallazo, tal e como se define no Anexo nº 11. Firmes e Pavimentos.



ST.II.4 - NOVA IMPLANTACIÓN EN SOLO RÚSTICO (MURO ESCOLLEIRA)
(P.K. 44+680 - 45+070)

Figura 26. Sección Tipo ST.II.4. Nova implantación solo rústico (Muro de escolleira)



ST.II.4 - NOVA IMPLANTACIÓN EN SOLO RÚSTICO (NOIRO VERDE)
(P.K. 44+680 - 45+070)

Figura 27. Sección Tipo ST.II.4. Nova implantación solo rústico (Noiro)

APÉNDICE 1. PLANO XERAL DA ACTUACIÓN EN PLANTA

ST.I.2 - ENTORNO ELEMENTOS DO PATRIMONIO

ST.I.1 - BEIRARRÚAS EN ZONA EDIFICADA

ST.I.3 - NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE

ST.I.4 - NOVA IMPLANTACIÓN

ST.I.5 - BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA

ST.I.3 - NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE
(P.K. 34+630 - 34+730)

ST.I.2 - SENDA ENTORNO ELEMENTOS CATALOGADOS
(P.K. 34+570 - 34+630)

ST.I.1 - BEIRARRÚAS EN ZONA EDIFICADA (SENDA s/OC 4/2017)
(P.K. 34+400 - 34+570)

ST.I.4 - NOVA IMPLANTACIÓN (MURO DE ESCOLLEIRA)
O tramo da senda que discorre entre os P.K. 34+400 e 34+860 situase na folla 44 do mapa de solos, mentres que o tramo que discorre entre os P.K. 44+300 e 45+080 situase na folla 69.

TREITO: 34+400 e 34+860

Os solos predominantes no ámbito deste treito correspóndense con solos desenvolvidos a partir da alteración das rochas básicas que conforman o substrato, e clasifícanse segundo o Mapa de Solos de Galicia como Cambisoles antri-ferrálicos e Umbrisoles antri-ferrálicos (con inclusións de Regosoles áricos e antrópicos, (34) como matriz con inclusións de Umbrisoles ferrálicos (con inclusións de Ferralsoles úmbricos e Umbrisoles andi-húmicos)(33).

Os Cambisoles antri-ferrálicos son chans menos evolucionados que os umbrisoles, están formados por arxilas con propiedades e cores (pardo ou avermellado, maioritariamente) diferentes aos do horizonte superior orgánico-mineral e da propia roca nai. Do mesmo xeito, os minerais do substrato rochoso comezan a transformarse noutros, aínda que a súa alteración a ún é escasa.

Pola súa parte, os Umbrisoles son chans órgano-minerais xoves que se desenvolven en rexións húmidas, frescas, principalmente montañosas, con pouco ou sen déficit de humidade do chan, trátase de chans relativamente profundos e xeralmente ben drenados, escuros, moi ricos en materia orgánica e en reacción aceda (pH baixo e pobres en nutrientes). Os Umbrisoles ferrálicos presentan unha alteración total dos minerais primarios (excepto o cuarzo); componse de arxilas e presentan un elevado contido en sesquióxidos, goethita (hematites) e gibbsita.



Figura 4. Extracto do mapa de solos 1:50.000. Folla 44 (Fonte: https://gaia.xunta.es/plataforma)

Para unha mellor comprensión do terreo preséntase a continuación un esquema hipsográfico da zona e a clasificación das pendentes segundo a FAO.



Figura 5. Esquema hipsográfico. Folla 44 (Fonte: https://gaia.xunta.es/plataforma)



Figura 6. Clases de Pendentes segundo a FAO. Folla 44 (Fonte: https://gaia.xunta.es/plataforma)

TREITO: 44+300 e 45+080

Os solos predominantes no ámbito deste treito correspóndense con solos de alteración desenvolvidos a partir dos xistos que conforman o substrato, e clasifícanse segundo o Mapa de Solos de Galicia como Umbrisoles ferrálicos e háplicos, (27) e como Cambisoles antri-ferrálicos/antri-dístricos e Umbrisoles antri-ferrálicos/ántricos (28).

Os Umbrisoles son solos órgano-minerais mozos que se desenvolven en rexións húmidas, frescas, principalmente montañosas, con pouco ou sen déficit de humidade do chan, trátase de solos relativamente profundos e xeralmente ben drenados, escuros, moi ricos en materia orgánica e en reacción aceda (pH baixo e pobres en nutrientes). Os Umbrisoles ferrálicos presentan unha alteración total dos minerais primarios (excepto o cuarzo); componse de arxilas e presentan un elevado contido en sesquióxidos, goethita (hematites) e gibbsita.

Os Cambisoles antri-ferrálicos son solos menos evolucionados que os umbrisoles, están formados por arxilas con propiedades e cores (pardo ou avermellado, maioritariamente) diferentes aos do horizonte superior orgánico-mineral e da propia roca nai. Do mesmo xeito, os minerais do substrato rochoso comezan a transformarse noutros, aínda que a súa alteración a ún é escasa.



Figura 7. Extracto do mapa de solos 1:50.000. Folla 69 (Fonte: https://gaia.xunta.es/plataforma)

Para unha mellor comprensión do terreo preséntase a continuación un esquema hipsográfico da zona e a clasificación das pendentes segundo a FAO.



Figura 8. Esquema hipsográfico. Folla 69 (Fonte: https://gaia.xunta.es/plataforma)



Figura 9. Clases de Pendentes segundo a FAO. Folla 69 (Fonte: https://gaia.xunta.es/plataforma)

4 HIDROXEOLOXÍA

O tramo da senda que discorre entre os P.K. 34+400 e 34+860 situase na folla 44 do MAGNA 50, mentres que o tramo que discorre entre os P.K. 44+300 e 45+080 situase na folla 69.

TREITO: 34+400 e 34+860

A situación da Folla na área con maior índice de pluviosidade anual fai que o interese económico da hidroxeoloxía subterránea sexa mínimo. No entanto as súas posibilidades son escasas debido á baixa permeabilidade da litoloxía. As rocas metamórficas (serie de Ordenes). básicas e ultrabásicas non parecen presentar mantos produtivos en profundidade, mentres que as rocas granitoides é posible nalgúns casos que presenten mantos cativos profundos. Foron aproveitados diversos mananciais considerados mineromedicinais. No contacto das anfibolitas e gabros con metasedimentos existen surxencias aproveitadas segundo calicatas realizadas. A rede fluvial está reducida practicamente á do río Anllóns que discorre de E a O.

A consulta do mapa hidrolóxico asociado ao mapa xeotécnico a escala 1:200.000 amosa a existencia na zona máis concreta de actuación de zonas cun drenaxe deficiente, ocupadas pola auga temporalmente, como consecuencia da presencia de materias impermeables e semipermeables, tal e como se pode observar na seguinte imaxe.

Figura 10. Zonas ocupadas pola auga debido ao drenaxe deficiente

TREITO: 44+300 e 45+080

Tendo en conta a importancia climática da rexión, cun índice de pluviosidade media anual por encima dos 1.500 mm, cabe esperar pouca incidencia hidroxeolóxica, de todos os xeitos a litoloxía presenta escasas posibilidades para a formación de acuíferos. Distínguense os seguintes conxuntos de materiais:

- Granitoides e migmatitas, agás que se atopen fracturados e alterados, a súa permeabilidade é moi pequena. En todo caso os mantos acuíferos terían carácter local.
- Metasedimentos (xistos e gneises). Debido á baixa permeabilidade non presentan mantos acuíferos produtivos en profundidade.
- Rocas básicas e ultrabásicas, reúne condicións impermeables polo que se descartan como materiais formadores de acuíferos.
- Cuaternario, aínda que sexan sedimentos relativamente porosos; debido a o seu escaso desenvolvemento é de esperar mantos acuíferos locais e pouco produtivos.

A consulta do mapa hidrolóxico asociado ao mapa xeotécnico a escala 1:200.000 amosa a existencia na zona máis concreta de actuación de dúas situacións distintas entre o Leste e o Oeste do Río Calvar. Así, na parte Leste máis próxima ao núcleo de Agualada hai zonas de drenaxe deficiente, mentres que cara o Oeste do Río Calvar aparecen zonas de drenaxe aceptable, drenadas en superficie, e con presenza de materiais impermeables.

5 XEOTECNIA

As obras contempladas no presente documento só afectan os niveis máis superficiais do terreo, polo que co recoñecemento inicial destas terras téñense criterios suficientes para deseñar as cimentacións de pequena entidade que se proxectan.

5.1 ESTRUTURAS

Para os muros de pedra que se executan neste proxecto, que se describen no “Anexo Nº13: Estruturas”, considéranse os seguintes parámetros xeotécnicos.

Recheo compactado do trasdós de muro (material drenante):

- Ángulo de rozamento interno (f) = 30º-35º
- Ángulo paramento muro trasdós coa horizontal: (a) = 1H:3V (para muros maiores de 1m) ou 1H:10V (para muros de menos de 1 m)
- Ángulo de rozamento terreo muro: (d) = 20º
- Cohesión = 0 t/m2

- Densidade aparente (g) = 1.90 t/m3

5.2 NOIROS

A xeometría dos noiros será a seguinte:

- En desmonte: 1H:1V
- En terraplén: 3H:2V

5.3 EXPLANADA

Fixéronse as seguintes hipóteses:

- Supúxose que a explanada existente baixo a calzada, dentro do ámbito de actuación, ten unha categoría E2, o cal é razoable, tendo en conta a sección de firme existente.
- Naqueles puntos onde se actúa fóra dos límites da explanación da estrada actual, como pode ser nos ámbitos a partir PK 44+600, requirirá escavacións do terreo natural polo que se supuxo que o material existente tras o desmonte será adecuado, na contorna próxima da estrada, e a falta de estudo xeotécnico que puidese confirmalo. Para esta hipótese, será necesaria a achega de 35 cm. de chan seleccionado tipo 3 (CBR≥20), sobre o este material, para conseguir unha explanada E2 ou ben a súa mellora mediante tratamentos de tipo solo-cemento.

5.4 RISCOS XEOTÉCNICOS

A consulta do Mapa Xeotécnico 200.000 Folla 7. Santiago de Compostela, a cal comprende os ámbitos de actuación do presente proxecto permite identificar as seguintes problemáticas particulares.

TREITO: 34+400 e 34+860

Este primeiro treito presenta problemáticas de tipo xeotécnico e hidrolóxico, con pequenos asentos, aínda que as condicións construtivas son aceptables. Neste senso, o carácter de aceptabilidade construtiva do solo ven condicionado pola existencia dunha drenaxe deficiente, o cal unido a súa morfoloxía eminentemente chan, produce zonas de encharcamento. A isto hai que engadir o feito de posuír unhas características mecánicas de capacidade de carga media ou baixa, coa posibilidade de aparición de asentos de magnitude media.

TREITO: 44+300 e 45+080

Este segundo treito presenta problemáticas de tipo xeomorfolóxico e hidrolóxico, aínda que as condicións construtivas son aceptables. Neste senso, o carácter de aceptabilidade construtiva do solo ven condicionado pola súa morfoloxía lixeiramente alombada e a posible aparición de fenómenos de deslizamento. Ao mesmo tempo, a presenza de zonas con drenaxe deficiente e rochas en descomposicións pode tender a xerar problemas de baixa capacidade de carga e asentos de certa magnitude.

5.5 DEFINICIÓN DE UNIDADES XEOTÉCNICAS

Solos de alteración

As zonas de actuación situanse sobre os xistos e gneises da serie de Ordes e rochas básicas e ultrabásicas, nestes materiais desenvólvense chans produto de procesos edáficos de potencias variables, pero que poden chegar a alcanzar ata 4-5 m de potencia.

Están compostos principalmente por limos arcillosos e areas finas que poden englobar algúns cantos pouco evolucionados. Representan unha alteración, por meteorización in situ dos xistos de Ordes e de rochas básicas, que nalgúns casos chegan a conservar a esquistosidade.

Estes materiais presentan un perfil de alteración que orixina tres zonas diferenciables, así en profundidade aparecen en estado san, sobre este nivel de roca preséntanse un 2 m., de roca parcialmente meteorizada (grao III-IV), e sobre estes, en superficie aparece un recubrimiento, de chans de alteración (grao V) cuxo espesor se avalía máis ou menos en 4 metros.

Características xeotécnicas:

- Escavables por medios mecánicos
- Baixa permeabilidade, en baixos topográficos pode orixinar encharcamento
- Expansividade potencial.
- Nas zonas superficiais ata 1-2 m os noiros poderán presentar pendentes de 1H:1V, por encima de 2m., non superarán pendentes de 3H:2V.
- As escavacións temporais poderán executarse con pendentes de 1H:1V
- Solos “marxinais” a “tolerables”.
- A capacidade portante é baixa-media, podéndose adoptar (segundo Jiménez Salas) un Coeficiente de balasto k30 (kp/cm3) de 0,65 a 4, en función da consistencia.

Alternancias de xistos e gneises da Serie de Ordes e rochas básicas

Tanto os Xistos como os gneises son rochas agrisadas, e as rochas básicas, de gran fino e compactas, cunha foliación moi marcada no caso dos xistos e menor no gneis. En ambos os casos presentan un perfil de alteración importante que orixina en superficie chans eluviais limo-arcillosos.

Características xeotécnicas:

- Capacidade portante media-alta, en roca sa.

- Nos primeiros metros máis alterados serán excavables, en profundidade precisarán de ripado ou martelo pneumático.
- En conxunto impermeables, aínda que por fracturación poden aparecer zonas de permeabilidade preferente.
- En roca sa poderase ir a noiros de 1H:1V, e mesmo superiores, sempre que non se superen os 10-15m. Con foliación desfavorable pódense producir roturas planares.
- Os materiais escavados poderán utilizarse como todo un.

5.6 ACTUACIÓNS XEOTÉCNICAS

O proxecto consiste fundamentalmente na incorporación dunha senda peonil, con posibilidade de ser empregada tamén por bicicletas, na marxe de dous tramos da estrada autonómica AC-552 no Concello de Coristanco. Nalgúns casos realizarase a renovación das beirarrúas existentes, mentres que, en xeral, consistirá na implantación da senda ampliando a plataforma dentro do dominio público viario. Neste senso, as principais actuacións de caracter xeotécnico serán de pequena entidade e consistirán fundamentalmente en demolicións, escavacións, explanacións e perfilados, xunto con pequenos muros.

Demolicións

Nos tramos de senda que discorren por estradas asfaltadas en contornas máis urbanas será necesaria a eliminación de elementos antrópicos, e mesmo o retranqueo dalgún muro ou peche ou a súa estabilización, sen actuacións geotécnicas reseñables.

Escavacións

En xeral, a definición da senda peonil nos dous treitos considerados non implicará grandes movementos de terras nin escavacións reseñables, xa que se apoia fundamentalmente no viario xa existente, con pequenas ampliacións da sección transversal, sendo precisa a definición de gabías para servizos e a drenaxe pluvial.

As escavacións, en calquera caso, non superarán os 2 m de altura, polo que se poderán executar con pendentes de 1H:1V, e nelas terase a precaución de separar o chan vexetal, amoreado mediante caballones de máximo 1 m de altura, co fin da súa reutilización nos recheos ou, de ser o caso, para a posterior revexetación.

A reapertura de cunetas realizarase mediante escavación, mantendo as pendentes existentes, e, no caso de ser precisa executar unha nova cuneta, evitando pendentes e profundidades excesivas na súa conformación, retirando previamente a terra vexetal.

Explanacións, perfilados

Nos casos nos que sexa preciso a ampliación da plataforma e a sección transversal e, polo tanto, a execución da explanación, e tamén do perfilado da mesma, esta realizarase cun espesor de 15 cm e co ancho da sección necesaria para a colocación e compactación das capas de base e de firmes. Para iso executarase un caixeado de 40 cm, eliminando a terra vexetal, ou o pavimento existente, substituindose por material granular correctamente compactado. Sobre esta explanada executaránse as capas de firme e pavimento.

Muros

Onde sexa necesaria a execución dun muro, procurarase que se apoie sobre roca preferentemente de ser factible, ou na súa falta sobre un solo que alcance unha capacidade portante de polo menos 1,5 kp/cm^2.

A continuación, sinálanse as principais actuacións de carácter xeotécnico para os treitos considerados neste proxecto.

<u>TREITO: 34+400 e 34+860</u>

- Demolición de pavimento existente en beirarrúas
- Escavación de gabías
- Escavación, formación de explanada e perfilado
- Recheo de noiros
- Muro

<u>TREITO: 44+300 e 45+080</u>

- Demolición de pavimento existente en beirarrúas
- Escavación de gabías
- Escavación, formación de explanada e perfilado

6 <u>PROCEDENCIA DOS MATERIAIS. CANTEIRAS</u>

De xeito non exclusivo, a continuación sinálanse as canteiras máis próximas ao ámbito da actuación no Concello de Coristanco.

EMPRESA: CANTEIRA DA MINA, S.L. CONCELLO: Santa Comba DISTANCIA Á OBRA: 19,2 km / 10,7 km DIRECCIÓN: Calle Varilongo, 0 S/N, 15841	EMPRESA: ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. CONCELLO: Arteixo DISTANCIA Á OBRA: 18,1 km / 27,7 km DIRECCIÓN: Lugar Freón - Monteagudo 15142

EMPRESA: ÁRIDOS DE REBOIRA, S.A. (ARESA) CONCELLO: Ordes DISTANCIA Á OBRA: 35,9 km / 48 km DIRECCIÓN: Lugar Reboira - Ardemil 15689	EMPRESA: CANTEIRA DA MINA, S.L. CONCELLO: Santa Comba DISTANCIA Á OBRA: 19,2 km / 10,7 km DIRECCIÓN: Calle Varilongo, 0 S/N, 15841

	
EMPRESA: GRANITOS DE XALLAS, S.L. CONCELLO: Santa Comba DISTANCIA Á OBRA: 21,1 km / 19,9 km DIRECCIÓN: Paraxe de Frieiro, s/n 15848	EMPRESA: LISTA GRANIT, S.A CONCELLO: Arteixo DISTANCIA Á OBRA: 31.9 km / 42,7 km DIRECCIÓN: Lista Granit, Rúa Agoeiros, 150, 15141

APÉNDICE 1. MAPAS XEOLÓXICOS


MAPA GEOLOGICO DE ESPAÑA
E. 1:50.000
INSTITUTO GEOLOGICO Y MINERO DE ESPAÑA
SISARGAS-CARBALLO 20-44 4-4/4-5
LEYENDA
CUATERNARIO
TERCIARIO
PRECAMBRICO-SILURICO
DOMINIO DE LA "FOSA BLASTOMILONITICA"
DOMINIO PERIFERICO DEL MACIZO DE ORDENES
ROCAS METAMORFICAS
ROCAS INTRUSIVAS PRE O SIN FASE I
ROCAS ACIDAS
ROCAS BASICAS Y ULTRABASICAS
ROCAS INTRUSIVAS POST - FASE I
GABROS
ROCAS FILONIANAS
OCEANO ATLANTICO
Islas Sisargas
Isla Malante
Isla Sisarga Grande
Isla Sisarga Chica
Escala 1:50.000
CORTES GEOLOGICOS
I-I'
II-II'
III-III'
NO.
SE.
O.NO.
E.SE.
SIGNOS CONVENCIONALES
ESQUEMA TECTONICO
Escala 1:250.000
ESQUEMA REGIONAL
Escala 1:1.000.000
COLUMNAS SINTETICAS DE LAS PRINCIPALES UNIDADES ESTRATIGRAFICAS
Escala 1:25.000
EDITA: SERVICIO DE PUBLICACIONES - MINISTERIO DE INDUSTRIA Y ENERGIA
NORMAS, DIRECCION Y SUPERVISION DEL IGME
IBERGESA / L. Adrio Alonso / C. Gonzalez
DIRECTOR DEL PROYECTO Y SUPERVISOR DEL I.G.M.E. / A. Fuenga Rodriguez
ESCALA HORIZONTAL 1:50.000
VERTICAL 1:50.000


MAPA GEOLOGICO DE ESPAÑA
E. 1:50.000
INSTITUTO GEOLOGICO Y MINERO DE ESPAÑA
SANTA COMBA
69
4-6
LEYENDA
SERIE DE ORDENES
DOMINIO PERIFERICO DEL MACIZO DE ORDENES
ROCAS METAMORFICAS
ROCAS BASICAS Y ULTRABASICAS (PRE O SIN FASE 1)
ROCAS INTRUSIVAS POST-FASE 1
GABROS
ROCAS FILONIANAS
ESQUEMA TECTONICO
Escala 1: 250.000
ESQUEMA REGIONAL
OCEANO ATLANTICO
LA CORUÑA
Escala 1: 1.000.000
Escala 1:50.000
SIGNOS CONVENCIONALES
CORTES GEOLOGICOS
I-I'
II-II'
SO.
NE.
ESCALA
HORIZONTAL 1: 50.000
VERTICAL 1: 50.000
COLUMNAS ESTRATIGRAFICAS EN LAS PRINCIPALES UNIDADES O ZONAS
SERIE DE LA ZONA PERFERICA DEL MACIZO DE ORDENES
"SERIE DE ORDENES"
Escala 1: 25.000

APÉNDICE 2. MAPAS XEOTÉCNICOS


MINISTERIO DE INDUSTRIA
DIRECCION GENERAL DE MINAS
INSTITUTO GEOLOGICO Y MINERO DE ESPAÑA
MAPA GEOTECNICO GENERAL
MAPA DE INTERPRETACION GEOTECNICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
1 – 2
7
REGION
AREA
CRITERIOS DE DIVISION Y CARACTERISTICAS GENERALES
Islas Sisargas
Punta Nariga
Punta de las Olas
Carme Puerto
Cabo Vea
Cabo Villano
Cabo Toriñana
Cabo de la Nave
Cabo Finisterre
Punta de los Remedios
Punta Carreira
Punta Calleira
Corcubión
Finisterre
El Pindo
Muros
Noya
Negreira
Santiago de Compostela
Padrón
Infesta
Carballo
Escala 1:200.000
CRITERIOS DE CLASIFICACION
LEYENDA
MAPA DE SITUACION
DIVISION ADMINISTRATIVA

ANEXO Nº 5
EFECTOS SÍSMICOS

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 SISMICIDADE 2

3 APLICACIÓN 2

3.1 INTRODUCIÓN 2

3.2 CRITERIOS DE APLICACIÓN 2

1 OBXECTO

O obxecto do presente anexo é analizar os posibles efectos sísmicos na zona de localización das obras.

2 SISMICIDADE

A normativa utilizada á hora de ter en conta ou non os posibles efectos sísmicos sobre as obras proxectadas, foi a *"Norma de Construción Sismorresistente: pontes".* NCSP-07. Real Decreto 637/2007 do 18 de maio, e vixente na actualidade.

3 APLICACIÓN

3.1 INTRODUCIÓN

Atendendo a dita normativa as características das obras proxectadas e da zona de estudo son as seguintes:

Tipo de obras:

1. De importancia moderada

   "Aquelas con probabilidade depreciable de que a súa destrución polo terremoto poida ocasionar vítimas, interromper un servizo primario ou producir danos económicos a terceiros".

2. De importancia normal

   "Aquelas cuxa destrución polo terremoto poida ocasionar vítimas, interromper un servizo para a colectividade ou producir importantes perdas económicas, sen que en ningún caso se trate dun servizo imprescindible nin poidan dar lugar a efectos catastróficos".

3. De importancia especial

   "Aquelas cuxa destrución polo terremoto poida interromper un servizo imprescindible ou dar lugar a efectos catastróficos".

O presente proxecto trata dunha obra de importancia moderada, xa que a súa destrución por efectos sísmicos non debería causar vítimas, nin interromper un servizo imprescindible para a colectividade ou producir importantes perdidas económicas.

3.2 CRITERIOS DE APLICACIÓN

Segundo a NCSP-07 non é obrigatoria a aplicación desta norma nos seguintes casos:

- "Nas construcións de importancia moderada".
- "Nas edificacións de importancia normal ou especial cando a aceleración sísmica básica a_b sexa inferior a 0,04 g, sendo g a aceleración da gravidade".

Neste caso, tanto se trata dunha obra de importancia moderada como a a_b é inferior nos distintos ámbitos de actuación a 0,04g, polo que as obras proxectadas neste proxecto non requiren a consideración dos posibles efectos sísmicos no seu cálculo.

A continuación, achégase o mapa de perigo sísmico e os valores da aceleración sísmica básica:



Figura 1. Mapa de perigo sísmico. Fonte: Norma de Construción Sismorresistente

Por tanto, segundo o indicado polos criterios de aplicación da NCSP-07 non é aplicable ás obras do presente proxecto.

ANEXO Nº 6
CLIMATOLOXÍA E HIDROLOXÍA

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 INTRODUCIÓN 2

3 CLIMATOLOXÍA 2

3.1 CLASIFICACIÓN DO CLIMA 2

3.2 ESTACIÓNS METEOROLÓXICAS 3

3.3 DATOS CLIMATOLÓXICOS 4

4 HIDROLOXÍA 5

4.1 PERIODOS DE RETORNO 5

4.2 ESTUDO DE PRECIPITACIÓNS 5

4.3 MÉTODO RACIONAL PARA CÁLCULO DE CAUDAIS 6

4.3.1 INTENSIDAD DE PRECIPITACIÓN 6

4.3.2 COEFICIENTE DE ESCORRENTÍA 8

4.3.3 COEFICIENTE DE UNIFORMIDADE NA DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DA PRECIPITACIÓN 10

4.3.4 RESULTADOS 10

1 OBXECTO

O obxecto do presente anexo é a análise dos condicionantes e variables climáticas que afectan á zona na que se desenvolverá o proxecto SENDAS NA AC-552. TREITOS: 34+400-34+860 e 44+300-45+080.

2 INTRODUCIÓN

Deste xeito, con este estudo determinarase a hidroloxía da zona, as concas de aportación de escorrentía e calcularanse os caudais necesarios para o dimensionamento da drenaxe.

Os datos empregados para a realización deste anexo son fundamentalmente da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica, e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia. Os cálculos hidrolóxicos e a definición de concas de aportación leváronse a cabo mediante programas GIS. En caso de ser necesario, para os cálculos hidráulicos de obras de drenaxe seguíronse as pautas establecidas pola Instrución 5.2 – IC. Drenaxe Superficial (Orde FOM/298/2016 do 15 de febreiro).

3 CLIMATOLOXÍA

A climatoloxía é un elemento fundamental á hora de deseñar unha infraestrutura, non só para a súa execución e desenvolvemento das obras, senón tamén para o seu funcionamento e necesidades de mantemento. Neste apartado analizaranse aquelas características climáticas da zona afectada polo proxecto que sexan relevantes para o deseño e a execución de ambas sendas.

En todos os proxectos nos que existe unha relación co medio físico, a climatoloxía é un elemento central respecto da configuración dos distintos elementos do proxecto, en particular aqueles relacionados coa auga, tanto superficial como subterránea, e o seu impacto sobre as construcións e sobre o funcionamento das mesmas. Neste sentido, os factores climáticos teñen unha importancia directa, xa que o clima condiciona en gran medida o tipo de chan, a hidroloxía da zona, a flora, a fauna, e as interrelacións solo-auga- vexetación, ademais das actuacións do home.

A caracterización do ámbito climático realizarase considerando a análise do réxime de temperaturas, choivas e índices climáticos, permitindo caracterizar desde o punto de vista agrolóxico as zonas afectadas pola traza.

3.1 CLASIFICACIÓN DO CLIMA

O clima da provincia de A Coruña é de tipo atlántico europeo, o cal está caracterizado por ter temperaturas suaves e con pouca oscilación térmica ao longo de todo o ano.

A clasificación climática realizarémola mediante o método Köppen-Geiger. Segundo dita clasificación, a zona que nos afecta posúe un clima oceánico meridional; máis concretamente Csb.

Código		Criterio
A		T del mes mes más frío >= 18° C
	f	R del mes más seco >= 60 mm
	m	R del mes más seco < 60 mm > 100-R/25
	w	R del mes más seco < 100-R/25
B		>=70% de la R anual en verano y R<20T + 280
		>=70% de la R anual en invierno y R<20T
		<70% de la R anual en verano e invierno y R<20T+140
	W	R<1/2(20T)
	S	R<(20T) y R>1/2(20T)
		h T>18° C
		k T<18° C
C		T del mes más cálido >10° C y T del mes más frío entre 0 y 18° C
	s	R del mes más seco < 40 mm y <1/3 del total del mes más húmedo del invierno
	w	R del mes más seco del invierno <1/10 de R del mes más húmedo del verano
	f	Ninguna de las condiciones anteriores
		a T del mes más cálido >=22° C
		b T de los 4 meses más cálidos > 10°C y T del mes más cálido < 22° C
		c T de uno a tres meses >=10° C y T del mes más cálido < 22° C
D		T del mes más cálido > 10° C y T del mes más frío <=0° C
	s	R del mes más seco < 40 mm y <1/3 del total del mes más húmedo del invierno
	w	R del mes más seco del invierno <1/10 de R del mes más húmedo del verano
	f	Ninguna de las condiciones anteriores
		a T del mes más cálido >=22° C
		b T de los 4 meses más cálidos > 10°C y T del mes más cálido < 22° C
		c T de uno a tres meses >=10° C y T del mes más cálido < 22° C
		d T del mes más frío <-38° C
E		T del mes más cálido <=10° C
	T	T del mes más cálido entre 0 y 10° C
	F	T del mes más cálido <=0° C
H		T del mes más cálido <=10° C con altitud >1500 metros

Figura 1. Clasificación climática de Köppen-Geiger

Csb: Clima tépedo con verán seco e tépedo. Abarca a maior parte do noroeste da Península, así como case todo o litoral oeste de Portugal Continental e numerosas áreas montañosas do interior da Península.

Este tipo de clima non supera os 22 ºC nas épocas máis cálidas e chega a baixar ata os 10 ºC durante varios meses do ano.



Figura 2. Clasificación climática de Köppen-Geiger na Península Ibérica e Illas Baleares. Fonte: Atlas Climático Ibérico 2011, AEMET

3.2 ESTACIÓNS METEOROLÓXICAS

Para a caracterización climática da zona de estudo empregouse a estación meteorolóxica mais próxima á zona do proxecto, a de Rus, no concello de Carballo. Os seus datos móstranse na táboa seguinte:

Nome	Concello	Provincia	Altitude	Latitude	Lonxitude
Rus	Carballo	A Coruña	134 m	43,1562	-8,68536

Táboa 1. Datos da estación meteorolóxica Rus

Na seguinte figura móstrase o diagrama termopluviométrico da estación meteorolóxica de Rus para o período comprendido entre os anos 2013 e 2018, xa que só existen datos a partir de maio do ano 2012.



Figura 3. Diagrama termopluviométrico da estación Rus. Elaboración propia

Segundo os datos da estación de Rus, para o período transcorrido entre 2013 e 2018 a precipitación media foi de 1491.0 mm e a temperatura media de 13.4 ºC, sendo o ano no que se rexistraron os valores máximos para a temperatura o 2015, cunha media de 13.7 ªC, e para a precipitación o 2018, cunha media de 1805.3 mm.

Para complementar estes datos, consultase a seguinte estación meteorolóxica mais preta á zona do proxecto, que é a estación Río do Sol, no Concello de Coristanco. Os seus datos son os seguintes:

Nome	Concello	Provincia	Altitude	Latitude	Lonxitude
Río do Sol	Coristanco	A Coruña	540 m	43,0952	-8,69099

Táboa 2. Datos da estación meteorolóxica Río do Sol

Na seguinte figura móstrase o diagrama termopluviométrico da estación meteorolóxica de Río do Sol para os últimos 10 anos.



Figura 4. Diagrama termopluviométrico da estación Río do Sol. Elaboración propia.

Segundo os datos da estación de Río do Sol, para o período transcorrido entre 2009 e 2018 a precipitación media foi de 1714.4 mm e a temperatura media de 11.3 ºC, sendo o ano no que se rexistraron os valores máximos para a temperatura o 2017, cunha media de 11.9 ªC, e para a precipitación o 2018, cunha media de 2258.4 mm.

3.3 DATOS CLIMATOLÓXICOS

Variables Climatolóxicas

Para a determinación das variables climatolóxicas teranse en conta o seguinte conxunto de datos acerca da climatoloxía:

- Choiva: precipitacións medias e anuais.
- Temperatura: temperaturas máximas e mínimas na zona, así como a variación de temperatura que se produce.
- Climograma: elaborado a partir da relación de valores de precipitación e temperatura obtidos con anterioridade.

Caracterización do clima

Como se pode observar no seguinte diagrama pluviométrico realizado cos datos da estación meteorolóxica de Rus, o mes con maior precipitación é marzo con 391.1 mm. O mes mais seco é setembro con 4.7 mm.



Figura 5. Gráfico precipitacións estación meteorolóxico Rus. Elaboración propia.

A continuación, caracterízanse as temperaturas medias mensuais desta estación:

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	Media
T. media (ºC)	9,4	8,9	10,0	11,9	13,8	16,6	18,8	18,3	17,2	14,8	11,3	10,1	13,4
T. máxima (ºC)	18,1	17,6	21,5	25,3	28,3	30,6	32,2	32,4	31,6	28,2	21,9	19,3	25,6
T. mínima (ºC)	-1,4	-0,2	-0,3	1,2	3,1	6,4	9,1	7,7	6,2	3,7	-0,1	-1,9	2,8

Táboa 3. Temperaturas medias da estación Rus



Figura 6. Diagrama Temperatura Estación Meteorolóxica de Rus. Elaboración propia.

Segundo estes datos, o mes mais cálido é o de xullo, cunha media de 18.8 ºC, mentres que o mais frío é xaneiro, cunha media de 9,4 ºC. Isto fai unha diferencia entre o mes mais cálido e o mais frío de 9.4 ºC. Esta variación de temperatura media diúrna é maior no verán que no inverno, aínda que varía pouco duns meses a outros.

Á vista dos datos pódese dicir que o clima na zona de estudio é tépedo no inverno e fresco no verán.

4 HIDROLOXÍA

O obxecto do presente apartado é definir os caudais máximos segundo o período de retorno de deseño para as distintas bacías interceptadas polo trazado da senda.

4.1 PERIODOS DE RETORNO

Segundo a Norma de Drenaxe 5.2-IC, os elementos de drenaxe lonxitudinal deben calcularse para un período de retorno de 25 anos.

TIPO DE ELEMENTO DE DRENAXE	PERÍODO DE RETORNO
Drenaxe de plataforma e marxes	25 anos (50 en caso de desaugue por bombeo)
Obras de drenaxe transversal	≥ 100 anos

Táboa 4. Períodos de retorno de deseño segundo a Norma 5.2-IC

4.2 ESTUDO DE PRECIPITACIÓNS

O estudo das precipitacións, a partir do cal se pode determinar a precipitación diaria correspondente a cada período de retorno T, realizase seguindo as indicacións da Instrución de Drenaxe 5.2-IC, e tomando o maior valor dos datos de precipitacións recollidas na publicación *"Máximas lluvias diarias en la España peninsular"*.

Deste xeito, seguiuse o método exposto nese documento, publicado polo Ministerio de Fomento no ano 1999, onde se expón un método de cálculo de precipitacións máximas diarias para distintos períodos de retorno a partir das táboas e dos planos incluídas no devandito libro, confeccionadas segundo un modelo obtido para todo o territorio peninsular que ten en conta os datos de 2.231 estacións pluviométricas repartidas por todo o territorio peninsular con mais de 20 anos de datos cada unha.

A partir da folla 1-1 do plano guía incluída como anexo na publicación anteriormente citada, pódese considerar para a zona do proxecto un valor medio da máxima precipitación diaria anual de 60 mm, e un coeficiente de variación Cv=0,35.



Figura 7. Mapa de precipitacións.



Figura 8. Isolineas do valor rexional do coeficiente de variación.

Os cuantís rexionais son os seguintes:

	Período de retorno T							
C_v	2	5	10	25	50	100	200	500
0,35	0,921	1,217	1,438	1,732	1,961	2,220	2,480	2,831

Táboa 5. Cuantís rexionais para cada período de retorno

Multiplicando eses cuantís pola precipitación (P), obtéñense as precipitacións máximas diarias:

T	2	5	10	25	50	100	200	500
Y_t	0,921	1,217	1,438	1,732	1,961	2,220	2,480	2,831
P (mm)	60	60	60	60	60	60	60	60
P (mm)	55,26	73,02	86,28	103,92	117,66	133,2	148,8	169,86

Táboa 6. Precipitacións máximas diarias para os diferentes períodos de retorno

Á vista dos resultados obtidos, tómase como valor de cálculo da precipitación diaria máxima para un período de retorno de 25 anos:

P_d (T = 25 años) = 103,92 mm

4.3 MÉTODO RACIONAL PARA CÁLCULO DE CAUDAIS

Para o cálculo de caudais de referencia téñense en conta as directrices da Instrución 5.2-IC Drenaxe superficial.

O método proposto baséase en aplicar a intensidade media da precipitación á superficie da conca, considerando a súa escorrentía. A precisión deste método diminúe conforme aumenta a superficie da conca, sendo o tempo de concentración de 6 horas o que serve para delimitar as cuncas grandes das pequenas.

O caudal a desaugar será de:

$$Q_T = \frac{I(T, t_c) \cdot C \cdot A \cdot K_t}{3{,}6}$$

Onde:

- Q_T é o caudal punta a desaugar en m^3/seg.
- $I(T,t_c)$ é a intensidade de precipitación para o período de retorno T e unha duración do chuvieira igual ao tempo de concentración t_c.
- C é o coeficiente medio de escorrentía
- A é a superficie da conca en km^2
- K_t é o coeficiente de uniformidade na distribución temporal da precipitación

$$K_t = 1 + \frac{t_c^{1,25}}{t_c^{1,25} + 14}$$

4.3.1 INTENSIDAD DE PRECIPITACIÓN

A intensidade de precipitación I(T,t) corresponde a un período de retorno T, e a unha duración do chuvieira t, obtense mediante a seguinte fórmula:

$$I(T, t) = I_d \cdot F_{int}$$

Onde:

- I(T,t) é a intensidade de precipitación correspondente ao período de retorno T e a unha duración do chuvieiro t en mm/h.
- I_d é a intensidade media diaria de precipitación corrixida correspondente ao período de retorno T en mm/h.
- F_{int} é o factor de intensidade.

No cálculo do caudal máximo anual para o período de retorno T considérase a intensidade de precipitación que corresponde a unha duración do chuvieira igual ao tempo de concentración ($t=t_c$) da conca.

Intensidade media diaria de precipitación corrixida

A intensidade media diaria de precipitación corrixida corresponde ao período de retorno T, obtense mediante a seguinte fórmula:

$$I_d = \frac{P_d \cdot K_A}{24}$$

Onde:

- I_d é a intensidade media diaria de precipitación correspondente ao período de retorno T en mm/h.
- P_d é a precipitación diaria correspondente ao período de retorno T en mm.
- K_A é o factor redutor da precipitación por área da conca.

Para a determinación da precipitación diaria correspondente ao período de retorno T, tal e como se describe no apartado 3.2 do presente anexo, adoptouse o valor obtido a partir da publicación "Máximas llluvias diarias en la España Peninsular".

Factor redutor da precipitación por área da conca

O factor redutor da precipitación por área da cunca K_A, ten en conta a non simultaneidade da chuvia en toda a súa superficie, obténdose da seguinte forma:

Se A < 1 km^2 $K_A = 1$

Se A ≥ 1 km^2 $K_A = 1 - \frac{\log_{10} A}{15}$

Onde:

- K_A é o factor redutor da precipitación por área da conca
- A é a área da conca en km^2

Factor de intensidade F_{int}

O valor do factor de intensidade, que introduce a torrencialidade da choiva na área de estudio, calcúlase mediante a seguinte expresión:

$$F_{int} = \max(F_a, F_b)$$

Onde:

- F_{int} é o factor de intensidade
- F_a é o factor obtido a partir do índice de torrencialidade (I_1/I_d)
- F_b é o factor obtido a partir das curvas IDF dun pluviógrafo próximo

Obtención de F_a

$$F_a = \left(\frac{I_1}{I_d}\right)^{3{,}5287 - 2{,}5287 \cdot t^{0{,}1}}$$

Onde:

- F_a é o factor obtido a partir do índice de torrencialidade (I_1/I_d)
- t. é a duración da chuvieira en horas

I_1/I_d é o índice de torrencialidade que expresa a relación entre a intensidade de precipitación horaria e a media diaria corrixida. Determínase a partir do seguinte mapa:



Figura 9. Mapa do índice de torrencialidade.

Obtención de F_b

$$F_b = k_b \frac{I_{IDF}(T, t_c)}{I_{IDF}(T, 24)}$$

Onde:

- F_b é o factor obtido a partir das curvas IDF dun pluviógrafo próximo
- $I_{IDF}(T,t_c)$ é a intensidade de precipitación correspondente ao período de retorno T e ao tempo de concentración t_c, obtido a través das curvas IDF do pluviógrafo.
- $I_{IDF}(T,24)$ é a intensidade de precipitación correspondente ao período de retorno T e a un tempo de chuvieira igual a 24 horas (t=24 h), obtido a través de curvas IDF.
- K_b é o factor que ten en conta a relación entre a intensidade máxima anual nun período de 24 horas e a intensidade máxima anual diaria. No caso de non dispoñer dun cálculo específico, pódese adoptar k_b = 1,13.

Tempo de concentración

O método de cálculo varía dependendo de si se trata de concas principais ou secundarias.

Concas principais

O tempo de concentración en concas principais calcúlase mediante a formula:

$$t_c = 0{,}3 \cdot L_c^{0{,}76} \cdot J_c^{-0{,}19}$$

Onde:

- T_c é o tempo de concentración en horas
- L_c é a lonxitude do canle en km
- J_c é a pendente media do canle

No caso de concas principais de pequeno tamaño nas que o tempo de concentración calculado por este método é inferior a 0,25 h ($t_c \leq$ 0,25 h), aplícase o método que se indica a continuación para concas secundarias.

Concas secundarias

Nas concas secundarias divídese o percorrido en tramos de características homoxéneas inferiores a 300 metros de lonxitude e se suman os tempos parciais obtidos, diferenciando entre:

- Fluxo canalizado a través de cunetas ou outros elementos de drenaxe: considerase réxime uniforme e aplícase a ecuación de Manning.
- Fluxo difuso sobre o terreo:

$$t_{dif} = 2 \cdot L_{dif}^{0{,}408} \cdot n_{dif}^{0{,}312} \cdot J_{dif}^{-0{,}209}$$

Onde:

- t_{dif} é o tempo de percorrido en fluxo difuso sobre o terreo en minutos
- n_{dif} é o cociente de fluxo difuso
- L_{dif} é a lonxitude de percorrido en fluxo difuso en m
- J_{dif} é a pendente media

TIPO DE ELEMENTO DE DRENAXE	PERÍODO DE RETORNO	n_{dif}
Pavimento ou revestido		0,015
No pavimentado ni revestido	Sen vexetación	0,050
	Con vexetación escasa	0,120
	Con vexetación media	0,320
	Con vexetación densa	1,000

Táboa 7. Táboa do valor do coeficiente de fluxo difuso

O valor do tempo de concentración t_c, a considerar obtense da seguinte táboa:

TIPO DE ELEMENTO DE DRENAXE	PERÍODO DE RETORNO
≤ 5	5
$5 \leq t_{dif} \leq 40$	t_{dif}
≥ 40	40

Táboa 8. Período de retorno segundo o tipo de elemento de drenaxe

4.3.2 COEFICIENTE DE ESCORRENTÍA

O coeficiente de escorrentía calcúlase mediante a fórmula seguinte:

Se $P_d \cdot K_A > P_0$ $$C = \frac{\left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} - 1\right) \cdot \left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} + 23\right)}{\left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} + 11\right)^2}$$

Se $P_d \cdot K_A \leq P_0$ $$C = 0$$

Onde:

- C é o coeficiente de escorrentía
- P_d é a precipitación diaria correspondente ao período de retorno T considerado en mm
- K_A é o factor redutor da precipitación por área da conca
- P_0 é o umbral de escorrentía



Figura 10. Coeficiente de escorrentía

Umbral de escorrentía

O umbral de escorrentía determínase mediante a seguinte fórmula:

$$P_0 = P_0^i \cdot \beta$$

Onde:

- P_0 é o umbral de escorrentía en mm
- P_0^i é o valor inicial do umbral de escorrentía
- β é o coeficiente corrector do umbral de escorrentía

Valor inicial do umbral de escorrentía

Para a obtención do valor inicial do umbral de escorrentía (P_0^i) utilizase a Capa SIG do umbral de escorrentía (mm) en condicions de humidade media del solo para o método racional modificado, obtida a partir dos usos del solo del CORINE LAND COVER 2000 y de acordo coa metodoloxía exposta na Publicación "Análises de novas fontes de datos para a estimación do parámetro número de curva: perfiles de solos e teledetección" Editado polo CEDEX 2003, 346 p. , ISBN: 84-7790-389-1 , NIPO: 163-03-013-6, adaptada á clasificación de usos do solo do CLC – 2000. Esta capa obtense do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

O valor a empregar segundo esta capa é de:

$$P_0^i = 13$$

Coeficiente corrector do umbral de escorrentía

O cálculo do coeficiente do umbral de escorrentía, a falta de información suficiente da propia conca de cálculo ou concas próximas similares para levar a cabo a calibración e a determinación directa dese factor, realízase da seguinte forma:

- Drenaxe da plataforma e marxes ou vías auxiliares:

$$\beta^{PM} = \beta_m \cdot F_T$$

- Drenaxe da plataforma e marxes:

$$\beta^{DT} = (\beta_m - \Delta_{50}) \cdot F_T$$

Onde:

- β^{PM} é o coeficiente corrector do umbral de escorrentía para drenaxe de plataforma e marxes ou drenaxe transversal de vías auxiliares.
- β^{DT} é o coeficiente corrector do umbral de escorrentía para drenaxe transversal da carretera.
- β_m é o valor medio na rexión do coeficiente corrector do umbral de escorrentía.
- F_T é o factor función do período de retorno T.

Δ_{50} é a desviación respecto do valor medio: intervalo de confianza correspondente ao 50 %.

Figura 11. Rexións consideradas para a caracterización do coeficiente corrector do umbral de escorrentía

Este proxecto sitúase na rexión 11, co que os valores a adoptar, tomados da táboa 2.5 da Instrución 5.2-IC Drenaxe Superficial, son os seguintes:

Valor medio	Desviación respecto ao valor medio para o intervalo de confianza do 50 %	Período de retorno T (anos), F_T				
β_m	Δ_{50}	2	5	25	100	500
0,90	0,2	0,80	0,90	1,13	1,34	1,59

Táboa 9. Valor medio do factor corrector do umbral de escorrentía para os diferentes períodos de retorno

4.3.3 COEFICIENTE DE UNIFORMIDADE NA DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DA PRECIPITACIÓN

O coeficiente K_t ten en conta a falta de uniformidade na distribución temporal da precipitación e se obtén a través da seguinte expresión:

$$K_t = 1 + \frac{t_c^{1,25}}{t_c^{1,25} + 14}$$

Onde:

- K_t é o coeficiente de uniformidade na distribución temporal da precipitación
- t_c é o tempo de concentración da cunca en horas

4.3.4 RESULTADOS

A continuación recóllense os resultados obtidos para os caudais máximos de deseño para os diferentes treitos considerados no proxecto.

Valores adoptados

Precipitación			Tempo de concentración	Coeficiente de escorrentía					
P_d (25 anos)	I_1/I_d	K_A	n_{dif}	P_0^i	β_m	F_T (25 anos)	β^{PM}	P_0	C
103,92	8	1	0,015	13	0,90	1,13	1,017	13,221	0,595

Táboa 10. Valores do Coeficiente de Escorrentía

Cálculo de caudais

TREITO I. P.K. 34+400 - 34+860									
P.K.	**Ancho afección (m)**	**t_c (horas)**	**F_{int}**	**I_d (mm/h)**	**I(T,tc) (mm/h)**	**C**	**Área (km^2)**	**K_t**	**Caudal Q_T (l/s)**
34+400 - 34+630	18	0,187	18,002	4,33	77,947	0,595	0,00414	1,009	**53,82**
34+630 - 34+925	14	0,207	17,203	4,33	74,488	0,595	0,00413	1,010	**51,36**
Ramal Acceso	14	0,112	22,510	4,33	97,467	0,595	0,00091	1,005	**14,73**
TREITO II. P.K. 44+300 - 45+080									
P.K.	**Ancho afección (m)**	**t_c (horas)**	**F_{int}**	**I_d (mm/h)**	**I(T,tc) (mm/h)**	**C**	**Área (km^2)**	**K_t**	**Caudal Q_T (l/s)**
44+300 - 44+560	12	0,197	17,605	4,33	76,228	0,595	0,00312	1,009	**39,68**
44+560 - 44+810	10	0,194	17,731	4,33	76,775	0,595	0,00250	1,009	**32,02**
44+810 - 45+080	10	0,200	17,484	4,33	75,705	0,595	0,00270	1,009	**34,11**

Táboa 11. Caudais máximos para o período de retorno de deseño segundo tramos viarios

ANEXO Nº 7
PLANEAMENTO URBANÍSTICO

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 PLAN URBANÍSTICO. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN VIXENTES 2

3 AFECCIÓNS. PLAN SECTORIAL VIXENTE 3

4 TITULARIDADE DA SENDA. DISPOÑIBILIDADE DE TERREOS 4

5 ADECUACIÓN E COMPATIBILIDADE CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO E SECTORIAL 4

1 OBXECTO

O presente anexo ten por obxecto a determinación da compatibilidade e adecuación das actuacións contempladas no proxecto construtivo de SENDAS NA AC-552. TREITOS: 34+400-34+860 e 44+300-45+080 cos instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos vixentes, identificando a clasificación e calificación do solo.

Neste sentido, o presente anexo responde ao art. 353 do Decreto 143/2016, do 22 de Setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 16 de Febreiro, do Solo de Galicia, no que se sinala que todo proxecto técnico conterá unha memoria urbanística como documento específico e independente no cal se indicará a finalidade e uso da actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación urbanística vixente, con expresa indicación da clasificación e calificación do chan obxecto de intervención.

2 PLAN URBANÍSTICO. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN VIXENTES

O proxecto de SENDAS NA AC-552. TREITOS: 34+400-34+860 e 44+300-45+080 sitúase no concello de Coristanco. O instrumento de ordenación urbanística vixente no Concello de Coristanco é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). O vixente PXOM do Concello de Coristanco está aprobado desde o 3 de decembro de 2015 e publicado no DOG nº 245 do 24 de decembro de 2015.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Respecto ao Treito 1, a clasificación do solo amosa na súa parte inicial unha categoría de Solo de Núcleo Rural Común (SNRC), que troca a un Solo de Núcleo Rural Histórico (SNRHT) na travesía de Montecelo. Na súa parte final, a senda prevista situase nun Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPI), ao que se superpón un Solo Rústico de Protección das Augas (SRPAG) e un Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SRPEN), dentro dun entorno caracterizado pola presencia de distintos tipos de solos, aínda que con predominio do Solo Rústico de Protección Agropecuaria (SRPA). Por outra parte, durante a redacción do proxecto decidiuse estender a senda peonil ata o PK 34+925, coa finalidade de dotar de continuidade á mesma ata o acceso ao Centro Comercial Carrefour. Esta extensión supón a presenza na súa parte final do Solo Urbano de San Roque de Coristanco. Non obstante, é preciso indicar que, en todo caso, a senda situase ben no dominio público viario ou ben no espazo público viario do núcleo de Montecelo.



Figura 1. Clasificación do solo treito 1. PXOM Coristanco

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

Respecto ao Treito 2, a clasificación do solo comeza no Solo Urbano (SU) de Bormoio, despois superpóñense o Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPI) e un Solo Rústico de Protección de Augas (SRPAG) do Río Calvar, ata chegar ao Solo de Núcleo Rural Común (SNRC) de O Outeiro. A partir deste punto, sigue un Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SRPI) ata o final do tramo, superposto nun treito dun Solo Rústico de Protección de Augas (SRPAG), nun entorno caracterizado pola presenza de Solo Rústico de Protección Agropecuaria (SRPA).



Figura 2. Clasificación do solo treito 2. PXOM Coristanco

3 AFECCIÓNS. PLAN SECTORIAL VIXENTE

Os terreos polos cales discorre a senda están baixo unha serie de afeccións sectoriais, aparte das propias determinacións derivadas da súa clasificación e calificación segundo os instrumentos de ordenación urbanística municipal correspondentes.

Deste xeito, a partir da revisión do Plan Básico Autonómico (PBA) de Galicia, no cal se recollen todas as categorías de afección sectorial, identifícanse e sinálanse nas seguintes listas as afeccións existentes en cada treito.

Entre as distintas afeccións de carácter sectorial hai que contemplar as seguintes:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

- Zona de Policía de cauces definida pola Lei de Augas.
- Rede Natura 2000 ZEC e Zonas de Especial Protección ZEPVN
- Áreas de especial interese paisaxístico
- Estradas
- Elemento catalogado do patrimonio cultural e a súa contorna

Deste xeito, a continuación, móstrase unha imaxe na que se recollen as distintas afeccións.



Figura 3. Afeccións sectoriais. Plan Básico Autonómico (PBA). Treito 1. Montecelo

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

- Zona de Policía de cauces definida pola Lei de Augas.
- Estradas

Deste xeito, a continuación, móstrase unha imaxe na que se recollen as distintas afeccións para o treito 2.



Figura 4. Afeccións sectoriais. Plan Básico Autonómico (PBA). Treito 2. Agolada

4 TITULARIDADE DA SENDA. DISPOÑIBILIDADE DE TERREOS

Os terreos polos que discorre a senda trátase dunha vía de circulación de titularidade pública, en concreto da Administración Autonómica.

Non obstante, hai que sinalar que no caso do treito 1 en Montecelo poderá ser necesario nalgunha zona ocupar viario de titularidade pública municipal.

5 ADECUACIÓN E COMPATIBILIDADE CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO E SECTORIAL

Do exposto nos puntos anteriores, en canto á clasificación e calificación do solo nos instrumentos de ordenación urbanística vixente, xunto coas afeccións sectoriais pertinentes e a titularidade e dispoñibilidade dos terreos, pódese concluír que o proxecto obxecto deste documento é adecuado e compatible co Planeamento Urbanístico e Sectorial vixente.

Por outra parte, hai que sinalar que as modificacións do trazado, o acondicionamento da curva existente no treito 1 en Montecelo, e a implantación da senda, incrementando a sección transversal nalgún caso, realízanse dentro do dominio público viario ou no espazo público, polo que poden considerarse como compatibles coas determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio e o urbanismo vixentes no momento de redacción deste proxecto. Neste senso, as actuacións contempladas non terán como consecuencia nin a modificación da clasificación do solo subxacente nin da súa cualificación, xa que non se contemplan grandes ampliacións da plataforma ou a apertura de novos viais.

Por último, e segundo o recollido no artigo 42 do Decreto 66/2016 , as obras proxectadas adecúanse aos instrumentos de planeamento urbanístico existentes e vixentes no Concello de Coristanco.

ANEXO Nº 8
TRÁFICO

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 TRÁFICO 2

2.1 REDE VIARIA 2

2.2 DATOS DE TRÁFICO. ESTACIÓNS DE AFORO 2

2.2.1 TRÁFICO ACTUAL 2

2.2.2 PROGNOSE DE TRÁFICO 3

2.3 CATEGORÍA DE TRÁFICO 4

3 TRÁNSITO PEONIL E CICLISTA 4

1 OBXECTO

O obxecto do presente proxecto é identificar e caracterizar os condicionantes do tráfico rodado e do tránsito peonil respecto das actuacións contempladas de SENDAS NA AC-552. TREITOS: 34+400-34+860 e 44+300-45+080, e coa finalidade de establecer a categoría de tráfico que permita o correcto deseño dos paquetes de firmes e de pavimentos das actuacións.

2 TRÁFICO

As actuacións previstas no presente proxecto apóianse na estrada de titularidade autonómica AC-552. A Coruña (A Grela) – Cee (AC-550) ao seu paso polo Concello de Coristanco, que posúe un notable nivel de intensidade de tráfico, tal e como se detallará nos seguintes apartados.

2.1 REDE VIARIA

A rede viaria considerada no presente proxecto é a estrada de titularidade autonómica AC-552, pertencente a Rede Primaria Básica da Xunta de Galicia.

Dentro desta estrada considéranse dous treitos:

- TREITO 1. PK 34+400 – 34+860. Entre os PK 34+400, final da senda Carballo – Bértoa, e o 34+860, inicio das beirarrúas próximas ao entorno do Centro Comercial Carrefour, pola marxe esquerda da estrada, consistindo na implantación de novos tramos ou ben na renovación e/ou ampliación dos xa existentes coa finalidade de acadar un itinerario continuo accesible. Hai que sinalar que durante a redacción do proxecto decidiuse extender a senda peonil ata o PK 34+925 coa finalidade de dotar de continuidade e homoxeneidade ao itinerario no acceso ao Centro Comercial Carrefour, renovando as beirarrúas existentes. Por outra parte, será preciso realizar o acondicionamento da curva existente por motivos de seguridade viaria e mellorar a súa visibilidade.
- TREITO 2. PK 44+300 – 45+080. Entre os PK 44+300, final das beirarrúas de Agolada, e o 45+080, punto de acceso á pista do Cemiterio de Agrillos, pola marxe dereita da estrada. Neste treito é preciso realizar a ampliación mediante un voladizo da estrutura existente para o paso sobre o Río Calvar.

Polo tanto, a análise do tráfico existente terá que considerar as intensidades existentes no entorno destes dous treitos, a partir dos datos dispoñibles e das estacións de aforo máis próximas.

2.2 DATOS DE TRÁFICO. ESTACIÓNS DE AFORO

A estimación do tráfico rodado na estrada autonómica AC-552 nos treitos obxecto deste proxecto realizase a partir dos datos de aforo existentes nas Memorias de Tráfico da Rede Autonómica das Estradas de Galicia editadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. De xeito complementario empregase tamén a aplicación informática Afoxun 2019 da devandita Consellería.

A consulta da aplicación informática Afoxun 2019 sinala que no entorno inmediato dos treitos considerados neste proxecto non existe ningunha estación de aforo permanente. Non obstante, existen estacións aforadas próximas durante outras campañas anuais de aforos. Deste xeito, na seguinte táboa sinálanse as estacións seleccionadas:

TREITO	ESTACIÓN DE AFORO	TIPO	ANO
T1: 34+400-34+860	AC-552(34)G1	Pneumática	2016
T2: 44+300-45+080	AC-552(46)G0	Pneumática	2016

Táboa 1. Estacións de aforo. Fonte: Afoxun 2019

2.2.1 TRÁFICO ACTUAL

A estimación dos datos actuais e da prognose futura realizase por extrapolación dos datos aforados nas estacións sinaladas na anterior táboa, xunto cos datos proporcionados pola evolución do tráfico nas estacións permanentes máis próximas na mesma estrada. Por outra parte, tendo en conta que a entrada en servizo da AG55 entre Carballo e Baio no ano 2016 supuxo un impacto na estrada AC-552 reducindo a súa intensidade de tráfico. Tendo en conta o exposto seleccionáronse as seguintes estacións de aforo permanentes como referencia para a estimación do tráfico actual.

ESTACIÓN DE AFORO	TIPO
AC-552(57)	Complementaria magnética
AG-55(36)	Permanente
AG-55(46)	Permanente

Táboa 2. Estacións de aforo de referencia para a estimación do tráfico actual

Segundo os datos obtidos da aplicación Afoxun 2019 a evolución do tráfico nas estacións de aforo de referencia sinalase a continuación na seguinte táboa:

ANO	AC-552(57)		AG-55(36)		AG-55(46)	
	IMD	% pesados	IMD	% pesados	IMD	% pesados
2014	7.038	7,1%	-	-	-	-
2015	7.234	7,1%	-	-	-	-
2016	5.826	6,6%	7.105	5,4%	6.445	5,2%
2017	3.807	5,6%	7.294	5,4%	6.603	5,3%
2018	3.826	5,6%	7.604	5,5%	6.923	5,5%
2019	3.859	5,6%	7.927	5,6%	7.190	5,7%

Tábua 3. Evolución dos aforos nas Estacións de referencia (Fonte: Afoxun2019)



Figura 1. Evolución da IMD nas Estacións de Aforo de referencia

Tendo en conta os datos anteriores, poden estimarse para estas Estacións de Aforo de referencia a taxa de crecemento da IMD e da porcentaxe de pesados. Neste senso, pode observarse nas táboas anteriores como a posta en funcionamento da AG-55 supuxo unha redución considerable do tráfico na AC-552. Por outra parte, tendo en conta o shock que puido supor a entrada en servizo da AG-55 sobre o tráfico de longa distancia na AC-552 no ano 2016 – 2017. Polo tanto, considerase máis axeitado realizar a estimación das taxas de crecemento e da porcentaxe de pesados a partir do ano 2017, para eliminar o impacto da entrada en servizo da AG-55.

ESTACIÓN	TAXA DE CRECEMENTO (2017 – 2019) %	
	IMD	% pesados
AC-552(57)	0,683 %	0,00 %
AG-55(36)	4,25 %	1,84 %
AG-55(46)	4,35 %	3,70 %

Tábua 4. Taxas de crecemento nas Estacións de Aforos seleccionadas

Tendo en conta os datos da taxa de crecemento das estacións seleccionadas, pode considerarse que para a estrada AC-552, ésta será do 0,683 %. Esta taxa é coherente co trasvase do tráfico cara a Autovía AG-55 e co moi baixo incremento que se pode observar na Figura 1. Deste xeito, e considerando os aforos máis recentes no ámbito dos treitos obxecto deste proxecto a estimación do tráfico no ano 2020, supoñendo un crecemento lineal do tráfico, amosase na seguinte táboa:

TREITO	ESTACIÓN DE AFORO	IMD (2016)	% PESADOS (2016)	IMD (2020)	% PESADOS (2020)	IMDpesados (2020)
T1: 34+400-34+860	AC-552(34)G1	16.361	5,6 %	16.811	5,6 %	941
T2: 44+300-45+080	AC-552(46)G0	1.888	5,6 %	1.940	5,6 %	109

Tábua 5. Estimación do tráfico no ano 2020

2.2.2 PROGNOSE DE TRÁFICO

Unha vez determinado o tráfico no ano actual, de redacción do proxecto, o seguinte paso consiste na estimación do tráfico no ano horizonte do proxecto. Neste senso, aínda que a vida útil do proxecto debería ser alúmenos de 20 anos, considerouse para a estimación do tráfico un ano horizonte de 10 anos, xa que a incertidume sobre o impacto do transvase de tráfico cara a AG-55 é elevada, non existindo unha serie de datos suficiente para extrapolar datos con suficiente representatividade, e, ademais, son previsibles notables cambios na mobilidade nos próximos anos. Por estas razóns considerouse como ano de proxecto o 2030 e un crecemento lineal do tráfico coas mesmas taxas que as existentes na actualidade.

A taxa de crecemento porcentual anual considerada será o 0,683 % sinalado anteriormente, xa que se considerada que se trata dunha certa estabilidade no tráfico, sobre todo, tendo en conta que o principal incremento do tráfico de longa distancia debería ser absorbido pola Autovía AG-55. Por outra parte, esta taxa é inferior á máxima do 1,44 % anual acumulado considerada como umbral superior na *Orden FOM/3317/2010, de 17 de diciembre, por la que se aprueba la Instrucción sobre las medidas específicas*

para la mejora de la eficiencia en la ejecución de las obras públicas de infraestructuras ferroviarias, carreteras y aeropuertos del Ministerio de Fomento.

Polo tanto, e considerando a taxa de crecemento porcentual do 0,683 %, na seguinte táboa amosase o tráfico estimado para o ano 2030:

TREITO	ESTACIÓN DE AFORO	IMD (2020)	% PESADOS (2020)	IMD (2030)	% PESADOS (2030)	IMDpesados (2030)
T1: 34+400-34+860	AC-552(34)G1	16.811	5,6 %	17.509	5,6 %	981
T2: 44+300-45+080	AC-552(46)G0	1.940	5,6 %	2.021	5,6 %	113

Táboa 6. Estimación do tráfico no ano 2030

2.3 CATEGORÍA DE TRÁFICO

A determinación da categoría do tráfico pesado é un punto fundamental de cara tanto o dimensionamento dun novo firme, segundo o exposto nopunto4 da Norma 6.1 – I.C., como para a análise do estado actual do firme e do dimensionamento da súa rehabilitación, no caso de que fora precisa, segundo o exposto nos puntos 5.3 e 8.1 da Norma 6.3 – I.C.

TABLA 1.A – **CATEGORÍAS DE TRÁFICO PESADO**

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO	T00	T0	T1	T2	T3	T4
IMDp (vehículos pesados/día)	≥ 4 000	< 4 000 ≥ 2,000	< 2 000 ≥ 800	< 800 ≥ 200	< 200 ≥ 50	< 50

TABLA 1.B – **DIVISIÓN DE LAS CATEGORÍAS DE TRÁFICO PESADO T3 Y T4**

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO (*)	T31	T32	T41	T42
IMDp (vehículos pesados/día)	< 200 ≥ 100	< 100 ≥ 50	< 50 ≥ 25	< 25

(*) Estas subcategorías no podrán utilizarse en el caso de las antiguas carreteras convertidas en vías de servicio no agrícolas de autopistas o autovías interurbanas, salvo que las características del tráfico lo justifiquen y con autorización expresa de la Dirección General de Carreteras.

Figura 2. Categorias de tráfico pesado na Norma 6.1 – I.C.

A categoría do tráfico pesado vén dada pola Intensidade Media Diaria de pesados (IMDp) existente nos tramos considerados da rede viaria a estudio. Esta IMDp obterase, de xeito xeral, a partir dos aforos rexistrados nas mesmas, e tendo en conta que se estima que a metade desta IMDp circula por cada carril, na seguinte táboa sinalase a categoría de tráfico en cada treito do proxecto:

TREITO	IMDpesados (2030)	IMDpesados carril (2030)	CATEGORIA DE TRÁFICO PESADO
T1: 34+400-34+860	981	491	**T2**
T2: 44+300-45+080	113	57	**T32**

Táboa 7. Categoría do tráfico pesado segundo Norma 6.1 – I.C.

3 TRÁNSITO PEONIL E CICLISTA

Respecto do posible tránsito peonil e ciclista nos tramos de senda considerados no presente proxecto hai que considerar que non é esperable un volume significativo de peóns e/ou ciclistas. Así, no caso do Treito 1 en Montecelo tendo en conta os habitantes do núcleo segundo o INE (90 habitantes) non sería agardable unha intensidade diaria de peóns superior aos 300 peóns/día, una valor relativamente baixo, e fundamentalmente relacionado co acceso ao Carrefour de Coristanco ou cara os servizos localizados no núcleo de San Roque.

No caso do Treito 2 en Agolada, a poboación considerada no núcleo de Bormoio ascende a 332 habitantes, polo que tendo en conta que ademais o percorrido previsto comunica fundamentalmente este núcleo co Cemiterio de Agrillos, non é agardable unha intensidade diaria de peóns superior aos 300 peóns/día, una valor relativamente baixo.

Polo tanto, respecto do tránsito peonil, e/ou ciclista, non son esperables elevadas intensidades diarias de peóns, aínda que por razóns de seguridade viaria e de comodidade e confortabilidade dos peóns as actuacións previstas atópanse plenamente xustificadas

ANEXO Nº 9
TRAZADO

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 ACTUACIÓNS PROXECTADAS 2

3 SENDAS PEONÍS 3

3.1 CRITERIOS E CONSIDERACIÓNS XERAIS 3

3.2 CUMPRIMENTO DAS SOLUCIÓNS EMPREGADAS SEGUNDO A OC 4/2017 3

3.3 SEGREGACIÓN OU INTEGRACIÓN CO RESTO DE TRÁFICOS 4

3.4 CARACTERÍSTICAS XEOMÉTRICAS 4

3.4.1 TRAZADO EN PLANTA 4

3.4.2 TRAZADO EN ALZADO 4

3.5 SECCIÓNS TIPO 4

4 ACONDICIONAMENTO DE CURVA NO P.K. 34+625 8

4.1 NORMATIVA E DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA 8

4.2 DEFINICIÓN DA ESTRADA. CLASE DE ESTRADA 8

4.3 TIPO DE PROXECTO E FINALIDADE 9

4.4 CUMPRIMENTO DA NORMA 3.1-IC 9

5 DEFINICIÓN DO TRAZADO DO ACONDICIONAMENTO DE CURVA 9

5.1 NOVO EIXO NO PK 34+625 9

5.1.1 DESCRICIÓN DO TRAZADO EN PLANTA 9

5.1.2 PARÁMETROS DO TRAZADO EN PLANTA 10

5.1.3 ANÁLISE DA XEOMETRÍA EN PLANTA 10

5.1.4 PARÁMETROS DO TRAZADO EN ALZADO 11

1 OBXECTO

O obxecto do presente anexo é a definición do trazado dos eixos que definen as novas actuacións proxectadas, dúas novas sendas peonís en dous treitos entre os P.K. 34+400-34+860 e os P.K. 44+300-45+080 e o acondicionamento dunha curva no primeiro dos treitos, modificando o eixo da estrada entre os P.K. 34+400 e 34+860.

2 ACTUACIÓNS PROXECTADAS

As actuacións comprendidas no presente proxecto consisten na execución de sendas peonís, con posible compatibilidade co tránsito ciclista, en dous tramos da estrada AC552 ao seu paso polo termo municipal de Coristanco.

As obras localízanse na estrada AC552 no Concello de Coristanco, divididas en dous treitos:

- TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860
- TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

O TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860 localizase no núcleo de Montecelo (Coristanco), proporcionando continuidade á senda Carballo – Bértoa xa proxectada e continuando ao longo da marxe esquerda da estrada AC552 ata a beirarrúa existente no entorno do Centro Comercial Carrefour e a súa glorieta de acceso. Hai que sinalar que durante a redacción do proxecto decidiuse extender a senda peonil ata o PK 34+960 coa finalidade de dotar de continuidade e homoxeneidade ao itinerario no acceso ao Centro Comercial Carrefour. Neste Treito I ademais proxectase o acondicionamento da curva existente, procurando a mellora da súa seguridade e visibilidade.

O TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080 localizase no núcleo de Bormoio, proporcionando continuidade ás beirarrúas existentes no mesmo ata a vía de acceso ao Cemiterio de Agrillos, e atravesando no seu percorrido sobre a ponte do Río Calvar.

Na seguinte imaxe amosase a localización de ambos treitos dentro do Concello de Coristanco:



Figura 1. Localización dos treitos da actuación

Deste xeito, as actuacións proxectadas serán as seguintes:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

- Senda peonil
- Acondicionamento de curva

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

- Senda peonil

Nos seguintes apartados describirase o trazado e as características de cada unha das actuación proxectadas.

3 SENDAS PEONÍS

3.1 CRITERIOS E CONSIDERACIÓNS XERAIS

A análise do entorno, do tráfico e da demanda existente, os servizos afectados en cada un dos treitos, a dispoñibilidade dos terreos e a facilidade na execución das obras, as características das actuacións proxectadas de construción de sendas peonís na AC-552 descríbense a continuación.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

A senda peonil proxectada entre os PK 34+400 e 34+860 posúe distintas características segundo o seu entorno, dada a diversidade existente neste tramo. Así, hai que considerar que a primeira parte da senda peonil discorre por un solo de núcleo rural consolidado e no que xa existen beirarrúas, mentres que na súa parte final transcorre por unha zona na que a estrada pode considerarse como interurbana por atoparse nun solo rústico.

Deste xeito, entre o PK 34+400 e o PK 34+625 proxectase unha senda peonil mediante a renovación das beirarrúas existentes na actualidade, dentro do espazo delimitado como de titularidade pública, ben do titular da estrada AC552 ou ben de titularidade municipal segundo o catastro, e ocupando de ser preciso a liña de aparcamento para garantir a anchura axeitada da mesma. Deste xeito, aproveitarase o trazado das beirarrúas actuais para renovar e mellorar a infraestrutura, redefinindo a sección transversal e a tipoloxía actual.

Entre os PK 34+625 -34+715 proxectase unha senda peonil de nova implantación, aproveitando o acondicionamento da curva existente na actualidade e o retranqueo dun muro de pedra. Esta senda peonil de nova implantación continuará ata o PK 34+832 ao longo da súa marxe esquerda, dentro do espazo comprendido no dominio público viario, ampliando a sección transversal para poder albergar esta infraestrutura peonil.

A partir do cruce dunha pista municipal e do PK 34+855 e ata o PK. 34+960, proxectase unha senda peonil mediante a renovación das beirarrúas existentes na actualidade, realizando a ampliación da plataforma no caso de que o ancho das mesmas sexa inferior a 2,00 m, coa finalidade de garantir cumprimento da normativa de accesibilidade. Non obstante, naqueles puntos que pola súa configuración non se poida acadar esta dimensión, asegurase un ancho mínimo de 1,50 m. No caso de ser necesaria e posible a ampliación da plataforma realizase dentro do espazo delimitado como de titularidade pública. Por outra banda, a extensión da senda peonil ata a glorieta de acceso ao Centro Comercial Carrefour implica a súa continuidade polo vía de acceso á mesma ata un punto no que se poida implantar un paso de peóns coa suficiente seguridade e comodidade

TREITO 2. PK . 44+300 - 45+080

A senda peonil proxectada entre os PK . 44+300 - 45+080 posúe distintas características segundo o seu entorno e as particularidades da plataforma da estrada AC552 neste tramo. Así, hai que considerar un primeiro tramo entre o PK 44+353 e o PK 44+535 no que a senda peonil apoiase nunha plataforma vexetal existente contigua á cuneta que conforma a beiravía da estrada na súa marxe esquerda.

A partir do PK 44+535 e ata o PK 44+615 a senda peonil configurase como unha beiravía transitable, xa que se produce unha clara redución do espazo dispoñible, dado que o noiro existente nesta marxe dereita atopase moi pegado á plataforma da estrada e presenta un perfil vertical que dificulta a ampliación da mesma sen un elevado custe económico ou sen intervir sobre a cabeza do noiro e as propiedades e peches existentes na mesma.

Entre o PK 44+620 e o PK 44+680 a senda peonil configurase como un voladizo apoiado na Ponte sobre o Río Calvar, xa que non existe outra alternativa que permita o tránsito peonil en condicións de seguridade e comodidade, debido á topografía do entorno, co devandito curso fluvial encaixado nun pequeno val en V e a elevada pendente das abas do mesmo, e á tipoloxía da ponte, de anchura estrita e sen posibilidades de redistribución da sección transversal.

A partir do PK 44+680 e ata o PK 45+070 final, a senda peonil proxectase como unha infraestrutura de nova implantación, dentro do espazo comprendido no dominio público viario, ampliando a plataforma e a sección transversal na súa marxe dereita para poder albergar a senda.

3.2 CUMPRIMENTO DAS SOLUCIÓNS EMPREGADAS SEGUNDO A OC 4/2017

Segundo a OC 4/2017, o deseño da senda peonil en solos rústicos e zonas sen edificar deberá cumprir:

"Sempre que sexa posible optarase por expropiar algo máis de terreo para incluír a cuneta de seguridade e o separador vexetal, e executar sendas a nivel. Se non é posible executar a devandita cuneta a senda irá elevada minimamente respecto da calzada. O pavimento a empregar sobre a explanada definida no apartado 2 será chan tratado con cemento, de cor terrizo na zona peonil ou na zona compartida peonil e ciclista. Na zona de tránsito exclusivo para ciclistas a cor será verde óxido".

Por outra parte, o deseño da senda peonil en solos urbano e zonas edificadas deberá cumprir:

"En zonas con edificación dispersa o pavimento a empregar será de formigón, de cor terrizo en zona peonil ou zona compartida peonil e ciclista. En zona de tránsito exclusivo para ciclistas a cor será verde óxido.

En zonas con edificación continua o pavimento a empregar será de cor gris propio do material, sen aplicar ningún colorante na zona peonil ou na zona compartida peonil e ciclista. Na zona de tránsito exclusivo para ciclistas a cor será verde óxido".

Seguindo o sinalado na devandita OC 4/2017 os distintos tramos de senda peonil proxectados cumpren co recollido na mesma, agás as seguintes cuestións:

- Por falta de espazo e para non reducir a beiravía, ou no seu caso o aparcamento, non se disporá do separador vexetal e a cuneta, tanto nos tramos urbanos como nos solos rústicos.

- No Treito I, no entorno dos elementos patrimoniais existentes e identificados tanto no Catalogo do PBA como do PXOM e segundo o criterio da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o pavimento será mediante unha solución en formigón con acabado árido visto.

- No Treito II, entre o PK 44+535 e ata o PK 44+615 (80 m) será preciso empregar unha solución en beiravía transitable, xa que nin existe espazo na plataforma actual nin se considera posible ampliar a mesma, debido á existencia dun noiro cun perfil case que vertical.

- No Treito II, entre o PK 44+620 e o PK 44+680 (60 m), a senda peonil configurase como un tramo en voladizo na Ponte sobre o Río Calvar, xa que non é posible a redistribución da plataforma.

3.3 SEGREGACIÓN OU INTEGRACIÓN CO RESTO DE TRÁFICOS

Dadas as características do entorno, tanto no Treito I como no Treito II, e en función do espazo dispoñible, das características do tránsito peonil e do tráfico rodado, da funcionalidade da vía e do tipo de usuario considerouse que a solución máis axeitada atopase na integración do itinerario peonil na plataforma da estrada, nunha das súas marxes, mediante a separación cun bordo.

Non obstante, hai que sinalar que no caso do Treito II considerase unha solución de maior integración cunha beiravía transitable, xa que non é posible outra solución dentro dos parámetros técnicos e económicos que rexen este proxecto.

Por outra banda, só na parte final do Treito I e no ámbito do Río Calvar no Treito II poderíase contemplan unha alternativa de total segregación do itinerario peonil, independente da plataforma existente da estrada AC552. Sen embargo, e con independencia das obvias necesidades de expropiacións, no primeiro caso afectaríase a unha zona asolagable, polo que sería necesaria unha solución particular moito máis complexa e custosa, mentres que no segundo caso a alternativa implicaría construír unha pasarela peonil a menor cota, xunto con introducir elevadas pendentes no itinerario, o cal non se considerou axeitado.

3.4 CARACTERÍSTICAS XEOMÉTRICAS

De xeito xeral, e dadas as características das sendas peonís proxectadas, non se realizan modificacións respecto do trazado en planta, en canto as aliñacións do eixo da estrada, e respecto ao trazado en alzado, mantendo a rasante existente.

3.4.1 TRAZADO EN PLANTA

O trazado en planta, en particular as aliñacións existentes no eixo da estrada AC552 nos dous Treitos (I e II) considerados mantense, xa que as sendas peonís proxectadas foron deseñadas seguindo a o bordo da plataforma xa existente, cunha ampliación alí onde sexa necesario.

Non obstante, hai que sinalar que no Treito I, alí onde se realiza o acondicionamento da curva, o trazado da senda peonil adaptase a este novo eixo.

3.4.2 TRAZADO EN ALZADO

Dadas as características da actuación, adaptadas á plataforma existente da estrada AC552, non se definiu un trazado en alzado para as sendas peonís, xa que a súa rasante estará ligada á existente na actualidade na estrada AC552.

Non obstante, hai que sinalar que no Treito I, alí onde se realiza o acondicionamento da curva, o trazado en alzado da senda peonil adaptase a este novo eixo, que por outra parte manterá o existente na actualidade na estrada AC552, xa que non se prevé ningún cambio na rasante por tratarse dunha ampliación da plataforma para a mellora do radio da curva actual.

3.5 SECCIÓNS TIPO

Tendo en conta o entorno das sendas peonís proxectadas e o espazo dispoñible definíronse distintas seccións transversais tipo en base ao sinalado nas OC 3/2016 e OC 4/2017. Non obstante, tal e como se sinalou en apartados precedentes, nalgún caso houbo que considerar excepcións debido aos condicionantes de partida existentes.

A continuación, recóllense as distintas seccións tipo transversais definidas.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Respecto ás seccións tipo transversais no Treito I definíronse cinco (5) tipoloxías segundo o entorno e os condicionantes existentes.

STI.1. SECCIÓN TIPO I.1. BEIRARRÚAS EN ZONA EDIFICADA (PK 34+400 a 34+570)

A sección STI.1. BEIRARRÚAS empregarase nas zonas nas que existen na actualidade beirarrúas en entorno edificado, renovando a súa tipoloxía polo modelo de senda peonil establecido nas devanditas ordes circulares. Esta sección tipo mantén o estacionamento existente para a partir do bordo implantar a senda peonil ata o límite do parcelario de titularidade pública.

Dentro desta sección tipolóxica considerase unha variación no pavimento naqueles casos nos que se permita o acceso dos vehículos ás parcelas lindeiras, reforzando o sección estrutural cun mallazo, tal e como se define no Anexo nº 11. Firmes e Pavimentos.



ST.I.1 - BEIRARRÚAS EN ZONA EDIFICADA (SENDA s/OC 4/2017)
(P.K. 34+400 - 34+570)

Figura 2. Sección Tipo ST.I.1. Beirarrúas en Zona Edificada. Senda



ST.I.1 - BEIRARRÚAS EN ZONA EDIFICADA (SENDA ARMADA)
(P.K. 34+400 - 34+570)

Figura 1. Sección Tipo ST.I.1. Beirarrúas en Zona Edificada. Senda Armada

STI.2. SECCIÓN TIPO I.2. ENTORNO ELEMENTOS PATRIMONIAIS (PK 34+570 a 34+630)

A sección STI.2. ENTORNO ELEMENTOS PATRIMONIAIS empregarase no entorno dos elementos catalogadas como Patrimonio Cultural, renovando a beirarrúa existente, pero mediante un pavimento de formigón con árido visto, sen contar con estacionamento e mantendo unha beiravía de 1 m de ancho.

Dentro desta sección tipo existen unha subseccións, na que na súa zona inicial e para facilitar a transición entre a tipoloxía anterior mantense o estacionamento.



ST.I.2 - SENDA ENTORNO ELEMENTOS CATALOGADOS
(P.K. 34+570 - 34+630)

Figura 2. Sección Tipo ST.I.2. Entorno Elementos Patrimoniais con estacionamento

*A sección sen estacionamento será igual contando cunha beiravía de 1,00 m en vez do aparcamento

STI.3. SECCIÓN TIPO I.3. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE (PK 34+630 a 34+700)

A sección STI.3. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE empregarase no acondicionamento da curva considerada neste treito e ao longo do muro de peche de pedra que será retranqueado e trasladado. A tipoloxía é a definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, o contacto entre a senda peonil e o muro de pedra realizarase mediante unha banda de lastro de granito de 10 cm.



ST.I.3 - NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE
(P.K. 34+630 - 34+730)

Figura 3. Sección Tipo ST.I.3. Nova implantación muro de peche

STI.4. SECCIÓN TIPO I.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO (PK 34+730 a 34+860)

A sección STI.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO empregarase no último parte deste treito, segundo a tipoloxía definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, e dado que hai unha notable diferencia de cota entre a plataforma da estrada e o terreo natural, considerase a necesidade de empregar un pequeno muro de pedra para reducir o noiro resultante.



ST.I.4 - NOVA IMPLANTACIÓN (MURO DE ESCOLLEIRA)
(P.K. 34+730 - 34+860)

Figura 4. Sección Tipo ST.I.4. Nova implantación solo rústico

STI.5. SECCIÓN TIPO I.5. BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA (PK 34+860 a 34+960)

A sección STI.5. BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA empregarase na extensión deste treito ata a glorieta de acceso ao Centro Comercial Carrefour mediante a renovación das beirarrúas existentes nun entorno sen edificación e lindeiro co terreo rústico. Esta sección consiste na tipoloxía definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, e dado que nalgún punto inicial pode haber unha notable diferencia de cota entre a plataforma da estrada e o terreo natural, considerase a necesidade de empregar un pequeno muro de pedra para reducir o noiro resultante.



ST.I.5 - BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA (MURO DE ESCOLLEIRA)
(P.K. 34+860 - 34+960)

Figura 5. Sección Tipo ST.I.5. Beirarrúas en zona non edificada (muro de escolleira)



ST.I.5 - BEIRARRÚAS EN ZONA NON EDIFICADA (NOIRO)
(P.K. 34+860 - 34+960)

Figura 6. Sección Tipo ST.I.5. Beirarrúas en zona non edificada (noiro)

TREITO 2. PK . 44+300 - 45+080

Respecto ás seccións tipo transversais no Treito I definíronse catro (4) tipoloxías segundo o entorno e os condicionantes existentes.

STII.1. SECCIÓN TIPO II.1. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE (PK 44+350 a 44+530)

A sección STII.1. NOVA IMPLANTACIÓN MURO DE PECHE empregarase no primeiro tramo da senda peonil, no que na marxe dereita situase un muro de peche que delimita a plataforma existente. A tipoloxía é a definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando como separación coa calzada a cuneta de formigón existente na actualidade. Naqueles puntos onde sexa preciso pola presenza dun acceso a unha propiedade o pavimento da senda peonil será reforzado con mallazo.



Figura 7. Sección Tipo ST.II.1. Nova implantación muro de peche

STII.2. SECCIÓN TIPO II.2. BEIRAVÍA TRANSITABLE (PK 44+530 a 44+620)

A sección STII.2. BEIRAVÍA TRANSITABLE empregarase no tramo tras a anterior sección e ata a Ponte sobre o Río Calvar onde os condicionantes do entorno dificultan considerablemente a posibilidade de ampliación da plataforma pola presenza dun noiro practicamente vertical. Deste xeito, aproveitarase a cuneta existente de formigón como beiravía transitable, dotándoa do pavimento preciso e do balizamento que permita sinalizar a presenza de peóns. Esta cuneta poderá ser ampliada ata o pé do noiro alí onde sexa posible, intentando manter alúmenos unha anchura de 1,50 m.



Figura 8. Sección Tipo ST.II.2. Beiravía transitable

STII.3. SECCIÓN TIPO II.3. SENDA EN VOLADIZO (PK 44+620 a 44+680)

A sección STII.3. SENDA EN VOLADIZO empregarase no tramo que discorre apoiado na Ponte sobre o Río Calvar, a cal debe ser ampliada mediante un voladizo que permita a integración na plataforma do espazo preciso para a senda peonil. Este voladizo e a súa tipoloxía descríbese no Anexo 13. Estruturas.



Figura 9. Sección Tipo ST.II.3. Senda en voladizo

STII.4. SECCIÓN TIPO II.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO (PK 44+680 a 45+070)

A sección STI.4. NOVA IMPLANTACIÓN SOLO RÚSTICO empregarase no último parte deste treito, segundo a tipoloxía definida na OC 4/2017 para solos rústicos e edificación dispersa, pero que polos condicionantes de espazo non terá separador verde, e deixando un ancho mínimo de beiravía de 1,00 m. Por outra parte, e dado que nalgunha zona existe algunha diferencia de cota entre a plataforma da estrada e o terreo natural, considerase a necesidade de empregar un pequeno muro de pedra para reducir o noiro resultante.

Dentro desta sección tipolóxica considerase unha variación no pavimento naqueles casos nos que se permita o acceso dos vehículos ás parcelas lindeiras, reforzando o sección estrutural cun mallazo, tal e como se define no Anexo nº 11. Firmes e Pavimentos.



ST.II.4 - NOVA IMPLANTACIÓN EN SOLO RÚSTICO (MURO ESCOLLEIRA) (P.K. 44+680 - 45+070)

Figura 10. Sección Tipo ST.II.4. Nova implantación solo rústico (Muro de escolleira)



ST.II.4 - NOVA IMPLANTACIÓN EN SOLO RÚSTICO (NOIRO VERDE) (P.K. 44+680 - 45+070)

Figura 11. Sección Tipo ST.II.4. Nova implantación solo rústico (Noiro)

4 ACONDICIONAMENTO DE CURVA NO P.K. 34+625

Coa finalidade de mellorar a seguridade viaria, proxectase no PK 34+625 o acondicionamento da curva existente no Treito I. Esta mellora local do trazado descríbese a continuación. Neste senso, só se fará referencia ao Treito I, xa que no Treito II mantense en todo momento a aliñación actual e non se realiza ningunha clase de modificación puntual do eixo da estrada AC-552.

4.1 NORMATIVA E DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA

A definición xeométrica do trazado apoiase coa referencia das seguintes instrucións e recomendacións, tanto para o acondicionamento da curva como para as sendas:

- "Instrución de estradas. Norma 3.1-IC", aprobada segundo Orde FOM/273/2016, con data 19 de febreiro de 2016, publicada no B.O.E. número 55 do 4 de marzo de 2016.
- "Orde Circular 3/2007, Instrución de accesos nas estradas convencionais de titularidade autonómica dá comunidade autónoma de Galicia"
- "Orde Circular 2/2017, pola que se regulan os accesos na rede autonómica de estradas de Galicia".

4.2 DEFINICIÓN DA ESTRADA. CLASE DE ESTRADA

A AC-552 pertence á rede primaria básica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Neste tramo da AC-552 obxecto deste documento a velocidade máxima da vía limitarase a 50 km/h como medida para mellorar a seguridade, polo que segundo as indicacións da Norma de Trazado poderíase clasificar a estrada como tipo C-50, correspondente ao Grupo 3, segundo a clasificación establecida no apartado 2.1 da esta norma.

Como medida complementaria proponse modificar a xeometría da estrada no P.K. 34+625, aumentando a seguridade, acondicionando a curva existente.

Atendendo ás características esenciais da AC-552 pódense establecer as seguintes clases:

- Segundo a independencia das súas calzadas: O viario considérase como estrada de calzada única ao non existir separación física en ambos os sentidos de circulación.
- Segundo o grao de control de accesos: O viario considérase como estrada con accesos directos, non existen limitacións establecidas para os mesmos.
- Segundo as condicións orográficas: En todo o tramo considérase un tipo liso, xa que a liña do terreo natural atravesado non posúe oscilación significativa
- Segundo as condicións da contorna urbanística: Defínense dous tramos, un primeiro tramo (PK 34+400 a PK 34+715) de carácter urbano por atoparse nun solo de núcleo rural e un segundo tramo (PK 34+715 a PK 34+860) de carácter interurbano por atoparse en chan de solo rústico.

- Segundo a funcionalidade do sistema viario: A clasificación legal do viario é de estrada convencional dentro da modalidade de estrada de calzada única; a categorización funcional aplicable, de acordo con o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, é a de estrada incluída na rede estrutúrante.

4.3 TIPO DE PROXECTO E FINALIDADE

A Instrución de estradas. Norma 3.1-IC, no seu apartado 2.3, distingue os seguintes tipos de proxectos:

- *Proxecto de novo trazado*: É aquel que ten como finalidade a definición dunha vía de comunicación non existente ou da modificación funcional dunha vía en servizo mediante un trazado independente, que permita mantela cun nivel de servizo adecuado.
- *Proxecto de duplicación de calzada*: É aquel que ten como finalidade a transformación dunha estrada convencional noutra de calzadas separadas, mediante a construción dunha nova calzada, xeralmente moi próxima e aproximadamente paralela á existente. Estes proxectos adoitan incluír modificacións locais do trazado existente, supresión de cruces a nivel, reordenación de accesos e, en xeral, as variacións necesarias para alcanzar as características de autoestrada, autovía ou estrada multicarril.
- *Proxecto de acondicionamento*: É aquel que ten como finalidade a modificación das características xeométricas da estrada existente, con actuacións tendentes a mellorar os tempos de percorrido, o nivel de servizo e a seguridade da circulación.
- *Proxecto de melloras locais*: É aquel que ten como finalidade a modificación das características xeométricas de elementos illados da estrada por necesidades funcionais e de seguridade.
- *Proxecto de actuacións específicas*: É aquel que ten como finalidade a mellora dalgún elemento constitutivo dunha estrada en servizo (firme, drenaxe, sinalización, balizamento, sistemas de contención, iluminación, plantacións, etc.).

As obras proxectadas no presente documento correspóndense con dous dos tipos anteriores de acordo con a súa finalidade.

- Por unha banda proxéctanse unha serie de actuacións que non modifican a xeometría do viario (Sinalización, balizamento,…) cunha finalidade propia dun Proxecto de Actuacións Específicas.

- Doutra banda proxéctase un cambio puntual do eixo, acondicionando unha curva, o suporá a modificación de forma illada das características xeométricas da vía, aumentando a seguridade no trazado e mellorando a funcionalidade da mesma, correspondente a un Proxecto de Melloras Locais.

-

4.4 CUMPRIMENTO DA NORMA 3.1-IC

A “Instrución de estradas. Norma 3.1-IC”, ao final do apartado 2.3, cita textualmente:

“A presente Norma non será de aplicación nos proxectos de melloras locais e de actuacións específicas”.

De acordo con este parágrafo, e atendendo á clasificación de proxecto definida no apartado anterior, non é de obrigado cumprimento a “Instrución de estradas. Norma 3.1-IC” á hora de definir as actuacións contempladas neste documento.

De todos os xeitos tratouse de cumprir na medida do posible a citada norma, do mesmo xeito que o resto de documentación de referencia.

5 DEFINICIÓN DO TRAZADO DO ACONDICIONAMENTO DE CURVA

O obxecto deste apartado é definir as condicións de trazado do cambio no eixo da estrada (PK 34+625) co obxectivo de acondicionar a curva existente na actualidade, incrementando o seu radio.

5.1 NOVO EIXO NO PK 34+625

5.1.1 DESCRICIÓN DO TRAZADO EN PLANTA

Debido a necesidade de mellorar a seguridade viaria na curva existente no Treito I proxectase o acondicionamento da mesma mediante a mellora local do seu radio de curvatura.

Deste xeito, cando na actualidade a curva existente posúe un radio de xiro de 89 m, a mellora local proxectada permite acadar un radio de xiro de 150 m.

Esta mellora do trazado en planta só supón o incremento do radio de xiro da curva desde o PK 34+625 ata o PK 34+725, nunha lonxitude de 100 m, mantendo tanto o número de carrís como a anchura dos mesmos. Neste senso, o acondicionamento da curva supón unha ampliación da plataforma cara o interior da curva, coa finalidade de mellorar o seu radio de xiro.

Figura 12. Esquema do acondicionamento da curva no PK34+625

5.1.2 PARÁMETROS DO TRAZADO EN PLANTA

As características xeométricas máis significativas da mellora local da curva son as seguintes:

- Ancho de carrís:
- Ancho de beiravía:
- Radio da curva:
- Clotoide de entrada:
- Clotoide de saída:.

5.1.3 ANÁLISE DA XEOMETRÍA EN PLANTA

Desde o punto de vista da xeometría en planta, os principais parámetros para caracterizar o novo eixo son os seguintes:

Tangent Data

Description	PT Station	Northing	Easting
Start:	344+00.000	4.782.990.072	522.914.945
End:	345+85.059	4.782.979.502	522.730.188

Tangent Data

Parameter	Value	Parameter	Value
Length:	185.059	Course:	S 86° 43' 31.8918" W

-

Spiral Point Data

Description	Station	Northing	Easting
TS:	345+85.059	4.782.979.502	522.730.188
SPI:		4.782.977.786	522.700.202
SC:	346+30.059	4.782.974.695	522.685.491

Spiral Curve Data: clothoid

Parameter	Value	Parameter	Value
Length:	45.000	L Tan:	30.035
Radius:	150.000	S Tan:	15.032
Theta:	08° 35' 39.7209"	P:	0.562
X:	44.899	K:	22.483
Y:	2.246	A:	82.158
Chord:	44.955	Course:	S 83° 51' 40.6170" W

-

Curve Point Data

Description	Station	Northing	Easting
SC:	346+30.059	4.782.974.695	522.685.491
RP:		4.782.827.902	522.716.342
CS:	346+78.165	4.782.957.485	522.640.789

Circular Curve Data

Parameter	Value	Parameter	Value
Delta:	18° 22' 31.4248"	Type:	LEFT
Radius:	150.000		
Length:	48.107	Tangent:	24.262
Mid-Ord:	1.924	External:	1.949
Chord:	47.901	Course:	S 68° 56' 36.4585" W

-

Spiral Point Data

Description	Station	Northing	Easting
CS:	346+78.165	4.782.957.485	522.640.789
SPI:		4.782.949.913	522.627.803
ST:	347+23.165	4.782.931.077	522.604.407

Spiral Curve Data: clothoid

Parameter	Value	Parameter	Value
Length:	45.000	L Tan:	30.035
Radius:	150.000	S Tan:	15.032
Theta:	08° 35' 39.7209"	P:	0.562
X:	44.899	K:	22.483
Y:	2.246	A:	82.158
Chord:	44.955	Course:	S 54° 01' 32.3000" W

-

Tangent Data

Description	PT Station	Northing	Easting
Start:	347+23.165	4.782.931.077	522.604.407
End:	349+23.924	4.782.805.176	522.448.034

Tangent Data

Parameter	Value	Parameter	Value
Length:	200.758	Course:	S 51° 09' 41.0251" W

Táboa 1. Principais características xeométricas en planta do eixo no Treito I

PVI	Station	Grade Out	Curve Length	
0.00	34+400.00	0.40%		
1.00	34+608.35	-1.40%	81.957m	
	Vertical Curve Information:(crest curve)			
	PVC Station:	34+567.37	Elevation:	100.308m
	PVI Station:	34+608.35	Elevation:	100.471m
	PVT Station:	34+649.33	Elevation:	99.898m
	High Point:	34+585.54	Elevation:	100.344m
	Grade in:	0.40%	Grade out:	-1.40%
	Change:	1.80%	K:	456.155.472.455.142
	Curve Length:	81.957m		
	Passing Distance:	901.651m	Stopping Distance:	410.867m
2.00	34+750.02	-0.58%	75.235m	
	Vertical Curve Information:(sag curve)			
	PVC Station:	34+712.41	Elevation:	99.016m
	PVI Station:	34+750.02	Elevation:	98.490m
	PVT Station:	34+787.64	Elevation:	98.272m
	Low Point:	34+787.64	Elevation:	98.272m
	Grade in:	-1.40%	Grade out:	-0.58%
	Change:	0.82%	K:	917.940.965.326.549
	Curve Length:	75.235m		
	Headlight Distance:			
3.00	34+840.47	0.58%	92.882m	
	Vertical Curve Information:(sag curve)			
	PVC Station:	34+794.02	Elevation:	98.235m
	PVI Station:	34+840.47	Elevation:	97.966m
	PVT Station:	34+886.91	Elevation:	98.234m
	Low Point:	34+840.53	Elevation:	98.101m
	Grade in:	-0.58%	Grade out:	0.58%
	Change:	1.16%	K:	803.499.537.943.829
	Curve Length:	92.882m		
	Headlight Distance:			

5.1.4 PARÁMETROS DO TRAZADO EN ALZADO

Respecto das características xeométricas do trazado en alzado hai que sinalar que non se producen modificacións respecto da rasante actual, xa que dalgún xeito pode considerarse a mellora da curva como unha ampliación da plataforma. A continuación, sinálanse as principais características do trazado en alzado.

PVI	Station	Grade Out	Curve Length	
4.00	34+905.00	1.35%	10.363m	
	Vertical Curve Information:(sag curve)			
	PVC Station:	34+899.82	Elevation:	98.309m
	PVI Station:	34+905.00	Elevation:	98.339m
	PVT Station:	34+910.18	Elevation:	98.409m
	Low Point:	34+899.82	Elevation:	98.309m
	Grade in:	0.58%	Grade out:	1.35%
	Change:	0.77%	K:	133.866.333.425.237
	Curve Length:	10.363m		
	Headlight Distance:			

Táboa 2. Principais características xeométricas en alzado do eixo no Treito I

ANEXO Nº 10
MOVEMENTO DE TERRAS

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 CLASIFICACIÓN DOS MATERIAIS 2

3 ESTUDO DE COMPENSACIÓNS 2

3.1 ACHEGUES 2

3.2 NECESIDADES 2

3.3 COMPENSACIÓN 3

1 OBXECTO

O obxecto do presente anexo é o estudo das necesidades de terras, cuantificando os movementos e o volume dos mesmos, das actuacións proxectadas no PROXECTO DE CONSTRUCIÓN SENDAS NA AC-552. TREITOS: 34+400-34+860 e 44+300-45+080.

Neste anexo realizase a cuantificación do volume dos materiais necesarios para a formación de terrapléns ou os resultantes das distintas operacións de desmonte, saneo e escavación, co fin de estimar aqueles que puidesen ser obxecto de compensación e aproveitamento nas diferentes actuacións proxectadas.

Con este fin, o presente anexo estrutúrase nos seguintes apartados:

- Clasificación de materiais: a partir dos resultados do estudo xeolóxico e xeotécnico, clasificáronse os distintos materiais que se prevé obter ao longo da traza da senda. Así, estimarase o volume de material escavado e de material dispoñible para o recheo dos terrapléns.

- Estudo de compensacións: a partir dos datos de clasificación dos materiais procedentes da escavación e das medicións reflectidas no orzamento, obtéñense os volumes resultantes das diferentes unidades consideradas no movemento de terras, o cal permite estimar as necesidades de materiais de préstamo ou material sobrante, para xestionar mediante o seu depósito en vertedoiro. Para iso, aplícanse os correspondentes coeficientes de paso a cada tipo de material obtido nos desmontes e outras operacións de escavación e saneo da traza do camiño.

2 CLASIFICACIÓN DOS MATERIAIS

Considerando a información recollida no Anexo nº4. Xeoloxía e Xeotecnia, considerase que todo o material procedente da escavación da traza pode ser empregado para a formación de núcleo de terraplén, supoñendo que se trata dun solo adecuado, e aplicando un valor de 1,06 de coeficiente de esponxamento, segundo o sinalado no PG-3.

3 ESTUDO DE COMPENSACIÓNS

De acordo cos datos recollidos na táboa anterior, realizouse o seguinte balance de terras considerando os achegues obtidos a partir das unidades de obra de escavación xunto coas necesidades derivadas da formación de terrapléns e recheos para a implantación das sendas.

3.1 ACHEGUES

Os volumes de terras extraídos das diferentes unidades de obra serán os seguintes:

TREITO I. P.K. 34+400 - 34+860	
UNIDADE DE OBRA	**VOLUME (m^3)**
GOB.02.01.080 - Escavación en gabia en terreo sen clasificar	273,00
GOB.02.01.180 - Escavación en caixa en terreo sen clasificar	1952,44
Terra Vexetal (0,30 m3/m2)	131,28
TOTAL TREITO I	**2.356,72**
TREITO II. P.K. 44+300 - 45+080	
UNIDAD DE OBRA	**VOLUME (m^3)**
GOB.02.01.080 - Escavación en gabia en terreo sen clasificar	482,84
GOB.02.01.180 - Escavación en caixa en terreo sen clasificar	419,52
GOB.02.01.200 - Escavación en caixa en terreo de tránsito	283,50
Terra Vexetal (0,30 m3/m2)	349,15
TOTAL TREITO II	**1.535,71**
TOTAL	**3.891,73**

Táboa 1. Volume de terras de achegues

3.2 NECESIDADES

Os volumes de terras requiridos para os recheos e a implantación das sendas serán os seguintes:

TREITO I. P.K. 34+400 - 34+860	
UNIDADE DE OBRA	**VOLUME (m^3)**
GOB.02.02.020 - Terraplén con solos procedentes de préstamos	142,97
GOB.02.02.030 - Pedraplén con materiais procedentes da escavación	366,20
GOB.02.02.090 - Recheo con material granular sen clasificar	307,03
GOB.02.02.100 – Solo estabilizado in situ tipo S-EST2	142,97
GOB.02.02.210 - Recheo localizado en gabias con s.seleccionados (prestamos)	273,00
TOTAL TREITO I	**1.232,17**
TREITO II. P.K. 44+300 - 45+080	
UNIDADE DE OBRA	**VOLUME (m^3)**
GOB.02.02.030 - Pedraplén con materiais procedentes da escavación	290,92
GOB.02.02.050 - Coronación de terraplén con s. seleccionados (préstamos)	18,90
GOB.02.02.090 - Recheo con material granular sen clasificar	232,67
GOB.02.02.170 - Recheo localizado en trasdós (s.seleccionados préstamos)	42,53
GOB.02.02.210 - Recheo localizado en gabias con s.seleccionados (prestamos)	482,84
TOTAL TREITO II	**1.067,86**
TOTAL	**2.300,03**

Táboa 2. Volume de terras de necesidades

3.3 COMPENSACIÓN

Por tanto, e tendo en conta os volumes de terras descritos nos anteriores puntos, e considerando un volume de esponxamento de 1,06, o balance de compensación de terras é o seguinte:

MATERIAL PARA RECHEOS E TERRAPLENS (m^3)				
LOCALIZACIÓN	**TIPO**	**NECESIDADES**	**PROCEDENCIA**	
			EXCAVACIÓN	**PRÉSTAMO**
TREITO I	Seleccionado	415,97	0	415,97
	Adecuado/Tolerable	816,20	816,20	0
TREITO II	Seleccionado	544,27	0	544,27
	Adecuado/Tolerable	523,59	523,59	0
TOTAL		**2.300,03**	**1.339,79**	**960,24**

Táboa 3. Material para recheos e terraplens

MATERIAL A VERTEDOIRO (m^3)				
UNIDADE	**EXTRAÍDO**	**UTILIZADO**	**COEFICIENTE**	**VERTEDOIRO**
GOB.02.01.080 - Escavación en gabia en terreo sen clasificar	755,84	0	1,06	801,19
GOB.02.01.180 - Escavación en caixa en terreo sen clasificar	2.371,96	1.339,79	1,06	1.094,10
GOB.02.01.200 - Escavación en caixa en terreo de tránsito	283,5	283,5	1,06	0,00
Terra Vexetal (0,30 m3/m2)	480,43	0	1,06	509,26
SUMA				**2.404,55**

Táboa 4. Material a vertedoiro

ANEXO Nº 11
FIRMES E PAVIMENTOS

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DE FIRMES E PAVIMENTOS 2

3 FIRMES 3

3.1 CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO 3

3.2 FIRME ESTRADA AC-552. ACONDICIONAMENTO DE CURVA 3

3.3 FIRME ESTRADA AC-552. PONTE SOBRE O RÍO CALVAR 5

3.4 CRUCES DE CALZADAS 6

4 PAVIMENTOS 7

4.1 SENDA PEONIL MIXTA (USO MIXTO NON DEPORTIVO) 7

4.2 SENDA PEONIL EN ZONA DE ACCESO A PROPIEDADES 9

4.3 SENDA PEONIL. ENTORNO PATRIMONIO CATALOGADO (PK 34+570 A 34+630 10

4.4 BEIRAVÍA TRANSITABLE 10

4.5 SENDA SOBRE VOLADIZO: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR 10

4.6 RAMPLAS E VAOS 11

1 OBXECTO

O presente anexo ten por obxecto a definición dos firmes e pavimentos empregados na implantación das actuacións nas que consiste o proxecto SENDAS NA AC-552. TREITOS: 34+400-34+860 e 44+300-45+080.

2 CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DE FIRMES E PAVIMENTOS

A selección dos paquetes de firme e dos pavimentos empregados na definición das actuacións do presente proxecto, tanto no que respecta aos itinerarios peonís, coa posibilidade de que nalgún punto ou tramo poidan ser compartidos coa bicicleta, como aqueles ámbitos nos que se actúa sobre a calzada, basease nas recomendacións e criterios expostos nas seguintes normativas:

- Orde Circular 4/2016 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Orde circular 3/2016
- Orde Circular 4/2017 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Ordes Circulares 3/2016 e 4/2016
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 35/2000, mentres non se desenvolva a disposición regulamentaria da Lei 10/2014, en todo o que non contradiga á devandita normativa vixente na actualidade)
- Caminos Naturales. Manual de aspecto constructivos. 6. Normalización de aspectos constructivos del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.
- Orden FOM/3460/2003, de 28 de noviembre, por la que se aprueba la norma 6.1 IC Secciones de firme, de la Instrucción de Carreteras (BOE de 12 de diciembre de 2003)

Os principais criterios, baseados nas anteriores normativas e recomendacións, empregados para a elección e definición dos pavimentos e firmes son os sinalados a continuación:

TREITO: 34+400 e 34+860

Neste primeiro treito considerase unha senda peonil continua empregando para iso as recomendacións recollidas nas devanditas ordes circulares. Deste xeito, considéranse os seguintes criterios:

- Empregarase un pavimento na senda peonil para uso mixto, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos puntos nos que poida existir circulación de vehículos para o acceso a vivendas, predios ou garaxes empregarase un pavimento cunha sección resistente axeitada e compatible con esta circulación, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos tramos de nova implantación da senda procurase empregar o ancho recomendado e que permita cumprir coa normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas vixentes.
- Nas zonas consolidadas pola edificación e nas que exista xa beirarrúa procurase que, aparte de proporcionar o ancho pertinente, a senda peonil dote de continuidade e unidade ao espazo público, polo que se estenderá ata o limite da aliñación, ben a fachada ou ben o peche da parcela.
- No entorno dos elementos patrimoniais catalogados empregarase un pavimento que permita unha mellor integración dos mesmos e da senda peonil no seu espazo de afección, este pavimento estará baseado nas recomendacións proporcionadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- No acondicionamento da curva existente, na cal será preciso a ampliación da plataforma existente, empregarase un paquete de firme axeitado e segundo o recollida na Norma 6.1 – I.C., considerando a carga de tráfico actual e prevista.

TREITO: 44+300 e 45+080

Neste segundo treito considerase unha senda peonil, na que debido aos condicionantes existentes, e para permitir a súa continuidade será preciso empregar unha maior diversidade de solucións.

- De forma xeral empregarase un pavimento na senda peonil para uso mixto, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos puntos nos que poida existir circulación de vehículos para o acceso a vivendas, predios ou garaxes empregarase un pavimento cunha sección resistente axeitada e compatible con esta circulación, segundo as seccións recomendadas nas devanditas ordes circulares.
- Nos tramos de nova implantación da senda procurase empregar o ancho recomendado e que permita cumprir coa normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas vixentes.
- Nas zonas nas que a configuración da estrada e do seu entorno non sexa posible a implantación dunha sección axeitada, considerase a redución dos estándares coa finalidade de permitir un itinerario peonil cunha certa seguridade, empregando unha solución de beiravía transitable.
- Na Ponte sobre o Río Calvar, na cal a senda peonil establecerase mediante un voladizo, o pavimento empregado estará integrado na propia estrutura, agás unha capa superficial para o tránsito peonil mediante tratamento epoxídico.

3 FIRMES

Nos seguinte apartados realizase a definición dos firmes proxectados naqueles tramos nos que se executará algún tipo de actuación que implique o acondicionamento da calzada ou das zonas viarias nas que se contempla un tráfico fundamentalmente asociado a vehículos motorizados. Tratase dos seguintes puntos:

- Entre os PK 34+585 e 34+725 nos cales realizase o acondicionamento da curva existente mediante unha lixeira rectificación do seu radio de xiro, coa finalidade de mellorar a súa visibilidade e incrementar a seguridade viaria.
- Nos cruces de calzadas e camiños transversais e nos que se realice algún tipo de actuación para asegurar a continuidade da senda peonil e os servizos asociados e que implique algún tipo de modificación e/ou renovación do firme existente.

No establecemento das posibles solucións a executar tívose en conta a Norma 6.1 – I.C. “Secciones de Firme” e as recomendacións sinaladas nas mesmas.

3.1 CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO

O punto de partida de cara a definir os firmes que se empregarán no acondicionamento da calzada é a categoría do tráfico, a cal se identifica a partir do recollido no artigo 4 da Norma 6.1 – I.C. “Secciones de Firme”.

Neste senso, a estrutura do firme deberá axeitarse á acción do tráfico pesado, polo que a súa configuración dependerá da intensidade media diaria de vehículos pesados (IMDp) prevista no carril de proxecto para o ano de posta en servizo do proxecto.

A avaliación da IMDp realizarase a partir dos datos dispoñibles e tendo en conta a evolución do tráfico pesado, tal e como se realizou no Anexo nº 8. Tráfico. Respecto da asignación por carrís para a determinación da categoría de tráfico pesado considerase:

- En calzadas de dous carrís e con dobre sentido de circulación, incide sobre cada carril a metade dos vehículos pesados que circulan pola calzada.
- En calzadas de dous carrís por sentido de circulación, no carril exterior considerase a categoría de tráfico pesado correspondente a todos os vehículos pesados que circulan nese sentido.
- En calzadas de tres ou máis carrís por sentido de circulación, considerase que actúa sobre o exterior o 85 % dos vehículos pesados que circulan nese sentido.

Deste xeito, e considerando que a estrada AC552 tratase dunha vía de dous carrís e con dobre sentido de circulación, incide sobre cada carril a metade dos vehículos pesados que circulan pola calzada.

As categorías de tráfico pesado consideradas na devandita Norma 6.1 – I.C. son as que se sinalan na seguinte figura:

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO	T00	T0	T1	T2
IMDp (vehículos pesados/día)	≥ 4 000	< 4 000 ≥ 2 000	< 2 000 ≥ 800	< 800 ≥ 200

TABLA 1.B. **CATEGORÍAS DE TRÁFICO PESADO T3 Y T4**

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO	T31	T32	T41	T42
IMDp (vehículos pesados/día)	< 200 ≥ 100	< 100 ≥ 50	< 50 ≥ 25	< 25

Figura 1. Categorías de tráfico pesado na Norma 6.1 – I.C.

Tendo en as previsións determinadas no Anexo nº 8. Tráfico e na figura anterior, na táboa seguinte amósanse os resultados da IMDp:

TREITO	IMDp (2020) total/***carril***	IMDp (2030) total/***carril***	CATEGORÍA TRÁFICO
TREITO 1. : 34+400 e 34+860	941/**471**	981/**491**	**T2**
TREITO 2. : 44+300 e 45+080	109/**55**	113/**57**	**T32**

Táboa 1. Variables para a selección do paquete de firmes: acondicionamento da curva do Treito 1

Polo tanto a categoría de tráfico pesado será T2 para o TREITO I e T32 para o TREITO II.

3.2 FIRME ESTRADA AC-552. ACONDICIONAMENTO DE CURVA

A definición do paquete de firme a executar na zona de acondicionamento da curva no .TREITO 1. : 34+400 e 34+860 estará baseada nas seccións de firme sinaladas na Norma 6.1 – IC “Secciones de Firme”, e que se establecen en función da explanada dispoñible e da categoría de tráfico pesado. O acondicionamento da curva realizarase entre os PK 34+590 e 34+730.

Neste senso, e tendo en conta o sinalado no *Anexo nº 8. Tráfico*, considéranse os seguintes parámetros respecto da categoría de tráfico e da explanada existente.

CATEGORÍA DE TRÁFICO	T2
EXPLANADA	E2

Táboa 2. Variables para a selección do paquete de firmes: acondicionamento da curva do Treito 1

Respecto da explanada considerase, por seguridade, que a existente na actualidade na estrada AC552 é unha E2, polo que o obxectivo en canto á ampliación da plataforma será acadar como mínimo unha explanada E2. Neste senso, considerando que o solo subxacente é de tipo axeitado, a formación da explanada deberá contemplar o sinalado na devandita Norma 6.1 – IC.



Figura 2. Seccións de firme recomendas na Norma 6.1 – IC para as categorías de tráfico T00 a T2

Tendo en conta que na devandita norma se sinala que con carácter xeral, para a capa superior empregada na formación das explanadas, por razóns de durabilidade e uniformidade da capacidade estrutural en toda a traza, recomendase a consideración preferente dos solos estabilizados in situ, con cal ou con cemento, fronte a unha aportación directa de solos sen tratar, seleccionouse unha explanada formada por 25 cm de S-EST2.

Deste xeito, tendo en conta a categoría de tráfico T2 e a explanada E2, e segundo as seccións de firme recomendadas na Norma 6.1 – IC, seleccionase o paquete de firme **221** formado por 25 cm de saburra artificial e 25 cm de mesturas bituminosas.

A saburra artificial seleccionada será de tipo ZA – 0/20 e o dimensionado da capa de mesturas bituminosas realizase segundo a Norma 6.1 – IC escollendo deste xeito unha composición formada polas seguintes capas:

- Capa de rodaxe: AC-16-SURF BC 50/70 S (5 cm)
- Capa intermedia: AC-22-BIN BC 50/70 S (5 cm)
- Capa de base: AC-22-BASE BC 50/70 G (15 cm)

Entre estas capas aplicaranse os seguintes regos:

- Rego de adherencia: Emulsión asfáltica C60B3 TER en regos termoadherentes entre as distintas capas da mestura bituminosa (sobre as capas AC-32 BASE e AC-22 BIN)
- Rego de imprimación: Emulsión asfáltica C50BF4 en regos de imprimación sobre a capa de saburras.



Figura 3. Seccións de firme recomendas na Norma 6.1 – IC para as categorías de tráfico T00 a T2

Polo tanto, a sección estrutural do firme no acondicionamento da curva no TREITO I será a que se reflicte na seguinte táboa:

SECCIÓN FIRME ESTRADA AC-552: ACONDICIONAMENTO DE CURVA		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Rodaxe	AC-16-SURF BC 50/70 S	5 cm
Intermedia	AC-22-BIN BC 50/70 S	5 cm
Base	AC-22-BASE BC 50/70 G	15 cm
Sub-base	Saburra artificial ZA-0/20	25 cm
Explanada	S-EST2	25 cm

Táboa 3. Sección Firme no acondicionamento de curva



Figura 4. Esquema da sección estrutural de firme no acondicionamento de curva

Por outra parte, no acondicionamento da curva hai que considerar a presenza de dous situacións distintas: a área de ampliación da plataforma e a área de transformación da sección na plataforma actual. No caso da ampliación da plataforma executarase o paquete de firmes completo, nas zonas de ampliación da plataforma, xunto coa zona de demolición (parte do carril interior) para facilitar a continuidade da plataforma. Por outra parte, nas áreas de transformación da sección, que se corresponde co resto da calzada ata o estacionamento da marxe dereita actual, realizarase un fresado das capas de rodadura e intermedia, aplicando só as capas intermedia e de rodadura do paquete de firmes definido, co obxectivo de dotas de continuidade ao firme e ademais axustar as transicións do peralte.

3.3 FIRME ESTRADA AC-552. PONTE SOBRE O RÍO CALVAR

A definición do paquete de firme a executar na zona da Ponte sobre o Río Calvar no .TREITO 2. : 44+300 e 45+080 estará baseada nas seccións de firme sinaladas na Norma 6.1 – IC “Secciones de Firme”, e que se establecen en función da explanada dispoñible e da categoría de tráfico pesado.

Neste senso, hai que sinalar que a implantación dunha peza de formigón prefabricado para configurar o voladizo sobre o que se disporá a senda peonil, implicará a retirada do pavimento existente, dado que esta peza ocupará toda a sección existente na devandita ponte na actualidade, tal e como se define o correspondente anexo de estruturas.

Neste senso, e tendo en conta o sinalado no *Anexo nº 8. Tráfico*, considéranse os seguintes parámetros respecto da categoría de tráfico e da explanada existente.

CATEGORÍA DE TRÁFICO	T32
EXPLANADA	E1

Táboa 4. Variables para a selección do paquete de firmes: Ponte sobre o Río Calvar

Deste xeito, tendo en conta a categoría de tráfico T32 e a explanada E1,dado que se situará sobre a peza de formigón a partir da que se formará o voladizo, e segundo as seccións de firme recomendadas na Norma 6.1 – IC, seleccionase a capa de mestura bituminosa do paquete de firme **3212** de 12 cm de mesturas bituminosas.

O dimensionado da capa de mesturas bituminosas realizase segundo a Norma 6.1 – IC escollendo deste xeito unha composición formada polas seguintes capas:

- Capa de rodaxe: AC-16-SURF BC 50/70 S (5 cm)
- Capa intermedia: AC-22 BIN BC 50/70 S (7 cm)

Entre estas capas aplicaranse os seguintes regos:

- Rego de adherencia: Emulsión asfáltica C60B3 TER en regos termoadherentes entre as distintas capas da mestura bituminosa (sobre as capas AC-16 BIN)
- Rego de imprimación: Emulsión asfáltica C50BF4 en regos de imprimación sobre a soleira de formigón.



Figura 5. Seccións de firme recomendas na Norma 6.1 – IC para as categorías de tráfico T31 a T42

Polo tanto, a sección estrutural do firme na Ponte sobre o Río Calvar será a que se reflicte na seguinte táboa:

SECCIÓN FIRME ESTRADA AC-552: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Rodaxe	AC-16-SURF BC 50/70 S	5 cm
Intermedia	AC-22-BIN BC 50/70 S	7 cm
Explanada	Soleira de formigón	60 cm

Táboa 5. Sección Firme na Ponte sobre o Río Calvar

Figura 6. Esquema da sección estrutural de firme na Ponte sobre o Río Calvar

3.4 CRUCES DE CALZADAS

Nos cruces de calzadas nos que pola continuidade das redes de servizo asociadas á senda peonil sexa preciso demoler e escavar a sección de firme actual, reporase o paquete de firmes segundo a seguinte sección:

SECCIÓN FIRME EN CRUCES DE CALZADA		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Rodaxe	AC-16-SURF BC 50/70 S	5 cm
Intermedia	AC-22-BIN BC 50/70 S	5 cm
Base	Saburra artificial ZA-0/20	25 cm

Táboa 6. Sección de firme en cruces de calzada

Figura 7. Esquema da sección estrutural de firme en cruces de calzadas

A sección de firme empregada nos cruces calzada e reflectida na anterior táboa realizarase previo fresado e escavación do firme actual, no ancho preciso para a implantación das canalizacións dos servizos urbanos. Unha vez executado o tendido destes servizos, realizarase a reposición dos firmes.

Tendo en conta que as calzadas a atravesar tratase en todos os casos de vías secundarias, tipo pista, de titularidade municipal, con pavimentos, en xeral, mediante un triplo tratamento superficial ou unha capa de rodaxe de aglomerado bituminoso, considerase que a sección de firme exposta na táboa anterior é suficiente para garantir a súa funcionalidade e durabilidade.

4 PAVIMENTOS

Nos seguintes apartados realizase a definición dos pavimentos proxectados nos tramos de senda peonil, tendo en conta a diversidade de necesidades e condicionantes existentes respecto dos posibles usos. Deste xeito, considéranse as seguintes tipoloxías de pavimentos:

- Senda Peonil Mixta (Uso Mixto Non Deportivo) como pavimento principal do itinerario peonil
- Senda Peonil Mixta en acceso a propiedades con reforzo de mallazo nos puntos de acceso a predios
- Senda Peonil Mixta de formigón lavado e árido visto no entorno dos elementos do Patrimonio Cultural catalogado
- Beiravía transitable mediante tratamento superficial con slurry
- Senda Peonil sobre voladizo na Ponte sobre o Río Calvar
- Pavimento táctil indicativo en ramplas e vaos

No establecemento das posibles solucións a executar tivéronse en conta as recomendacións recollidas nas seguintes normativas:

- Orde Circular 4/2016 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Orde circular 3/2016
- Orde Circular 4/2017 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na Estratexia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Ordes Circulares 3/2016 e 4/2016
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 35/2000, mentres non se desenvolva a disposición regulamentaria da Lei 10/2014, en todo o que non contradiga á devandita normativa vixente na actualidade)
- Caminos Naturales. Manual de aspecto constructivos. 6. Normalización de aspectos constructivos del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

4.1 SENDA PEONIL MIXTA (USO MIXTO NON DEPORTIVO)

A definición da senda peonil realizase a partir das recomendacións contidas nas normativas devanditas e tendo en conta as distintas especificacións recollidas no manual *Caminos Naturales. Manual de aspectos constructivos. 6. Normalización de aspectos constructivos*, del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (MAPAMA), naqueles aspectos non definidos nas ordes circulares e recomendacións da Axencia Galega de Infraestruturas en canto a Mobilidade Sustentable.

En particular, a anterior publicación tívose en conta para aquelas cuestións non definidas nas recomendación particulares da Axencia Galega de Infraestruturas, como no caso da caracterización do tipo de explanada que permitirá a selección das características da senda peonil mixta de formigón.

Deste xeito, segundo o establecido no devandito manual, a explanada dun pavimento de formigón para unha senda peonil pode clasificarse segundo o Índice CBR, como se sinala na seguinte táboa:

Tipo de Explanada	CBR	Módulo de deformación EV2 (kp/cm2)	Inspección Visual
S0	3 - 5	150 - 250	Terreos de mala calidade, bastante deformables, nos que o paso duns poucos vehículos pesados sobre a explanada húmida provoca fortes rodeiras, facendo inviable a circulación. En xeral, as súas partículas son finas e plásticas. Poden conter tamén algo de materia orgánica, detectable pola súa cor escura e o seu olor (análogos aos da terra vexetal), u outros materias que poden provocar deformacións apreciables. Asemade pode ser o caso de recheos recentes pouco compactos, que en xeral se recoñecen por conter no seu interior restos ou refugallos, por exemplo plásticos, cachotes, etc.
S1	5 - 10	250 - 500	Terreos de calidade media, deformables, pero non esaxeradamente (é posible a circulación), co paso duns poucos vehículos pesados sobre a explanada húmida. Tratase de solos granulares (gravas, areas, etc) con partículas finas relativamente plásticas.
S2	> 10	>500	Terreos de boa calidade nos que o paso de vehículos pesados sobre a explanada húmida non produce practicamente pegada. Están compostos, en xeral, por gravas e areas con poucos finos plásticos.

Táboa 7. Tipos de Explanada. Cálculo de pavimentos de formigón (Fonte: Caminos Naturales. Manual de aspectos constructivos. 6. Normalización de aspectos constructivos)

Tendo en conta a consolidación existente nas zonas atravesadas pola senda peonil, xa que se trata en todos os casos de zonas pertencentes á explanada da estrada AC-552, ou das beirarrúas asociadas nos treitos consolidados pola edificación, e segundo o sinalado no *Anexo nº 4. Xeoloxía e Xeotecnia*, considerouse que a explanada podería catalogarse como de calidade media (S1). Non obstante, de cara a execución da explanada considerase que unha vez realizada a demolición e retirada dos materiais antrópicos, e a posterior preparación da superficie de asento e compactación da mesma, e coa finalidade de asegurar que se acade unha explanada tipo S2 proponse o aporte de 20 cm de material adecuado con CBR≥10 e unha compactación mínima do 98% do Proctor Modificado .

Por outra parte, de cara a caracterizar o tráfico que circula sobre a senda peonil, o publicación de *Caminos Naturales* devandita realiza a clasificación en categorías de tráfico considerando o tránsito de camións sobre a vía, segundo o recollido na seguinte táboa:

Categoría de tráfico	Tráfico de proxecto (camións diarios no momento da posta en servizo)
C1	25 a 50
C2	15 a 24
C3	5 a 14
C4	0 a 4

Táboa 8. Categoría de tráfico (Fonte: Caminos Naturales. Manual de aspectos constructivos. 6. Normalización de aspectos constructivos)

Deste xeito, e tendo en conta que se está a deseñar unha senda peonil, sobre a cal non é agardable o tráfico de vehículos pesados, considerase que a categoría do tráfico é unha C4.

Considerando os datos anteriores, e segundo as recomendacións expostas nas Ordes Circulares devanditas, aparte do recollido na publicación de *Caminos Naturales*, seleccionase unha sección de firme composta por 16 cm de formigón HF-3,5 con cemento con baixa calor de hidratación, coherente cunha explanada S1 e unha categoría de tráfico C4, tanto para un período de proxecto de 20 anos como de 30 anos, tal e como pode comprobarse na seguinte figura:



Figura 8. Catalogo de Seccións de Firme (Fonte: Caminos Naturales. Manual de aspectos constructivos)

Deste xeito, a sección estrutural do pavimento para senda peonil mixta será a sinalada na seguinte táboa e no esquema a continuación:

SECCIÓN SENDA PEONIL MIXTA (PEONIL + CICLISTA)		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Formigón HF-3,5 con cemento con baixa calor de hidratación, de cor terrizo	16 cm
Explanada	Solo adecuado CBR≥10	20 cm

Táboa 9. Sección Senda Peonil Mixta

Figura 9. Sección Senda Peonil Mixta. Esquema

Respecto do acabado, tal e como se sinala nas correspondentes ordes circulares devanditas considerase un formigón coloreado en central de cor terrizo, a cal pode ser proporcionada polo pigmento Bayferrox 960, ou semellante, cunha dosificación que deberá ser do 3,5% sobre o peso do cemento.

Por outra parte, e segundo o sinalado nas correspondentes ordes circulares, colocarase un bordo de formigón prefabricado, de dimensións 100x22x15 cm, en zonas urbanas ou asimilables a urbanas que delimite a senda peonil con respecto da calzada e a eleve uns 10 cm sobre a rasante da anterior, de tal xeito que o bordo quede embebido uns 5 cm.

A sección transversal do bordo a empregar será a amosada na seguinte figura:



Figura 10. Sección Transversal do Bordo

No bordo da senda plasmarase o logotipo de Sendas de Galicia, segundo a imaxe adxunta, que deberá estar centrada respecto dunha lonxitude de 2 metros como máximo (equivalentes a dúas pezas prefabricadas). Este logotipo fixarase pintado mediante o emprego dunha pintura plástica en frío de dous compoñentes, ou pintura para marcas viais prefabricada tal e como determina o PG-3. A tipografía das letras será TW Cen Mt Condensed Extra Bold. En todo caso, o logotipo é a súa aplicación realizarase segundo o descrito na OC 4/2017.

Figura 11. Logotipo a engadir nos bordos da Senda Peonil

4.2 SENDA PEONIL EN ZONA DE ACCESO A PROPIEDADES

En zonas de acceso a propiedades ao longo da Senda Peonil Mixta, e nas que sexa posible o tránsito de vehículos, considerase preciso a inclusión dun mallazo 20x20x6 mm, que neste caso terá función estrutural e non unicamente para reducir a retracción.

Ademais, a cor da senda peonil nestes puntos será gris formigón, tal e como se amosa na seguinte imaxe:

Cor de referencia: Gris formigón: RAL 7030 / PANTONE black 7 UNIDADE DE MASA ATÓMICAAS (solid uncoated)

Figura 12. Cor de referencia nas zonas de acceso a propiedades

Por outra banda, nestes puntos nos cales é agardable un tránsito de vehículos accedendo as súas propiedades, considerase preciso que o bordo sexa remontable, coa finalidade de facilitar o acceso.

As restantes características da sección estrutural do pavimento nestas zonas de acceso a propiedades serán as mesmas que as descritas para a Senda Peonil, agás no que respecta á inclusión do mallazo e a cor.

4.3 SENDA PEONIL. ENTORNO PATRIMONIO CATALOGADO (PK 34+570 A 34+630

No Treito 1: PK 34+400 e 34+860 e no entorno dos elementos catalogados do Patrimonio Cultural, en concreto entre os PK 34+570 e 34+630, coa finalidade de mellorar a integración dos mesmos e da propia senda peonil no seu contorno de afección, empregarase un pavimento de formigón lavado con árido visto, en vez do pavimento de formigón de cor terrizo.

As características deste pavimento serán, en xeral, respecto da súa sección estrutural as mesmas que para os restantes tramos de senda peonil.

Deste xeito, no espazo lindeiro cos elementos catalogados do Patrimonio Cultural empregarase a seguinte sección estrutural:

SECCIÓN SENDA PEONIL MIXTA (ENTORNO PATRIMONIO CATALOGADO)		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Formigón HF-3,5 con acabado árido visto desactivado	16 cm
Explanada	Solo adecuado CBR≥10	20 cm

Táboa 10. Sección Senda Peonil Mixta no entorno do Patrimonio Cultural Catalogado



Figura 13. Sección Senda Peonil Mixta no entorno do Patrimonio Cultural Catalogado. Esquema

En todo caso, a definición final deste pavimento atenderá ás recomendacións proporcionadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

No caso das entradas e accesos a propiedades privadas no entorno do Patrimonio Cultural catalogado empregarase esta mesma sección estrutural do firme.

4.4 BEIRAVÍA TRANSITABLE

No Treito 2: PK 44+300 e 45+080, entre os PK . 44+535 e 45+615, a continuidade do itinerario peonil está condicionado pola falta de espazo para a ampliación da plataforma, xa que na marxe pola que discorre a senda peonil prodúcese un estreitamento, no que ademais as posibilidades de ampliación atópanse moi limitadas pola configuración do noiro existente e as propiedades situadas na súa testa.

Deste xeito, neste tramo proxectase empregar a beiravía existente como senda peonil, para o cal considerase axeitado dispor dun pavimento diferenciador e que, ao mesmo tempo, permita unha textura axeitada para o tránsito peonil. Polo tanto, considerase a disposición dun tratamento de pavimento epoxídico de 1,5 mm de espesor tipo COMPODUR URBANO ou equivalente. sobre a base da beiravía existente, segundo a sección reflectida na seguinte táboa:

SECCIÓN BEIRAVÍA TRANSITABLE		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Tratamento epoxídico tipo COMPODUR URBANO ou equivalente	1,5 mm
Explanada - Base	Beiravía de formigón actual	20 cm

Táboa 11. Sección Senda en Beiravía Transitable

Figura 14. Sección Beiravía Transitable. Esquema

Por outra parte, e para reducir a perigosidade neste treito colocaranse as correspondentes balizas e proteccións dos peóns, segundo o *Anexo nº 15. Sinalización, Balizamento e Defensas*.

4.5 SENDA SOBRE VOLADIZO: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR

Na Ponte sobre o Río Calvar, onde a solución proposta considera a inclusión dun voladizo de formigón, coa finalidade de proporcionar o espazo necesario para incorporar unha senda peonil á infraestrutura xa existente. Dado que o propio voladizo de formigón xa actúa como parte da sección estrutural do pavimento, unicamente considerase preciso a incorporación dunha capa superficial que permita a súa diferenciación, ademais de proporcionar a textura axeitada para o tránsito peonil.

Deste xeito, no treito da senda peonil sobre a estrutura en voladizo aplicarase un pavimento epoxídico de 1,5 mm de espesor tipo COMPODUR URBANO ou equivalente.

SECCIÓN SENDA SOBRE VOLADIZO: PONTE SOBRE O RÍO CALVAR		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Tratamento epoxídico tipo COMPODUR URBANO ou equivalente	1,5 mm
Explanada - Base	Estrutura de formigón armado	25 cm

Táboa 12. Sección Senda sobre voladizo: Ponte sobre o Río Calvar

Figura 15. Sección Senda sobre voladizo: Ponte sobre o Río Calvar. Esquema

4.6 RAMPLAS E VAOS

Atendendo ao sinalado tanto nas OC 4/2017 e 4/2016, xunto coa lexislación e normativa vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, nas zonas de cruce da senda peonil con outras estradas, pistas ou camiño, empregarase un pavimento de textura e cor diferente ao do itinerario peonil principal, preferentemente de tipo táctil e indicador de advertencia ou proximidade ao punto de perigo.

Deste xeito, nas proximidades de cruce da senda peonil con outras calzadas transversais proxectase un pavimento táctil indicador mediante baldosas con tratamento superficial a base de botóns de forma troncocónica e de altura máxima 5 mm dispostos en retícula ordenada de 30x30 cm. Estas baldosas serán dispostas mediante franxas en sentido transversal ao da marcha e de 80/120 cm de ancho para a sinalización de cruces con outras calzadas e a disposición de pasos de peóns, de tal xeito que contrasten tanto na súa superficie e rugosidade como na súa cromática co resto do pavimento da senda peonil, permitindo que as persoas con diversidade funcional detecten a existencia dun punto de perigo.

Baixo as baldosas táctiles disporase unha base de formigón en masa HM-20/P/20/I de 10 cm de espesor e unha sub-base de saburra artificial ZA – 0/20 de 25 cm de espesor.

RAMPLAS E VAOS		
CAPA	MATERIAL	ESPESOR
Pavimento	Baldosas hidráulicas de botóns	5 cm
Base	Formigón en masa HM – 20/P/20/I	20 cm
Sub-base	Saburra artificial ZA-0/20	25 cm
Explanada	Solo adecuado CBR≥10	20 cm

Táboa 13. Sección Senda en ramplas e vaos peonís



Figura 16. Esquema de pavimento de textura e cor diferenciada en cruce de vías

Ao mesmo tempo, nos puntos de cruce con outras calzadas transversais e atendendo á normativa sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas vixente na actualidade disporase de vaos peonís, sobre todo no acceso a pasos de peóns de existir, e de tal xeito que a elevación entre a senda peonil e a calzada sexa a mínima posible, permitindo a continuidade do itinerario peonil sen desniveis significativos.

ANEXO Nº 12
DRENAXE

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 NORMATIVA E REFERENCIAS 2

3 DRENAXE LONXITUDINAL 2

3.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS 2

3.2 DRENAXE SUPERFICIAL 3

3.2.1 CAUDAIS DE PLATAFORMA E MARXES 3

3.3 CÁLCULO EMBORNAIS 3

3.4 CAPACIDADE DE DESAUGADOIRO DOS SUMIDOIROS 5

3.5 CAPACIDADE DE DESAUGADOIRO DOS COLECTORES 6

4 DRENAXE TRANSVERSAL 7

4.1 CRUCES E DESAUGADOIROS 7

1 OBXECTO

O obxecto do presente anexo é a definición dos sistemas de drenaxe superficial dos diferentes treitos da senda proxectada, recollendo as hipóteses, consideracións e cálculos precisos para este cometido, contemplando as seguintes funcións:

- A recollida das augas procedentes da plataforma e as súas marxes, mediante bordos e sumidoiros.
- A evacuación das devanditas augas ás redes de augas pluviais ou a leitos naturais, mediante puntos de vertido ou descarga e/ou baixantes.

2 NORMATIVA E REFERENCIAS

A continuación, sinalase a normativa de aplicación e as referencias consultadas para a redacción do presente anexo:

- CHOW, V.T. "Hidráulica de canales abiertos" McGraw Hill Interamericana. Bogotá (Colombia). 2004
- MINISTERIO DE OBRAS PÚBLICAS Y URBANISMO “Instrucción de Carreteras: Norma 5.2-IC Drenaje superficial”, aprobada por la Orden FOM/298/2016 y modificada por la Orden FOM/185/2017
- MINISTERIO DE FOMENTO “Recomendaciones para el proyecto y construcción del drenaje subterráneo en obras de carretera. OC 17/2003” Centro de Publicaciones del Ministerio de Fomento. Madrid. 2004
- XUNTA DE GALICIA. “Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia. Serie Saneamento”,editado por Augas de Galicia. 2009.

3 DRENAXE LONXITUDINAL

3.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

A drenaxe lonxitudinal consiste no conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que poidan ser evacuadas, de xeito que non causen danos superiores aos permitidos á estrutura do firme.

As consideracións básicas a considerar respecto da drenaxe lonxitudinal son as seguintes

- O período de retorno que se considera para o cálculo de caudais é de 25 anos segundo a Instrución 5.2- IC “Drenaxe Superficial”.
- O elemento principal de condución e recollida da auga son o bordo e o embornal.
- Unha vez recollidas as augas superficiais da plataforma, condúcense á propia rede de augas pluviais por medio de sumidoiros, arquetas, colectores e pozos de rexistro, para posteriormente verter ao terreo naqueles puntos onde sexa posible. Evitarase, na medida do posible, achegar as augas pluviais á rede de saneamento existente.
- A máxima velocidade admisible da auga en colectores de PVC será de 6,0 m/s, mentres que a mínima non deberá ser inferior a 0,6 m/s, de acordo con a Instrución Técnica para Obras Hidráulicas en Galicia – Saneamento.



Figura 1. Esquema dos elementos da rede de drenaxe (Fonte: ITOHG).

Na actualidade, segundo a información existente e a comprobación realizada no terreo, a situación da rede de saneamento e drenaxe é a sinalada a continuación para cada un dos treitos considerados:

Treito I:

No Treito I existe recollida de pluviais na zona urbanizada, aínda que se proxecta a súa mellora, dado que tanto os embornais, de tipo buzón, como as arquetas presentan notables eivas e deterioros. Por outra parte, a partir na zona final non existe ningunha clase de recollida de pluviais na marxe esquerda da estrada pola que discorrerá a senda peonil proxectada.

Treito II:

No Treito II non existe unha recollida de pluviais, agás na primeira zona de beirarrúas, antes de que comece a senda peonil proxectada, e nun pequeno tramo xunto ao desvío cara o Cemiterio de Agrillos. Esta última tratase dunha actuación moi puntual e sen continuidade.

3.2 DRENAXE SUPERFICIAL

3.2.1 CAUDAIS DE PLATAFORMA E MARXES

O principal elemento de recollida da drenaxe superficial son os embornais, a través dos que a escorrenta da auga de choiva caída sobre o firme ou pavimento é conducida á rede de colectores para o seu traslado ao punto de descarga ou desaugue. Neste senso, o caudal recollido por cada embornal é función do peralte da estrada e da superficie de aportación considerada.

O cálculo do caudal que conflúe en cada un dos embornais previstos foi realizado no Anexo nº 6. Climatoloxía e Hidroloxía, do que se inclúe a continuación un resumo dos principais resultados obtidos, a partir dos que se realiza o devandito cálculo.

Deste xeito, e segundo a metodoloxía descrita no Anexo nº 6 Climatoloxía e Hidroloxía detallase o cálculo dos caudais de proxecto para os tramos de estrada considerados en cada treito segundo as concas ou bacías delimitadas na estrada.

TREITO I. P.K. 34+400 - 34+860									
P.K.	**Ancho afección (m)**	**t_c (horas)**	**F_{int}**	**I_d (mm/h)**	**I(T,tc) (mm/h)**	**C**	**Área (km^2)**	**K_t**	**Caudal Q_T (l/s)**
34+400 - 34+580	18	0.169	18.816	4.33	81.474	0.595	0.00324	1.008	**43.98**
34+580 - 34+630	18	0.100	23.545	4.33	101.950	0.595	0.00090	1.004	**15.23**
34+630 - 34+820	14	0.173	18.634	4.33	80.686	0.595	0.00266	1.008	**35.76**
34+820 - 34+860	14	0.092	24.454	4.33	105.885	0.595	0.00056	1.004	**9.84**
TREITO II. P.K. 44+300 - 45+080									
P.K.	**Ancho afección (m)**	**t_c (horas)**	**F_{int}**	**I_d (mm/h)**	**I(T,tc) (mm/h)**	**C**	**Área (km^2)**	**K_t**	**Caudal Q_T (l/s)**
44+300 - 44+560	12	0.197	17.605	4.33	76.228	0.595	0.00312	1.009	**39.68**
44+560 - 44+620	10	0.108	22.822	4.33	98.818	0.595	0.00060	1.004	**9.85**
44+620 - 44+680	10	0.108	22.822	4.33	98.818	0.595	0.00060	1.004	**9.85**
44+680 - 44+780	10	0.133	20.885	4.33	90.434	0.595	0.00100	1.006	**15.04**
44+780 - 44+980	10	0.177	18.463	4.33	79.943	0.595	0.00200	1.008	**26.65**
44+980 - 45+080	10	0.133	20.885	4.33	90.434	0.595	0.00100	1.006	**15.04**

Táboa 1. Caudais máximos para o período de retorno de deseño segundo tramos viarios

Hai que sinalar que no Treito I, a partir do P.K. 34+855 e ata o P-K- 34+925, e tamén no ramal de acceso ao Centro Comercial Carrefour, considerase que a rede existente na actualidade é suficiente, e dado que nese tramo a actuación prevista está relacionada fundamentalmente coa substitución do pavimento existente na actualidade, non se modifica a devandita rede nin os seus elementos, polo que non se realiza o seu cálculo ou comprobación neste proxecto.

3.3 CÁLCULO EMBORNAIS

A localización dos embornais baséase na función que desempeñan ao longo da traza, xa que a súa misión é a de dar saída ás augas que circulan polas plataformas e cunetas. Para iso, e tras realizar o cálculo da capacidade hidráulica máxima dos colectores, establécense aqueles puntos nos que é necesario dar saída á auga que discorre pola beiravía da plataforma mediante un embornal conectado a un colector. Este colector transporta a auga procedente das pluviais ata un pozo de rexistro proxectado ou á rede existente de pluviais ou ben ata un punto de descarga do terreo natural.

Para calcular a capacidade hidráulica do embornal seguirase a Instrución 5.2 IC de Drenaxe. Deste xeito, primeiro calcularase o caudal máximo anual que ten que asumir cada embornal en cada tramo de conca. Segundo a Instrución 5.2 IC Drenaxe Superficial da Instrución de Estradas, nos tramos en pendente, como é o caso que nos ocupa, co fin de permitir que si un embornal está ocluído a auga que deixe de entrar nel poida recollerse nos seguintes situados augas abaixo, a capacidade de desaugadoiro de cada embornal deberá ser tal que permita absorber o seu caudal de proxecto máis un trinta por cento do caudal de proxecto de ata tres embornais situados inmediatamente augas arriba. Por outra parte, e por seguridade considerouse que o caudal a recoller polo embornal é o de toda a plataforma, aínda que o bombeo da estrada implicase unha división do caudal en ambas marxes.

O caudal de proxecto que debe asumir cada embornal resúmese na seguinte fórmula:

$$Qp = Qs1 + 0,3*(Qs\,2 + Qs3 + Qs\,4)$$



Figura 2. Caudal a considerar en embornais distribuídos nun tramo en pendente.

Para o caso dun embornal lateral o cálculo do caudal máximo que pode absorber o mesmo poderase calcular aplicando a fórmula do vertedoiro:

$$Q_{MAX}(l/s) = \frac{L \cdot (h)^{3/2}}{60}$$

Sendo:

- h (cm): a profundidade da auga desde o bordo interior da abertura, medida no seu centro. No noso caso é a altura do bordo, é dicir, 10 cm.
- L (cm): a anchura libre. No noso caso, para un embornal de dimensións 50x35x50 cm, será de 35 cm.
- Q (m^3/s): caudal máximo capaz de desaguar o embornal.

Por tanto, o caudal máximo que é capaz de absorber un embornal para que non desborde é de 26,35 l/s.

Nas seguintes táboas compáranse o caudal de proxecto (Q_p) que lle chega a cada embornal co caudal máximo que pode asumir para que non desborde (Q_{max}):

TREITO I. P.K. 34+400 - 34+860						
Embornal	**P.K.**	**P.K. Tramo**	**Área (km2)**	**Caudal QT (m3/s)**	**Caudal proxecto Qp (m3/s)**	**Caudal máximo Qmax (m3/s)**
I.0	34+396	34+396-34+428	0,00058	0,01050	**0,01766**	0,02635
I.1	34+428	34+428-34+461	0,00059	0,01078	**0,01809**	0,02635
I.2	34+461	34+461-34+471	0,00018	0,00396	**0,01333**	0,02635
I.3	34+471	34+471-34+498	0,00049	0,00911	**0,01732**	0,02635
I.4	34+498	34+498-34+533	0,00063	0,01132	**0,01911**	0,02635
I.5	34+533	34+433-34+566	0,00059	0,01078	**0,01747**	0,02635
I.6	34+566	34+566-34+580	0,00025	0,00526	**0,01037**	0,02635
I.7	34+580	34+580-34+610	0,00054	0,00995	**0,01208**	0,02635
I.8	34+610	34+610-34+630	0,00036	0,00709	**0,00709**	0,02635
I.9	34+660	34+630-34+660	0,00042	0,00774	**0,00774**	0,02635
I.10	34+690	34+660-34+690	0,00042	0,00774	**0,01006**	0,02635
I.11	34+720	34+690-34+720	0,00042	0,00774	**0,01238**	0,02635
I.12	34+750	34+720-34+750	0,00042	0,00774	**0,01471**	0,02635
I.13	34+780	34+750-34+780	0,00042	0,00774	**0,01471**	0,02635
I.14	34+810	34+780-34+810	0,00042	0,00774	**0,01471**	0,02635

Táboa 2. Caudal de proxecto e caudal máximo para os embornais proxectados do Treito I

TREITO II. P.K. 44+300 - 45+080						
Embornal	**P.K.**	**P.K. Tramo**	**Área (km2)**	**Caudal QT (m3/s)**	**Caudal proxecto Qp (m3/s)**	**Caudal máximo Qmax (m3/s)**
II.0	44+300	44+270-44+300	0,00036	0,00663	**0,00663**	0,02635
II.1	44+345	44+300-44+345	0,00054	0,00930	**0,01129**	0,02635
II.2	44+370	44+345-44+370	0,00030	0,00570	**0,01048**	0,02635
II.3	44+400	44+370-44+400	0,00036	0,00663	**0,01312**	0,02635
II.4	44+430	44+400-44+430	0,00036	0,00663	**0,01312**	0,02635
II.5	44+460	44+430-44+460	0,00036	0,00663	**0,01232**	0,02635
II.6	44+490	44+460-44+490	0,00036	0,00663	**0,01261**	0,02635
II.7	44+520	44+490-44+520	0,00036	0,00663	**0,01261**	0,02635
II.8	44+550	44+520-44+550	0,00036	0,00663	**0,01261**	0,02635
II.9	44+580	44+550-44+580	0,00030	0,00553	**0,01150**	0,02635
II.10	44+610	44+580-44+610	0,00030	0,00553	**0,01117**	0,02635
II.11	44+640	44+610-44+650	0,00040	0,00703	**0,01234**	0,02635
II.12	44+660	44+650-44+680	0,00030	0,00553	**0,01119**	0,02635
II.13	44+680	44+680-44+715	0,00035	0,00629	**0,01172**	0,02635
II.14	44+715	44+715-44+750	0,00035	0,00629	**0,00983**	0,02635
II.15	44+750	44+750-44+785	0,00035	0,00629	**0,00795**	0,02635
II.16	44+785	44+785-44+815	0,00030	0,00553	**0,00553**	0,02635
II.17	44+815	APARCAMENTO	0,00030	0,00591	**0,01089**	0,02635
II.18	44+845	44+815-44+845	0,00030	0,00553	**0,00553**	0,02635
II.19	44+875	44+845-44+875	0,00030	0,00553	**0,00719**	0,02635
II.20	44+905	44+875-44+905	0,00030	0,00553	**0,00885**	0,02635
II.21	44+935	44+905-44+935	0,00030	0,00553	**0,01050**	0,02635
II.22	44+965	44+935-44+965	0,00030	0,00553	**0,01050**	0,02635
II.23	44+995	44+965-45+018	0,00053	0,00888	**0,01386**	0,02635
II.24	45+018	45+018-45+038	0,00020	0,00394	**0,00655**	0,02635
II.25	45+038	45+038-45+050	0,00012	0,00257	**0,00559**	0,02635
II.26	45+050	45+050-45+070	0,00020	0,00394	**0,00578**	0,02635
II.27	45+070	45+070-45+080	0,00010	0,00220	**0,00338**	0,02635
II.28	45+080	45+080-45+100	0,00020	0,00394	**0,00394**	0,02635

Táboa 3. Caudal de proxecto e caudal máximo para os embornais proxectados do Treito II

Por tanto, as capacidades hidráulicas tanto dos novos embornais proxectados como dos existentes asumen o caudal achegado sobre a superficie da plataforma da estrada.

3.4 CAPACIDADE DE DESAUGADOIRO DOS SUMIDOIROS

O seguinte paso é o calculo do diámetro e da pendente mínima dos tubos de conexión dos embornais aos pozos de rexistro existentes ou proxectados, os denominados como sumidoiros no esquema Figura 1.

Deste xeito, disporase dun sumidoiro de PVC (n=0,01 segundo a táboa 3.1 da Instrución 5.2-IC "Drenaxe superficial") de diámetro interior D cunha pendente lonxitudinal i, e aplicando a fórmula de Manning segundo o apartado 3.3 Estimación de caudais da ITOHG-SAN-1/3, resulta unha capacidade máxima para o mesmo, a sección chea, de:

$$Q = \frac{1}{n} \cdot \left(\frac{D}{4}\right)^{2/3} \cdot i^{1/2} \cdot \frac{\pi D^2}{4} = 31{,}1714 \cdot i^{1/2} \cdot D^{8/3}$$

Seguindo as indicacións da Instrución 5.2-IC, o diámetro mínimo da acometida de calquera sumidoiro será de 160 mm.

Os diámetros máximos dos sumidoiros son función do diámetro da condución á que se acomete. Adoptaranse salvo xustificación en contra os valores da seguinte táboa:

DN conducción	DN máximo da acometida do sumidoiro
315	200
400	250
>500	300

Táboa 4. Diámetros máximos de acometida dos imbornais

Doutra banda, para calcular as velocidades e calados de deseño referentes a un período de retorno de 25 anos tívose en conta o Anexo 1 Tabulación das fórmulas de Thorman-Franke das ITOHG-SAN-1/3, no que a partir da relación $Q_{diseño}/Q_o$ permite obter as relacións $v_{diseño}/v_o$ e $y_{diseño}/ID$.

A continuación, compróbase que todos os sumidoiros cumpren que para o caudal de deseño a velocidade de deseño atópase entre a velocidade máxima de 3 m/s e a velocidade mínima de 0,6 m/s para colectores PVC, tal como especifícase na Táboa 1 do apartado 2 da ITOHG-SAN-1/3.

Desta maneira, na seguinte táboa exponse todos os resultados para os sumidoiros máis desfavorables:

Os datos de partida dos sumidoiros son os seguintes:

- Coeficiente de rugosidade = 0,01
- Diámetro = 0,16 m.

De tal xeito que se obteñen os resultados sinalados na seguinte táboa:

Pendente lonxitudinal i (m/m)	Diámetro condución (mm)	Q sección chea Q_o (m^3/s)	Velocidade sección chea v_o (m/s)	Calado sección chea y (m)
0,01	160	0,02352	1,17	0,160

Táboa 5. Caudal, calado e velocidade para o diámetro proxectado dos colectores dos sumidoiros

Tendo en conta os valores anteriores e acudindo ás fórmulas e procedementos sinalados nos devanditos apartados da ITOHG-SAN-1/3, calculase a velocidade e o calado para os caudais máximos e mínimos, segundo os calculados na Táboa 2 e na Táboa 3 que posuirán os sumidoiros proxectados. Os resultados, e deste xeito a comprobación dos colectores, recóllense nas seguintes táboas:

TREITO I. P.K. 34+400 - 34+860				
Sumidoiro	**P.K. Embornal**	**Q Proxecto Qp (m^3/s)**	**Velocidade de proxecto v_{25} (m/s)**	**Calado de proxecto h (m)**
I.4 (max)	34+498	0,01911	**1,26**	**0,113**
I.8 (min)	34+610	0,00709	**1,03**	**0,060**

Táboa 6. Comprobación dos sumidoiros máis desfavorables para o Treito I

TREITO II. P.K. 44+300 - 45+080				
Sumidoiro	**P.K. Embornal**	**Q Proxecto Qp (m^3/s)**	**Velocidade de proxecto v_{25} (m/s)**	**Calado de proxecto h (m)**
II.23 (max)	44+995	0,01386	**1,20**	**0,089**
II.27 (min)	45+070	0,00338	**0,84**	**0,040**

Táboa 7. Comprobación dos sumidoiros máis desfavorables para o Treito II

Por tanto, a rede resólvese conectando os embornais aos pozos cuns sumidoiros de PVC de diámetro 160 mm cunha pendente mínima de 0,01 m/m.

3.5 CAPACIDADE DE DESAUGADOIRO DOS COLECTORES

O seguinte paso é o calculo do diámetro e da pendente mínima dos tubos de conexión dos embornais aos pozos de rexistro existentes ou proxectados, os denominados como sumidoiros no esquema Figura 1.

O último paso será o cálculo do diámetro e da pendente mínima dos colectores que recolleran e conduciran ao punto de vertido as augas pluviais, segundo o sinalado no esquema da Figura 1.

O procedemento de cálculo dos colectores será o mesmo que o descrito para os sumidoiros, só que os diámetros a considerar serán de maiores dimensións, sen contar a necesidade de establecer unha pendente para os distintos tramos que permita minimizar os custes de execución.

Deste xeito, e tendo en conta a configuración topográfica e as pendentes existentes deseñáronse os seguintes tramos de colector:

TREITO I. P.K. 34+400 - 34+860				
Colector	**P.K.**	**Embornais**	**Pendente lonxitudinal i (m/m)**	**Diámetro condución (mm)**
I.C1	34+400 - 34+630	I.0 - I.8	0.004	400
I.C2	34+630 - 34+810	I.9 - I.14	0.014	400

Táboa 8. Colectores proxectados no Treito I

TREITO II. P.K. 44+300 - 45+080				
Colector	**P.K.**	**Embornais**	**Pendente lonxitudinal i (m/m)**	**Diámetro condución (mm)**
II.C1	44+300 - 44+610	II.0 - II.10	0.06	400
II.C2	44+680 - 44+815	II.13 - II.16	0.02	400
II.C3	44+815 - 45+018	II.17 - II.23	0.004	400
II.C4	45+018 - 45+100	II.24 - II.28	0.04	400

Táboa 9. Colectores proxectados no Treito II

Entre os P.K. 44+610 – 44+680 situase a Ponte sobre o Río Calvar e os embornais II.11 e II.12, que corresponden a nova estrutura en voladizo proxectada e que desaugan directamente ao terreo desde a mesma.

Os datos de partida dos colectores son os seguintes:

- Coeficiente de rugosidade = 0,01
- Diámetro = 0,400 m.

De tal xeito que se obteñen os resultados sinalados na seguinte táboa para cada un deles:

Colector	Pendente lonxitudinal i (m/m)	Diámetro condución (mm)	Q sección chea Q_o (m^3/s)	Velocidade sección chea v_o (m/s)	Calado sección chea y (m)
I.C1	0.004	400	0.17	1.36	0.400
I.C2	0.014	400	0.32	2.55	0.400
II.C1	0.06	400	0.66	5.28	0.400
II.C2	0.02	400	0.38	3.05	0.400
II.C3	0.004	400	0.17	1.36	0.400
II.C4	0.04	400	0.54	4.31	0.400

Táboa 10. Caudal, calado e velocidade para o diámetro proxectado dos colectores

Tendo en conta os valores anteriores e acudindo ás fórmulas e procedementos sinalados nos devanditos apartados da ITOHG-SAN-1/3, calculase a velocidade e o calado para o caudal de proxecto dos colectores. Os resultados, e deste xeito a comprobación dos colectores, recóllense nas seguintes táboas:

TREITO I. P.K. 34+400 - 34+860				
Colector	**P.K.**	**Q Proxecto Qp (m^3/s)**	**Velocidade de proxecto v_{25} (m/s)**	**Calado de proxecto h (m)**
I.C1	34+400 - 34+630	0.07875	**1.34**	**0.190**
I.C2	34+630 - 34+810	0.04644	**1.84**	**0.102**

Táboa 11. Comprobación dos sumidoiros máis desfavorables para o Treito I

TREITO II. P.K. 44+300 - 45+080				
Colector	**P.K.**	**Q Proxecto Qp (m^3/s)**	**Velocidade de proxecto v_{25} (m/s)**	**Calado de proxecto h (m)**
II.C1	44+300 - 44+610	0.07250	**3.54**	**0.088**
II.C2	44+680 - 44+815	0.02439	**1.74**	**0.065**
II.C3	44+815 - 45+018	0.04243	**1.14**	**0.136**
II.C4	45+018 - 45+100	0.01659	**2.03**	**0.047**

Táboa 12. Comprobación dos sumidoiros máis desfavorables para o Treito II

Polo tanto, e considerando os datos anteriores, a rede de colectores deseñase mediante colectores de PVC de 400 mm de diámetro e coa pendente existente no terreo. Ademais, colocaranse os pozos de rexistro precisos na conexión cos sumidoiros dos embornais e naqueles cambios de dirección nos que poida ser preciso.

4 DRENAXE TRANSVERSAL

4.1 CRUCES E DESAUGADOIROS

Non se afectará a ningunha canle natural distinto dos xa interceptados pola actual estrada, polo que se considera que seguen sendo válidos as cruces e os puntos de desaugadoiro existentes.

Neste senso, tanto no Treito 1, no que existen distintas ODT, como no Treito 2, no que hai que salientar a Ponte sobre o Río Calvar, considerase que as infraestruturas para a drenaxe transversal son suficientes e axeitadas para a súa función.

Por outra parte, será preciso ter en conta aqueles puntos nos que, polas necesidades construtivas e hidráulicas, realizarase a descarga ou desaugue dos elementos de drenaxe lonxitudinal ao terreo adxacente ou as redes de pluviais e saneamento existentes. Polo tanto, disporase de diversos puntos de desaugue a leitos naturais e/ou redes de pluviais, que se sinalan na táboa seguinte:

TREITO I. P.K. 34+400 - 34+860				
Colector	**ACTUACIÓN.**	**P.K.**	**DESCRICIÓN**	**DIÁMETRO (mm)**
I.C1	Conexión a rede existente	34+396	Conexión a pozo de rexistro existente	400
I.C2	Punto de descarga I.D1 proxectado	34+820	Descarga a terreo natural asolagable	400

Táboa 13. Puntos de descarga para o Treito I

TREITO II. P.K. 44+300 - 45+080				
Colector	**ACTUACIÓN**	**P.K.**	**DESCRICIÓN**	**DIÁMETRO (mm)**
II.C1	Punto de descarga II.D1 proxectado	44+640	Descarga ao Río Calvar	400
II.C2	Punto de descarga II.D2 proxectado	44+640	Descarga ao Río Calvar	400
II.C3	Punto de descarga II.D3 proxectado	45+018	Descarga a leito natural	400
II.C4	Punto de descarga II.D4 proxectado	45+018	Descarga a leito natural	400

Táboa 14. Puntos de descarga para o Treito II

ANEXO Nº 13
ESTRUTURAS

ÍNDICE

1 OBXECTO 3

2 DESCRICIÓN DAS ESTRUTURAS 3

3 VOLADIZO NA PONTE SOBRE O RÍO CALVAR 4

3.1 BASES DE CÁLCULO 4

3.1.1 INSTRUCIÓNS, NORMAS APLICADAS E REFERENCIAS 4

3.1.2 VIDA ÚTIL 4

3.1.3 SITUACIÓNS DE PROXECTO 5

3.1.4 CRITERIOS DE COMPROBACIÓN 5

3.1.4.1 MÉTODO DOS ESTADOS LÍMITE 5

3.1.4.1.1 ESTADO LÍMITE ÚLTIMO 5

3.1.4.1.2 ESTADO LÍMITE DE SERVIZO 5

3.1.4.1.3 ESTADO LÍMITE DE DURABILIDADE 5

3.1.5 COEFICIENTES DE SEGURIDADE 6

3.1.6 CARACTERÍSTICAS DOS MATERIAIS 6

3.1.7 CLASE DE EXECUCIÓN 6

3.1.8 DURABILIDADE 6

3.2 ACCIÓNS 6

3.2.1 VALORES CARACTERÍSTICOS 6

3.2.1.1 PERMANENTES 6

3.2.1.1.1 PESO PROPIO 6

3.2.1.1.2 CARGAS MORTAS 6

3.2.1.1.3 ACCIÓNS DO TERREO 6

3.2.1.2 VARIABLES 7

3.2.1.2.1 EMPUXE HIDROSTÁTICO 7

3.2.1.2.2 SOBRECARGA PEONIL 7

3.2.1.2.3 IMPACTO SOBRE O SISTEMA DE CONTENCIÓN 7

3.2.1.2.4 CARGA SOBRE A VARANDA 7

3.2.2 VALORES REPRESENTATIVOS 7

3.2.2.1 ACCIÓNS PERMANENTES 7

3.2.2.2 ACCIÓNS VARIABLES 7

3.2.3 VALORES DE CÁLCULO 7

3.2.3.1 VALORES DE CÁLCULO PARA COMPROBACIÓNS EN E.L.U. 7

3.2.3.2 VALORES DE CÁLCULO PARA COMPROBACIÓNS EN E.L.S. 8

3.2.3.3 VALORES DE CÁLCULO PARA COMPROBACIÓNS CON COEFICIENTE ÚNICO 8

3.3 COMBINACIÓNS 8

3.3.1 COMPROBACIÓNS DE E.L.U. 8

3.3.2 COMPROBACIÓNS DE E.L.S. 8

3.4 COMPROBACIÓN DA ESTRUTURA EXISTENTE 9

3.5 RESULTADOS 9

4 MURO DE ESCOLLEIRA 10

4.1 BASES DE CÁLCULO 10

4.1.1 INSTRUCIÓNS, NORMAS APLICADAS E REFERENCIAS 10

4.1.2 VIDA ÚTIL 10

4.1.3 SITUACIÓNS DE PROXECTO 10

4.1.4 CRITERIOS DE COMPROBACIÓN 10

4.1.4.1 MÉTODO DOS ESTADOS LÍMITE 10

4.1.4.1.1 ESTADO LÍMITE ÚLTIMO 10

4.1.4.1.2 ESTADO LÍMITE DE SERVIZO 10

4.1.4.2 VERIFICACIÓN CON COEFICIENTES DE SEGURIDADE 11

4.1.5 PROGRAMAS UTILIZADOS 11

4.2 DATOS XEOTÉCNICOS 11

4.3 MATERIAIS 11

4.4 ACCIÓNS 11

4.4.1 VALORES CARACTERÍSTICOS 11

4.4.1.1 PERMANENTES (G) 11

4.4.1.1.1 PESO PROPIO E CARGAS MORTAS 11

4.4.1.1.2 EMPUXE DO TERREO 11

4.4.1.2 VARIABLES (Q) 13
4.4.1.2.1 SOBRECARGA DE USO NA SENDA 13
4.4.1.2.2 CLIMÁTICAS E TÉRMICAS 13
4.4.2 VALORES REPRESENTATIVOS 13
4.4.2.1 ACCIÓNS PERMANTENTES 13
4.4.2.2 ACCIÓNS VARIABLES 13
4.4.3 VALORES DE CÁLCULO 14
4.4.4 COMBINACIÓN DE ACCIÓNS 14
4.5 MÉTODO DE CÁLCULO 14
4.5.1 E.L.U. DE DESLIZAMENTO 14
4.5.2 E.L.U. DE ESTABILIDADE LOCAL (VOLCADO) 14
O presente anexo ten como obxecto detallar os elementos de sinalización presentes no proxecto. O ámbito da actuación sitúase na estrada AC-552 nos tramos comprendidos entres os P.K. 34+400-34+860 e os P.K. 44+300-45+080 da devandita estrada, que percorre o Concello de Coristanco

2 SINALIZACIÓN. TIPOS E CARACTERÍSTICAS

De acordo coas necesidades de implantación dos treitos de senda peonil obxecto deste proxecto e facilitar tanto o emprego por parte dos usuarios, sen esquecer a seguridade viaria compatibilizando a circulación e o tránsito peonil e ciclista, realizouse unha clasificación ou categorización da sinalización a empregar, e que se lista a continuación:

- Sinalización Horizontal
  - Tráfico Rodado
  - Tránsito Peonil
- Sinalización Vertical
  - Tráfico Rodado
  - Tránsito Peonil

Os distintos sinais contemplados, e que serán descritos a continuación, seleccionáronse de diferentes fontes, empregando aquelas normativas respecto da sinalización de tráfico rodado.

No Documento nº II. Planos achégase tanto a localización dos sinais empregados como a súa descrición gráfica.

3 CLASIFICACIÓN DA ESTRADA

A sinalización vertical e horizontal, así como os sistemas de balizamento e de defensas e contención, deberán axeitarse ao tipo de estrada na cal se sitúan, a AC552.. O viario afectado polo presente proxecto posúe as seguintes características:

TREITO	TIPO	ANCHO DE BEIRAVÍA	V_P (km/h)	V_{legal}ASC. (Km/h)	V_{legal}DESC. (Km/h)	IMD
TREITO I. P.K. 34+400-34+860	Primaria Básica	< 1,50 m	40	50	50	>1.500
TREITO II. P.K. 44+300-45+080	Primaria Básica	< 1,50 m	40	50	50	>1.500

Táboa 1. Clasificación da estrada

4 SINALIZACIÓN HORIZONTAL

Como normal xeral renovarase toda a sinalización horizontal mediante a instalación de novos sinais, adaptándose ás novas necesidades requiridas na zona, repintando por encima da actual ou ben substituíndo esta mediante o borrado previo da sinalización.

4.1 NORMATIVA

Para a redacción deste proxecto tívose en conta a seguinte normativa:

- Instrución 8.1-I.C. de “Sinalización Vertical” do 6 de abril do 2014
- Instrución 8.2-I.C. de “Marcas Viarias” do 16 de xuño de 1987.

4.2 TIPOLOXÍA DAS MARCAS VIARIAS

O fin inmediato das marcas viarias é aumentar a seguridade, eficacia e comodidade da circulación, polo que é necesario que se teñan en conta en calquera actuación viaria como parte integrante do deseño, e non como mero engadido posterior a súa concepción.

Distínguense os seguintes tipos de marcas viarias:

- Marcas lonxitudinais descontinuas: ningún condutor debe circular co seu vehículo ou animal sobre ela, salvo cando sexa necesario e a seguridade de circulación o permita, en calzada con carrís estreitos (menos de 3m).

  Utilizaranse para a separación de carrís normais, reversibles, de entrada, ou saída, carrís especiais destinados ao tráfico lento ou reservado para determinados vehículos como autobús ou taxi e bifurcacións.

  Delimitaranse tamén con esta tipoloxía o bordo da calzada, intersecciónss, e illotes infranqueables.

- Marcas lonxitudinais continuas: ningún condutor, co seu vehículo ou animal, debe atravesala nin circular sobre ela nin, cando a marca separe os dous sentidos de circulación, circular pola esquerda da mesma Deberá ter polo menos 20 m de lonxitude.

  Utilizarase para a separación de carrís de circulación do mesmo sentido, de sentidos en calzada de dous ou tres carrís, carrís especiais, de entrada, ou saída, bordo da calzada e illotes infranqueables.

- Marcas lonxitudinais continuas encostadas a descontinuas: Cando unha marca consiste nunha liña lonxitudinal continua encostada a outra descontinua, os condutores non deben ter en conta máis que a liña situada ao lado polo que circulan. Esta disposición non impide que os vehículos que efectúen un adiantamento volvan a súa dereita.

  O seu principal uso será para a regulación do adiantamento e cambios de carril entre carrís do mesmo sentido.

- Marcas transversais:

o *Marca transversal continua*: Unha liña continua disposta ao ancho dun ou varios carrís do mesmo sentido indica que ningún vehículo ou animal nin a súa carga debe franqueala, en cumprimento da obrigación imposta por:

  – Un sinal de detención obrigatoria
  – Unha marca viaria de (stop).
  – Un sinal de prohibición de pasar sen deterse
  – Un paso para peóns, indicado pola marca M-4.3 ou por un sinal vertical
  – Un sinal de paso a nivel.
  – Un semáforo
  – Un sinal de detención efectuada por un axente da circulación

o *Marca transversal descontinua*: Unha liña descontinua disposta ao ancho dun ou varios carrís indica que, salvo en circunstancias anormais que reduzan a visibilidade, ningún vehículo ou animal nin a súa carga debe franqueala, cando teñan que ceder o paso en cumprimento da obrigación imposta por:

  – Un sinal ou marca de ceda o paso
  – Por unha frecha verde de xiro nun semáforo
  – Cando non haxa ningún sinal de prioridade, por aplicación das normas que rexen esta

- Frechas:

o *Frechas de dirección ou de selección de carrís*: Indicación do movemento ou dos movementos permitidos ou obrigados aos condutores que circulan por ese carril no próximo nó.

o *Frechas de saída*: Indicación aos condutores do lugar onde poden iniciar o cambio de carril para utilizar un carril de saída, en especial dunha autoestrada ou autovía.

o *Frecha de fin de carril*: Sinalización de que o carril en que está situada termina proximamente e é preciso seguir a súa indicación.

o *Frecha de retorno*: Unha frecha, situada aproximadamente no eixo dunha calzada de dobre sentido de circulación e apuntando cara á dereita, anuncia a proximidade dunha liña continua que implica a prohibición de circular pola súa esquerda e indica, polo tanto, que todo condutor debe circular co seu vehículo polo carril á dereita da frecha.

o Inscricións: teñen por obxecto proporcionar ao condutor unha información complementaria, lembrándolle a obrigación de cumprir o ordenado por un sinal vertical ou en certos casos impor por si mesma unha determinada prescrición.

Utilizaranse para sinalizar carrís ou zonas reservadas, direccións, detención, ceda o paso, limitación de velocidade….

o Outras marcas: cebreado, zonas ou prazas de estacionamento, pasos a nivel, liñas de prohibición de parada ou estacionamento…

5 SINALIZACIÓN VERTICAL

Como normal xeneral renovarase toda a sinalización vertical mediante a instalación de novos sinais, adaptándose ás necesidades requiridas na zona.

Colocaranse de forma que sexan facilmente visibles, evitando que estes sexan un obstáculo para os ciclistas, peóns e vehículos motorizados.

5.1 TIPOS DE SINAIS

Respecto dos principais sinais empregados, a continuación, se listan e describen brevemente os mesmos, que nos planos correspondentes serán localizados e descritos univocamente.

Sinalización Tráfico

- Sinal P-1: Intersección con prioridade. Perigo pola proximidade dunha intersección cunha vía, cuxos usuarios deben ceder o paso.

- Sinal P-3: Semáforos. Perigo pola proximidade dunha intersección illada ou tramo coa circulación regulada por semáforos.

- Sinal P-13a: Curva perigosa cara á dereita. Perigo pola proximidade dunha curva perigosa cara á dereita.

- Sinal P-13b: Curva perigosa cara á esquerda. Perigo pola proximidade dunha curva perigosa cara á esquerda.

- Sinal P-16a: Baixada con forte pendente. Perigo pola existencia dun tramo de vía con forte pendente descendente. A cifra indica a pendente en porcentaxe.

- Sinal P-16b: Subida con forte pendente. Perigo pola existencia dun tramo de vía con forte pendente ascendente. A cifra indica a pendente en porcentaxe.

- Sinal P-20: Peóns. Perigo pola proximidade dun lugar frecuentado por peóns.

- Sinal P-22a: Ciclistas. Perigo pola proximidade dun paso para ciclistas de dobre sentido.

- Sinal R-1: Ceda o paso. Obrigación para todo condutor de ceder o paso na próxima intersección aos vehículos que circulen pola vía á que se aproxime ou ao carril ao que pretende incorporarse.

- Sinal R-2: Detención obrigatoria ou stop. Obrigación para todo condutor de deter o seu vehículo ante a próxima liña de detención ou, se non existe, inmediatamente antes da intersección, e ceder o paso nela aos vehículos que circulen pola vía á que se aproxime.

- Sinal R-102: Entrada prohibida a vehículos de motor. Prohibición de acceso a vehículos de motor.

- Sinal S-13: Situación dun paso para peóns. Indica a situación dun paso para peóns.

- Sinal S-15a: Rúa sen continuidade. Informa da presenza dun fondo de saco.

- Sinal S-22: Indica que se aproxima a un tramo de vía na que podemos realizar un cambio de sentido. A cifra que se atope dentro do sinal indicará os metros que faltan para chegar ao momento en que dito cambio de sentido poderase realizar.

5.2 DIMENSIÓNS

Segundo o establecido na táboa 3 da Norma 8.1-I.C. o tamaño das frechas en carteis frecha para o tipo de estrada obxecto deste proxecto ha de ser:.

Normais: 80 mm., reducida: 70mm., e de saída: 100mm.

No caso de incluírse algún tramo de estrada convencional con beiravía igual ou superior a 1,50 m as dimensións de letras serán:

Normais: 100 mm., reducida: 80mm., e de saída: 150mm.

5.3 GRADO DE RETRORREFLEXIÓN

Atendendo ao escrito na Instrución de estradas 8.1-I.C., os niveis de retrorreflexión, aplicable á sinalización vertical da vía pertinente, en función do tipo de vía e da natureza do entorno, co fin de garantir a súa visibilidade tanto de día como de noite, terán os seguintes valores:

TIPO DE SINAL OU CARTEL	CONTORNA DE LOCALIZACIÓN DO SINAL OU CARTEL		
	ZONA PERIURBANA (travesías, circunvalacións…)	AUTOPISTA, AUTOVÍA E VÍA RÁPIDA	ESTRADA CONVENCIONAL
SINAIS DE CONTIDO FIXO	Clase RA2	Clase RA2	Clase RA2
CARTEIS E PANEIS COMPLEMENTARIOS	Clase RA3	Clase RA3	Clase RA2

() En sinais de advertencia, perigo, prioridade e prohibición de entrada deberá utilizarse necesariamente.

() Sempre que a iluminación ambiente dificulte a súa percepción onde se considere conveniente reforzar os elementos de sinaliza- ción vertical e en entornos onde conflúan ou diverxan grandes fluxos de tráfico, intersecccións, glorietas, etc., deberá estudarse a idoneidade de utilizar o nivel 3.

Táboa 2. Grao de retrorreflexión mínima en sinais e carteis. Fonte: Instrución de Estradas 8.1-I.C.

5.4 LOCALIZACIÓN TRANSVERSAL E VERTICAL

A disposición de sinais verticais e carteis debe cumprir as separacións mínimas respecto ao bordo da calzada, da beiravía ou dunha barreira de seguridade existente.

Asumirase como separación a distancia que separa o plano vertical, tanxente ao bordo do sinal máis próximo á calzada, do plano vertical que contén o bordo da beiravía, o bordo da calzada ou o plano tanxente á barreira de seguridade máis próxima ao sinal.

	A	B	C
AUTOPISTA, AUTOVÍA E VÍA RÁPIDA	mínimo 3 m	mínimo 0,7 m	2,0 m
ESTRADA CONVENCIONAL CON BEIRAVÍA >= 1,5 m	mínimo 2,5 m	mínimo 0,5 m	1,8 m
ESTRADA CONVENCIONAL CON BEIRAVÍA < 1,5 m	mínimo 1 m recomendable 1,5 m	mínimo 0,5 m	1,5 m

Táboa 3. Separación lateral e altura. Fonte: Instrución de Estradas 8.1-I.C.



Figura 1. Separación lateral e altura Fonte: Instrución de Estradas 8.1-I.C a.

6 BALIZAMENTOS

Os elementos de balizamento teñen como misión principal complementar a sinalización da estrada e buscar un aumento da seguridade e comodidade para os usuarios.

Disporanse balizas e captafaros naqueles puntos onde sexa necesario para garantir a seguridade dos peóns, e tamén dos vehículos.

6.1 BALIZAS

Colocaranse balizas naqueles puntos nos que sexa necesario para garantir a seguridade dos peóns, e complementar a sinalización vertical e horizontal existente. En particular, considerase precisa a sinalización mediante balizas do tramo en beiravía transitable do Treito II.

Neste senso, no proxecto contémplanse balizas cilíndricas CH-75 con corpo de cor verde de 75 cm de altura e con dúas franxas retrorreflectantes de 10 cm de altura de cor branca. O diámetro do corpo da baliza estará comprendido entre 10 e 20 cm. As franxas retrorreflectantes rodearán todo o seu perímetro.

As balizas estarán constituídas por material polimérico flexible segundo as prescricións de a norma UNE 135363. As láminas retrorreflectantes empregadas nas balizas H-75 serán de nivel 3, e cumprirán o especificado nas normas UNE 135334 e UNE 135340, respectivamente.

6.2 CAPTAFAROS

Os captafaros dispostos permitirán que, en condicións extremas, o condutor saiba en todo momento cales son os límites da calzada. A súa colocación xustifícase como un modo de suplir as deficiencias que as marcas viarias de bordo poidan presentar en condicións de choiva ou escasa visibilidade.

En concreto, para o presente proxecto disponse de captafaros naqueles puntos onde se considera preciso por razóns de seguridade viaria. A localización e disposición dos captafaros reflíctese nos planos correspondentes:

- Captafaro retroreflectante a dúas caras con protección de vidro. P3A S1 R1 segundo UNE-1463, fixado sobre o pavimento con adhesivo de dous compoñentes, mesmo preparación da superficie, totalmente colocado.

A colocación de os mesmos definiuse da seguinte maneira.

- 1 cada 25 metros en zonas rectas
- 1 cada 7 metros en zonas curvas
- 1 cada metro en zonas puntuais (Por exemplo, illotes).

7 DEFENSAS

7.1 INTRODUCIÓN

Ao longo dos treitos obxecto deste proxecto dispuxéronse sistemas de contención de vehículos, que teñen por obxecto o incremento da seguridade na condución, pois evitarán a saída de vía dos vehículos ante eventuais accidentes ou manobras incontroladas e, en particular, coa finalidade de reducir a inseguridade do peón en aqueles tramos nos que exista unha elevada vulnerabilidade do mesmo ante os vehículos.

No presente apartado descríbense as características básicas dos elementos que cumpren estes requisitos, así como os criterios que xustifican a súa implantación.

7.2 NORMATIVA

A instalación de elementos de defensa efectuarase en base a Orde Circular 35/2014 sobre “Criterios de aplicación de sistemas de contención de vehículos”, aprobada con data de 19 de maio de 2014.

Esta disposición recolle e derroga as anteriores recomendacións e normas relativas a as barreiras metálicas, de formigón, peitorís e protección de motoristas..

7.3 SISTEMA DE FUNCIONAMENTO.

Ante unha colisión, o vehículo accidentado experimenta unha redución brusca da súa velocidade. Deste xeito, para que os ocupantes do vehículo non sufran danos, a deceleración sufrida debe ser inferior a certos límites, o que impediría que tanto o condutor como os posibles acompañantes non se visen lanzados cara adiante como consecuencia da inercia que levaban no interior do vehículo.

Experimentalmente, os valores máximos da deceleración fíxanse en 10·g durante 50 milisegundos ou 4·g para períodos superiores a os 50 milisegundos, onde g é o valor da aceleración da gravidade.

Deste xeito, as barreiras de seguridade teñen por obxecto, por unha banda, impedir que o vehículo saía despedido, redirixíndoo cara unha traxectoria adecuada e, doutra banda, evitar un golpe brusco, o que se consegue coa deformación plástica da barreira. Noutras ocasións, o que se tenta é protexer certos elementos, como pórticos e bandeirolas, ou pilas de estruturas..

7.4 CRITERIOS DE INSTALACIÓN.

A instalación de sistemas de contención de vehículos estará xustificada nos seguintes casos:

- Zonas nas que se detecte, como consecuencia da presenza de obstáculos, desniveis ou elementos de risco próximos á calzada, a probabilidade de que se produza un accidente normal, grave ou moi grave.
- Zonas nas que a súa protección sexa incluída entre as medidas correctoras derivadas dunha Declaración de Impacto Ambiental (como lagos, humidais, cursos de auga, xacementos arqueolóxicos, etc.), aínda cando non haxa un obstáculo ou desnivel nas proximidades do bordo da calzada.

No primeiro dos casos (presenza de obstáculos, desniveis ou elementos de risco próximos á calzada) considerarase o risco de accidente relacionado coa probabilidade do suceso e coa magnitude dos danos e lesións previsibles, tanto para os ocupantes do vehículo como para outras persoas ou bens situados nas proximidades. Adoptaranse os seguintes riscos de accidente:

a Risco de accidente moi grave:

En calquera tipo de estrada, e velocidade de proxecto; cando o tramo estudado estea nalgún dos seguintes supostos:

a.1) Paso sobre unha vía férrea en servizo..

a.2) Existencia dunha vía férrea paralela próxima á estrada e situada a máis de 1 m por baixo do nivel desta.

a.3) Existencia a nivel inferior de instalacións contiguas a unha obra de paso, permanentemente habitadas ou utilizadas para almacenamento de sustancias perigosas, ou que presten servizo público de interese xeral, previamente autorizadas a tal fin e situadas dentro da zona de afección da estrada.

a.4) Existencia a nivel inferior de calquera tipo de infraestrutura do transporte terrestre, e que no emprazamento da estrada superior concorran curvas horizontais ou acordos verticais de dimensións inferiores ás contempladas pola Norma 3.1. I. C. Trazado, para a velocidade de proxecto (Vp) correspondente.

a.5) Nós de dúas estradas cando a do nivel superior teña unha intensidade media diaria de vehículos pesados igual ou superior a 2000. A intensidade media diaria a considerar será a correspondente ao ano de posta en servizo en vías en fase de proxecto ou construción.

a.6) Eventualmente, en emprazamentos singulares en, ou xunto á coroación de obras de fábrica, tales como:

- Nós complexos nos que poida resultar máis probable que se produza un erro por parte do condutor.
- Intersecciónss situadas nas proximidades de obras de paso.
- Emprazamentos cunha accidentalidade por saída de vía anormalmente elevada.
- Estruturas singulares, entendendo como tales as que teñen luces superiores a 200 m, así como aquelas de menor lonxitude que salvan zonas singulares (grandes cursos de auga, encoros, vales de moi difícil acceso).
- En estradas con calzadas separadas, cando a estrutura estea rexistrada nunha aliñación circular en planta de radio menor que 300 m.
- En estradas con calzadas separadas, cando antes de acceder a unha estrutura exista unha pendente media superior ao 3%, continuada de máis de 400 m de lonxitude.

b **Risco de accidente grave**:

b.1) Casos nos que falte algún dos requisitos descritos para ser considerado como risco de accidente moi grave, sendo a intensidade media diaria (IMD) por calzada superior a 10.000 vehículos.

b.2) Velocidade de proxecto Vp superior a 80 km/h e existencia nas proximidades de:

- Ríos, encoros e outras masas de auga con corrente impetuosa ou profundidade superior a 1 m e barrancos ou gabias profundas.
- Accesos a pontes, túneles e pasos estreitos.

b.3) Velocidade de proxecto Vp superior a 60 km/h e existencia nas proximidades de:

- Elementos nos que un choque poida producir a caída de obxectos de gran masa sobre a plataforma (tales como pilas de pasos superiores, pórticos ou bandeirolas de sinalización, estruturas de edificios, pantallas acústicas e outros similares).
- Obstáculos tales que o choque dun vehículo contra eles poida producir danos graves en elementos estruturais dun edificio, paso superior ou outra construción.
- Caída desde estruturas e obras de paso, exceptuando obras de drenaxe con altura de caída desde a calzada menor de 2 m.
- Caída desde muros de sostemento (ao lado do desnivel) dunha estrada en terreo accidentado ou moi accidentado.

b.4) Estradas ou calzadas paralelas con circulación no sentido oposto, nas que a anchura da mediana (definida segundo Regulamento Xeral de Estradas; R.O. 1812/1994), ou que a distancia entre a calzada principal e a de servizo, sexa inferior á establecida na táboa 1 da OC 35/2014.

c Risco de accidente normal:

c.1) Obras de paso, cando non se dean os requisitos específicos para que o risco de accidente sexa grave ou moi grave.

c.2) Casos nos que falte algún dos requisitos descritos para ser considerado como risco de accidente grave.

c.3) Velocidade de proxecto Vp superior a 80 km/h e existencia nas proximidades de:

- Obstáculos, árbores ou postes, de máis de 15 cm de diámetro, ou postes SOS.
- Elementos de sustentación de carteis de sinalización ou báculos de iluminación non provistos dun fusible estrutural (segundo a norma UNE-EN 12767) que permita o seu fácil desprendemento ou abatemento ante un impacto ou que, aínda estando provistos dun fusible estrutural, a súa caída en caso de impacto poida provocar danos a terceiros..
- Cimentacións ou elementos da drenaxe superficial (arquetas, impostas, etc.) que sobresaian do terreo máis de 7 cm. Sempre que a intensidade media diaria IMD por calzada sexa superior a 1500 vehículos, os chanzos e cunetas de máis de 15 cm de profundidade, excepto as cunetas suficientemente tendidas.
- Desmontes, se o noiro (relación H:V) é inferior a:
  - 3: 1, se os cambios de inclinación transversal non se suavizaron.
  - 2: 1, se os cambios de inclinación transversal suavizáronse.
- Terrapléns, se o noiro (relación H:V) é inferior a:
  - 5: 1, sei os cambios de inclinación transversal non se suavizaron.
  - 3: 1, se os cambios de inclinación transversal suavizáronse. ou, en todo caso, se o terraplén é de altura superior a 3m.

c.4) Existencia nas proximidades dun muro de sostemento nunha estrada con velocidade de proxecto (Vp) superior a 60 km/h e terreo accidentado ou moi accidentado.

c.5) Sempre que aínda que non se dean os requisitos para que o risco de accidente sexa grave ou moi grave, en emprazamentos singulares con accidentes por saída de vía, tales como:

- Nós complexos.
- Intersecciónss situadas nas proximidades de obras de paso.
- Emprazamentos cunha elevada accidentalidade.

7.5 SELECCIÓN DO NIVEL DE CONTENCIÓN.

A selección do nivel de contención dunha barreira de seguridade ou peitoril a dispor nas marxes da estrada efectuarase atendendo ao risco de accidente detectado (apartado 2.2) e seguiranse os seguintes criterios:

A selección dun nivel de contención determinado deberá ter en conta polo menos os parámetros da estrada, especialmente a velocidade de proxecto e o valor de intensidade media de vehículos pesados por sentido, (diferenciando por tipo de vehículo pesado, ríxidos, articulados, autocares) para o ano da posta en servizo. A táboa 6 proporciona un criterio orientativo de selección para cada tipo de accidente, en función da intensidade media de vehículos pesados.

- As barreiras de seguridade poderán ser de contención moi alta (nivel H4) (apartado 3.2) exclusivamente onde se determine a existencia dun risco de accidente moi grave (apartado 2.2) e deberanse utilizar con carácter excepcional.
- Cando outras circunstancias non derivadas da existencia dun obstáculo ou desnivel ou elemento de risco xustifiquen a instalación de barreiras de seguridade (v.g. ordenación do tráfico), poderanse empregar dispositivos de nivel de contención N1 e N2 (apartado 3.2).

TABLA 6. SELECCIÓN DEL NIVEL DE CONTENCIÓN RECOMENDADO PARA SISTEMAS DE CONTENCIÓN DE VEHÍCULOS, SEGÚN EL RIESGO DE ACCIDENTE.

RIESGO DE ACCIDENTE(*)	IMD e IMDp POR SENTIDO	NIVEL DE CONTENCIÓN RECOMENDADO	
		BARRERAS	PRETILES
MUY GRAVE	IMDp ≥ 5000	H3 – H4b	H4b
	5000 > IMDp ≥ 2000	H2 – H3	H4b
	IMDp < 2000	H2	H3
GRAVE	IMD ≥ 10000	H1 – H2	H3
	IMDp ≥ 2000	H2	H3
	400 ≤ IMDp < 2000	H1	H2
	IMDp < 400	N2 – H1	H1 – H2
NORMAL	IMDp ≥ 2000	H1	H1 – H2
	400 ≤ IMDp < 2000	N2 – H1	H1
	IMDp < 400	N2	N2 – H1
	IMDp < 50 y Vp ≤ 80 km/h	N1 – N2	N2

(*) Definición del riesgo de accidente según Apartado 2.2 "Criterios de instalación" del Capítulo 2.

Táboa 4. Nivel de contención recomendado segundo o risco de accidente

7.6 5.6 SELECCIÓN DO ÍNDICE DE SEVERIDADE.

Para barreiras de seguridade e peitorís só se admitirán índices de severidade A e B. A efectos de seleccionar o sistema, serán preferibles, a igualdade de contención e desprazamento transversal durante o impacto, os de índice de severidade A sobre os do B.

Non se admitirá o emprego de barreiras de seguridade ou peitorís de severidade C (1,4 < ASI ≤ 1,9), salvo casos excepcionais que se xustifiquen adecuadamente e requiríndose autorización expresa da Dirección Xeral de Estradas, que deberá solicitarse para cada obra ou actuación concreta.

7.7 SELECCIÓN DA ANCHURA DE TRABALLO E DEFLEXIÓN DINÁMICA

Unha vez seleccionado o nivel de contención definiranse os parámetros de deformación (anchura de traballo e deflexión dinámica) que han de cumprir os sistemas de contención de vehículos.

7.7.1 PROTECCIÓN FRONTE A UN OBSTÁCULO

Cando unha barreira de seguridade ou peitoril teña por obxecto protexer ao vehículo do impacto cun obstáculo, seleccionarase a clase de anchura de traballo da barreira de seguridade ou peitoril a dispor nas marxes da estrada, para o que se terá en conta o establecido na táboa 7 (OC 35/2014) en función da distancia transversal ao obstáculo a protexer. A clase de anchura de traballo deberá ser algunha das indicadas na citada táboa (ver figura 10, OC 35/2014).

TABLA 7. **DISTANCIA TRANSVERSAL AL OBSTÁCULO (d_o) Y CLASE DE ANCHURA DE TRABAJO (UNE-EN 1317).**

DISTANCIA AL OBSTÁCULO, d_o (m)	CLASE DE ANCHURA DE TRABAJO NECESARIA
$d_o \leq 0,6$	W1
$0,6 < d_o \leq 0,8$	W2 a W1
$0,8 < d_o \leq 1,0$	W3 a W1
$1,0 < d_o \leq 1,3$	W4 a W1
$1,3 < d_o \leq 1,7$	W5 a W1
$1,7 < d_o \leq 2,1$	W6 a W1
$2,1 < d_o \leq 2,5$	W7 a W1

Táboa 5. Distancia transversal a un obstáculo segundo a clase de anchura de traballo dunha barreira ou defensa

As distancias transversais contémplanse nos parámetros de comportamento dos sistemas de contención, segundo indícase en UNE-EN 1317..

7.7.2 PROTECCIÓN FRONTE A UN DESNIVEL.

Cando unha barreira de seguridade ou peitoril teña por obxecto protexer ao vehículo da caída por un desnivel, se seleccionará de maneira que a distancia transversal ao desnivel (dn) sexa igual ou maior á deflexión dinámica (figura 11, OC 35/2014).



Figura 2. Distancia mínima entre un sistema de colisión de vehículos e un obstáculo



Figura 3. Distancia mínima entre un sistema de contención de vehículos e un denivel.

7.8 BARREIRAS DE SEGURIDADE PROXECTADAS

Tendo en conta o exposto anteriormente, considerase a colocación segundo a Orde Circular 4/2017 un peitoril estético urbano de tipo monorail e tubular, fabricado en aceiro e recuberto cun tratamento DÚPLEX na cor RAL-5002, con nivel de contención N1, clase de severidade A e anchura de traballo W1, segundo a norma europea UNE-EN 1317-5, incluídos os elementos de ancoraxe e fixación; e capaz de conter a autocares de 13 toneladas a 50 Km/h con anchura de traballo W2 e intrusión VI2.

O peitoril urbano presentará as seguintes características:

- Nivel de contención: N1
- Índice de severidade: A.
- Ancho de traballo: W1.
- Deflexión dinámica: < 1 m.

Figura 4. Modelo de peitoril estético urbano recomendado na OC4/2017.

O peitoril estético urbano localizarase en:

TREITO I: 34+400 e 34+860

Neste primeiro treito considerase a colocación do peitoril estético urbano no acondicionamento da curva, coa finalidade de incrementar a seguridade dos peóns.

TREITO II: 44+300 e 45+080

No segundo treito considerase a colocación do peitoril estético urbano na Ponte sobre o Río Calvar.

Por outra banda, considerase a colocación dunha varanda modular en aceiro inoxidable naqueles puntos nos que sexa preciso para a protección dos peóns respecto a desniveis na contorna da senda peonil. A varanda colocada estará deseñada cumprindo os seguintes criterios de accesibilidade e seguridade:

a) Terán unha altura mínima de 0,90 m, cando a diferenza de cota que protexan sexa menor de 6 m, e de 1,10 m nos demais casos. A altura medirase verticalmente dende o nivel do chan.

b) Non serán escalables, polo que non dispoñerán de puntos de apoio entre os 0,20 m e 0,70 m de altura.

c) As aberturas e espazos libres entre elementos verticais non superarán os 10 cm.

A varanda de protección dos peóns colocarase:

TREITO I: 34+400 e 34+860

Neste primeiro treito considerase a colocación da varanda naqueles casos que tras o acondicionamento da curva o desnivel existente supere os 1,5 m.

TREITO II: 44+300 e 45+080

No segundo treito considerase a colocación da varanda na Ponte sobre o Río Calvar.

7.9 RETIRADA DE ELEMENTOS.

Debido ás actuacións proxectadas será necesario, en varias zonas, proceder á retirada da barreira metálica existente, a cal, nalgúns tramos, será substituída por outra nova que cumpra as condicións indicadas no apartado anterior.

ANEXO Nº 16
ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA

ÍNDICE

1 OBXECTO 3

2 MARCO LEGAL 3

2.1 LEXISLACIÓN AMBIENTAL 4

2.2 LEXISLACIÓN SECTORIAL 4

3 DESCRIPCIÓN DO PROXECTO 5

3.1 LOCALIZACIÓN 5

3.2 DESCRICIÓN DAS OBRAS 6

4 INVENTARIO AMBIENTAL 10

4.1 MEDIO FÍSICO – ABIÓTICO 10

4.1.1 CLIMATOLOXÍA 10

4.1.2 ATMOSFERA 10

4.1.3 MORFOLOXÍA E RELEVO 11

4.1.4 SOLOS 12

4.1.5 RECURSOS HÍDRICOS 14

4.2 MEDIO FÍSICO – BIÓTICO 16

4.2.1 FAUNA 19

4.2.2 PATRIMONIO NATURAL 20

4.2.3 ECOSISTEMAS 22

4.3 MEDIO FÍSICO – PERCEPTUAL 23

4.3.1 PAISAXE 23

4.3.1.1 CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE 23

4.3.1.2 IMPACTOS SOBRE A PAISAXE 24

4.4 MEDIO SOCIOECONÓMICO 25

4.4.1 ACTIVIDADES E OS USOS DO SOLO 25

4.4.2 SECTORES SOCIOECONÓMICOS 26

4.4.3 INFRAESTRUCTURA 27

4.4.4 TRÁFICO E MOBILIDADE 28

4.5 PATRIMONIO CULTURAL E HISTÓRICO 28

5 IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS 29

5.1 FACTORES SUSCEPTIBLES DE IMPACTOS 29

5.1.1 IMPACTOS DURANTE A FASE DE CONSTRUCIÓN 29

5.1.2 IMPACTOS DURANTE A FASE DE EXPLOTACIÓN 32

5.2 MATRIZ DE IMPACTOS 32

6 AVALIACIÓN DE IMPACTOS 33

6.1 METODOLOXÍA DE AVALIACIÓN 33

6.2 CARACTERIZACIÓN E VALORACIÓN DE IMPACTOS 33

7 MEDIDAS CORRECTORAS 35

7.1 PROTECCIÓN DO SISTEMA HIDROLÓXICO 35

7.1.1 PROTECCIÓN DOS CURSOS FLUVIAIS NA TRAZA DAS OBRAS 35

7.1.2 XESTIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DE OBRA 35

7.1.2.1 AUGAS RESIDUAIS ASOCIADAS A INSTALACIÓNS AUXILIARES 35

7.1.2.2 PARQUE DE MAQUINARIA 35

7.1.3 XESTIÓN DE RESIDUOS 36

7.1.4 FORMIGÓNS, AGLOMERADOS E OTROS RESIDUOS 36

7.1.5 DESMANTELAMENTO 37

7.2 PROTECCIÓN DA ATMOSFERA 37

7.2.1 REGOS PARA ESTABILIZACIÓN DE PO E FINOS 37

7.2.2 CONTROL DE EMISIÓNS 37

7.2.3 VEHÍCULOS DE TRANSPORTE 37

7.2.4 LIMPEZA DE VIARIOS 37

7.3 INSTALACIÓNS AUXILIARES 37

7.4 PROTECCIÓN FRONTE ÁS EMISIÓNS ACÚSTICAS 38

7.4.1 MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL 38

7.4.2 OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA 38

7.4.3 MOVEMENTOS DA MAQUINARIA E DO PERSOAL DE OBRA 38

7.5 MEDIO SOCIOECONÓMICO 38

8 RESTAURACIÓN E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA 39

8.1 OBXECTIVOS E CRITERIOS DA INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA 39

8.2 NORMATIVA EN MATERIA DE PAISAXE 39

8.3 CONDICIONANTES DA LEI 3/2007 39

9 PROGRAMA DE VIXILANCIA AMBIENTAL 41

9.1 OBXECTIVOS 41

9.2 CONTROLES A EFECTUAR DURANTE A FASE DE EXECUCIÓN DAS OBRAS 41

9.2.1 CONTROL DO REFORMULO 41

9.2.2 LOCALIZACIÓN E CONTROL DE ZONAS DE INSTALACIÓNS E PARQUE DE MAQUINARIA 42

9.2.3 CONTROL DA EMISIÓN DE PO E PARTICULAS 42

9.2.4 CONTROL DAS EMISIÓNS DE GASES 42

9.2.5 SEGUIMENTO DA CALIDADE DAS AUGAS SUPERFICIAIS 43

9.2.6 SEGUIMENTO DAS OBRAS DE DRENAXE E CANALIZACIÓN 43

9.2.7 SEGUIMENTO DOS DISPOSITIVOS DE DECANTACIÓN 43

9.2.8 LOCALIZACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ZONAS DE ACOPIOS 44

9.2.9 CONTROL DE ACCESOS TEMPORAIS 44

9.2.10 CONTROL DO MOVEMENTO DE MAQUINARIA 45

9.2.11 DESMANTELAMIENTO DE INSTALACIÓNS E LIMPEZA DAS OBRAS 45

9.2.12 VIXILANCIA DA PROTECCIÓN DE ESPECIES E COMUNIDADES SINGULARES 45

9.2.13 VIXILANCIA DO MANTEMENTO DA PERMEABILIDADE TERRITORIAL 46

9.2.14 SEGUIMENTO DA REPOSICIÓN DE SERVICIOS AFECTADOS 46

9.2.15 CONTROL DA PROTECCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO OU ARQUITECTÓNICO 47

10 VALORACIÓN DO PROGRAMA DE VIXILANCIA AMBIENTAL 47

APÉNDICE 1. ESTUDO DE PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL 48

1 OBXECTO 49

2 NORMATIVA 49

3 DEFINICIÓN DAS OBRAS 49

3.1 LOCALIZACIÓN 49

3.2 DESCRICIÓN DAS OBRAS 50

4 ELEMENTOS PATRIMONIAIS 53

4.1 CATALOGADOS 54

4.2 OUTROS ELEMENTOS NON CATALOGADOS 55

4.3 XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS 56

5 AFECCIÓN AOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS 56

5.1 METODOLOXÍA ESPECÍFICA PARA OS ELEMENTOS PATRIMONIAIS 56

5.2 IMPACTOS AOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS 57

5.3 RESUMO DE IMPACTOS 57

5.4 MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS DE CARÁCTER XERAL 57

5.5 ORZAMENTO 57

6 INTEGRACIÓN DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS NO PROXECTO 57

7 CONCLUSIÓNS 59

8 ANEXO. FICHAS ELEMENTOS PATRIMONIAIS 60

1 OBXECTO

O obxecto do presente anexo é identificar, predicir e avaliar os aspectos do proxecto que poidan xerar impactos ambientais, paisaxísticos ou estéticos e sobre o Patrimonio Cultural significativos no medio en que se desenvolve, definindo aquelas medidas e intervencións que permitan a súa mitigación e adaptación, coa finalidade de acadar a mellor integración posible da actuación proxectada.

Enténdese como impacto ambiental calquera acción que produce unha alteración, tanto favorable como desfavorable, no medio ou nalgún dos seus compoñentes. Os impactos máis comúns que se producen en obras son as actividades asociadas a xeración de residuos, vertidos, emisións á atmosfera, consumo de recursos naturais, ruído, cambios no uso da terra e impactos visuais sobre a paisaxe.

Inclúense tamén neste anexo unha serie de medidas correctoras encamiñadas a previr, eliminar, reducir ou compensar os posibles impactos xerados.

2 MARCO LEGAL

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación de impacto ambiental, no seu artigo 1, sinala o obxecto de establecer o réxime xurídico aplicable á evolución de impacto ambiental de plans, programas e proxectos que poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente.

Segundo se recolle no artigo 7, o ámbito de aplicación da citada lei será:

1. Serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria os seguintes proxectos:

   a) Os comprendidos no anexo I, así como os proxectos que, presentándose fraccionados, alcancen os limiares do anexo I mediante a acumulación das magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

   b) Os comprendidos no apartado 2, cando así o decida caso por caso o órgano ambiental, no informe de impacto ambiental de acordo cos criterios do anexo III.

   c) Calquera modificación das características dun proxecto consignado no anexo I ou no anexo II, cando dita modificación cumpre, por si soa, os limiares establecidos no anexo I.

   d) Os proxectos incluídos no apartado 2, cando así o solicite o promotor.

2. Serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada:

   a) Os proxectos comprendidos no anexo II.

   b) Os proxectos non incluídos nin no anexo I nin o anexo II que poidan afectar de forma apreciable, directa ou indirectamente, a Espazos Protexidos Rede Natura 2000.

   c) Calquera modificación das características dun proxecto do anexo I ou do anexo II, distinta das modificacións descritas no artigo 7.1.c) xa autorizados, executados ou en proceso de execución, que poida ter efectos adversos significativos sobre o medio ambiente. Entenderase que esta modificación pode ter efectos adversos significativos sobre o medio ambiente cando supoña:

      i. Un incremento significativo das emisións á atmosfera.

      ii. Un incremento significativo de vertidos a canles públicas ou ao litoral.

      iii. Incremento significativo da xeración de residuos.

      iv. Un incremento significativo na utilización de recursos naturais.

      v. Unha afección a Espazos Protexidos Rede Natura 2000.

      vi. Unha afección significativa ao patrimonio cultural.

   d) Os proxectos que, presentándose fraccionados, alcancen os limiares do anexo II mediante a acumulación das magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

   e) Os proxectos do anexo I que serven exclusiva ou principalmente para desenvolver ou ensaiar novos métodos ou produtos, sempre que a duración do proxecto non sexa superior a dous anos.

No Anexo I recóllense no Grupo 6. Proxectos de infraestruturas, apartado a) Estradas, os seguintes supostos:

1. Construción de autoestradas e autovías.

2. Construción dunha nova estrada de catro carrís ou máis, ou realiñamento e/ou ensanche dunha estrada existente de dous carrís ou menos con obxecto de conseguir catro carrís ou máis, cando tal nova estrada ou o tramo de estrada realiñado e/ou ensanchado alcance ou supere os 10 km nunha lonxitude continua.

No Anexo II recóllense no Grupo 7. Proxectos de infraestruturas, os seguintes supostos referidos a estradas:

i) Construción de variantes de poboación e estradas convencionais non incluídas no anexo I.

Dado que o presente proxecto atravesa o ZEC Río Anllóns estaría suxeito ao sinalado ***no artigo 7.2.b) Os proxectos non incluídos nin no anexo I nin o anexo II que poidan afectar de forma apreciable, directa ou indirectamente, a Espazos Protexidos Rede Natura 2000*** polo que alúmenos sería obxecto dunha ***AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL SIMPLIFICADA***.

A maiores da tramitación ambiental pertinente, e considerando a necesidade de integrar os aspectos ambientais, ecolóxicos, estéticos, paisaxísticos e patrimoniais nos proxectos, redactase o presente anexo coa finalidade complementaria de mellorar a integración das actuacións deseñadas no seu entorno.

2.1 LEXISLACIÓN AMBIENTAL

Lexislación europea

- Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Lexislación estatal

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- Real Decreto 1015/2013, do 20 de decembro, polo que se modifican os anexos I, II e V da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
- Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade Ambiental.
- Lei 11/2014, do 3 de xullo, pola que se modifica a lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade Ambiental.
- Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Lexislación autonómica

- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se lle dá nova redacción á disposición derrogatoria única da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2.2 LEXISLACIÓN SECTORIAL

Augas

- Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenvolve os títulos preliminares, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.
- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os Plans Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das Concas Mediterráneas Andaluzas, do Guadalete e Barbate e do Tinto, Odiel e Piedras.

Conservación da natureza

- Lei 5/2019, de 2 de agosto, de Patrimonio Natural e Biodiversidade de Galicia
- Real Decreto 1274/2011, do 16 de setembro, polo que se aproba o Plan estratéxico do patrimonio natural e da biodiversidade 2011-2017, en aplicación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.
- Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.
- Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.
- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e créase o Inventario de humidais de Galicia.
- Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Atmosfera

- Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

- Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

- Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

Contaminación acústica

- Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.

- Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental.

- Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Paisaxe

- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Patrimonio cultural

- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os «hórreos» ou «cabazos» antigos existentes en Asturias e Galicia.

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Ordenación do territorio e Urbanismo

- Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.

- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

Responsabilidade ambiental

- Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade Ambiental.

- Real Decreto 2090/2008, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade Ambiental.

3 DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

As obras proxectadas consisten na execución de sendas peonís, con posible compatibilidade co tránsito ciclista, en dous tramos da estrada AC552 ao seu paso polo termo municipal de Coristanco.

A continuación, sinálanse as principais características das obras.

3.1 LOCALIZACIÓN

As obras localízanse na estrada AC552 no Concello de Coristanco, divididas en dous treitos:

- TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860
- TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

O TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860 localizase no núcleo de Montecelo (Coristanco), proporcionando continuidade á senda Carballo – Bértoa xa proxectada e continuando ao longo da marxe esquerda da estrada AC552 ata a beirarrúa existente no entorno do Centro Comercial Carrefour e a súa glorieta de acceso. Por outra parte, durante a redacción do proxecto decidiuse estender a actuación entre os PK 34+400 – 34+860 ata o PK 34+925 coa finalidade de dotar de continuidade á senda peonil ata o Centro Comercial Carrefour.

O TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080 localizase no núcleo de Agolada, proporcionando continuidade ás beirarrúas existentes no mesmo ata a vía de acceso ao Cemiterio de Agrillos, e atravesando no seu percorrido sobre a ponte do Río Calvar.

Na seguinte imaxe amosase a localización de ambos treitos dentro do Concello de Coristanco:



Figura 1. Localización das sendas (Elaboración TERRAVANZA)

3.2 DESCRICIÓN DAS OBRAS

As obras proxectadas consistirán na execución de dous tramos de sendas peonís na estrada AC552 ao seu paso polo Concello de Coristanco.

A continuación, describirase de xeito detallado as obras obxecto deste proxecto.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Respecto ao Treito 1, o presente proxecto consiste na execución dunha senda peonil entre o PK34+400 e o PK34+860 pola marxe esquerda da estrada AC552 no termo municipal de Coristanco. O punto de partida é ao final da senda xa proxectada entre Carballo e Bértoa, tras o seu entronque coas beirarrúas existentes no núcleo de Montecelo. Deste xeito, un primeiro tramo consistirá na mellora das beirarrúas existentes no devandito núcleo, incrementando o seu ancho e executando unha nova pavimentación. A implantación desta senda implicará distintas actuacións de homoxeneización das beirarrúas existentes, e o estendido de novas canalizacións de servizos e de drenaxe das pluviais, ademais suporá a redución parcial da beiravía actual, deixando alúmenos un ancho de 1 m.

Figura 2. Estado actual do primeiro tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Un segundo tramo comeza ao finalizar a zona de beirarrúas existentes na actualidade, interrompidas en gran medida pola presenza dun muro de pedra que delimita unha parcela, e que posúe un trazado en curva. Este muro de pedra limita considerablemente o espazo existente para a implantación dunha senda peonil, sobre todo nos seus primeiros metros, ademais de condicionar considerablemente a seguridade vial, xa que o trazado en curva presenta notables deficiencias en canto a este aspecto e a visibilidade, en particular no punto de inicio. Por este motivo, o proxecto contempla unha actuación máis complexa de acondicionamento da curva, coa finalidade de incrementar a súa visibilidade e seguridade, sobre todo para os peóns, empregando o espazo de dominio público viario existente. Deste xeito, esta actuación implicará o retranqueo e traslado do muro de pedra actual, coa finalidade de acondicionar a curva, mediante unha certa rectificación da mesma, incrementando o seu radio de curvatura.

Figura 3. Estado actual do segundo tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Un terceiro, comeza ao finalizar o muro de pedra anterior e mantendo unha aliñación sensiblemente recta, no cal a explanada da estrada AC552 situase nunha cota de aproximadamente 2 m superior ao espazo circundante, unha zona baixa de brañas frecuentemente asolagada e que está delimitada por unha serie de árbores. Neste caso, a senda proposta deberá ocupar tanto parte da beiravía como do noiro, sempre dentro do dominio publico viario, coa finalidade de garantir o ancho suficiente para a seguridade e comodidade dos peóns, polo que será preciso realizar un pequeno muro, de altura inferior aos 1,5 m, para proporcionar o espazo suficiente para a explanada da senda.

Figura 4. Estado actual do terceiro tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Un cuarto, e último tramo, e a partir do cruce dunha pista municipal e do PK 34+855 e ata o PK. 34+925, proxectase unha senda peonil mediante a renovación das beirarrúas existentes na actualidade, realizando a ampliación da plataforma no caso de que o ancho das mesmas sexa inferior a 2,00 m, coa finalidade de garantir cumprimento da normativa de accesibilidade. Non obstante, naqueles puntos que pola súa configuración non se poida acadar esta dimensión, asegurase un ancho mínimo de 1,50 m. No caso de ser necesaria e posible a ampliación da plataforma realizase dentro do espazo delimitado como de titularidade pública. Por outra banda, a extensión da senda peonil ata a glorieta de acceso ao Centro Comercial Carrefour implica a súa continuidade polo vía de acceso á mesma ata un punto no que se poida implantar un paso de peóns coa suficiente seguridade e comodidade.

Figura 5. Estado actual do cuarto tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Na seguinte imaxe amosase de xeito esquemático a proposta de actuación no Treito 1.



Figura 6. Proposta de Actuación no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

Respecto ao Treito 2, o presente proxecto consiste na execución dunha senda peonil entre os PK44+300 e PK45+080 pola marxe dereita da estrada AC552 entre o final do núcleo de Agolada ata a pista de acceso ao Cemiterio de Agrillos no termo municipal de Coristanco. Esta senda peonil pode dividirse en tres tramos claramente diferenciados en canto ós seus condicionantes.

Un primeiro tramo comeza no remate das beirarrúas existentes no núcleo de Agolada, onde a senda poderase apoiar nun amplo espazo existente entre unha ancha cuneta transitable e o noiro existente. Non obstante na súa zona final, o ancho redúcese notablemente polo que será preciso empregar unha solución de cuneta transitable, xa que nin existe beiravía suficiente nin o noiro existente permite un posible incremento sen poñer en cuestión a súa seguridade.

Figura 7. Estado actual do primeiro tramo no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Figura 8. Estado actual do primeiro tramo na zona de menor anchura no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Un segundo tramo apoiarase na ponte sobre o Río Calvar existente na actualidade, o cal ten un trazado en curva aproveitando uns longos pontóns ou estribos. Deste xeito, durante unha lonxitude de aproximadamente 150 m a senda peonil implantarse mediante un voladizo apoiado na ponte actual.

Figura 9. Estado actual do segundo tramo no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Un terceiro tramo comeza ao finalizar a ponte sobre o Río Calvar ata a pista de acceso ao Cemiterio de Agrillos. Tratase dun tramo de moi baixa pendente e no cal a senda peonil poderá na súa maior parte apoiarse sobre a cuneta existente, garantindo obviamente a correcta drenaxe das pluviais.

Figura 10. Estado actual do terceiro tramo no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Na seguinte imaxe amosase de xeito esquemático a proposta de actuación no Treito 1.

Figura 11. Proposta de Actuación no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

4 INVENTARIO AMBIENTAL

Seguindo os preceptos marcados a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, realizarase un inventario ambiental dos aspectos ambientais mencionados no artigo 35 desta lei que son a poboación, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, o chan, o subsolo, o aire, a auga, os factores climáticos, a paisaxe e os bens materiais, incluído o patrimonio cultural.

A finalidade é poder calcular o impacto xerado sobre o medio por mor da execución da obra descrita no punto anterior, mediante a diferenza entre a situación actual e a resultante.

4.1 MEDIO FÍSICO – ABIÓTICO

4.1.1 CLIMATOLOXÍA

A análise do clima ten a función de obter aquelas variables climáticas que se consideran relevantes para a realización do proxecto e o seu posterior uso.

Para a caracterización climática da zona de estudo empregouse a estación meteorolóxica mais próxima á zona do proxecto, a de Rus, no concello de Carballo. Os seus datos móstranse na táboa seguinte:

Nome	Concello	Provincia	Altitude	Latitude	Lonxitude
Rus	Carballo	A Coruña	134 m	43,1562	-8,68536

Táboa 1. Táboa 1: Datos da estación meteorolóxica Rus

Na seguinte figura móstrase o diagrama termopluviométrico da estación meteorolóxica de Rus para o período comprendido entre os anos 2013 e 2018 xa que só existen datos a partir de maio do ano 2012.



Figura 12. Figura 1: Diagrama termopluviométrico da estación Rus. Elaboración propia.

Segundo os datos da estación de Rus, para o período transcorrido entre 2013 e 2018 a precipitación media foi de 1491.0 mm e a temperatura media de 13.4 ºC, sendo o ano no que se rexistraron os valores máximos para a temperatura o 2015, cunha media de 13.7 ªC, e para a precipitación o 2018, cunha media de 1805.3 mm.

Para complementar estes datos, consultase a seguinte estación meteorolóxica mais preta á zona do proxecto, que é a estación Río do Sol, no Concello de Coristanco. Os seus datos son os seguintes:

Nome	Concello	Provincia	Altitude	Latitude	Lonxitude
Río do Sol	Coristanco	A Coruña	540 m	43,0952	-8,69099

Táboa 2. Datos da estación meteorolóxica Río do Sol

Na seguinte figura móstrase o diagrama termopluviométrico da estación meteorolóxica de Río do Sol para os últimos 10 anos.



Figura 13. Diagrama termopluviométrico da estación Río do Sol. Elaboración propia.

Segundo os datos da estación de Río do Sol, para o período transcorrido entre 2009 e 2018 a precipitación media foi de 1714.4 mm e a temperatura media de 11.3 ºC, sendo o ano no que se rexistraron os valores máximos para a temperatura o 2017, cunha media de 11.9 ªC, e para a precipitación o 2018, cunha media de 2258.4 mm.

4.1.2 ATMOSFERA

Calidade do aire

Para a valoración da calidade do aire na zona de estudo utilizouse a estación de medición e control máis próxima de Meteogalicia á zona de estudo para cada contaminante. Así, a concentración no ambiente de cada un deles para o ano 2017 é a seguinte:

Contaminante	Estación más preto á zona de estudo	Datos						
Dióxido de xofre	Rodís	% Datos válidos	Máximo horario (µg/m³)	Máximo diario (µg/m³)	Media anual (µg/m³)	nº > 350 horario	nº > 125 diario	Media inverno (µg/m³)
		98	96	18	3,1	0	0	3
Dióxido de nitróxeno y óxidos de nitróxeno	Rodís	% Datos válidos	Máximo horario (µg/m³)	Mínimo horario (µg/m³)	Media anual (µg/m³)	nº > VL horario		
		98	79	0,01	15	0		
Partículas PM_{10}	Paiosaco	Técnica de medida	nº>VL diario	Media anual (µg/m³)	Máximo diario (µg/m³)	Mínimo diario (µg/m³)	% Datos válidos	
		M3	1	14	78	5,1	97	
Partículas $PM_{2.5}$	Centro Cívico	Técnica de medida	Media anual (µg/m³)	Máximo diario (µg/m³)	Mínimo diario (µg/m³)	% Datos válidos		
		M3	10	46	3,6	90		
Ozono	Paiosaco	nº > VO octohorario 2017 (120 µg/m³)	nº > VO octohorario 2015-2017 (120 µg/m³)	Media Anual	nº > LI (180 µg/m³)	nº >LA (240 µg/m³)	Datos Válidos (%)	
		4	1	54	0	0	97	
Monóxido de carbono	Paiosaco	Mínimo Octohorario	Máximo Octohorario	nº sup. >10 mg/m³	Media Anual	% Datos Válidos		
		0,1	0,79	0	0,29	95		
Benceno	A Coruña - Riazor	Cobertura temporal (%)	Sup. VL 24 horas (5 µg/m³)	Máximo (µg/m³)	Mínimo (µg/m³)	Media Anual (µg/m³)		
		40,8	0	5,9	0,02	1,3		
BENZO(A)PIRENO ($B_{(A)}P$)	Rodís	Data inicio campaña	Data fin campaña	Media anual (ng/m³)	Máximo (ng/m³)	Mínimo (ng/m³)	nº de días	Cobertura temporal (%)
		30/01/2017	03/03/2017	0,016	0,04	0,05	60	16,4
		17/04/2017	08/05/2017					
		11/07/2017	02/08/2017					
		06/11/2017	23/11/2017					

Táboa 3. Concentración no ambiente de contaminantes

Ruído

O ruído, que se define como o son molesto, pode chegar a ocasionar dano ou risco ás persoas, ao desenvolvemento das súas actividades e causar efectos nocivos sobre o medio ambiente. A contaminación acústica, é unha das alteracións ambientais que máis preocupación social produce en termos de poboación afectada.

Para determinar a exposición da poboación ao ruído, a Xunta de Galicia estableceu unha rede de Contaminación Acústica, que consiste nun conxunto de estacións de medición situadas fundamentalmente en cidades. Ademais de realizar medicións periódicas dos índices acústicos en decibeis, a Directiva 2002/49/CE establece a necesidade de elaborar os mapas de ruído. Os mapas de ruído son mapas deseñados para avaliar globalmente a exposición ao ruído nunha zona determinada, debido á existencia de fontes de ruído ou para realizar predicións na zona de afección. Os catro tipos de mapas estratéxicos de ruído son: aglomeracións, grandes eixos viarios, grandes eixos ferroviarios e grandes aeroportos.

Tras consultar o Sistema de Información sobre Contaminación Acústica (SICA) do Ministerio para a Transición Ecolóxica e a Plataforma Galega de Información Ambiental (Gaia) da Xunta de Galicia, se determina que a aglomeración máis próxima as Sendas é a propia estrada AC-552 pola cal discorren. Recóllense na 2ª fase de elaboración dos mapas de ruído (2012) da Xunta os tramos da AC-552 Enl. Carballo Sur (AG-55) – Coristanco (CP-1912) e Coristanco (CP-1912) – Agualada (AC-421).

4.1.3 MORFOLOXÍA E RELEVO

Desde o punto de vista da xeomorfoloxía e o relevo hai que considerar dúas situacións, que se ben se integran dentro dun marco xeral como é a penillanura da Comarca de Bergantiños, cunha certa diferencia dado o entorno máis próximo de cada unha das actuacións deseñadas neste proxecto.



Figura 14. Pendentes do ámbito de actuación do proxecto (Elaboración TERRAVANZA)

No caso do Treito I hai que considerar que o seu entorno é practicamente chan, xa que se sitúa nunha zona de moi baixas pendentes no entorno do Río Rosende e do Rego da Balsa ou de Segufe, ambos tributarios do Río Anllóns.



Figura 15. Pendentes no ámbito do Treito I (Elaboración TERRAVANZA)

Por outra parte, no caso do Treito II hai que considerar que atravesa o Val do Río Calvar ou Río Vao, cunha primeira baixada cara o paso superior sobre o mesmo, para logo dar paso a unha zona claramente chan.



Figura 16. Pendentes no ámbito do Treito II (Elaboración TERRAVANZA)

4.1.4 SOLOS

Segundo o recollido no Anexo nº 4. Xeoloxía e Xeotecnía, o solos existentes en cada un dos treitos presentan diferencias, aínda que na súa meirande parte se trata de solos de Cambisoles e Umbrisoles con presencia de solos de tipo antrópico.

TREITO: 34+400 e 34+860

Os solos predominantes no ámbito deste treito correspóndense con solos desenvolvidos a partir da alteración das rochas básicas que conforman o substrato, e clasifícanse segundo o Mapa de Solos de Galicia como Cambisoles antri-ferrálicos e Umbrisoles antri-ferrálicos (con inclusións de Regosoles áricos e antrópicos, (34) como matriz con inclusións de Umbrisoles ferrálicos (con inclusións de Ferralsoles úmbricos e Umbrisoles andi-húmicos)(33).

Os Cambisoles antri-ferrálicos son chans menos evolucionados que os umbrisoles, están formados por arxilas con propiedades e cores (pardo ou avermellado, maioritariamente) diferentes aos do horizonte superior orgánico-mineral e da propia roca nai. Do mesmo xeito, os minerais do substrato rochoso comezan a transformarse noutros, aínda que a súa alteración a ún é escasa.

Pola súa parte, os Umbrisoles son chans órgano-minerais xoves que se desenvolven en rexións húmidas, frescas, principalmente montañosas, con pouco ou sen déficit de humidade do chan, trátase de chans relativamente profundos e xeralmente ben drenados, escuros, moi ricos en materia orgánica e en reacción aceda (pH baixo e pobres en nutrientes). Os Umbrisoles ferrálicos presentan unha alteración total dos minerais primarios (excepto o cuarzo); componse de arxilas e presentan un elevado contido en sesquióxidos, goethita (hematites) e gibbsita.



Figura 17. Extracto do mapa de solos 1:50.000. Folla 44 (Fonte: https://gaia.xunta.es/plataforma)

TREITO: 44+300 e 45+080

Os solos predominantes no ámbito deste treito correspóndense con solos de alteración desenvolvidos a partir dos xistos que conforman o substrato, e clasifícanse segundo o Mapa de Solos de Galicia como Umbrisoles ferrálicos e háplicos, (27) e como Cambisoles antri-ferrálicos/antri-dístricos e Umbrisoles antri-ferrálicos/ántricos (28).

Os Umbrisoles son solos órgano-minerais mozos que se desenvolven en rexións húmidas, frescas, principalmente montañosas, con pouco ou sen déficit de humidade do chan, trátase de solos relativamente profundos e xeralmente ben drenados, escuros, moi ricos en materia orgánica e en reacción aceda (pH baixo e pobres en nutrientes). Os Umbrisoles ferrálicos presentan unha alteración total dos minerais primarios (excepto o cuarzo); componse de arxilas e presentan un elevado contido en sesquióxidos, goethita (hematites) e gibbsita.

Os Cambisoles antri-ferrálicos son solos menos evolucionados que os umbrisoles, están formados por arxilas con propiedades e cores (pardo ou avermellado, maioritariamente) diferentes aos do horizonte superior orgánico-mineral e da propia roca nai. Do mesmo xeito, os minerais do substrato rochoso comezan a transformarse noutros, aínda que a súa alteración a ún é escasa.



Figura 18. Extracto do mapa de solos 1:50.000. Folla 69 (Fonte: https://gaia.xunta.es/plataforma)

4.1.5 RECURSOS HÍDRICOS

Os río que se localizan na zona de afección das obras son o Río Rosende e Rego de Balsa ou de Segufe, entre os P.K. 34+400 e 34+860, e o Río Vao ou Redo de Pego de Rabunenta, entre os P.K. 44+300 e 45+080.

Estes ríos forman parte da conca do río Anllóns, que é o principal transmisor de recursos hídricos e ten unha superficie de 516.35 km^2. As fontes do cauce principal sitúanse na serra de Monte Maior, a alturas superiores aos 400m, entro os municipios de Laracha, Cerceda e Culleredo. Desemboca na ría de Corme e Laxe.

Sobre o cauce do río principal, encóntranse dous puntos de medida do aforamento, situados concretamente en Ponteceso e Carballo. Nas seguintes táboas pódense ver os datos desas estacións:

Datos da estación Anllons				
Nome:	Anllons			
Concello:	Ponteceso			
Lonxitude:	509190 UTMX-29T ED-89			
Latitude:	4786113 UTMY-29T ED-89			
Altitude:	0 m.			
Resumo do ano 2018 (Período do 01/01/2018 ó 01/01/2019)				
Parámetro	Máxima	Mínima	Media	Unidade
Aportación Máxima	4,4	0,1	0,8	hm3
Aportación Media	16,9	2	4,8	hm3
Aportación Mínima	0,1	0,1	0,1	hm3
Caudal Máximo da Auga	50,8	1	9,5	m3/s
Caudal Medio da Auga	6,5	0,8	1,9	m3/s
Caudal Mínimo da Auga	1	0,7	0,8	m3/s
Nivel Máximo da Auga	2,1	0,6	0,9	m
Nivel Medio da Auga	0,9	0,5	0,6	m
Nivel Mínimo da Auga	0,6	0,4	0,5	m

Táboa 4. Datos da estación Anllóns

Datos da estación Anllons_Carballo				
Nome:	Anllóns _Carballo			
Concello:	Carballo			
Lonxitude:	524960 UTMX-29T ED-89			
Latitude:	4784194 UTMY-29T ED-89			
Altitude:	0 m.			
Resumo do ano 2018 (Período do 01/01/2018 ó 01/01/2019)				
Parámetro	Máxima	Mínima	Media	Unidade
Aportación Máxima	1,6	0,2	0,9	hm3
Aportación Media	31,9	4	14,8	hm3
Aportación Mínima	0,8	0,1	0,3	hm3
Caudal Máximo da Auga	19	1,8	10,2	m3/s
Caudal Medio da Auga	12,3	1,5	5,8	m3/s
Caudal Mínimo da Auga	8,8	1,3	3,7	m3/s
Nivel Máximo da Auga	1,6	0,6	1,1	m
Nivel Medio da Auga	1,2	0,6	0,8	m
Nivel Mínimo da Auga	1	0,6	0,7	m

Táboa 5. Datos da estación Anllóns_Carballo

Por outra banda, hai que sinalar que os distintos treitos de senda peonil proxectados cruzan distintos cursos fluviais. Na táboa seguinte sinálanse as principais características destes cruces:

Cruces sobre cursos fluviais			
Treito	PK	Curso fluvial	Tipoloxía cruce
TREITO I. 34+400 – 34+860	34+850	Rego da Balsa ou de Segufe	O.D.T.
TREITO II. 44+300 – 45+080	44+642	Río Calvar	Ponte Mampostería Arco
TREITO II. 44+300 – 45+080	45+015	Rego innominado	O.D.T.

Táboa 6. Cruces sobre cursos fluviais

Nas seguintes imaxes recóllense os cruces sinalados na táboa anterior:



Figura 19. Cruce do Rego da Balsa ou de Segufe.

Figura 20. Cruce sobre o Río Calvar e o afluente innominado.

4.2 MEDIO FÍSICO – BIÓTICO

A flora característica dunha zona determinada está condicionada por diversos factores, principalmente o clima, a tipoloxía dos solos, o relevo e o grao de intervención antropolóxica. Segundo o mapa forestal a escala 1:50.000 (MFE50), a vexetación presente nos arredores das actuacións é a seguinte:

- Arborado disperso de coníferas
- Arborado disperso de coníferas e frondosas
- Arborado disperso de frondosas
- Bosques ribereños
- Eucaliptais
- Mesturas de coníferas e frondosas autóctonas na rexión bioxeografica atlántica
- Outras especies de produción en Mesturas
- Pinares de pino pinaster na rexión atlántica (Pinus pinaster ssp. Atlántica)
- Pinares de pino radiata

Mostrase a continuación o mapa forestal nas dúas zonas de actuación:



Figura 21. Unidades estruturais de vexetación segundo o MFE50 na zona de Montecelo.



Figura 22. Unidades estruturais de vexetación segundo o MFE50 na zona de Agolada.

Ademais, en liñas xerais a superficie repártese entre os seguintes tipos de vexetación:

- A.F.M. (Bosquetes)

  Teselas que presentan arborado fora do monte, é dicir, rodeado doutras teselas non forestais, distribuído en bosquetes individualizables e/ou suficientemente próximos como para ser agrupados dentro dunha mesma tesela. A súa superficie non excederá de 20 ha.

- A.F.M. (Ribeiras)

  Teselas forestais arboredos que se atopan xunto as canles dos ríos, poboadas de especies ripícolas.

- Agrícola e prados artificiais

  Teselas de uso agrícola e teselas nas que a influencia antrópica determinou que o seu uso non sexa xa máis nin agrícola nin forestal.

- Bosque

  Agrupación de árbores ou especies potencialmente arbóreas, en espesura cunha fracción de cabida cuberta superior ao 5% e uso netamente forestal. A orixe do mesmo é natural ou de repoboación totalmente integrada.

- Bosque de plantación

  Agrupación de árbores en espesura cunha fracción de cabida cuberta superior ao 5% e uso netamente forestal, cuxo orixe é o de plantación. Para decidir que unha plantación deixou de selo, adquirindo unha naturalidade froito do paso do tempo e da propia dinámica da vexetación, deberán aparecer diluídos os marcos de plantación ou outros elementos que delaten a súa orixe artificial. Esta idea verase reforzada se, ademais:

  - As árbores teñen polo menos un diámetro normal de 25 cm.

  - Hai rexeneración natural da masa, así como árbores de diferentes dimensións e tallas.



Figura 23. Reparto da superficie do solo segundo o MEF50 na zona de Montecelo.



Figura 24. Reparto da superficie do solo segundo o MEF50 na zona de Agolada.

Por último, cabe destacar a Flora Vascular inventariada no Inventario Español de Especies Terrestres, localizada na zona de actuación.

Flora vascular
Centaurea ultreiae
Euphorbia uliginosa

Táboa 7. Flora vascular pertencente á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

4.2.1 FAUNA

O Inventario Español de Especies Terrestres está dividido en cuadrículas de 10 x 10 km. As zonas de actuación de Montecelo e Agualada encóntranse en diferentes cuadrículas, polo que a información da fauna darase por separado para cada unha de elas.

A fauna existente na zona de localización das obras en Montecelo é a seguinte:

Anfibios	
Alytes obstetricans	Rana iberica
Discoglossus galganoi	Rana perezi
Hyla arborea	Rana temporaria
Lissotriton boscai	Salamandra salamandra
Lissotriton helveticus	Triturus marmoratus
Pelophylax perezi	

Táboa 8. Anfibios pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Aves		
Accipiter gentilis	Delichon urbicum	Phylloscopus collybita/ibericus
Accipiter nisus	Dendrocopos major	Phylloscopus ibericus
Aegithalos caudatus	Emberiza cia	Pica pica
Alauda arvensis	Emberiza cirlus	Picus viridis
Anas platyrhynchos	Emberiza citrinella	Prunella modularis
Anthus trivialis	Erithacus rubecula	Pyrrhula pyrrhula
Apus apus	Falco subbuteo	Rallus aquaticus
Ardea cinerea	Fringilla coelebs	Regulus ignicapilla
Athene noctua	Gallinula chloropus	Saxicola torquatus
Buteo buteo	Garrulus glandarius	Serinus serinus
Caprimulgus europaeus	Hippolais polyglotta	Streptopelia decaocto
Carduelis cannabina	Hirundo rustica	Strix aluco
Carduelis carduelis	Lanius collurio	Sturnus unicolor
Carduelis chloris	Motacilla alba	Sylvia borin
Certhia brachydactyla	Motacilla cinerea	Sylvia undata
Cettia cetti	Motacilla flava	Tachybaptus ruficollis
Cisticola juncidis	Oriolus oriolus	Troglodytes troglodytes
Columba domestica	Parus ater	Turdus merula
Columba livia/domestica	Parus caeruleus	Turdus philomelos
Columba palumbus	Parus cristatus	Turdus viscivorus
Corvus corax	Parus major	Tyto alba
Corvus corone	Passer domesticus	Tyto alba
Coturnix coturnix	Passer montanus	Upupa epops
Cuculus canorus	Phoenicurus ochruros	

Táboa 9. Aves pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Mamíferos	
Arvicola sapidus	Oryctolagus cuniculus
Galemys pyrenaicus	Rattus norvegicus
Galemys pyrenaicus	Sus scrofa
Lutra lutra	Vulpes vulpes
Mus musculus	

Táboa 10. Mamíferos pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Peces continentales
Anguilla anguilla
Salmo trutta

Táboa 11. Peixes continentais pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Reptiles	
Anguis fragilis	Lacerta schreiberi
Chalcides striatus	Natrix natrix
Coronella austriaca	Podarcis bocagei
Coronella girondica	Timon lepidus
Lacerta lepida	Vipera seoanei

Táboa 12. Réptiles pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Invertebrados	
Graptodytes varius	Lucanus cervus
Haliplus lineatocollis	Stictonectes epipleuricus

Táboa 13. Invertebrados pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Por outra banda, a fauna localizada na zona das obras en Agualada é a seguinte:

Anfibios	
Alytes obstetricans	Lissotriton boscai
Chioglossa lusitanica	

Táboa 14. Anfibios pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Aves		
Accipiter gentilis	Cuculus canorus	Phylloscopus collybita/ibericus
Accipiter nisus	Delichon urbicum	Phylloscopus ibericus
Aegithalos caudatus	Dendrocopos major	Pica pica
Alauda arvensis	Emberiza cia	Picus viridis
Alectoris rufa	Emberiza cirlus	Prunella modularis
Anthus trivialis	Emberiza citrinella	Pyrrhula pyrrhula
Apus apus	Erithacus rubecula	Regulus ignicapilla
Athene noctua	Falco tinnunculus	Saxicola torquatus
Buteo buteo	Fringilla coelebs	Serinus serinus
Caprimulgus europaeus	Garrulus glandarius	Streptopelia turtur
Carduelis cannabina	Hippolais polyglotta	Strix aluco
Carduelis carduelis	Hirundo rustica	Sturnus unicolor
Carduelis chloris	Motacilla alba	Sylvia atricapilla
Certhia brachydactyla	Motacilla cinerea	Sylvia communis
Circus pygargus	Parus ater	Sylvia undata
Cisticola juncidis	Parus caeruleus	Troglodytes troglodytes
Columba domestica	Parus major	Turdus merula
Columba livia/domestica	Passer domesticus	Turdus philomelos
Columba palumbus	Passer montanus	Tyto alba
Corvus corone	Phoenicurus ochruros	Tyto alba

Táboa 15. Aves pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Mamíferos	
Canis lupus	Oryctolagus cuniculus
Lutra lutra	Rattus norvegicus
Mus musculus	Vulpes vulpes

Táboa 16. Mamíferos pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Peces continentales
Salmo trutta

Táboa 17. Peixes continentais pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Reptiles	
Anguis fragilis	Podarcis bocagei
Lacerta lepida	Timon lepidus
Lacerta schreiberi	Vipera seoanei

Táboa 18. Réptiles pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

Invertebrados
Haliplus lineatocollis

Táboa 19. Invertebrados pertencentes á cuadrícula 29TNH28 do Inventario Español de Especies Terrestres

4.2.2 PATRIMONIO NATURAL

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade establece as bases e o réxime xurídico para a conservación, a mellora e restauración, e os usos sustentables do Patrimonio Natural e a Biodiversidade Española. O seu obxectivo é preservar os procesos ecolóxicos esenciais dos sistemas vitais básicos, a diversidade biolóxica e xenética, e a singularidade e beleza dos ecosistemas naturais. A protección do Patrimonio Natural busca garantir o dereito das persoas ao benestar, a saúde e o desenvolvemento nun medio ambiente adecuado.

REDE NATURA 2000

A Rede Natura 2000 está formada polos lugares declarados en conformidade coa Directiva 2009/47/CE como Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), así como aqueles designados para a conservación dos hábitats do Anexo I e das especies de flora e fauna silvestre do Anexo II da propia Directiva, nomeadas na súa fase inicial como Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), e na súa fase final como Zona Especial de Conservación (ZEC).

Como se pode comprobar no Servidor de Cartografía do Banco de Datos da Natureza do Ministerio para a Transición Ecolóxica os ríos Río Rosende e Rego de Balsa ou de Segufe, son Lugar de Importancia Comunitaria.



Figura 25. LIC na zona de actuación das obras

Figura 26. Lugar de Importancia Comunitaria Río Anllóns.

O Lugar de Importancia Comunitaria ao cal pertencen ambos ríos é o Río Anllóns.

O LIC Río Anllóns inclúe os principais cauces fluviais dende o tramo medio ao baixo da cunca do río Anllóns, o cal desemboca na Ría de Ponteceso. Este espazo ocupa 162 ha, repartidas entre os municipios de Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Coristanco e Carballo, contactando na súa parte final co LIC Costa da Morte.

HUMEDAIS

Segundo o Inventario de Humidais de Galicia na traza das sendas ou nas súas proximidades non se atopa ningún humidal catalogado.

4.2.3 ECOSISTEMAS

Na Directiva 92/43/CEE defínense os "Hábitats naturais de interese comunitario" e, dentro destes, os "hábitats prioritarios", os cales se consideran ameazados pola súa desaparición nos territorios considerados. No Anexo I da devandita directiva se sinalan os hábitats prioritarios presentes en Galicia. Segundo os datos recollidos a través do SIOSE e apoiados no Inventario Nacional de Hábitats do Ministerio para a Transición Ecolóxica identificáronse os principias ecosistemas que configuran os hábitats presentes na traza dos treitos de senda proxectada.

En canto aos ecosistemas presentes no ámbito das actuacións proxectadas hai que referirse fundamentalmente aos hábitats delimitados no entorno das mesmas. Non obstante, é preciso considerar a existencia de notables diferenzas entre ambos treitos, xa que nun caso existen unidades delimitadas cun certo grao de protección.

A continuación, nas seguintes liñas sinálanse os principais hábitats existentes no entorno das actuacións proxectadas.

Treito I. PK 34+400 – 34+860

No ámbito do Treito I o contexto global do ecosistema é o UA910 Vías terrestres de comunicación, grupo UA900 Viais e liñas de abastecemento no referente ao espazo directo da senda proxectada.

Non obstante, o seu entorno pode clasificarse como UA531 Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbustivas, grupo UA500 Paisaxe rural tradicional.

Neste entorno atópanse os seguintes hábitats protexidos:

- Cod anexo 3260 - Ríos dos pisos basal a montano
- Cod anexo 6410 - Prados con Molinia
- Cod anexo 6430 - Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas
- Cod anexo 6510 - Prados de sega de baixa altitude
- Cod anexo 91E0 - Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior



Figura 27. Unidades Ecosistémicas existentes no entorno do Treito I.

Treito II. PK 44+300 – 45+080

No ámbito do Treito II o contexto global do ecosistema é o UA910 Vías terrestres de comunicación, grupo UA900 Viais e liñas de abastecemento no referente ao espazo directo da senda proxectada.

Do mesmo xeito, o seu entorno pode clasificarse como UA531 Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbustivas, grupo UA500 Paisaxe rural tradicional.

Sen embargo, neste caso non se atopan hábitats protexidos no seu entorno.

4.3 MEDIO FÍSICO – PERCEPTUAL

Respecto do Medio Físico – Perceptual, o principal aspecto a considerar é a Paisaxe, tanto desde unha perspectiva estática e estética como dinámica. No que respecta ao entorno das actuacións proxectadas hai que ter en conta a existencia en ambos casos dunha compoñente claramente urbana e relacionada coa estrada, por unha parte, xunto cunha segunda compoñente ecosistémica relacionada fundamentalmente cos ámbitos agropecuarios e forestais, pero tamén cos cursos de auga que atravesa a senda.

4.3.1 PAISAXE

4.3.1.1 CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE

O obxecto da caracterización da paisaxe é a comprensión da paisaxe no ámbito de análise. Esta caracterización permitirá identificar aqueles aspectos ou zonas que necesiten unha maior consideración e atención á hora de definir as medidas de integración paisaxística, e cuxos valores serán preservados ou potenciados pola actuación.

Para iso, realizarase en primeiro lugar unha análise da paisaxe definindo o ámbito de estudo, as unidades nas que está dividido a paisaxe e os seus elementos e explicaranse as súas relacións. A continuación, analizaranse as dinámicas da paisaxe, que é a súa evolución ao longo do tempo. En último lugar identificaranse os valores ecolóxicos, históricos e produtivos da paisaxe.

ANÁLISE

A análise paisaxística ten por obxecto coñecer os distintos elementos constitutivos da paisaxe e as súas interrelacións para así poder establecer cales son os compoñentes singulares, así como os seus trazos e patróns característicos.

Ámbito de estudo ou de afección

O ámbito de estudo vén na súa maior parte determinado pola conca visual ou territorio observado desde a actuación. Os puntos de observación serán os lugares desde onde se percibe principalmente a paisaxe, de maior afluencia pública e incluirán o seguinte:

- Principais vías de comunicación, inclúense tanto as estradas estatais, como as autonómicas e as da deputación.
- Núcleos de poboación, incluíndo áreas urbanas e parroquias rurais.
- Os Bens de Interese Cultural

En xeral, pola limitada entidade das actuacións previstas, que en gran medida supoñen a transformación de actuacións xa existentes, considerarase que o ámbito de estudo ou afección e a contorna máis próxima da estrada AC552.

Unidades da paisaxe

O Catálogo de paisaxe de Galicia define a Comunidade Autónoma en varias áreas paisaxísticas. O ámbito de estudo atópase na Gran Área Paisaxística denominada Chairas e Fosas Occidentais e dentro da Comarca Paisaxística de Bergantiños.

Elementos da paisaxe

Na paisaxe pódense diferenciar tanto elementos estruturais como elementos texturais. Dentro dos primeiros englóbanse as formais do relevo, o rochedo, os solos ou as augas. Nos segundos inclúense campos de cultivo, infraestruturas, construcións urbanas, en definitiva, todo aquilo que estea en relación coa actividade do ser humano sobre o territorio.

- Elementos estruturais

Inclúense as variables fundamentais como son o relevo, o clima, a hidrografía e a xeomorfología, que condicionan moito a organización e estrutural formal da paisaxe, e que foron sinalados ao longo dos apartados e análises precedentes.

Neste senso, sinalar que tanto respecto ao Treito I como ao Treito II os principais elementos estruturais son os cursos fluviais presentes no entorno das actuacións proxectadas, aínda que en ningún dos casos supón unha actuación sobre os mesmos.

Elementos texturais

Son aqueles que configuran a cobertura do solo, tanto a vexetación como os usos, e que están moi condicionados polos elementos estruturais. Identifícanse os elementos naturais, tamén os que son froito da explotación agroforestal e os procesos de ocupación do solo.

Desde o punto de vista dos elementos texturais, tanto no Treito I como no Treito II o principal factor será a estrada AC-552, que condiciona non só a actuación, senón que tamén a súa linealidade.

Relacións

Da combinación dos diferentes elementos anteriores xorden as relacións que caracterizan a paisaxe como un sistema dinámico, coas súas propias particularidades. De modo xeral, as relacións que se xeran entre os elementos da paisaxe poden clasificarse nos seguintes tipos:

- Funcionais: aquelas que caracterizan os patróns de ocupación do chan e as dinámicas do sistema urbano e de actividades.
- Formais ou estéticas: aquelas que identifican os patróns máis significativos de composición, forma, textura e cor a nivel global da paisaxe.
- Ecolóxicas: aquelas que están asociadas ás dinámicas e fluxos do sistema ecolóxico, e que reflicten unha serie de procesos de gran complexidade de carácter natural a partir das relacións entre os elementos territoriais básicos (manchas/mosaicos, matriz e corredores).

A análise anterior amosa que as principais relacións que se establecen en ambos Treitos están relacionadas con estrada AC552 e a ocupación da edificación nas súas marxes, por unha parte, e a

relación transversal entre dous elementos lineais como son a devandita estrada e os cursos fluviais presentes na súa traza.

Dinámicas

Neste apartado buscarse coñecer a evolución experimentada na paisaxe a través das súas transformacións máis significativas. Para iso compáranse as ortofotos da zona entre os anos 1956 e 2018.

Nas dinámicas existentes na paisaxe, neste caso hai que realizar unha diferenciación entre ambos treitos de actuación.

No caso do Treito I hai que considerar notables dinámicas que van desde a implantación de grandes infraestruturas do transporte, como a AG55 nas súas proximidades, como a unha maior extensión urbanización apoiada nas súas marxes, con grandes implantacións comerciais.



Figura 28. Comparativa entre o ano 1956 e 2017 no Treito I

Pola súa banda, no caso do Treito II as dinámicas son moito menos acusadas e apóianse fundamentalmente nunha maior extensión, bastante limitada non obstante, da urbanización apoiada na estrada AC552.

Figura 29. Comparativa entre o ano 1956 e 2017 no Treito II

Valoración da Paisaxe

Neste apartado se determinan as calidades dos recursos paisaxísticos no ámbito de estudo. Identifícanse os elementos da paisaxe que definen a súa individualidade e que teñen un valor ecolóxico-ambiental, produtivo, estético e cultural e/ou histórico. Estes elementos dividiranse en valores ecolóxicos, históricos e produtivos da paisaxe.

Dentro dos valores ecolóxicos se identifican as áreas que contan cun recoñecemento nacional, rexional ou local. Serán as Zonas de Especial Conservación establecidas pola Rede Natura 2000 e o Inventario Nacional de Biodiversidade definido polo MAPAMA. Non obstante, hai que considerar que se trata dun valor moi puntual e limitado ao Treito I.

Os valores históricos son aquelas áreas ou elementos que contan tamén cun recoñecemento nacional, rexional ou local, e aqueloutras que se consideren en atención ao seu interese patrimonial, histórico ou etnográfico. Son os bens declarados de interese cultural inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, así como o resto de elementos do patrimonio cultural. Novamente, tratase duns valores fundamentalmente limitados ao Treito I, como se pode observar no apéndice incluído neste anexo.

Con respecto aos valores produtivos, analízanse todos aqueles vinculados á explotación da paisaxe como un activo económico. Para iso, establécese a seguinte clasificación para o solo:

- Auga e zonas húmidas
- Bosque
- Matogueira
- Repoboación forestal
- Sistemas xerais de transporte
- Superficie agrícola
- Urbano artificial
- Viñedo
- Zonas de extracción

No que respecta a esta cuestión, en ambos treitos o principal recurso é a estrada AC552 como vía de comunicación, xunto cos núcleos urbanas e no caso do Treito I dunha gran implantación comercial.

4.3.1.2 IMPACTOS SOBRE A PAISAXE

Neste apartado defínense os impactos residuais que poidan permanecer a pesar das estratexias e medidas de integración expostas. Considéranse non só as connotacións negativas do termo impacto xa que, en ocasións, as actividades poden supor unha transformación que comporte efectos positivos sobre a paisaxe.

En xeral, os impactos sobre a Paisaxe poden clasificarse nas seguintes categorías:

- Sensoriais
- Estéticos
- Sobre a funcionalidade da paisaxe
- Sobre o significado histórico e o Patrimonio Cultural
- Sobre o Patrimonio Natural

Tendo en conta as características das actuacións proxectadas non son esperables significativos impactos, tanto desde unha perspectiva positiva como negativa, sobre a paisaxe, xa que en gran medida a mesma apóiase sobre a base territorial existente, sen presentar grandes modificacións.

4.4 MEDIO SOCIOECONÓMICO

O municipio de Coristanco conta cos seguintes habitantes, segundo o padrón municipal de habitantes do INE:



	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Máis de 64	1.962	1.954	1.979	1.994	2.022	2.041	2.058	2.087	2.077	2.067	2.069	2.071	2.056	2.043	2.026
16-64	5.036	4.958	4.896	4.823	4.686	4.594	4.466	4.371	4.246	4.150	4.006	3.866	3.771	3.692	3.579
Menos de 16	767	734	707	711	668	650	641	644	651	658	631	614	599	578	572
Total	7.765	7.646	7.582	7.528	7.376	7.285	7.165	7.102	6.974	6.875	6.706	6.551	6.426	6.313	6.177

Figura 30. Evolución da poboación en Coristanco (2004 – 2018)

Como se observa no gráfico, a tendencia da poboación é descendente nos últimos 15 anos, alcanzando a cifra de 6.177 en 2018, e cun crecente envellecemento da poboación.

4.4.1 ACTIVIDADES E OS USOS DO SOLO

Dentro das actividades e os usos do solo existentes nos ámbitos de actuación hai que referirse fundamentalmente ao patrón de distribución dos mesmos e á propia linealidade da estrada AC-552, xunto coa existencia de núcleos urbanos, tanto en Montecelo como en Agolada. Ao tempo, no caso do Treito I hai que ter en conta a proximidade do enlace da AG-55.

En todo caso, unha aproximación con maior detalle a ambos treitos amosa a existencia dun patrón de actividades e usos do solo relacionado con distintos elementos, tal e como se sinala a continuación.

Treito I. PK 34+400 – 34+860

No ámbito do Treito II os principais usos do solo existentes no entorno da actuación proxectada son os seguintes:

- Zonas Urbanas
- Coberturas Artificiais
- Sistemas Xerais de Transporte
- Cultivos e Prados
- Mato e especies arbóreas
- Especies caducifolias
- Coníferas

Treito II. PK 44+300 – 45+080

No ámbito do Treito II os principais usos do solo existentes no entorno da actuación proxectada son os seguintes:

- Zonas Urbanas
- Sistemas Xerais de Transporte
- Cultivos e Prados
- Mosaico de cultivos e especies arbóreas
- Especies caducifolias
- Eucaliptos

4.4.2 SECTORES SOCIOECONÓMICOS

A distribución dos sectores económicos no municipio de Coristanco definirase tanto polo número de afiliados á seguridade social como pola actividade principal das empresas do municipio.

A continuación, móstrase a distribución dos afiliados á seguridade social por sectores económicos para o último dato rexistrado, sendo este setembro de 2019.



Figura 31. Afiliados á Seguridade Social por Sectores económicos en Coristanco en setembro de 2019. Fonte: INE. Elaboración propia

O total de afiliados á seguridade social no municipio de Coristanco é de 2.110, dedicándose a maioría, o 49 %, ao sector servicios. O sector da industria, cun 21 %, é o seguinte con mais afiliados á seguridade social, seguido da construción, cun 17 %. Finalmente, o 12 % dos afiliados pertencen ao sector da agricultura e a pesca.

Como complemento a estes datos, móstrase a continuación o número de empresas por actividade principal do municipio



Figura 32. Figura *: Empresas por actividade principal en Coristanco (ano 2018)

Os sector maioritario é o de comercio, transporte e hostalaría, seguido da construción. Ademais, ten bastante presenza a industria.

Para unha mellor definición da socio economía, indícase a evolución do número de parado ao longo dos anos 2005 a 2018.



	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Parados	568	522	493	526	671	732	784	884	885	780	693	598	533	475

Figura 33. Evolución do paro en Coristanco (anos 2005 – 2018). Fonte: IGE. Elaboración propia.

O número de parados en Coristanco ascendeu dende o ano 2007 hasta o ano 2013, cando volveu a baixar ata a actualidade.

4.4.3 INFRAESTRUCTURA

As infraestruturas de transporte son os eixos que definen a estrutura do territorio, polo que son fundamentais á hora de definir a zona obxecto de estudo. Inclúen tanto o transporte por estrada como o ferroviario e o aeronáutico.

Neste apartado defínense as principais infraestruturas existentes na zona de localización do proxecto, incluíndo:

- Estradas de titularidade autonómica
- Estradas de titularidade provincial (Deputación de A Coruña)
- Estradas locais

Nos seguintes planos, un para a zona de Montecelo e outro para a zona de Agolada, localízanse esas infraestruturas:



Figura 34. Infraestruturas existentes na zona de Montecelo



Figura 35. Infraestruturas existentes na zona de Agolada

4.4.4 TRÁFICO E MOBILIDADE

O tráfico existe na estrada AC552 pola que discorren as actuacións peonís proxectadas é un factor fundamental na definición do seu trazado e tipoloxía, xa que un dos factores máis importantes é a seguridade dos peóns, e no seu caso ciclistas, que transitan polas mesmas.

Por iso, xa se realizou a análise do tráfico no anexo correspondente deste proxecto, no cal se determinou a intensidade media diaria existente en ambos tramos de actuación. Deste xeito, e en base aos aforos de tráfico existentes estimouse que na actualidade as IMD son respectivamente de 16.811 veh/día para o Treito I e de 1.940 veh/día para o Treito II. Estes valores incrementanse lixeiramente ata os 17.509 veh/día para o Treito I e de 2.021 veh/día para o Treito II para o ano horizonte do proxecto de ** anos.

4.5 PATRIMONIO CULTURAL E HISTÓRICO

Respecto ao Patrimonio Cultural e Histórico hai que sinalar que no entorno de ambas actuacións existen distintas situacións. Así, no caso do Treito I poden identificarse unha serie de elementos culturais e históricos que posúen unha certa protección, mentres que no caso do Treito II non se identificaron elementos patrimoniais ou históricos que presenten algún tipo de catalogación ou protección.

Deste xeito, respecto do Treito I identificáronse os seguintes elementos:

Elemento	Categoría	Catalogación
Dúas casas con hórreos en Montecelo	Arquitectónica	PXOM PBA
Lavadoiro	Etnográfica	Non catalogado

Táboa 20. Elementos do Patrimonio Cultural e Histórico

Por outra parte, segundo a resolución da Xefatura Territorial da Coruña do Servizo de Xestión Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, que se adxunta a este anexo no Apéndice II, existe un elemento no Treito II que si ben non aparece nin no PXOM nin no Plan básico autonómico, pese a non ter a consideración de catalogado, debe terse en conta durante a realización das obras. Trátase dun elemento que na actualidade está desaparecido, a Mota TO15029008, localizado na contorna do cemiterio de Agrillos, e que foi arrasado hai uns 45 anos, en parte pola construción devandito cemiterio e pola realización de acondicionamentos agrícolas.

Neste senso, hai que considerar a posible afección que sobre os distintos elementos patrimoniais identificados poderían ter as actuacións proxectadas.

No *Apéndice Nº 1. Estudio de Patrimonio Cultural*, detallase con maior concreción a identificación dos elementos do Patrimonio Cultural e Histórico e os seus impactos.

5 IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS

Defínese impacto ambiental, como *"aquela acción ou actividade que provoca unha alteración favorable ou desfavorable, ao medio ambiente ou a algún dos seus compoñentes. Esta acción pode provir dun proxecto de obra, un programa, un plan, unha lei ou calquera outra acción administrativa con implicacións ambientais"*.

A continuación, desenvolvese a identificación dos impactos ambientais do proxecto, tanto en fase de construción como na futura fase de explotación. A identificación de impactos ambientais baséase no método de matrices causa- efecto, derivadas da matriz de Leopold que aporta resultados cualitativos, e do método do Instituto Batelle- Columbus que aporta resultados cuantitativos, consistente nunha táboa de dobre entrada en cuxas columnas engádense as accións impactantes e nas súas filas, os factores ambientais que sufrirán o impacto

5.1 FACTORES SUSCEPTIBLES DE IMPACTOS

Como factores susceptibles de sufrir un impacto ambiental considéranse aqueles elementos do medio que se prevé poidan sufrir alteracións do seu estado ou calidade previos á execución das obras, e, polo tanto, poden verse afectados polas mesmas.

Os factores susceptibles de impacto ambiental identificados son os seguintes:

- Aire: Calidade do aire e composición da atmosfera
- Auga: Hidroloxía da zona de actuación, incluíndo as concas vertentes e a calidade da auga
- Solo: Capa superficial da corteza terrestre, imprescindible para o desenvolvemento dos seres vivos, composición e estado.
- Flora: As especies de vexetación presentes na zona de actuación, estado e calidade
- Fauna: As especies de animais con presenza na zona de actuación, a súa calidade e condicións de vida
- Paisaxe: Apreciación e percepción do medio,
- Poboación: Condicións de vida e desenvolvemento de actividades cotiás en relación co medio
- Patrimonio: afección a elementos patrimoniais
- Servizos: incremento da demanda de servizos

Durante a fase de construción poden xerarse distintos impactos sobre os distintos factores susceptibles de recibilos dentro do ámbito territorial da actuación. No entanto, o primeiro paso é identificar aquelas accións que dentro do proxecto poden xerar un impacto. Neste sentido, e para a fase de construción poden considerarse as seguintes accións como xeradoras de impacto.

- Acondicionamento do Viario
  - Eliminación de vexetación
  - Obtención dos materiais necesarios
  - Escavacións e movementos de terras
  - Tráfico dos vehículos de obra
  - Pavimentación
  - Drenaxes
  - Traslado/retranqueo de muro
- Implantación de Senda Peonil
  - Eliminación de vexetación
  - Obtención dos materiais necesarios
  - Escavacións e movementos de terras
  - Tráfico dos vehículos de obra
  - Pavimentación
  - Drenaxes
- Sinalización
  - Colocación de sinalización vertical
  - Pintura de superficies de sinalización horizontal

5.1.1 IMPACTOS DURANTE A FASE DE CONSTRUCIÓN

A continuación, detállanse os principais impactos identificados para os distintos factores e medios na fase de construción:

MEDIO FÍSICO

- Solos

Os principais efectos potenciais sobre o solo xerados pola construción das sendas proxectadas produciranse durante a fase de construción e están relacionados con:

  - Movementos de terras provocando a desaparición capa de solo vexetal superior
  - Recubrimento de superficies, mediante provisións de materiais ou instalacións
  - Perda de solo agrícola e forestal
  - Consumo de recursos naturais do solo e o terreo (saburras, gravas, solos,...)

Respecto dos efectos potenciais sobre os solos durante a fase de construción os movementos de terras e a eliminación da capa superficial de terra vexetal serán os principais impactos. Non obstante, e dado que se executarán as sendas ben sobre beirarrúas xa urbanizadas ou ben mediante unha reducida ampliación da plataforma da estrada AC552, en particular sobre os noiros actuais, non suporá un impacto significativo. Neste senso, tampouco se producirá un impacto na perda de solo agrícola ou vexetal. Por outra banda, o consumo de recursos naturais do solo e terreo será limitado, xa que non se trata dunha actuación de gran envergadura.

- Auga

Os principais efectos potenciais sobre a auga xerados pola construción das sendas proxectadas produciranse durante a fase de construción e están relacionados con:

- Vertidos accidentais de residuos, aceites e graxas durante a execución das obras
- Impermeabilización de superficies e redución da infiltración
- Alteración do curso das augas polos movementos de terras
- Empeoramento da calidade das augas superficiais e subterráneas
- Contaminación por finos dos cursos de augas superficiais próximos
- Fugas e vertidos de residuos durante o uso do formigón

O desenvolvemento durante a fase de construción de tarefas na proximidade de cursos de auga pode supor un impacto significativo sobre os mesmos, tanto pola existencia de vertidos accidentais de residuos, o cal pode supor o empeoramento da calidade das augas superficiais e subterráneas, asemade como da contaminación por finos derivados do po emitido pola execución das obras e a circulación de vehículos. Neste senso, hai que sinalar que os principais cursos de auga afectados serán o Rego da Balsa ou Segufe no Treito I e o Río Calvar no Treito II. En ambos casos non se contempla unha actuación directa sobre os mesmos, xa que no primeiro caso manterase a ODT existente e ademais non se ampliará a mesma, mentres que no segundo caso realizarase unha ampliación en voladizo mediante pezas prefabricadas da ponte existente, polo que non se actuará directamente sobre estes cursos fluviais. No Treito II haberá que ampliar lixeiramente unha ODT para un afluente innominado do Río Calvar, pero non se contempla a modificación do curso fluvial actual en ningún caso. De todos xeitos, tanto nun Treito como noutro o principal problema virá dado pola posible contaminación por finos e outros vertidos dos cursos fluviais, aínda que non debería ser un impacto significativo ou irreversible de se tomar as medidas axeitadas. Por último, a reducida ampliación da plataforma da estrada, naqueles casos onde sexa preciso, non suporá un notable incremento da impermeabilizacion da superficie, pola existencia xa de superficies impermeabilizadas que apenas se incrementan.

- Atmosfera

Os principais efectos potenciais sobre a atmosfera xerados pola construción das sendas proxectadas produciranse durante a fase de construción e están relacionados con:

- Ruído nas zonas de traballo (Contaminación Acústica)
- Incremento de po no aire nas zonas de traballo (Contaminación Atmosférica)

O uso de maquinaria e o desenvolvemento das diferentes tarefas de execución construtiva terá como consecuencia un impacto directo na atmosfera, tanto respecto da contaminación por po e partículas sólidas en suspensión como polo ruído. Neste senso, hai que sinalar que o maior impacto vaise producir no Treito I, no que serán precisas tarefas de demolición de beirarrúas e de firmes en ámbitos urbanos. Non obstante, dado o prazo de execución e o limitado da actuación, non se considera que vaia a existir un impacto significativo.

- Residuos

Os principais efectos potenciais no tócante aos residuos xerados pola construción das sendas proxectadas produciranse durante a fase de construción e están relacionados con:

- Xeración de residuos derivados da construción (PVC, embalaxes, etc)
- Residuos de desbroces e de demolición (RCD) depositados en zonas non autorizadas

Durante a fase de construción os principais impactos asociados aos residuos están relacionados coa propia xeración dos mesmos, así como do seu deposito en zonas non axeitadas para esta función. De xeito xeral, os residuos xerados serán tratados convenientemente e non se detecta a xeración de grandes volumes de residuos ou de natureza perigosa en calquera dos dous tramos da senda.

MEDIO BIOTICO

En xeral, os traballos desenvolveranse sobre estradas, pistas e rúas xa existentes, aínda que poderían existir impactos no Medio Biótico do entorno do proxecto..

- Flora

Os principais impactos poden ser os seguintes:

- Eliminación de especies vexetais invasoras
- Retirada de vexetación de ribeira, en particular no Rego da Balsa ou Segufe
- Desaparición de vexetación na zona das obras

Verificarase a localización, impermeabilización e sistema de desaugadoiro. En caso de ser necesario realizar analíticas de auga, os parámetros a controlar serán, como mínimo, materias en suspensión e hidrocarburos de orixe petroleira. Os limiares admisibles serán os establecidos na Orde do 16 de decembro de 1988.

Periodicidade da inspección

Realizarase trimestralmente a verificación do funcionamento dos sistemas de decantación, ademais de tras episodios chuviosos intensos.

Medidas de prevención e corrección

En caso de detectarse contaminación nas augas do dispositivo procederase ao seu baleirado e traslado a depuradoras autorizadas. Realizarase un estudo da orixe da contaminación e das medidas protectoras a aplicar.

9.2.8 LOCALIZACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ZONAS DE ACOPIOS

Obxectivos

O obxectivo é que a localización e a explotación das zonas de acopios non comporte afeccións a zonas ou elementos singulares ambientalmente.

Actuacións

Controlarase que os materiais sobrantes se retiren aos lugares de destino da forma máis rápida posible e de que non se amoreen na zona exterior das obras, especialmente, na rede de drenaxe superficial.

Comprobarase que os materiais necesarios para as obras se amorean unicamente nos lugares autorizados para iso, e controlarase que as condicións de almacenamento garantan a ausencia de contaminación de augas e chans por arrastres ou lixiviados.

As zonas de acopio de materiais perigosos, prexudiciais ou altamente contaminantes sinalizaranse convenientemente e comprobarase que se sitúan en terreos especialmente habilitados e impermeabilizados.

Os lugares de acopio da terra vexetal definiranse con exactitude ata a súa reutilización en obra.

Lugar de inspección

Inspeccionaranse as zonas de acopios e, en xeral, toda a obra e o seu entorno próximo para verificar que non existen provisións ou vertidos non autorizados.

Parámetros de control e limiares

Os parámetros de control serán a presenza de acopios non previstos, de zonas de préstamos ou vertedoiros incontrolados e a forma de acopio dos materiais perigosos. Non se admitirá a formación de ningún tipo de acopio fóra das áreas condicionadas para tal fin.

Periodicidade da inspección

Realizaranse inspeccións de forma semestral durante toda a fase de construción.

Medidas de prevención e corrección

En caso de detectarse a formación de acopios incorrectos, informarase con urxencia para que as zonas sexan limpadas e restauradas.

9.2.9 CONTROL DE ACCESOS TEMPORAIS

Obxectivos

O obxectivo é evitar afeccións non previstas neste anexo como consecuencia da apertura de camiños de obra e accesos temporais non previstos no proxecto.

Actuacións

Analizaranse, de forma previa á firma da Acta de Reformulo, os accesos previstos para a obra e os camiños auxiliares, que se reformularán xunto co eixo das sendas. Verificarase, de forma periódica, que non se construíron camiños novos non previstos.

Lugar de inspección

Toda a zona das obras e o seu entorno.

Parámetros de control e limiares

Non será aceptable a apertura de camiños de obra novos sen autorización. En caso de necesitarse algún acceso ou camiño non previsto, analizaranse as posibilidades existentes, seleccionando a que menos afecte ao entorno, e deseñaranse as medidas para a restauración da zona unha vez finalizada a obra.

Periodicidade da inspección

Realizarase unha inspección previa á firma da Acta de Reformulo, e despois serán semestrais.

Medidas de prevención e corrección

Deberase proceder ao desmantelamento e restauración de todos os camiños de obra e accesos temporais que non se manteñan de forma definitiva ou queden ocupados pola estrada.

9.2.10 CONTROL DO MOVEMENTO DE MAQUINARIA

Obxectivos

O obxectivo é controlar que non se realicen movementos incontrolados da maquinaria para evitar afeccións innecesarias á rede de drenaxe natural, ás características dos solos, aos recursos naturais ou á vexetación e, por conseguinte, aos diferentes hábitats faunísticos.

Actuacións

Controlarase que a maquinaria restrinxe os seus movementos estritamente ás zonas de obra. En caso de existir recursos naturais ou culturais valiosos, balizarase a zona de obra nas súas proximidades, para limitar o movemento da maquinaria.

Lugar de inspección

Será lugar de inspección toda a zona das obras, e en especial aquelas zonas con recursos naturais ou culturais valiosos.

Parámetros de control e limiares

Considérase inadmisible o movemento incontrolado de calquera máquina, en especial aquelas que poidan danar recursos de interese. Se fose necesario verificarase o balizamento nas zonas que o requiran.

Periodicidade da inspección

Realizaranse, con carácter trimestral, inspeccións de toda a zona das obras e o seu entorno. Tamén se comprobará o estado do balizamento provisional, se fose o caso.

Medidas de prevención e corrección

Para previr posibles afeccións, informarase ao persoal executante da obra dos lugares de maior valor ambiental e da utilidade dos balizamentos. En caso de producirse algún dano, procederase á restauración da zona afectada.

9.2.11 DESMANTELAMIENTO DE INSTALACIÓNS E LIMPEZA DAS OBRAS

Obxectivos

O obxectivo será verificar que á finalización das obras desmantélanse todas as instalacións auxiliares e procédese á limpeza dos terreos.

Actuacións

Antes da firma da acta de recepción, realizarase unha inspección xeral de toda a área das obras, tanto no trazado das sendas como nas zonas de instalacións, acopios ou calquera outra zona relacionada coa obra, verificando a súa limpeza e o desmantelamento e a retirada de todas as instalacións auxiliares.

Lugar de inspección

Toda a zona afectada polas obras.

Parámetros de control e limiares

Non será aceptable a presenza de ningún tipo de residuo ou resto das obras.

Periodicidade da inspección

Realizarase unha inspección ao finalizar as obras, antes da firma da acta de recepción.

Medidas de prevención e corrección

En caso de detectarse algunha zona con restos da obra procederase á súa limpeza inmediata, antes de realizar a recepción da obra.

9.2.12 VIXILANCIA DA PROTECCIÓN DE ESPECIES E COMUNIDADES SINGULARES

Obxectivos

O obxectivo é garantir que non se producen movementos incontrolados de maquinaria ou afeccións non previstas en zonas con singularidades botánicas.

Actuacións

Sinalaranse, de forma previa ao comezo das obras, as zonas singulares con aspectos botánicos. Se se situasen moi próximas ás obras, de maneira que se prevexa a súa afección, proporase o seu balizamento provisional. Durante a execución das obras verificarase a integridade destas zonas e, de ser o caso, o estado dos balizamentos.

Lugar de inspección

Inspeccionaranse as áreas de fraxilidade ou interese botánico atravesadas ou situadas no entorno das obras. A zona de inspección será de 200 metros a cada marxe da zona de explanacións e das zonas de instalacións auxiliares e provisións.

Parámetros de control e limiares

Controlarase o estado das plantas, en concreto detectando danos sobre ramas, tronco ou sistema foliar. Verificarase a inexistencia de rodeiras, novos camiños ou residuos procedentes das obras. Analizarase tamén o correcto estado dos balizamentos provisionais, de ser necesarios.

Periodicidade da inspección

Realizarase unha primeira inspección previa ao comezo das obras. Logo realizaranse de forma trimestral, aumentando a frecuencia se se detectasen afeccións nas zonas singulares.

Medidas de prevención e corrección

No caso de que se detecten danos a comunidades vexetais ou especies singulares, elaborarase un proxecto de restauración e executarase o máis axiña posible. Se se detectasen danos a balizamentos provisionais, procederase á súa reparación.

9.2.13 VIXILANCIA DO MANTEMENTO DA PERMEABILIDADE TERRITORIAL

Obxectivos

O obxectivo será verificar que, durante toda a fase de construción, e ao finalizarse as obras, se manteñen a continuidade de todos os camiños e as sendas cruzadas e que, en caso de cortarse algún, existen desvíos provisionais ou definitivos correctamente sinalizados.

Actuacións

Verificaranse a continuidade dos camiños, polo seu mesmo trazado ou por desvíos provisionais e, neste caso, a súa sinalización.

Lugar de inspección

Todos os camiños cortados polo trazado da senda.

Parámetros de control e limiares

Non se considerará aceptable a falta de continuidade nalgún camiño, polo seu propio percorrido ou por un desvío, ou a falta de sinalización destes.

Periodicidade da inspección

Percorrerase a traza e os camiños interceptados, de forma trimestral, para a súa inspección.

Medidas de prevención e corrección

Se se detectase a falta de continuidade nalgún camiño ou a falta de acceso a algunha zona, disporase inmediatamente algún acceso alternativo.

9.2.14 SEGUIMENTO DA REPOSICIÓN DE SERVICIOS AFECTADOS

Obxectivos

O obxectivo será verificar que todos os servicios afectados se repoñen de forma inmediata, sen cortes ou interrupcións que poidan afectar á poboación do entorno. Non será necesaria a realización do control cando sexa a entidade ou compañía subministradora ou propietaria do servicio a que se faga cargo da reposición ou da súa verificación.

Actuacións

Co fin de comprobar que a reposición sexa inmediata, realizarase un seguimento da reposición de servicios afectados. Esta actuación centrarase principalmente nos casos en que se crucen zonas con pequenos servicios de importancia local, xa que non son previsibles molestias na reposición dos principais servicios.

Lugar de inspección

Serán lugar de inspección as zonas onde se intercepten servicios, con especial atención a aqueles de pequena entidade ou interese local, que non sexan responsabilizas dunha entidade ou empresa con medios para controlar a súa reposición.

Parámetros de control e limiares

Será inadmisible o corte dun servicio ou unha interrupción prolongada.

Periodicidade da inspección

Realizaranse as inspeccións coincidindo con outras visitas a obra e a súa periodicidade dependerá da cantidade de servicios afectados.

Medidas de prevención e corrección

En caso de detectarse a falta de continuidade nalgún servicio, este reporase de inmediato.

9.2.15 CONTROL DA PROTECCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO OU ARQUITECTÓNICO

Obxectivos

O obxectivo é asegurar a protección de bens inmobles de valor histórico, artístico ou arquitectónico próximos á zona de obras.

Actuacións

Previamente ao comezo das obras realizarase un inventario de bens inmobles de valor que, pola súa proximidade á zona de obras, se puidesen ver afectados. Este inventario facilitarase ao persoal de obra. Se algún dos elementos queda excesivamente próximo á zona de obra proporase o seu balizamento provisional ou valado. Verificarase de forma periódica que non se afectou a ningún dos elementos inventariados.

Lugar de inspección

Inspeccionaranse os bens inmobles de valor histórico, artístico ou arquitectónico próximos á zona de obras.

Parámetros de control e limiares

Non se admitirá ningunha afección aos elementos inventariados que non sexa contemplada previamente, nin ás súas posibles estruturas asociadas como poden ser canles de muíños, acequias históricas, eras ou terreos asociadas a algún edificio singular, etc.

Periodicidade da inspección

Antes do inicio das obras realizarase unha visita para realizar o inventario das zonas de interese e definir, se fose necesario, as zonas a balizar ou protexer. Realizaranse visitas semestrais ás zonas inventariadas durante as obras, verificando a súa integridade e, de ser o caso, o estado do balizamento ou valado.

Medidas de prevención e corrección

Se se producise algunha afección non prevista notificarase ao Organismo competente, e procederase á restauración dos elementos danados, de acordo coas indicacións que este aporte.

10 VALORACIÓN DO PROGRAMA DE VIXILANCIA AMBIENTAL

Tendo en conta as distintas inspeccións e xornadas a realizar para comprobar o desenvolvemento do Programa de Vixilancia Ambiental, estimouse un orzamento de SEIS MIL CATROCENTOS EUROS (6.400€), equivalente a polo menos unha visita semanal ás zonas de desenvolvemento do traballo, cunha maior periocidade no caso das obras que afectan ao Rego da Balsa ou Segufe, e a emisións de informes.

Este orzamento impútase ao Orzamento para Coñecemento da Administración.

APÉNDICE 1. ESTUDO DE PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL

1 OBXECTO

O obxectivo básico do presente estudo é salvagardar o patrimonio cultural da área na que se desenvolven as obras contidas no proxecto, mediante a identificación dos bens, a caracterización e valorización dos riscos ou impactos, e a proposta das medidas correctoras para cada caso.

2 NORMATIVA

O marco xurídico de referencia para a protección do patrimonio cultural de Galicia é o seguinte:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia.
- Decreto 46/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento do Comité Asesor do Camiño de Santiago, modificado polo Decreto 225/2010, do 30 de decembro.
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio.

A estas normas hai que engadir as cartas e convenios internacionais ratificados por España e, en particular, a Convención sobre a Protección de Patrimonio Mundial Cultural e Natural de 1972 e as Directrices operativas para a aplicación desa Convención.

3 DEFINICIÓN DAS OBRAS

As obras proxectadas consisten na execución de sendas peonís, con posible compatibilidade co tránsito ciclista, en dous tramos da estrada AC552 ao seu paso polo termo municipal de Coristanco.

A continuación, sinálanse as principais características das obras.

3.1 LOCALIZACIÓN

As obras localízanse na estrada AC552 no Concello de Coristanco, divididas en dous treitos:

- TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860
- TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

O TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860 localizase no núcleo de Montecelo (Coristanco), proporcionando continuidade á senda Carballo – Bértoa xa proxectada e continuando ao longo da marxe esquerda da estrada AC552 ata a beirarrúa existente no entorno do Centro Comercial Carrefour e a súa glorieta de acceso. Por outra parte, durante a redacción do proxecto decidiuse estender a actuación entre os PK 34+400 – 34+860 ata o PK 34+925 coa finalidade de dotar de continuidade á senda peonil ata o Centro Comercial Carrefour

O TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080 localizase no núcleo de Agolada, proporcionando continuidade ás beirarrúas existentes no mesmo ata a vía de acceso ao Cemiterio de Agrillos, e atravesando no seu percorrido sobre a ponte do Río Calvar.

Na seguinte imaxe amosase a localización de ambos treitos dentro do Concello de Coristanco:



Figura 36. Localización das sendas (Elaboración TERRAVANZA)

3.2 DESCRICIÓN DAS OBRAS

As obras proxectadas consistirán na execución de dous tramos de sendas peonís na estrada AC552 ao seu paso polo Concello de Coristanco.

A continuación, describirase de xeito detallado as obras obxecto deste proxecto.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Respecto ao Treito 1, o presente proxecto consiste na execución dunha senda peonil entre o PK34+400 e o PK34+860 pola marxe esquerda da estrada AC552 no termo municipal de Coristanco. O punto de partida é ao final da senda xa proxectada entre Carballo e Bértoa, tras o seu entronque coas beirarrúas existentes no núcleo de Montecelo. Deste xeito, un primeiro tramo consistirá na mellora das beirarrúas existentes no devandito núcleo, incrementando o seu ancho e executando unha nova pavimentación. A implantación desta senda implicará distintas actuacións de homoxeneización das beirarrúas existentes, e o estendido de novas canalizacións de servizos e de drenaxe das pluviais, ademais suporá a redución parcial da beiravía actual, deixando alúmenos un ancho de 1 m.

Figura 37. Estado actual do primeiro tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Un segundo tramo comeza ao finalizar a zona de beirarrúas existentes na actualidade, interrompidas en gran medida pola presenza dun muro de pedra que delimita unha parcela, e que posúe un trazado en curva. Este muro de pedra limita considerablemente o espazo existente para a implantación dunha senda peonil, sobre todo nos seus primeiros metros, ademais de condicionar considerablemente a seguridade vial, xa que o trazado en curva presenta notables deficiencias en canto a este aspecto e a visibilidade, en particular no punto de inicio. Por este motivo, o proxecto contempla unha actuación máis complexa de acondicionamento da curva, coa finalidade de incrementar a súa visibilidade e seguridade, sobre todo para os peóns, empregando o espazo de dominio público viario existente. Deste xeito, esta actuación implicará o retranqueo e traslado do muro de pedra actual, coa finalidade de acondicionar a curva, mediante unha certa rectificación da mesma, incrementando o seu radio de curvatura.

Figura 38. Estado actual do segundo tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Un terceiro, e último tramo, comeza ao finalizar o muro de pedra anterior e mantendo unha aliñación sensiblemente recta, no cal a explanada da estrada AC552 situase nunha cota de aproximadamente 2 m superior ao espazo circundante, unha zona baixa de brañas frecuentemente asolagada e que está delimitada por unha serie de árbores. Neste caso, a senda proposta deberá ocupar tanto parte da beiravía como do noiro, sempre dentro do dominio publico viario, coa finalidade de garantir o ancho suficiente para a seguridade e comodidade dos peóns, polo que será preciso realizar un pequeno muro, de altura inferior aos 1,5 m, para proporcionar o espazo suficiente para a explanada da senda.

Figura 39. Estado actual do terceiro tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Un cuarto, e último tramo, e a partir do cruce dunha pista municipal e do PK 34+855 e ata o PK. 34+925, proxectase unha senda peonil mediante a renovación das beirarrúas existentes na actualidade, realizando a ampliación da plataforma no caso de que o ancho das mesmas sexa inferior a 2,00 m, coa finalidade de garantir cumprimento da normativa de accesibilidade. Non obstante, naqueles puntos que pola súa configuración non se poida acadar esta dimensión, asegurase un ancho mínimo de 1,50 m. No caso de ser necesaria e posible a ampliación da plataforma realizase dentro do espazo delimitado como de titularidade pública. Por outra banda, a extensión da senda peonil ata a glorieta de acceso ao Centro Comercial Carrefour implica a súa continuidade polo vía de acceso á mesma ata un punto no que se poida implantar un paso de peóns coa suficiente seguridade e comodidade.

Figura 1. Estado actual do cuarto tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Na seguinte imaxe amosase de xeito esquemático a proposta de actuación no Treito 1.

Figura 2. Proposta de Actuación no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

Respecto ao Treito 2, o presente proxecto consiste na execución dunha senda peonil entre os PK44+300 e PK45+080 pola marxe dereita da estrada AC552 entre o final do núcleo de Agolada ata a pista de acceso ao Cemiterio de Agrillos no termo municipal de Coristanco. Esta senda peonil pode dividirse en tres tramos claramente diferenciados en canto ós seus condicionantes.

Un primeiro tramo comeza no remate das beirarrúas existentes no núcleo de Agolada, onde a senda poderase apoiar nun amplo espazo existente entre unha ancha cuneta transitable e o noiro existente. Non obstante na súa zona final, o ancho redúcese notablemente polo que será preciso empregar unha solución de cuneta transitable, xa que nin existe beiravía suficiente nin o noiro existente permite un posible incremento sen poñer en cuestión a súa seguridade.

Figura 3. . Estado actual do primeiro tramo no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Figura 4. Estado actual do primeiro tramo na zona de menor anchura no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Un segundo tramo apoiarase na ponte sobre o Río Calvar existente na actualidade, o cal ten un trazado en curva aproveitando uns longos pontóns ou estribos. Deste xeito, durante unha lonxitude de aproximadamente 150 m a senda peonil implantarse mediante un voladizo apoiado na ponte actual.

Figura 5. .Estado actual do segundo tramo no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Un terceiro tramo comeza ao finalizar a ponte sobre o Río Calvar ata a pista de acceso ao Cemiterio de Agrillos. Tratase dun tramo de moi baixa pendente e no cal a senda peonil poderá na súa maior parte apoiarse sobre a cuneta existente, garantindo obviamente a correcta drenaxe das pluviais.

Figura 6. Estado actual do terceiro tramo no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Na seguinte imaxe amosase de xeito esquemático a proposta de actuación no Treito 1.

Figura 7. Proposta de Actuación no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

4 ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Coa finalidade de determinar as posibles afeccións ou impactos sobre o Patrimonio Cultural, elaborouse unha ficha a partir do Catálogo de Patrimonio Cultural incluídos no PXOM e/ou no Plan Básico Autonómico de todos os elementos ou depósitos arqueolóxicos identificados.

Esta ficha inclúe os seguintes apartados:

Identificación

- Número de referencia do elemento: segundo a numeración do catálogo do PXOM se o ben está incluído no mesmo.
- Nome do elemento: denominarase o depósito co topónimo do sitio no que se sitúe.

Situación

- Localización: segundo a denominación que os habitantes do lugar dan ou coñecen a esa zona.
- Parroquia: entidade administrativa eclesiástica que articula o territorio en Galicia.
- Núcleo: entidades administrativas civís.

Descrición

- Adscrición cultural: indícase, na medida do posible, a que época ou cultura pertence o elemento ou depósito arqueolóxico.
- Tipoloxía: indica a tipoloxía do ben.
- Descrición xeral: realízase unha descrición xeral do elemento.
- Descrición das estruturas: cando existan estruturas visibles.
- Conservación: indícase se é moi boa, boa, regular, mala ou moi mala.
- Descrición das alteracións: relaciónanse, con detalle, os axentes de destrución ou alteración.
- Materiais arqueolóxicos: indícase a súa aparición, se procede, e as súas características xerais.
- Valoración Patrimonial: precísase a importancia dese elemento en función da súa monumentalidade, conservación e interese patrimonial e/ou científico.

Impacto e medidas correctoras

- Relación coa obra: igual que na ficha do inventario, pero indicando a marxe e a distancia ao viario.
- Identificación e Descrición do Impacto: defínese o impacto ou alteración.
- Valoración do impacto: conforma o establecido na metodoloxía que se adapta á clasificación definida no Real Decreto 1131/88 de Avaliación do Impacto Ambiental (Crítico, Severo, Moderado e Compatible).
- Xustificación do Impacto: xustifícase a valoración do elemento patrimonial.

- Medida correctora: indícanse as medidas correctoras necesarias para impedir ou minimizar o impacto.
- Valoración económica: no caso de ser necesario indícase de modo global o custo estimado das actuacións derivadas das medidas correctoras.

Na identificación dos elementos patrimoniais no entorno das obras proxectadas realizouse unha división entre aqueles catalogados nalgún instrumento urbanístico ou de ordenación do territorio e aqueles non catalogados pero susceptibles de posuír valor patrimonial.

4.1 CATALOGADOS

Os elementos patrimoniais identificados no entorno das obras e catalogados nalgún instrumento urbanístico ou de ordenación do territorio son os seguintes:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

No Treito 1 e con base no Catalogo do PXOM do Concello de Coristanco e no Plan Básico Autonómico (PBA) identificáronse os seguintes elementos catalogados sobre os que poden ter afección as obras deste proxecto:

Elemento	Categoría	Catalogación
Dúas casas con hórreos en Montecelo	Arquitectónica	PXOM PBA

Táboa 24. Elementos Catalogados no Treito I



Figura 8. Delimitación no PXOM de Coristanco e no PBA do elemento catalogado (Elaboración TERRAVANZA)

Figura 9. Dúas casas con hórreos en Montecelo: Casa 1 e Hórreo 1(Elaboración TERRAVANZA)

Figura 10. Dúas casas con hórreos en Montecelo: Casa 2 e Hórreo 2(Elaboración TERRAVANZA)

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

No Treito 2 e con base no Catalogo do PXOM do Concello de Coristanco e no Plan Básico Autonómico (PBA) non se identificaron elementos catalogados sobre os que poden ter afección as obras deste proxecto.

4.2 OUTROS ELEMENTOS NON CATALOGADOS

Outros elementos non catalogados no entorno das obras pero susceptibles de posuír valor patrimonial atópanse os seguintes:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Dentro do Treito 1 identificáronse os seguintes elementos non catalogados:

Elemento	Categoría
Lavadoiro en Montecelo	Etnográfica

Táboa 25. Elementos do Patrimonio Cultural non catalogados no Treito I

Figura 11. Fotografía do Lavadoiro en Montecelo non catalogado identificado (Elaboración TERRAVANZA)

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

No Treito II non se identificaron outros elementos patrimoniais non catalogados.

4.3 XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

Respecto dos vestixios de natureza arqueolóxica, con base na consulta do Catálogo de Patrimonio Cultural e dos planos de Elementos de Catálogo da PXOM correspondentes, non se constata a presenza de vestixios de natureza arqueolóxica na área de afección do proxecto tanto no caso do Treito I como do Treito II.

Por outra parte, segundo a resolución da Xefatura Territorial da Coruña do Servizo de Xestión Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, que se adxunta a este anexo no Apéndice II, existe un elemento no Treito II que si ben non aparece nin no PXOM nin no Plan básico autonómico, pese a non ter a consideración de catalogado, debe terse en conta durante a realización das obras. Trátase dun elemento que na actualidade está desaparecido, a Mota TO15029008, localizado na contorna do cemiterio de Agrillos, e que foi arrasado hai uns 45 anos, en parte pola construción devandito cemiterio e pola realización de acondicionamentos agrícolas.

Neste senso, hai que sinalar que o trazado da senda peonil non se achega ao Cemiterio de Agrillos, polo que é improbable algún tipo de afección ao elemento arqueolóxico sinalado. Non obstante, de calquera xeito tomaranse as medidas pertinentes no caso de achado de algún elemento arqueolóxico no subsolo durante a execución das obras e a súa comunicación á consellería competente en materia de Patrimonio Cultural.

5 AFECCIÓN AOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Tendo en conta os elementos identificados e as características das obras proxectadas avaliouse a potencial afección das mesmas aos primeiros, segundo a metodoloxía exposta a continuación. Ao mesmo tempo, valorouse a necesidade de establecer medidas correctoras de ser o caso.

5.1 METODOLOXÍA ESPECÍFICA PARA OS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

A metodoloxía de actuación formúlase estruturada en varias fases, que se describen a continuación.

- A fase de gabinete supón a consulta e recompilación de toda a información relacionada coa arqueoloxía da zona obxecto de estudo. Os labores máis significativos desta fase encamíñanse a:
  - Revisión da documentación existente. Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, depositado no Instituto de Conservación e Restauración de BB.CC.
  - Consulta bibliográfica, traballos de investigación anteriores, plans municipais, etc.
- A fase de traballo de campo supón a comprobación de toda a información recollida e unha valoración sobre a presenza doutros posibles elementos culturais que poidan existir, pero que non se recolleron nos inventarios e outras posibles fontes, para o cal se procederá a:
  - Realizar visitas á zona de proxecto, centrándose na comprobación de todos aqueles elementos pertencentes ao patrimonio cultural situados no ámbito da obra.
  - Procederase a consultar aos habitantes do lugar de cara a confirmar a natureza dos elementos visitados e para coñecer a posible afección sobre outros non incluídos nos diferentes inventarios.

Unha vez identificados os elementos arqueolóxicos existentes, e definidos os seus límites exteriores, procederase á identificación das actuacións do proxecto que incidirán sobre eles, de forma directa ou indirecta, e que poidan causar algunha modificación ou alteración.

No presente estudo adáptanse as características dos elementos patrimoniais ás esixencias establecidas na lexislación para establecer a valoración dos impactos. Os criterios que se utilizan terán en conta unha serie de aspectos, que serán moito máis estritos no caso do patrimonio arqueolóxico, pola propia natureza deste tipo de elementos patrimoniais.

- A definición do ben. Se está realmente definido como tal, tendo en conta o seu estado de conservación.
- A alteración física que padecerá o ben coa execución das obras. Este feito é moito máis estrito no caso de depósitos arqueolóxicos, dos que en moitos casos non se coñecen os límites precisos.
- A natureza do ben. No caso de elementos arqueolóxicos diferénciase entre zonas de hábitat (que teñen unha área de dispersión incerta), representacións gráficas (que teñen unha localización puntual), as superficies de dispersión de materiais diferenciando os que son de procedencia coñecida dos de procedencia incerta ou descoñecida, etc.
- A importancia do ben. Diferéncianse os elementos pola súa importancia, xa que hai elementos que poden ser postos en valor ou que polas súas características merecen ser conservados e outros que polas súas propias características non teñen excesivo interese. Nos elementos arqueolóxicos diferéncianse depósitos en posición primaria daqueles en posición derivada e se o nivel está pouco ou moi alterado.

Segundo estes criterios a valoración de impacto que se establece é:

- Impacto crítico: aqueles elementos patrimoniais, confirmados como tales, que se verán fisicamente alterados e destruídos na fase de execución, sen posibilidade de interpor medidas correctoras.
- Impacto severo: elementos ou depósitos arqueolóxicos que poderían verse afectados de forma directa ou indirecta, sobre os que se poden introducir medidas correctoras, ou aqueles que, debido á súa importancia, unha modificación nas súas proximidades supoña unha perda de calidade.
- Impacto moderado: aqueles elementos, depósitos arqueolóxicos, ou posibles depósitos que en función da cartografía de detalle do proxecto non corre ningún risco de alteración, aínda que pola súa proximidade necesítase algunha medida correctora e un control rigoroso durante a fase de remoción de terras. Tamén inclúense dentro desta categoría aqueles posibles depósitos, inducidos a partir da recuperación dalgúns elementos superficiais, que están nas proximidades da superficie a modificar.
- Impacto compatible: será o que lle corresponde a todos os elementos ou depósitos arqueolóxicos que, sobre a base da cartografía de detalle do proxecto executivo, atópanse afastados de superficie que se verá alterada pola traza, aínda que están dentro dos límites de protección ou respecto, e por tanto non corren ningún risco de alteración.

Finalmente, en función do impacto previsto, establécense as medidas correctores ou protectoras a desenvolver durante a execución das obras.

5.2 IMPACTOS AOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

A partir da metodoloxía exposta no punto anterior e das características das obras proxectadas determináronse os seguintes impactos sobre os elementos patrimoniais presentes no entorno das mesmas.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

As principais actuacións previstas están relacionadas coa mellora da pavimentación no entorno dos elementos, os cales posúen fundamentalmente protección estrutural, por unha banda, e que non se incide directamente sobre os mesmos, por outra parte, non se deberían agardar impactos directos significativos sobre os elementos catalogados.

Non obstante, hai que sinalar que a necesidade de retranquear o muro de peche existente para acondicionar e incrementar a seguridade viaria na curva existente, supón un notable impacto sobre este elemento, que a pesar de non posuír catalogación e protección particular, pertence ao contorno de protección dos bens catalogados. Neste senso, o traslado deste muro deberá realizarse coa maior cautela posible, evitando a afección directa aos elementos catalogados.

No caso dos elementos non catalogados, as actuacións non inciden directamente sobre os mesmos, polo que tampouco son agardables impactos significativos.

En calquera caso, nas fichas anexas sinalase o impacto que se agarda sobre os distintos elementos considerados.

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

Dado que non se identificaron elementos con valor patrimonial neste treito, non se considera ningunha situación de posible impacto sobre o Patrimonio Cultural no mesmo.

5.3 RESUMO DE IMPACTOS

A continuación, preséntase un resumo dos elementos patrimoniais afectados as obras descritas no presente proxecto de construción.

Elemento	Categoría	Impacto	Valoración
Dúas Casas con Hórreos en Montecelo	Arquitectónica	Medio - Compatible	1.000,00 €
Lavadoiro	Etnográfico	Inexistente	0,00 €

5.4 MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS DE CARÁCTER XERAL

Como medida preventiva de carácter xenérico, aplicable a todos os bens presentes no ámbito das obras, así como aos movementos de terras en toda a superficie da obra, proponse o seguimento e control arqueolóxico.

Tamén se procederá á sinalización dos bens culturais máis próximos á zona de obra, mediante o balizado do perímetro próximo ás obras con material non perecedoiro, controlando periodicamente o seu estado.

A aparición durante a fase de control e seguimento arqueolóxico da obra de calquera evidencia histórica ou restos susceptibles de ser estudados con metodoloxía arqueolóxica, dos que non se teñan constancia ata a data, será obxecto de comunicación inmediata á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. No caso de identificar unha incidencia de natureza arqueolóxica, o arqueólogo responsable dos labores de Seguimento Arqueolóxico procederá ao balizamento preventivo da superficie na que aparezan os elementos arqueolóxicos, sendo tamén necesario informar puntualmente aos responsables das obras e á administración competente desta actuación, realizando un informe puntual de incidencias inmediato, no que se identifique e describa o elemento e establézase o tipo de impacto así como a proposta de medida correctora.

5.5 ORZAMENTO

O orzamento de seguimento e control arqueolóxico e patrimonial para a duración estimada das obras ascende a 1.000,00 €.

Esta cantidade inclúese no Orzamento para Coñecemento da Administración do presente proxecto.

Por outra parte, considerase que o traslado do muro de peche no Treito I é unha unidade de obra esencial para o desenvolvemento da actuación, polo que se incorpora ao orzamento de execución material, definindo no Anexo 17. Obras Complementarias esta intervención sobre un elemento patrimonial.

6 INTEGRACIÓN DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS NO PROXECTO

Nos seguintes parágrafos sinalase a proposta de integración, que xunto coas medidas preventivas e correctoras para minimizar a posible afección, deseñouse para os elementos patrimoniais no proxecto, de tal xeito que sexan non só protexidos senón que tamén postos en valor.

Deste xeito, a continuación, descríbense as principais caracteristicas da proposta do proxecto no entorno dos elementos patrimoniais identificados coa finalidade da súa protección e posta en valor. Non obstante, hai que sinalar que só se ten en conta o primeiro dos treitos, xa que no segundo dos mesmos non se identificaron elementos patrimoniais.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

No Treito 1 os elementos patrimoniais, catalogados e non catalogados, afectados polo proxecto son dúas edificacións e hórreos, xunto cun lavadoiro. Ambos casos tivéronse en conta de cara ao deseño da actuación proxectada coa finalidade de minimizar o impacto e a súa posta en valor.

- ***DÚAS CASAS CON HÓRREOS EN MONTECELO***

No caso das dúas casas con hórreos en Montecelo a integración patrimonial e paisaxística de ambas debe considerar a distinta situación respecto da senda e o posible impacto sobre os mesmos, tendo en conta a relación que posúen e a existencia doutros elementos que poden mediatizar a incidencia das obras.

Así, no tócante do Hórreo nº 1 asociado á Casa 1, que se atopa cara o Leste, a senda está trazada aos pés do zocalo sobre o que se apoia, polo que a integración deberá ser moito máis coidadosa. Neste senso, a modificación do borde da estrada para realizar o acondicionamento da curva existente, por motivos de seguridade, deberá considerar a separación precisa para non afectar de xeito directo ao elemento patrimonial sinalado.

No caso de ambas casas, as dúas sitúanse sobre unha vía ou rúa de acceso pavimentada cun rego asfáltico moi deteriorado na actualidade.

Pola súa parte, o Hórreo nº 2 asociado á Casa 2 atopase no interior da parcela, a cal está delimitada por un muro de pedra de notable entidade, o cal deberá ser retranqueado e trasladado para facilitar o acondicionamento da curva. Neste senso, hai que sinalar que o dominio público viario atravesa a parcela e o devandito muro atopase dentro da delimitación deste espazo funcional da estrada. Dado que a normativa de protección do PXOM inclúe non só os inmobles (Delimitación do Ben), senón que tamén a parcela e o seu muro de peche (Contorno de Protección), o acondicionamento da curva e a implantación da senda proxecta suporá un notable impacto sobre este contorno, polo que será preciso tomar as medidas de integración máis axeitadas para garantir o máximo respeto da solución adoptada cara os elementos patrimoniais identificados. Polo tanto, a solución adoptada suporá o traslado do muro de peche, mediante os procedementos máis axeitados, ao pé do Hórreo nº2, no límite do dominio público viario, procurando conservar e garantir a integridade deste elemento. Ao mesmo tempo, a senda proxectada adaptarase á nova configuración do muro, procurando empregar o espazo dispoñible e respectando a integridade do muro, e buscando unha mellora visual e estética da fronte muraria. Neste senso, hai que sinalar que na actualidade este muro de peche atopase moi afectado pola vexetación e a auga que circula pola cuneta do seu pé, polo que a actuación prevista levará aparellada tamén o entubado desta última, o cal representará unha notable mellora visual e estética da fronte deste muro.

Tendo en conta a situación de partida dos distintos elementos englobados neste epígrafe, considerouse que a mellor solución desde o punto de vista formal que posibilita unha mellor integración, coa salvedade da necesidade de retranqueo do muro de peche devandito, consiste na pavimentación da senda no tramo que afecta tanto ao Hórreo nº1, e o viario ao seu carón, xunto co viario de acceso a ambas casas mediante un formigón lavado con árido do entorno e no caso da senda incorporar un bordo de granito, coa finalidade de proporcionar unha solución moito máis axeitada e sensible co valor patrimonial de ambos elementos. Neste senso, unha correcta execución deberá ser asegurada para que a integración sexa o máis respectuosa posible cos elementos patrimoniais. Ao mesmo tempo, procurarase implantar unha iluminación ornamental, ademais de mellorar a integración da iluminación viaria cun modelo de luminaria máis axeitada.

Na seguinte imaxe amosase a proposta de actuación no entorno destes elementos catalogados.

Figura 12. Proposta de Actuación no entorno do elemento patrimonial catalogado (Elaboración TERRAVANZA)

- ***LAVADOIRO***

A senda proxectada remata na marxe contraria ao lavadoiro da vía de titularidade municipal coa que delimita polo Oeste, mentres que a estrada AC552 xa posúe unha beirarrúa no seu limite Norte, ficando os restantes lindeiros co espazo fluvial do que se deriva a auga para uso deste elemento etnográfico, o cal en repetidas ocasións asolagase de xeito considerable.

Neste senso, e aínda que non se incide directamente no entorno máis próximo ao elemento, procurase estender a senda prevista na marxe contraria, coa finalidade de realizar un remate axeitado da mesma e proporcionar un achegamento visual ao lavadoiro, que ao mesmo tempo que facilite o acceso a futuros espazos verdes municipais, permita a posta en valor do elemento.

Na seguinte imaxe amosase a proposta de actuación no entorno do Lavadoiro de Montecelo.



Figura 13. Proposta de Actuación no entorno do elemento patrimonial non catalogado (Elaboración TERRAVANZA)

Como medida preventiva de carácter xenérico, aplicable a todos os bens presentes no ámbito das obras, así como aos movementos de terras en toda a superficie da obra, proponse o seguimento e control arqueolóxico.

No caso do traslado do muro de peche, considerase que será preciso tomar aquelas medidas correctoras que permitan a súa reconstrución coa maior fiabilidade e a procura da minimización do impacto sobre os elementos protexidos.

Tamén se procederá á sinalización dos bens culturais máis próximos á zona de obra, mediante o balizado do perímetro próximo ás obras con material non perecedoiro, controlando periodicamente o seu estado.

A aparición durante a fase de control e seguimento arqueolóxico da obra de calquera evidencia histórica ou restos susceptibles de ser estudados con metodoloxía arqueolóxica, dos que non se teñan constancia ata a data, será obxecto de comunicación inmediata á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. No caso de identificar unha incidencia de natureza arqueolóxica, o arqueólogo responsable dos labores de Seguimento Arqueolóxico procederá ao balizamento preventivo da superficie na que aparezan os elementos arqueolóxicos, sendo tamén necesario informar puntualmente aos responsables das obras e á administración competente desta actuación, realizando un informe puntual de incidencias inmediato, no que se identifique e describa o elemento e establézase o tipo de impacto así como a proposta de medida correctora.

7 CONCLUSIÓNS

Considérase que coas medidas correctoras e cautelares marcadas no presente anexo garántese a conservación e salvagarda do patrimonio cultural presente na zona de estudo.

A proposta de medidas correctoras realizouse en función das características e coñecemento actual das obras de modo que, de producirse algún cambio, o grao de afectación sobre os bens inventariados podería variar.

De igual modo estes cambios poderían afectar a algún outro xacemento ou ben pertencente ao Patrimonio Cultural que nestes momentos non se ve afectado.

8 ANEXO. FICHAS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

ELEMENTOS CATALOGADOS

IDENTIFICACIÓN

Nome : Dúas casas con hórreos en Montecelo.		**Ficha:** 9-5 PXOM, 4031993 clave PBA
Núcleo: Montecelo	**Parroquia:** Oca (San Martiño)	**Municipio:** Coristanco
Tipo de ben: Arquitectónico	**X;Y (ETRS89 UTM29):**	X:522686 Y: 4782953
Grado de protección: Casas estrutural, hórreos Integral	**Ordenanza aplicación:**	**Clasificación do solo:** SNR-HT
Descrición do ben	Conxunto de dúas vivendas de volumetría rotunda, planta rectangular e dous andares, cada un cun hórreo de pedra. A estrutura é de muros de cachotería con cantería en esquinais e ó redor dos cocos, enfuscados ou á vista. A disposición de ocos é irregular, estos son de pequeno tamaño coas carpinterías na liña de paramento. As cubricións realízanse a dúas augas. Descoñécese como se conserva o interior das vivendas, xa que non se tivo acceso ás mesmas. Os hórreos son de tipo Coristanco en transición co tipo Fisterra, de planta rectangular, estreitos, altos e longos. Suspensión realízase sobre pés de pedra, baixos, pero para aumentar a altura de sustentación van apoiados sobre un zócalo de cachotería, que ademais compensa o desnivel do chan. Os pés son moi finos e numerosos, cónicos, estreitándose cara arriba. Os tornarratos sobre cada pé son circulares, de diámetro reducido e cara superior convexa. A cámara é totalmente de pedra. Sobre os tornarratos colócase a padieira formada por pezas de cantería que soportan as ringleiras horizontais de pedra pequena, e pouca altura e moi numerosas. A cuberta resólvese con tella curva a dúas augas. Sobre os pinches dos penais executados en cantería, colócanse os gardaventos de pedra e enriba a cruz e o lampión ornamentais, un en cada extremo	



IMPACTO E MEDIDAS CORRECTORAS

Relación coa obra
Distancia á traza no punto máis próximo de 2 m.
Identificación e descrición do impacto
A senda discorre polo viario que da fronte o elemento patrimonial, na cal se plantexa unha senda de formigón. O retranqueo e traslado do muro de peche actual supón un notable impacto sobre o Contorno de Protección, aínda que se tomarán as medidas precisas para minimizar a súa entidade
Valoración do impacto
Medio - Compatible
Xustificación do impacto
Dado que os elementos patrimoniais encóntranse no interior de dúas parcelas e que a actuación a realizar é unha pavimentación non é esperable un impacto, polo que considerouse un seguimento visual dos traballos. Non obstante, no caso do traslado do muro de peche tomaranse aquelas medidas pertinentes a evitar posibles impactos directos sobre os elementos catalogados.
Valoración das medidas correctoras
1.000 €

ELEMENTOS NON CATALOGADOS

IDENTIFICACIÓN

Nome : Lavadoiro en Montecelo		**Ficha:** -
Núcleo: Montecelo	**Parroquia:** Oca (San Martiño)	**Municipio:** Coristanco
Tipo de ben: etnográfico	**X;Y (ETRS89 UTM29):**	X:522527 Y: 4782842
Grado de protección: Sen protección	**Ordenanza aplicación:**	**Clasificación do solo:** SRPAU
Descrición do ben	**Lavadoiro**	

IMPACTO E MEDIDAS CORRECTORAS

Relación coa obra
Distancia á traza de 13 m.
Identificación e descrición do impacto
Situado enfronte de onde termina a senda
Valoración do impacto
Inexistente
Xustificación do impacto
Non afecta nos traballos.
Valoración das medidas correctoras
0 €

A Coruña, Setembro de 2020

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
Autor do Proxecto

Fdo.:Gael Sáncez Rivas
Nº Colegiado; 24644

APÉNDICE 2. RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL SOBRE INTERVENCIÓN QUE AFECTA A UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Xestión Cultural

Edificio Administrativo de Monelos
Rúa de Vicente Ferrer,2 -3º
15071 A CORUÑA
Teléfono 981 182 369
Fax: 981 185 891

galicia

Expte. 1011/20

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL SOBRE INTERVENCIÓN QUE AFECTA A UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

EXPEDIENTE: 1011/20

PROMOTOR: Axencia Galega de Infraestruturas

INTERVENCIÓN: Sendas na AC-552. treitos: 34+400 A 34+860 E 44+300 A 45+080, Montecelo e Agolada

CONCELLO: Coristanco

ANTECEDENTES

1. A solicitude de autorización, remitida pola Axencia Galega de Infraestruturas mediante nota interior (nº68), ten entrada o día 12.05.2020 (entrada 2020/556597).
   As obras que se pretenden executar veñen definidas no seguinte documento: "Proxecto de construción sendas na AC-552. Treitos: 34+400 34+800 e 44+300 45+080. Clave: AC/19/132.06. Afección patrimonio"
   Non consta no expediente informe municipal.

2. Consta no expediente informe da arquitecta do Servizo de Xestión Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo na Coruña no que se sinala que:

   " [...] Solicítase autorización para a execución de dous tramos de sendas peonís na estrada AC-552.
   O treito 1 proxéctase no núcleo de Montecelo e da continuidade á senda Carballo-Bértoa ata a glorieta. Propone incrementar o ancho das beirarrúas existentes e novo pavimentado. Inclúense novas canalizacións de servizo e de drenaxe das pluviais, e suporá a redución parcial da beiravía. Asemade, proponse o acondicionamento da curva para o que se retranqueará o muro de pedra existente, e no tramo final executarase un pequeno muro para a explanada da senda.
   O treito 2 proxéctase no núcleo de Agolada dando así continuidade ás beirarrúas existentes ata a vía de acceso ao Cemiteriorde Agrillos, atravesando no seu percorrido sobre a ponte, para o que se executará un beiril sobre a ponte actual
   O muro que se propón retranquear na curva, é da finca na que se sitúan unha das casas e hórreo protexido. Pavimentarase con formigón lavado, os camiños interiores que agora están pavimentados con rego asfáltico.
   Visto o expediente non existe inconveniente en informar favorablemente coa seguintes condicións:
   - *que o muro retranqueado se execute co material existente e coa mesma factura*
   - *no contorno dos bens, nos encontros cos peches ou muros tradicionais e bases de hórreos, deberá deixarse unha franxa de protección de 5 a 10 cm, ou ben sen pavimentar ou ben pavimentada cun empedrado, lousas, o calquera outro material tradicional perfectamente identificable*
   - *o acabado final da senda no contorno dos bens protexidos sexa dunha cor da gama dos grises*
   - *durante a execución das obras tomaranse as medidas oportunas (sinalización, balizado, etc...)para non danar os elementos protexidos (bases e pes dos hórreos, acceso vivendas...)".*

CVE: DwXydM3052
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Xestión Cultural

Edificio Administrativo de Monelos
Rúa de Vicente Ferrer,2 -3º
15071 A CORUÑA
Teléfono 981 182 369
Fax: 981 185 891

galicia

Expte. 1011/20

3. Consta no expediente informe da arqueóloga do Servizo de Xestión Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo na Coruña no que se sinala que:

   " [...] As obras proxectadas consisten na execución de sendas peonís con compatibilidade para uso ciclista, en dous tramos da estrada AC-552.
   A proposta contida no documento trátase da mellora de dous treitos da estrada AC-552. No documento sepárase a información por treitos, que son denominados como treito 1 e treito 2.
   O treito 1: PQ 34+400-34+860 localízase na zona de Montecelo. O treito 2 PQ 44+300-45+080 localízase no núcleo de Agolada, proporcionando continuidade ás beirarrúas existentes no mesmo ata a vía de acceso ó cemiterio de Agrillos.
   A execución do tramo 1 non incide no patrimonio arqueolóxico coñecido, polo cal se informa favorablemente este tramo se necesidade de cautelas de índole arqueolóxica.
   En canto o treito 2, as obras previstas son as seguintes: O proxecto formula a execución dunha senda peonil entre os PQ44+300 e 45+080, pola marxe dereita da estrada. Esta senda divídese en tres tramos diferenciados en canto ós seus condicionamentos (tramo 1 a 3).
   O tramo final deste treito (tramo 3) comeza dende a ponte do río Calvar ata a pista de acceso ó cemiterio de Agrillos. Neste tramo a senda peonil poderá na súa maior parte apoiarse sobre a cuneta existente, garantindo a correcta drenaxe de pluviais.
   A separata de afección de patrimonio da conta dos bens que se poden ver afectados no desenvolvemento das obras. No texto faise referencia ás fontes consultadas, entre as que se encontran o PXOM municipal e o visor do Plan Básico A
   Consultada a información existente neste servizo, existe un elemento que si ben non aparece nin no PXOM nin no Plan básico autonómico, pese a non ter a consideración de catalogado, debe terse en conta durante a realización das obras.
   Trátase dun elemento que na actualidade está desaparecido, a Mota TO15029008, localizado na contorna do cemiterio de Agrillos. Na segunda metade do século XX a zona sufriu diversas transformacións e achanzouse o terreo que ocuparía este xacemento, para realizar acondicionamentos agrícolas ou o propio cemiterio. Existen dúas fichas de inventario, a primeira data do ano 1995 e a segunda do ano 2011. Na ficha de inventario redactada no ano 1995, existente na DXCP, dise o que segue: "Segundo os datos obtidos posteriormente nas enquisas etnográficas, parece referirse a un asentamento de tipo defensivo. Así, fálase dunha finca en forma redonda (en orixe duns tres ferrados de extensión totalmente rodeada dun valado de 1.5-2 metros de altura. As lendas a relacionan cos mouros: lugar de defensa durante a guerra onde había enterrado un caldeiro de ouro. De ter sido un xacemento, polos datos que dispoñemos e polo seu emprazamento, podería tratarse dun xacemento tipo castronela. O terreo foi arrasado fai uns 45 anos, se ben unha parte que quedaba destruíuse coa construción do novo cemiterio. Segundo a información facilitada por unha muller de 80 anos, cando se achairou a finca por primeira vez apareceu un pequeno forno".
   Polo tanto, e pese a que o xacemento poda estar arrasado e/ou carecer de protección de índole urbanística, existe a posibilidade de que se conserven restos arqueolóxicos no subsolo. Por elo, compre lembrar que, no caso da aparición de restos con valores propios do patrimonio arqueolóxico durante a execución das obras, será de aplicación o disposto no artigo 99 da lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia; en virtude do cal quen descubra un ben que teña a consideración de achado arqueolóxico casual deberalle comunicar inmediatamente o seu descubrimento á consellaría competente en materia de patrimonio cultural. Por tanto e, non obstante o anterior, infórmase favorablemente a solicitude".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A obra que se pretende executar transcorre a carón do seguinte ben:
   - A Mota TO15029008

   Asemade tamén afecta a elementos catalogados recollidos no PXOM:
   - Dúas casas con Hórreos en Montecelo ficha 9-5 PXOM, con protección estrutural as casas e integral os hórreos

CVE: DwXydM3052
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Xestión Cultural

Edificio Administrativo de Monelos
Rúa de Vicente Ferrer,2 -3º
15071 A CORUÑA
Teléfono 981 182 369
Fax: 981 185 891

galicia

Expte. 1011/20

- Lavadoiro en Montecelo.

De acordo co disposto nos artigos 8 e 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, estes bens, que polo seu interese cultural están recollidos individualmente singularizado nun instrumento do planeamento urbanístico, teñen a consideración de ben catalogado.

2. Ao situarse a intervención no contorno de protección de bens do patrimonio cultural de Galicia, segundo o artigo 39 e conforme co 45 da Lei 5/2016, precisa de autorización previa da consellería con competencias en patrimonio cultural.
3. É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
   - Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
   - Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
   - Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
   - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
   - Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
   - Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
   - Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
   - Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
   - Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
   - As demais normas de aplicación, en particular a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

Asinado por: ÁLVAREZ MONTESERÍN, SEVERINO
Cargo: Xefe Territorial
Data e hora: 12/08/2020 13:55:20

De acordo con todo o indicado e no exercicio da competencia que me atribúe a Resolución do 9 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares das xefaturas territoriais desta consellería o exercicio de determinadas competencias (DOG núm. 18 do 25 de xaneiro); o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

RESOLVO

Autorizar as obras solicitadas coas condicións que figuran nos informes dos servizos técnicos.

Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas e do cumprimento das ordenanzas municipais.

A Coruña, asinado polo xefe territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura e Turismo no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16//2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

CVE: DwXydM3052
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xacobeo 2021

ANEXO Nº 17
OBRAS COMPLEMENTARIAS

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 MURO EN MONTECELO 2

2.1 DESCRICIÓN DO ESTADO ACTUAL 2

2.2 PROPOSTA DE ACTUACIÓN 3

3 ALUMEADO PÚBLICO 3

3.1 ALUMEADO PÚBLICO NO TREITO I. MONTECELO 3

3.1.1 ALUMEADO ORNAMENTAL 3

3.2 ALUMEADO PÚBLICO NO TREITO II. BORMOIO 7

3.2.1 ALUMEADO ORNAMENTAL NA PONTE DO RÍO CALVAR 7

1 OBXECTO

O obxecto do presente anexo é a definición daquelas actuacións construtivas do proxecto que aínda sendo necesarias para o seu desenvolvemento non son parte do obxecto principal do mesmo. Trátase de actuacións que complementan e completan os obxectivos da actuación esencial do proxecto, tales como, neste caso, o alumeado público ou o traslado de elementos de peche ou cerramento.

2 MURO EN MONTECELO

No Treito I en Montecelo e na marxe da curva existente, da que se proxecta o seu acondicionamento para mellorar a súa seguridade vial, localizase un muro de pedra, de notable entidade, de peche dunha finca na que existe unha casa e un hórreo, identificados como elementos catalogados do patrimonio cultural.

O acondicionamento da curva implicará o retranqueo e traslado deste muro de pedra, tal e como se sinala nos seguintes apartados.

2.1 DESCRICIÓN DO ESTADO ACTUAL

Segundo o sinalado no Anexo nº 16. Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística, no apéndice relativo ao Patrimonio Cultural, sinalase que na contorna da curva a acondicionar e como peche dunha finca, na que se localizan o Hórreo e a Casa 2 dentro do elemento catalogado identificado, existe un muro de pedra de notable entidade.

Este muro de pedra localizase entre os PK 34+625 -34+715, delimitando a estrada e a finca lindeira, cunha cuneta ao seu pé, chea na actualidade de vexetación, e deixando unha beiravía nalgún punto moi escasa inferior a 1,5 m.

Na actualidade, este muro de peche atopase moi afectado pola vexetación e a auga que circula pola cuneta do seu pé. Por outra parte, e máis alá da necesidade do seu traslado e retranqueo debido ao acondicionamento da curva, hai que sinalar que se atopa dentro da delimitación do dominio público viario da estrada.

Nas seguintes imaxes pode observarse o estado actual do muro de pedra.

Figura 1. Muro de pedra de peche entre os PK 34+625 -34+715.

2.2 PROPOSTA DE ACTUACIÓN

A procura dunha maior seguridade viaria, tanto para os peóns como para o tráfico rodado, implica o acondicionamento da curva existente. Dado que a normativa de protección do PXOM inclúe non só os inmobles (Delimitación do Ben), senón que tamén a parcela e o seu muro de peche (Contorno de Protección), o acondicionamento da curva e a implantación da senda proxecta suporá un notable impacto sobre este contorno, polo que será preciso tomar as medidas de integración máis axeitadas para garantir o máximo ríspeto da solución adoptada cara os elementos patrimoniais identificados.

Polo tanto, a solución adoptada suporá o traslado do muro de peche, mediante os procedementos máis axeitados, ao pé do Hórreo nº2, no límite do dominio público viario, procurando conservar e garantir a integridade deste elemento. Ao mesmo tempo, a senda proxectada adaptarase á nova configuración do muro, procurando empregar o espazo dispoñible e respectando a integridade do muro, e buscando unha mellora visual e estética da fronte muraria.

Neste senso, hai que sinalar que segundo informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, recollido no Anexo nº 20. Coordinación con outras Administracións, o muro retranqueado e trasladado será reconstruído cos mesmos materiais e factura.

Deste xeito, a actuación consistirá na desmontaxe do muro existente, mediante o procedemento máis axeitado para a súa reconstrución, o apilado e selección de todo o material, a construción dunha zapata e formigón en masa e a montaxe do muro, traballado a dúas caras, coa mesma factura que a existente na actualidade.

3 ALUMEADO PÚBLICO

Respecto do Alumeado Público contémplanse unha serie de actuacións de mellora da iluminación ornamental de distintos elementos do ámbito da senda peonil. Neste senso, hai que sinalar que na actualidade nos dous treitos de senda incluídos no presente proxecto existe rede de Alumeado Público ao longo do seu trazado, a cal se considera suficiente polo que non se proxecta nin novos elementos de iluminación nin a mellora da mesma, agás a sinalada iluminación ornamental.

3.1 ALUMEADO PÚBLICO NO TREITO I. MONTECELO

No Treito I en Montecelo, localizado nun entorno urbano, na actualidade xa existe unha rede de alumeado público, configurado por unha serie de puntos de luz na outra marxe da estrada AC552, os cales proporcionan a iluminación necesaria.

Considerando que a rede de alumeado público existente é suficiente para a correcta iluminación do tráfico rodado e do tránsito peonil, sen embargo, a existencia de elementos do patrimonio cultural catalogados introduce a necesidade de incorporar unha iluminación ornamental dos mesmos para resaltar o seu valor.

3.1.1 ALUMEADO ORNAMENTAL

Considerase a incorporación no proxecto de alumeado ornamental no Treito II para iluminar os seguintes elementos:

- Hórreo
- Muro de pedra

Hórreo

O alumeado ornamental do Hórreo situado nun pedestal a carón da senda peonil, no P.K. 34+600 realizarase mediante 2 proxectores LED. Deste xeito, contémplanse as seguintes unidades de obra:

- Subministro e instalación de DOUS (2) proxectores LED HR de SETGA de 56 W, ou similares equivalentes, colocados directamente sobre o solo.
- Disposición de canalización de PVC Ø90 mm.

Figura 2. Proxector LED HR de SETGA similar ou equivalente.



Figura 3. Proxector LED HR de SETGA similar ou equivalente. Dimensións

PARÁMETROS OPERATIVOS

Modelo	Longitud (mm)	Anchura (mm)	Peso (kg)	Nº LED	Tª Color	CRI	Eficacia del diodo (Lm/w)	Potencia (W)	Flujo lumínico de la luminaria (Lm)*	Eficacia de la luminaria (Lm/w)	Vida útil (horas)**
HR-24S	360	250	9	24	2700-4500	80%-90%	160-193	28	4099	146	>100.000
HR-24M	360	250	9	24	2700-4500	80%-90%	160-193	43	6023	141	>100.000
HR-24L	360	250	9	24	2700-4500	80%-90%	160-193	56	7745	137	>100.000

Figura 4. Proxector LED HR de SETGA similar ou equivalente. Parámetros operativos

Características técnicas:

- Chasis principal en aluminio mecanizado e anodizado que actúa como soporte e disipador.

- Peche de vidro tépedo e serigrafiado. (Opcional policarbonato).

- Módulo óptico multiconfigurable con lentes LEDIL de alto rendemento para obter curvas adaptadas ao espazo para iluminar, permitindo así a maior optimización do consumo enerxético.

- Conector estanco IP68 (Power).

ÓPTICA LED:

OPTICAL PROL FOCUSED SYSTEM (OPFSystem®).

- LED de alto rendemento.

- Temperatura de cor baixo demanda.

- Multiconfigurable (Adaptable ás necesidades do proxecto).

- Máxima precisión óptica mediante emprego de lentes LEDIL.ARGON PRESSURISED SYSTEM (APS®)
- Illada en atmosfera sen carga e posterior inxección de gas Argón.

- Luminaria certificada IP68.

DRIVER/FONTE DE ALIMENTACIÓN:

- Alimentación en continua (48V) desde fonte de alimentación en cabeceira que pode xestionar ata 20 Uds. independentes.

- Factor de potencia >0,9 e THD<8% en carga máxima.

- Grao de hermeticidad da fonte IP=67.

- IP68

- IK 08-10

CLASE ELECTRICA II



A continuación, amosase unha imaxe da posible colocación e iluminación dos proxectores respecto do Hórreo:

Figura 5. Esquema de colocación dos proxectores respecto do Hórreo

Muro de pedra

O alumeado ornamental do muro de pedra, obxecto de retranqueo e traslado, localizado entre os P.K. PK 34+625 -34+715 realizarase mediante a colocación de proxectores lineais LED orientables. Deste xeito, contémplanse as seguintes unidades de obra:

- Subministro e instalación de CATRO (4) proxectores lineais LED orientables HL 1100 de SETGA de 25 W, ou similares equivalentes, colocados embebidos no pavimento.

- Disposición de canalización de PVC Ø90 mm.

Figura 6. Proxector lineal HL de SETGA ou similar equivalente.



Figura 7. Proxector lineal HL de SETGA ou similar equivalente. Pranta e alzados. Dimensións

PARÁMETROS OPERATIVOS

Modelo	Longitud (mm)	Anchura (mm)	Peso (kg)	Nº LED	Tª Color	CRI	Eficacia del diodo (Lm/w)	Potencia (W)	Flujo luminico de la luminaria (Lm)•	Eficacia de la luminaria (Lm/w)	Vida útil (horas)••
HL-5S	600	63	1.3	5	2700-4500	80%-90%	160-193	6	844	139	>100.000
HL-5M	600	63	1.3	5	2700-4500	80%-90%	160-193	9	1167	133	>100.000
HL-5L	600	63	1.3	5	2700-4500	80%-90%	160-193	13	1570	125	>100.000
HL-10S	1100	63	2.5	10	2700-4500	80%-90%	160-193	12	1688	139	>100.000
HL-10M	1100	63	2.5	10	2700-4500	80%-90%	160-193	18	2334	133	>100.000
HL-10L	1100	63	2.5	10	2700-4500	80%-90%	160-193	25	3139	125	>100.000

Figura 8. Proxector lineal HL de SETGA ou similar equivalente. Parámetros operativos

Características técnicas:

- Chasis principal en aluminio mecanizado e anodizado que actúa como soporte e disipador.

- Peche de vidro tépedo e serigrafiado. (Opcional policarbonato).

- Módulo óptico multiconfigurable con lentes LEDIL de alto rendemento para obter curvas adaptadas ao espazo para iluminar, permitindo así a maior optimización do consumo enerxético.

- Conector estanco IP68 (Power).

ÓPTICA LED:

OPTICAL PROL FOCUSED SYSTEM (OPFSystem®).

- LED de alto rendemento.

- Temperatura de cor baixo demanda.

- Multiconfigurable (Adaptable ás necesidades do proxecto).

- Máxima precisión óptica mediante emprego de lentes LEDIL.ARGON PRESSURISED SYSTEM (APS®)
- Illada en atmosfera sen carga e posterior inxección de gas Argón.

- Luminaria certificada IP68.

DRIVER/FONTE DE ALIMENTACIÓN:

- Alimentación en continua (48V) desde fonte de alimentación en cabeceira que pode xestionar ata 20 Uds. independentes.

- Factor de potencia >0,9 e THD<8% en carga máxima.

- Grao de hermeticidad da fonte IP=67.

- IP68

- IK 08-10

CLASE ELECTRICA II



3.2 ALUMEADO PÚBLICO NO TREITO II. BORMOIO

No Treito II en Bormoio, localizado á saída do núcleo urbano, na actualidade xa existe unha rede de alumeado público, configurado por unha serie de puntos de luz na mesma marxe da estrada AC552 pola que discorre a senda peonil. Estes puntos de luz proporcionan a iluminación necesaria tanto para o tráfico rodado como para o tránsito peonil.

Considerando que a rede de alumeado público existente é suficiente para a correcta iluminación do tráfico rodado e do tránsito peonil, sen embargo, a existencia dun elemento como a Ponte sobre o Río Calvar introduce a necesidade de incorporar unha iluminación ornamental da mesma para resaltar o seu valor.

3.2.1 ALUMEADO ORNAMENTAL NA PONTE DO RÍO CALVAR

Considerase a incorporación no proxecto de alumeado ornamental no Treito II para iluminar os seguintes elementos:

- Ponte sobre o Río Calvar

- Senda peonil en voladizo

<u>Ponte sobre o Río Calvar</u>

O alumeado ornamental do arco da Ponte sobre o Río Calvar, situado no P.K. 44+636 realizarase mediante 2 proxectores LED, colocados baixo o voladizo proxectado. Deste xeito, contémplanse as seguintes unidades de obra:

- Subministro e instalación de DOUS (2) proxectores LED HR de SETGA de 56 W, ou similares equivalentes, colocados na obra de fábrica.

- Disposición de canalización de PVC Ø90 mm.

Figura 1. Proxector LED HR de SETGA similar ou equivalente.



Figura 2. Proxector LED HR de SETGA similar ou equivalente. Dimensións

PARÁMETROS OPERATIVOS

Modelo	Longitud (mm)	Anchura (mm)	Peso (kg)	Nº LED	Tª Color	CRI	Eficacia del diodo (Lm/w)	Potencia (W)	Flujo lumínico de la luminaria (Lm)*	Eficacia de la luminaria (Lm/w)	Vida útil (horas)**
HR-24S	360	250	9	24	2700-4500	80%-90%	160-193	28	4099	146	>100.000
HR-24M	360	250	9	24	2700-4500	80%-90%	160-193	43	6023	141	>100.000
HR-24L	360	250	9	24	2700-4500	80%-90%	160-193	56	7745	137	>100.000

Figura 3. Proxector LED HR de SETGA similar ou equivalente. Parámetros operativos

Características técnicas:

- Chasis principal en aluminio mecanizado e anodizado que actúa como soporte e disipador.

- Peche de vidro tépedo e serigrafiado. (Opcional policarbonato).

- Módulo óptico multiconfigurable con lentes LEDIL de alto rendemento para obter curvas adaptadas ao espazo para iluminar, permitindo así a maior optimización do consumo enerxético.

- Conector estanco IP68 (Power).

ÓPTICA LED:

OPTICAL PROL FOCUSED SYSTEM (OPFSystem®).

- LED de alto rendemento.

- Temperatura de cor baixo demanda.

- Multiconfigurable (Adaptable ás necesidades do proxecto).

- Máxima precisión óptica mediante emprego de lentes LEDIL.ARGON PRESSURISED SYSTEM (APS®)
- Illada en atmosfera sen carga e posterior inxección de gas Argón.

- Luminaria certificada IP68.

DRIVER/FONTE DE ALIMENTACIÓN:

- Alimentación en continua (48V) desde fonte de alimentación en cabeceira que pode xestionar ata 20 Uds. independentes.

- Factor de potencia >0,9 e THD<8% en carga máxima.

- Grao de hermeticidad da fonte IP=67.

- IP68

- IK 08-10

CLASE ELECTRICA II

FOTOMETRÍAS



A continuación, amosase unha imaxe da posible colocación e iluminación dos proxectores respecto da Ponte sobre o Río Calvar:

Figura 4. Esquema de colocación dos proxectores respecto da pointe



Figura 1. Proxector lineal HL de SETGA ou similar equivalente. Pranta e alzados. Dimensións

Senda peonil en voladizo

O alumeado ornamental da senda peonil en voladizo, localizado entre os P.K. 44+620 e 44+680 realizarase mediante a colocación de proxectores lineais LED orientables. Deste xeito, contémplanse as seguintes unidades de obra:

- Subministro e instalación de CATRO (4) proxectores lineais LED orientables HL 1100 de SETGA de 25 W, ou similares equivalentes, colocados sobre a peza de formigón do voladizo.

- Disposición de canalización de PVC Ø90 mm.

Os proxectores lineais colocaranse segundo as recomendacións do fabricante sobre a peza de formigón que se reflicten na seguinte imaxe.

ANEXO Nº 18
ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 CONTIDO DO DOCUMENTO 2

3 AXENTES QUE INTERVEÑEN NA XESTIÓN DE RCD 2

3.1 IDENTIFICACIÓN 2

3.1.1 PRODUTOR DE RESIDUOS (PROMOTOR) 2

3.1.2 POSUIDOR DE RESIDUOS (CONSTRUTOR) 2

3.1.3 XESTOR DE RESIDUOS 2

3.2 OBRIGACIÓNS 3

3.2.1 PRODUTOR DE RESIDUOS (PROMOTOR) 3

3.2.2 POSUIDOR DE RESIDUOS (CONSTRUTOR) 3

3.2.3 XESTOR DE RESIDUOS 4

4 NORMATIVA E LEXISLACIÓN APLICABLE 4

5 IDENTIFICACIÓN DOS RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS EN OBRA, CODIFICADOS SEGUNDO A ORDE MAM/304/2002. 5

6 ESTIMACIÓN DA CANTIDADE DOS RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN QUE SE XERARÁN NA OBRA 7

7 MEDIDAS PARA A PLANIFICACIÓN E OPTIMIZACIÓN DA XESTIÓN DOS RESIDUOS RESULTANTES DA CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN DA OBRA OBXECTO DO PROXECTO 9

8 OPERACIÓNS DE REUTILIZACIÓN, VALORIZACIÓN OU ELIMINACIÓN AO QUE SE DESTINARÁN OS RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN (RCD) QUE SE XEREN NA OBRA 9

9 MEDIDAS PARA A SEPARACIÓN DOS RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN (RCD) EN OBRA. 11

10 PRESCRICIÓNS EN RELACIÓN CO ALMACENAMENTO, MANEXO, SEPARACIÓN E OUTRAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DOS RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN (RCD) 11

11 VALORACIÓN DO CUSTO PREVISTO DA XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN (RCD) 12

12 DETERMINACIÓN DO IMPORTE DA FIANZA 13

13 INSTALACIÓNS PREVISTAS PARA ALMACENAMENTO, MANEXO, SEPARACIÓN E OUTRAS OPERACIÓNS DE XESTIÓN DOS RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN (RCD) 13

14 XESTORES DE RESIDUOS NO ÁMBITO DAS OBRAS 14

APÉNDICE 1. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS 15

1 OBXECTO

O obxecto do presente anexo é o estudo e estimación dos residuos xerados na execución das obras contidas neste proxecto, co fin de fomentar a súa prevención, reutilización, reciclado e outros modos de valorización, asegurando que os destinados a operacións de eliminación reciban un tratamento adecuado e contribúan ao desenvolvemento sustentable da actividade de construción.

2 CONTIDO DO DOCUMENTO

En cumprimento do Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición (RCD), conforme o disposto no Artigo 4 "Obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición", o presente estudo desenvolve os puntos seguintes:

- Axentes que interveñen na Xestión de RCD.
- Normativa e lexislación aplicable.
- Identificación dos residuos de construción e demolición xerados na obra, codificados segundo a Orde MAM/304/2002.
- Estimación da cantidade xerada en volume e peso.
- Medidas para a prevención dos residuos na obra.
- Operacións de reutilización, valorización ou eliminación a que se destinarán os residuos.
- Medidas para a separación dos residuos en obra.
- Prescricións en relación co almacenamento, manexo, separación e outras operacións de xestión dos residuos.
- Valoración do custo previsto da xestión de RCD.

3 AXENTES QUE INTERVEÑEN NA XESTIÓN DE RCD

3.1 IDENTIFICACIÓN

O presente estudo corresponde ao proxecto de PROXECTO DE CONSTRUCIÓN SENDAS NA AC-552. TREITOS: 34+400-34+860 E 44+300-45+080.

Os axentes principais que interveñen na execución da obra son:

PROMOTORA	Xunta de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Vivenda
PROXECTISTA	Gael Sánchez Rivas – Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
DIRECCIÓN DE OBRA	A designar pola promotora
DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN	A designar pola promotora

Estimouse no orzamento do proxecto, un custo de execución material (Orzamento de Execución Material) de CATROCENTOS SETENTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA EUROS CON VINTE CATRO CÉNTIMOS (479.790,24 €)

3.1.1 PRODUTOR DE RESIDUOS (PROMOTOR)

Identifícase co titular do ben en quen reside a decisión última de construír ou demoler. Segundo o artigo 2 "Definicións" do Real Decreto 105/2008, pódense presentar tres casos:

1. A persoa física ou xurídica titular da licenza urbanística nunha obra de construción ou demolición; naquelas obras que non precisen de licenza urbanística, terá a consideración de produtor do residuo a persoa física ou xurídica titular do ben inmoble obxecto dunha obra de construción ou demolición.
2. A persoa física ou xurídica que efectúe operacións de tratamento, de mestura ou doutro tipo, que ocasionen un cambio de natureza ou de composición dos residuos.
3. O importador ou adquirente en calquera Estado membro da Unión Europea de residuos de construción e demolición.

No presente estudo, identifícase como o produtor dos residuos aos concellos de Abegondo, Betanzos e Cambre.

3.1.2 POSUIDOR DE RESIDUOS (CONSTRUTOR)

Na presente fase do proxecto non se determinou o axente que actuará como Posuidor dos Residuos, sendo responsabilidade do Produtor dos Residuos (Promotor) a súa designación antes do comezo das obras.

3.1.3 XESTOR DE RESIDUOS

É a persoa física ou xurídica, ou entidade pública ou privada, que realice calquera das operacións que compoñen a recollida, o almacenamento, o transporte, a valorización e a eliminación dos residuos, incluída a vixilancia destas operacións e a dos vertedoiros, así como a súa restauración ou xestión ambiental dos residuos, con independencia de ostentar a súa condición de produtor. Este será designado pola Produtora dos residuos (Promotor) con anterioridade ao comezo das obras.

3.2 OBRIGACIÓNS

3.2.1 PRODUTOR DE RESIDUOS (PROMOTOR)

Debe incluír no proxecto de execución da obra un estudo de xestión de residuos de construción e demolición, que conterá como mínimo:

1. Unha estimación da cantidade, expresada en toneladas e en metros cúbicos, dos residuos de construción e demolición que se xerarán na obra, codificados conforme a lista europea de residuos publicada por Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos, ou norma que a substitúa.
2. As medidas para a planificación e optimización da xestión dos residuos xerados na obra obxecto do proxecto.
3. As operacións de reutilización, valorización ou eliminación á que se destinarán os residuos que se xerarán na obra.
4. As medidas para a separación dos residuos en obra, en particular, para o cumprimento por parte do posuidor dos residuos, do deber establecido no apartado 5 do artigo 5.
5. Os planos das instalacións previstas para o almacenamento, manexo, separación e, no seu caso, outras operacións de xestión dos residuos de construción e demolición dentro da obra. Posteriormente, estes planos poderán ser obxecto de adaptación ás características particulares da obra e os seus sistemas de execución, despois do acordo de dirección facultativa de obra.
6. As prescricións do prego de prescricións técnicas particulares do proxecto, en relación co almacenamento, manexo, separación e, no seu caso, outras operacións de xestión dos residuos de construción e demolición dentro da obra.
7. Unha valoración do custo previsto da xestión dos residuos de construción e demolición, que formará parte do orzamento do proxecto en capítulo independente.

Está obrigado a dispor da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos términos recolleitos no Real Decreto 105/2008 e, en particular, no presente estudo ou nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.

En obras de demolición, rehabilitación, reparación ou reforma, deberá preparar un inventario dos residuos perigosos que se xerarán, que deberá incluírse no estudo de xestión de RCD, así como prever a súa retirada selectiva, co fin de evitar a mestura entre eles ou con outros residuos non perigosos, e asegurar o seu envío a xestores autorizados de residuos perigosos.

Nos casos de obras sometidas a licenza urbanística, o posuidor de residuos, queda obrigado a constituír unha fianza ou garantía financiera equivalente que asegure o cumprimento dos requisitos establecidos en dita licencia en relación cos residuos de construción e demolición da obra, nos términos previstos na lexislación das comunidades autónomas correspondentes.

3.2.2 POSUIDOR DE RESIDUOS (CONSTRUTOR)

A persoa física ou xurídica que execute a obra - o construtor -, ademais das prescricións previstas na normativa aplicable, está obrigado a presentar á propiedade desta un plan que reflicta como levará a cabo os deberes que lle incumban en relación aos residuos de construción e demolición que se vaian a producir na obra, en particular as recollidas nos artigos 4.1 e 5 do Real Decreto 105/2008 e as contidas no presente estudo.

O plan presentado e aceptado pola propiedade, unha vez aprobado pola dirección facultativa, pasará a formar parte dos documentos contractuais da obra.

O posuidor de residuos de construción e demolición, cando non proceda a xestionalos por si mesmo, e sen prexuízo dos requirimentos do proxecto aprobado, estará obrigado a entregalos a un xestor de residuos ou a participar nun acordo voluntario ou convenio de colaboración para a súa xestión. Os residuos de construción e demolición destinaranse preferentemente, e por esta orde, a operacións de reutilización, reciclado ou a outras formais de valorización.

A entrega dos residuos de construción e demolición a un xestor por parte do posuidor haberá de constar en documento fidedigno, no que figure, polo menos, a identificación do posuidor e do produtor, a obra de orixe e, no seu caso, o número de licenza da obra, a cantidade expresada en toneladas ou en metros cúbicos, ou en ambas as unidades cando sexa posible, o tipo de residuos entregados, codificados conforme a lista europea de residuos publicada por Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, ou norma que a substitúa, e a identificación do xestor das operacións de destino.

Cando o xestor ao que a posuidora entregue os residuos de construción e demolición efectúe unicamente operacións de recollida, almacenamento, transferencia ou transporte, no documento de entrega deberá figurar tamén o xestor de valorización ou de eliminación ulterior ao que se destinarán os residuos.

En todo caso, a responsabilidade administrativa en relación coa cesión dos residuos de construción e demolición por parte dos posuidores aos xestores rexerase polo establecido na lexislación vixente en materia de residuos.

Mentres se atopen no seu poder, o posuidor dos residuos estará obrigado a mantelos en condicións idóneas de hixiene e seguridade, así como a evitar a mestura de fraccións xa seleccionadas que impida ou dificulte a súa posterior valorización ou eliminación.

A separación en fraccións levarase a cabo preferentemente polo posuidor dos residuos dentro da obra na que se produzan.

Cando por falta de espazo físico na obra non resulte tecnicamente viable efectuar dita separación en orixe, o posuidor poderá encomendar a separación de fraccións a un xestor de residuos nunha instalación de tratamento de residuos de construción e demolición externa á obra. Nest último caso, o posuidor deberá obter do xestor da instalación documentación acreditativa de que este cumpriu, no seu nome, o deber recolleito no presente apartado.

O órgano competente en materia ambiental da comunidade autónoma onde se sitúe a obra, de forma excepcional, e sempre que a separación dos residuos non fose especificada e orzada no proxecto de

obra, poderá eximir ao posuidor dos residuos de construción e demolición do deber de separación dalgunha ou de todas as anteriores fraccións.

O posuidor dos residuos de construción e demolición estará obrigado a sufragar os correspondentes custos de xestión e a entregar ao produtor os certificados e a documentación acreditativa da xestión dos residuos, así como a manter a documentación correspondente a cada ano natural durante o cinco anos seguintes.

3.2.3 XESTOR DE RESIDUOS

Ademais das recollidas na lexislación específica sobre residuos, o xestor de residuos de construción e demolición cumprirá cos seguintes deberes:

1. No suposto de actividades de xestión sometidas a autorización pola lexislación de residuos, levar un rexistro no que, como mínimo, figure a cantidade de residuos xestionados, expresada en toneladas e en metros cúbicos, o tipo de residuos, codificados conforme a lista europea de residuos publicada por Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, ou norma que a substitúa, a identificación do produtor, do posuidor e da obra de onde proceden, ou do xestor, cando procedan doutra operación anterior de xestión, o método de xestión aplicado, así como as cantidades, en toneladas e en metros cúbicos, e destinos dos produtos e residuos resultante da actividade.
2. Poñer ao dispor das administracións públicas competentes, a pedimento de estas, a información contida no rexistro mencionado no punto anterior. A información referida a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.
3. Estender ao posuidor ou ao xestor que lle entregue residuos de construción e demolición, nos términos recolleitos neste real decreto, os certificados acreditativos da xestión dos residuos recibidos, especificando o produtor e, no seu caso, o número de licenza da obra de orixe. Cando se trate dun xestor que leve a cabo unha operación exclusivamente de recollida, almacenamento, transferencia ou transporte, deberá ademais transmitir ao posuidor ou ao xestor que lle entregou os residuos, os certificados da operación de valorización ou de eliminación subseguinte ao que foron destinados os residuos.
4. No caso de que careza de autorización para xestionar residuos perigosos, deberá dispor dun procedemento de admisión de residuos na instalación que asegure que, previamente ao proceso de tratamento, detectaranse e separararanse, almacenarán adecuadamente e derivarán a xestores autorizados de residuos perigosos aqueles que teñan este carácter e poidan chegar á instalación mesturados con residuos non perigosos de construción e demolición. Este deber entenderase sen prexuízo das responsabilidades en que poida incorrer o produtor, o posuidor ou, no seu caso, o xestor precedente que enviara estes residuos á instalación.

4 NORMATIVA E LEXISLACIÓN APLICABLE

O presente estudo redáctase ao amparo do artigo 4.1 a) do Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, sobre “Obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición”.

Á obra obxecto do presente estudo élle de aplicación o Real Decreto 105/2008, en virtude do artigo 3, por xerarse residuos de construción e demolición definidos no artigo 3, como:

“calquera sustancia ou obxecto que, cumprindo a definición de Residuo incluída na lexislación vixente en materia de residuos, se xere nunha obra de construción ou demolición” ou ben, “aquel residuo non perigoso que non experimenta transformacións físicas, químicas ou biolóxicas significativas, non é soluble nin combustible, nin reacciona física nin químicamente nin de ningunha outra maneira, non é biodegradable, non afecta negativamente a outras materias coas cales entra en contacto de forma que poida dar lugar a contaminación do medio ambiente ou prexudicar a saúde humana. A lixiviabilidade total, o contido de contaminantes do residuo e a ecotoxicidade do lixiviado deberán ser insignificantes, e en particular non deberán supor un risco para a calidade das augas superficiais ou subterráneas”.

a) Non é aplicable ao presente estudo a excepción contemplada no artigo 3.1 do Real Decreto 105/2008, ao non xerarse os seguintes residuos:
b) As terras e pedras non contaminadas por sustancias perigosas reutilizadas na mesma obra, nunha obra distinta ou nunha actividade de restauración, acondicionamento ou recheo, a condición de que poida acreditarse de forma irrefutable o seu destino a reutilización.
c) Os residuos de industrias extractivas regulados pola Directiva 2006/21/CE, do 15 de marzo.
d) Os lodos de dragado non perigosos recolocados no interior das augas superficiais derivados das actividades de xestión das augas e das vías navegables, de prevención das inundacións ou de mitigación dos efectos das inundacións ou as secas, reguladas polo Texto Refundido da Lei de Augas, pola Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servicios dos portos e de interese xeral, e polos tratados internacionais dos que España sexa parte.

A aqueles residuos que se xeren na presente obra e estean regulados por lexislación específica sobre residuos, cando estean mesturados con outros residuos de construción e demolición, seralles de aplicación o Real Decreto 105/2008 nos aspectos non contemplados na lexislación específica.

Para a elaboración do presente estudo considerouse a normativa seguinte:

Artigo 45 da Constitución Española.

Xestión de residuos

- **Real Decreto sobre a prevención e redución da contaminación do medio ambiente producida polo amianto.**
  Real Decreto 108/1991, do 1 de febreiro, do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Gobierno.

  B.O.E.: 6 de febreiro de 1991.

- **Lei de envases e residuos de envases.**
  Lei 11/1997, do 24 de abril, da Xefatura do Estado.

  B.O.E.: 25 de abril de 1997.

  Desenvolvida por:

Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.

Real Decreto 782/1998, do 30 de abril, do Ministerio da Presidencia.

B.O.E.: 1 de maio de 1998.

Modificada por:

Modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servicios e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei de libre acceso a actividades de servicios e o seu exercicio.

Real Decreto 367/2010, do 26 de marzo, do Ministerio da Presidencia. B.O.E.: 27 de marzo de 2010.

- **Plan nacional de residuos de construción e demolición 2001-2006**

  Resolución do 14 de xuño de 2001, da Secretaría Xeral de Medio Ambiente.

  B.O.E.: 12 de xullo de 2001.

- **Real Decreto polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro**

  Real Decreto 1481/2001, do 27 de decembro, do Ministerio de Medio Ambiente.

  B.O.E.: 29 de xaneiro de 2002.

  Modificado por:

  Regulación da produción e xestión dos residuos de construción e demolición

  Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, do Ministerio da Presidencia.

  B.O.E.: 13 de febreiro de 2008.

  Modificado por:

  Modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servicios e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei de libre acceso a actividades de servicios e o seu exercicio.

  Real Decreto 367/2010, do 26 de marzo, do Ministerio da Presidencia.

B.O.E.: 27 de marzo de 2010.

- **Plan nacional integrado de residuos para o período 2008-2015.**

  Resolución do 20 de xaneiro de 2009, da Secretaría de Estado de Cambio Climático.

  B.O.E.: 26 de febreiro de 2009.

- **Lei de residuos e solos contaminados.**

  Lei 22/2011, do 28 de xullo, da Xefatura do Estado.

  B.O.E.: 29 de xullo de 2011.

- **Decreto polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeneral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.**

  Decreto 174/2005, do 9 de xuño, da Consellería de Medio Ambiente da Comunidade Autónoma de Galicia.

  D.O.G.: 29 de xuño de 2005.

- **Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia PRIGA 2016-2022.**

  Acordo do Consello da Xunta o 22 de decembro de 2016, co fin de dar cumprimento ao disposto pola Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia e pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental

Xestión de residuos – Clasificación de residuos.

- **Operacións de valorización e eliminación de residuos e Lista europea de residuos.**

  Orde MAM 304/2002, do 8 de febreiro, do Ministerio de Medio Ambiente.

  B.O.E.: 19 de febreiro de 2002.

  Corrección de erros:

  Corrección de erros da Orde MAM 304/2002, do 8 de febreiro.

  B.O.E.: 12 de marzo de 2002.

5 IDENTIFICACIÓN DOS RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS EN OBRA, CODIFICADOS SEGUNDO A ORDE MAM/304/2002.

Todos os posibles residuos de construción e demolición xerados na obra, codificanse atendendo á Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos, segundo a Lista Europea de Residuos (LER) aprobada pola Decisión 2005/532/CE, dando lugar aos seguintes grupos:

RCD de Nivel I: Terras e materiais pétreos, non contaminados, procedentes de obras de escavación.

O Real Decreto 105/2008 (artigo 3.1.a), considera como excepción de ser consideradas como residuos: As terras e pedras non contaminadas por sustancias perigosas, reutilizadas na mesma obra, nunha obra

distinta ou nunha actividade de restauración, acondicionamento ou recheo, a condición de que poida acreditarse de forma irrefutable o seu destino a reutilización.

RCD de Nivel II: Residuos xerados principalmente nas actividades propias do sector da construción, da demolición, da reparación domiciliaria e da implantación de servicios.

Estableceuse unha clasificación de RCD xerados, segundo os tipos de materiais dos que están compostos:

Material segundo Orde Ministerial MAM/304/2002
RCD de Nivel I
1 Terras e pétreos da escavación
RCD de Nivel II
RCD de natureza non pétrea
1 Asfalto
2 Madeira
3 Metais (incluídas as súas aliaxes)
4 Papel e cartón
5 Plástico
6 Vidro
7 Xeso
8 Lixos e outros biodegradables
RCD de natureza pétrea
1 Area, grava e outros áridos
2 Formigón
3 Ladrillos, tellas e materiais cerámicos
4 Pedra
RCD potencialmente perigosos
1 Potencialmente perigosos e outros

Táboa 1. Xestión_residuos

Os residuos xerados na obra serán os marcados a continuación da Lista Europea establecida na Orde MAM/304/2002. Non se considerarán incluídos no cómputo xeral os materiais que non superen 1 m3 de aporte e/ou sexan considerados perigosos e requiran por tanto un tratamento especial.

A. 1.: RCDs Nivel I		
RCD: Terras e pétreos da escavación		
X	17 05 04	Terras e pedras distintas das especificadas no código 17 05 03 (terras e pedras que conteñen sustancias perigosas)
	17 05 06	Lodos de drenaxe distintos dos especificados no código 17 05 06 (lodos de drenaxe que conteñen sustancias perigosas)
	17 05 08	Balasto de vías férreas distinto do especificado no código 17 05 07 (balasto de vías férreas que contén sustancias perigosas)
A. 2.: RCDs Nivel II		
RCD: Natureza non pétrea		
1. Asfalto		
X	17 03 02	Mesturas bituminosas distintas as do código 17 03 01 (non conteñen alcatrán de hulla).
2. Madeira		
X	17 02 01	Madeira
3. Metais		
	17 04 00	Metais (conxunto de todas as subcategorías)
	17 04 01	Cobre, bronce, latón
	17 04 02	Aluminio
	17 04 03	Chumbo
	17 04 04	Zinc
X	17 04 05	Ferro e Aceiro
	17 04 06	Estaño
	17 04 07	Metais mesturados
	17 04 11	Cables distintos dos especificados no código 17 04 10
4. Papel e cartón		
X	15 01 01	Envases de papel e cartón
	20 01 01	Papel
5. Plástico		
X	17 02 03	Plástico
6. Vidro		
	17 02 02	Vidro
7. Xeso		
	17 08 02	Materiais de construción a partir de xeso distintos aos do código 17 08 01
8. Lixos e outros residuos biodegradables		
	20 03 01	Mestura de residuos municipais
X	20 03 03	Residuos da limpeza viaria
X	02 01 06	Heces de animais, oríns e esterco [incluida palla podrida] e efluentes recollidos selectivamente e tratados fóra do lugar onde se xeneran
X	20 02 01	Residuos biodegradables

RCD: Natureza pétrea		
1. Area Grava e outros áridos		
X	01 04 08	Residuos de grava e rochas trituradas distintos dos mencionados no código 01 04 07
X	01 04 09	Residuos de area e arxila
X	01 04 13	Residuos del corte y serrado de piedra distintos de los mencionados en el código 01 04 07
2. Formigón		
X	17 01 01	Formigón
3. Ladrillos, azulexos e outros cerámicos		
X	17 01 02	Ladrillos
X	17 01 03	Tellas e materiais cerámicos
	17 01 07	Mesturas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos distintas das especificadas no código 17 01 06.
4. RCD mesturados		
X	17 09 04	RCD mesturados distintos aos dos códigos 17 09 01, 02 e 03
RCD: Potencialmente perigosos e outros		
1. Potencialmente perigosos e outros		
X	06 10 99	Residuos non especificados noutra categoria
	07 07 01	Sobrantes de desencofrantes.
X	08 01 11	Residuos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras sustancias perigosas.
	13 02 05	Aceites usados (minerais non clorados de motor,…)
	13 07 03	Hidrocarburos con auga.
	14 06 01	Clorofluorocarbonos, HCFC, HFC.
	14 06 03	Sobrantes de disolventes non haloxenados
	15 01 10	Envases que conteñen restos de sustancias perigosas ou están contaminados por elas.
	15 01 11	Aerosois baleiros
	15 02 02	Absorbentes contaminados (trapos,…)
	16 01 07	Filtros de aceite.
	16 06 01	Baterías de chumbo.
	16 06 03	Pilas con mercurio (botón)
	16 06 04	Pilas alcalinas e salinas (excepto 16 06 03)
	17 01 06	Mestura de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos con sustancias perigosas (SP's)
	17 02 04	Madeira, vidro ou plástico con sustancias perigosas ou contaminadas por elas.
	17 03 01	Mesturas bituminosas que conteñen alquitrán de hulla.
	17 03 03	Alcatrán de hulla e produtos alquitranados
	17 04 09	Residuos metálicos contaminados con sustancias perigosas
	17 04 10	Cables que conteñen hidrocarburos, alquitran de hulla e outras SP's
	17 05 03	Terras e pedras que conteñen SP's
	17 05 05	Lodos de drenaxe que conteñen sustancias perigosas
RCD: Potencialmente perigosos e outros		
	17 05 07	Balastro de vías férreas que conteñen sustancias perigosas
	17 06 01	Materiais de illamento que conteñen amianto
	17 06 03	Outros materiais de illamento que conteñen sustancias perigosas
X	17 06 04	Materiais de illamentos distintos dos 17 06 01 e 03
	17 06 05	Materiais de construción que conteñen amianto
	17 08 01	Materiais de construción a partir de xeso contaminados con SP's.
	17 09 01	Residuos de construción e demolición que conteñen mercurio
	17 09 02	Residuos de construción e demolición que conteñen PCB's
	17 09 03	Outros residuos de construción e demolición que conteñen SP's
	17 09 04	RCD mezclados distintos códigos 17 09 01, 02 y 03
	20 01 21	Tubos fluorescentes

Táboa 2. Residuos xerados na obra da Lista Europea establecida na Orde MAM/304/2002

6 ESTIMACIÓN DA CANTIDADE DOS RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN QUE SE XERARÁN NA OBRA

Estimouse a cantidade de residuos xerados na obra, a partir das medicións do proxecto, en función do peso de materiais integrantes nos rendementos dos correspondentes prezos descompostos de cada unidade de obra, determinando o peso dos restos dos materiais sobrantes (minguas, roturas, despuntes, etc.) e o da embalaxe dos produtos fornecidos.

O volume de escavación das terras e dos materiais pétreos non utilizados na obra, calculouse en función das dimensións do proxecto, afectado por un coeficiente de esponxamento segundo a clase de terreo.

A partir do peso do residuo, estimouse o seu volume mediante unha densidade aparente definida polo cociente entre o peso do residuo e o volume que ocupa unha vez depositado no contedor.

Os resultados resúmense na seguinte táboa:

Material segundo Orden Ministerial MAM/304/2002	Código LER	Densidade aparente (t/m³)	Peso (t)	Volume (m³)
A. 1.: RCDs Nivel I				
RCD: Terras e pétreos da escavación				
Terras e pedras distintas das especificadas no código 17 05 03 (terras e pedras que conteñen sustancias perigosas)	17 05 04	1,01	3.933,256	3.904,912

Material segundo Orden Ministerial MAM/304/2002	Código LER	Densidade aparente (t/m³)	Peso (t)	Volume (m³)
A. 2.: RCDs Nivel II				
RCD: Natureza non pétrea				
1. Asfalto				
Mesturas bituminosas distintas as do código 17 03 01 (non conteñen alcatrán de hulla).	17 03 02	1,00	183,167	183,167
2. Madeira				
Madeira	17 02 01	1,10	0,370	0,336
3. Metais				
Ferro e Aceiro	17 04 05	2,10	1,023	0,487
4. Papel e cartón				
Envases de papel e cartón	15 01 01	0,75	0,667	0,889
5. Plástico				
Plástico	17 02 03	0,60	0,516	0,860
8. Lixos e outros				
Residuos da limpeza viaria	20 03 03	1,48	3,783	2,553
RCD: Natureza pétrea				
1. Area Grava e outros áridos				
Residuos de grava e rochas trituradas distintos dos mencionados no código 01 04 07	01 04 08	1,50	12,684	8,456
Residuos de area e arxila	01 04 09	1,60	0,838	0,524
Residuos del corte y serrado de piedra distintos de los mencionados en el código 01 04 07	01 04 13	1,50	13,835	9,224
2. Formigón				
Formigón	17 01 01	1,50	138,467	92,311
3. Ladrillos, azulexos e outros cerámicos				
Ladrillos	17 01 02	1,25	1,273	1,018
Tellas e materiais cerámicos	17 01 03	1,25	0,129	0,103
4. RCD mesturados				
		Clasificación e separación a pé de obra de residuos de construción ou demolición en fraccións por medios manuais e mecánicos.	
		TRES EUROS con SESENTA E TRES CÉNTIMOS	
GMA.01.01.090	Ud	Punto limpo	1,590.00
		Punto limpo	
		MIL CINCOCENTOS NOVENTA EUROS	

3 CADRO DE PREZOS Nº 2

CÓDIGO	UD	RESUMEN		PREZO
CAPÍTULO XR_1 CAPÍTULO 1. RESIDUOS NON PERIGOSOS				
GGR.01.01.900	M3	Tratamiento de terras non contaminadas		
		Carga, transporte e tratamento de terras non contaminadas procedentes de escavación.		
		Materiais		3.06
		Suma la partida		3.06
		Custes indirectos	6.00%	0.18
		TOTAL PARTIDA		3.24
GGR.01.01.080	M3	Tratamento de residuos de mesturas bituminosas		
		Carga, transporte e tratamento de residuos de mesturas bituminosas producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.		
		Materiais		28.00
		Suma la partida		28.00
		Custes indirectos	6.00%	1.68
		TOTAL PARTIDA		29.68
GGR.01.01.040	M3	Tratamento de residuos de madeira		
		Carga, transporte e tratamento de residuos de madeira producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.		
		Materiais		20.00
		Suma la partida		20.00
		Custes indirectos	6.00%	1.20
		TOTAL PARTIDA		21.20
GGR.01.01.090	M3	Tratamento de residuos metálicos		
		Carga, transporte e tratamento de residuos metálicos producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.		
		Materiais		28.00
		Suma la partida		28.00
		Custes indirectos	6.00%	1.68
		TOTAL PARTIDA		29.68
GGR.01.01.070	M3	Tratamento de residuos de papel, plásticos e cartón		
		Carga, transporte e tratamento de residuos de papel, plásticos e cartón producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.		
		Materiais		20.00
		Suma la partida		20.00
		Custes indirectos	6.00%	1.20
		TOTAL PARTIDA		21.20
GGR.01.01.910	M3	Tratamento de RSU e lixos		
		Carga, transporte e tratamento de RSU e outros lixos producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.		
		Materiais		3.75
		Suma la partida		3.75
		Custes indirectos	6.00%	0.23
		TOTAL PARTIDA		3.98
GGR.01.01.920	M3	Tratamento de RCD mesturados		
		Carga, transporte e tratamento de residuos de construción e demolición mesturados e producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.		
		Materiais		7.00
		Suma la partida		7.00
		Custes indirectos	6.00%	0.42
		TOTAL PARTIDA		7.42
GGR.01.01.020	M3	Tratamento de residuos de formigón		
		Carga, transportee tratamento de residuos de formigón producidos en obra, incluso p.p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.		
		Materiais		7.00
		Suma la partida		7.00
		Custes indirectos	6.00%	0.42
		TOTAL PARTIDA		7.42
GGR.01.01.030	M3	Tratamento de residuos de ladrillos e materiais cerámicos		
		Carga, transporte e tratamento de residuos de ladrillos, tellas e materiais cerámicos producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.		
		Materiais		8.00
		Suma la partida		8.00
		Custes indirectos	6.00%	0.48
		TOTAL PARTIDA		8.48
CAPÍTULO XR_02 CAPÍTULO 2. RESIDUOS PERIGOSOS				
GGR.01.01.120	Kg	Tratamento de residuos perigosos		
		Carga, transporte e tratamento de residuos potencialmente perigosos producidos en obra.		
		Materiais		2.25
		Suma la partida		2.25
		Custes indirectos	6.00%	0.14
		TOTAL PARTIDA		2.39
CAPÍTULO XR_03 CAPÍTULO 3. XESTIÓN DE RESIDUOS				
GGR.01.01.010	M3	Clasificación e separación a pé de obra de residuos		
		Clasificación e separación a pé de obra de residuos de construción ou demolición en fraccións por medios manuais e mecánicos.		
		Man de obra		3.42
		Suma la partida		3.42
		Custes indirectos	6.00%	0.21
		TOTAL PARTIDA		3.63
GMA.01.01.090	Ud	Punto limpo		
		Punto limpo		
		Materiais		1,500.00
		Suma la partida		1,500.00
		Custes indirectos	6.00%	90.00
		TOTAL PARTIDA		1,590.00

4 ORZAMENTOS PARCIAIS

CÓDIGO	RESUMEN	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE
CAPÍTULO XR_1 CAPÍTULO 1. RESIDUOS NON PERIGOSOS				
GGR.01.01.900	M3 Tratamiento de terras non contaminadas			
	Carga, transporte e tratamento de terras non contaminadas procedentes de escavación.	2,404.55	3.24	7,790.74
GGR.01.01.080	M3 Tratamento de residuos de mesturas bituminosas			
	Carga, transporte e tratamento de residuos de mesturas bituminosas producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.	183.17	29.68	5,436.49
GGR.01.01.040	M3 Tratamento de residuos de madeira			
	Carga, transporte e tratamento de residuos de madeira producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.	0.34	21.20	7.21
GGR.01.01.090	M3 Tratamento de residuos metálicos			
	Carga, transporte e tratamento de residuos metálicos producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.	0.49	29.68	14.54
GGR.01.01.070	M3 Tratamento de residuos de papel, plásticos e cartón			
	Carga, transporte e tratamento de residuos de papel, plásticos e cartón producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.	1.75	21.20	37.10
GGR.01.01.910	M3 Tratamento de RSU e lixos			
	Carga, transporte e tratamento de RSU e outros lixos producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.	2.55	3.98	10.15
GGR.01.01.920	M3 Tratamento de RCD mesturados			
	Carga, transporte e tratamento de residuos de construción e demolición mesturados e producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.	18.31	7.42	135.86
GGR.01.01.020	M3 Tratamento de residuos de formigón			
	Carga, transportee tratamento de residuos de formigón producidos en obra, incluso p.p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.	92.31	7.42	684.94
GGR.01.01.030	M3 Tratamento de residuos de ladrillos e materiais cerámicos			
	Carga, transporte e tratamento de residuos de ladrillos, tellas e materiais cerámicos producidos en obra, incluso p. p. de alugueiro de contedor colocado a pé de obra.	1.12	8.48	9.50
	TOTAL CAPÍTULO XR_01 CAPÍTULO 1. RESIDUOS NON PERIGOSOS.....			14,126.53
CAPÍTULO XR_02 CAPÍTULO 2. RESIDUOS PERIGOSOS				
GGR.01.01.120	Kg Tratamento de residuos perigosos			
	Carga, transporte e tratamento de residuos potencialmente perigosos producidos en obra.	690	2.39	1,649.10
	TOTAL CAPÍTULO XR_02 CAPÍTULO 2. RESIDUOS PERIGOSOS			1,649.10

CÓDIGO	RESUMEN	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE
CAPÍTULO XR_03 CAPÍTULO 3. XESTIÓN DE RESIDUOS				
GGR.01.01.010	M3 Clasificación e separación a pé de obra de residuos			
	Clasificación e separación a pé de obra de residuos de construción ou demolición en fraccións por medios manuais e mecánicos.			
		300.48	3.63	1,090.74
GMA.01.01.090	Ud Punto limpo			
	Punto limpo			
		2.00	1,590.00	3,180.00
	TOTAL CAPÍTULO XR_03 CAPÍTULO 3. XESTIÓN DE RESIDUOS			4,270.74
	TOTAL			20,046.37

5 RESUMO DO ORZAMENTO

CAPITULO	RESUMEN	EUROS	%
XR_01	CAPÍTULO 1. RESIDUOS NON PERIGOSOS	14,126.53	70.47
XR_02	CAPÍTULO 2. RESIDUOS PERIGOSOS	1,649.10	8.23
XR_03	CAPÍTULO 3. XESTIÓN DE RESIDUOS	4,270.74	21.30
	TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	20,046.37	

Ascende o orzamento de execución material á expresada cantidade de VINTE MIL CORENTA E SEIS EUROS con TRINTA E SETE CÉNTIMOS

A Coruña, setembro 2020.

O Enxeñeiro de Camiños autor do Proxecto

Autor do Estudo de Xestión de Residuos

Gael Sánchez Rivas

ANEXO Nº 19
ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE

ÍNDICE

1 OBXECTO 2
2 XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO 2
3 CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS 2
3.1 DESCRICIÓN DAS OBRAS 2
3.2 PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS 2
3.3 ORZAMENTO DAS OBRAS 2
3.4 PERSOAL PREVISTO 2
3.5 MEDIOS AUXILIARES E MAQUINARIA 3
3.6 INTERFERENCIAS E SERVICIOS AFECTADOS 3
4 MEMORIA INFORMATIVA 3
4.1 EMPRAZAMENTO 3
4.2 CENTROS ASISTENCIAIS MAIS PRÓXIMOS 3
5 ANÁLISE XERAL DAS OBRAS A REALIZAR 3
6 ANÁLISE DE RISCOS 4
6.1 ESTIMACIÓN DA MAGNITUDE DO RISCO 4
6.2 AVALIACIÓN DO RISCO 4
7 DEFINICIÓN DE RISCOS 4
7.1 RISCOS PROFESIONAIS 4
7.2 RISCOS PRODUCIDOS POR AXENTES ATMOSFÉRICOS 6
7.3 RISCOS ELÉCTRICOS 6
7.4 RISCOS POR INCENDIO 6
7.5 RISCOS DE DANOS A TERCEIROS 6
8 MEDIDAS DE PREVENCIÓN 6
8.1 PROTECCIÓNS INDIVIDUAIS 6
8.2 PROTECCIÓNS COLECTIVAS 7
8.3 MEDIDAS PREVENTIVAS ESPECÍFICAS 7
8.4 TRABALLOS NOCTURNOS 10
8.5 FORMACIÓN 10
8.6 SERVICIOS HIXIÉNICOS 10
8.7 MEDICAMENTO PREVENTIVO E PRIMEIROS AUXILIOS 10
9 PREVENCIÓN DE RISCOS DE DANOS A TERCEIROS E SINALIZACIÓN 10
10 PLAN DE SEGURIDADE 10
11 LIBRO DE INCIDENCIAS 11
12 COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE 11
13 PARALIZACIÓN DOS TRABALLOS 11

1 OBXECTO

O presente Estudo de Seguridade e Saúde establece as previsións respecto da prevención de riscos laborais e condicións de hixiene e benestar durante a execución das obras.

Servirá para dar unhas directrices básicas á empresa construtora para que redacte o Plan de Seguridade e Saúde no traballo e leve a cabo as súas obrigas no campo da prevención de riscos profesionais.

2 XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO

A Lei de Prevención de Riscos Laborais do 8 de novembro de 1.995 e a súa modificación pola lei 54/2003, do 12 de decembro, ditaminan a normativa básica e as disposicións legais no marco da prevención da seguridade e saúde dos traballadores fronte aos riscos derivados das actuacións e condicións no traballo.

Co Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, establécense as disposicións mínimas de prevención en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

No capítulo 2 deste decreto encádranse as disposicións específicas de seguridade e saúde durante as fases de proxección e execución das obras, aínda que ditas disposicións poden ser melloradas polo contratista en función do proceso de execución, da evolución das obras e das posibles modificacións ou incidencias que poidan xurdir ao longo do desenvolvemento das mesmas.

O cumprimento do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, establece, no marco da Lei de Prevención de Riscos Laborais, a obrigatoriedade de elaborar un Estudo de Seguridade e Saúde nas obras, sempre que se presenten algún dos supostos seguintes:

a) Que o orzamento de execución por contrata das obras proxectadas sexa igual ou superior a 450.759,08 euros. Este orzamento global do proxecto será o que comprenda todas as fases de execución da obra, con independencia de que a financiación de cada unha destas fases fágase para distintos exercicios económicos e aínda que a totalidade dos créditos para a súa realización non queden comprometidos ao comezo da mesma.

b) Aquelas obras en que a duración estimada sexa superior a 30 días laborables, empregándose nalgún momento a máis de 20 traballadores simultaneamente.

c) Cando o volume da man de obra estimado, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 500.

d) As obras de túneles, galerías, conducións subterráneas e presas.

No caso de que nos proxectos de obras non se contemplen ningún dos supostos mencionados anteriormente, como é o caso, será obrigatoria a elaboración dun Estudo de Seguridade e Saúde, sen que iso comporte previsión económica algunha dentro do proxecto.

En base ao presente Estudo de Seguridade e Saúde, unha vez aprobada a execución do presente proxecto, o Contratista deberá presentar un Plan de Seguridade e Saúde das obras, que deberá ser aprobado antes do inicio das obras pola Administración, previo informe favorable por parte do Coordinador de Seguridade e Saúde.

3 CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

3.1 DESCRICIÓN DAS OBRAS

Execútase unha senda na marxe da estrada AC-552, nos seguintes treitos:

- TREITO 1. PK 34+400 – 34+860. Entre os PK 34+400, final da senda Carballo – Bértoa, e o 34+860, inicio das beirarrúas próximas ao entorno do Centro Comercial Carrefour, pola marxe esquerda da estrada, consistindo na implantación de novos tramos ou ben na renovación e/ou ampliación dos xa existentes coa finalidade de acadar un itinerario continuo accesible. Hai que sinalar que durante a redacción do proxecto decidiuse extender a senda peonil ata o PK 34+925 coa finalidade de dotar de continuidade e homoxeneidade ao itinerario no acceso ao Centro Comercial Carrefour, renovando as beirarrúas existentes. Por outra parte, será preciso realizar o acondicionamento da curva existente por motivos de seguridade viaria e mellorar a súa visibilidade.
- TREITO 2. PK 44+300 – 45+080. Entre os PK 44+300, final das beirarrúas de Agolada, e o 45+080, punto de acceso á pista do Cemiterio de Agrillos, pola marxe dereita da estrada. Neste treito é preciso realizar a ampliación mediante un voladizo da estrutura existente para o paso sobre o Río Calvar.

3.2 PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O prazo de execución previsto para a realización das obras é de OITO (8) MESES.

3.3 ORZAMENTO DAS OBRAS

O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CATROCENTOS SETENTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (479.790,24 €).

3.4 PERSOAL PREVISTO

O número máximo de persoal previsto de forma simultánea durante a execución da obra é de 7 traballadores, cunha media de 6 traballadores dependendo dos tallos abertos e o desenvolvemento dos traballos.

3.5 MEDIOS AUXILIARES E MAQUINARIA

Para a execución das obras prevese que se utilicen a seguinte maquinaria e ferramentas:

Maquinaria:

- Pa cargadora
- Camión guindastre
- Camión basculante
- Camión cisterna
- Camión bañeira
- Camión formigoneira
- Camión transporte colector
- Compactador
- Compactador vibratorio
- Estendedora asfáltica
- Motoniveladora
- Retroescavadora
- Pavimentadora de formigón

Ferramentas:

- Manuais

3.6 INTERFERENCIAS E SERVICIOS AFECTADOS

No caso de existir a posibilidade de interferencias con algúns servicios, como acometidas de auga, saneamentos, canalizacións eléctricas, de gas, de teléfono, etc., antes do comezo das actuacións solicitarase por escrito das compañías subministradoras a información necesaria sobre plano da exacta localización das súas liñas, co fin de tomar as medidas precisas en orde á debida seguridade dos traballos.

4 MEMORIA INFORMATIVA

4.1 EMPRAZAMENTO

As obras localízanse na estrada AC552 no Concello de Coristanco, divididas en dous treitos:

- TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860
- TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

O TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860 localizase no núcleo de Montecelo (Coristanco), proporcionando continuidade á senda Carballo – Bértoa xa proxectada e continuando ao longo da marxe esquerda da estrada AC552 ata a beirarrúa existente no entorno do Centro Comercial Carrefour e a súa glorieta de acceso. Por outra parte, durante a redacción do proxecto decidiuse estender a actuación entre os PK 34+400 – 34+860 ata o PK 34+925 coa finalidade de dotar de continuidade á senda peonil ata o Centro Comercial Carrefour.

O TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080 localizase no núcleo de Agolada, proporcionando continuidade ás beirarrúas existentes no mesmo ata a vía de acceso ao Cemiterio de Agrillos, e atravesando no seu percorrido sobre a ponte do Río Calvar.

4.2 CENTROS ASISTENCIAIS MAIS PRÓXIMOS

Os centros asistenciais máis próximos son:

- Centro de Saúde de Coristanco
  Dirección: Travesía Pataca, 15147 San Roque (Coristanco), A Coruña
  Teléfono: 981 73 43 01

- Centro de Saúde de Agualada
  Dirección: Rúa Manuel Abelenda, 15148 Bormoio, A Coruña
  Teléfono: 981 72 33 00

- Centro De Saúde Carballo
  Dirección: Av. Ambulatorio, s/n, 15100 Carballo, A Coruña
  Teléfono: 981 70 18 28

- Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC)
  Lugar Xubias de Arriba 84, 15006 A Coruña.
  Teléfono: 981 17 80 00

5 ANÁLISE XERAL DAS OBRAS A REALIZAR

As actuacións a realizar no proxecto construtivo están definidas na memoria e os distintos anexos do presente proxecto. Por iso, na seguinte relación indícanse aquelas execucións de interese no campo da seguridade e saúde:

- Demolicións e movementos de terra.
- Execución de drenaxes.
- Traballos con formigóns
- Firmes
- Emprego de ferramentas manuais
- Emprego de ferramentas mecánicas, eléctricas e pneumáticas
- Emprego de maquinaria pesada (Retroescavadoras, Camións, etc.)
- Transporte, izado e descarga de materiais.

6 ANÁLISE DE RISCOS

6.1 ESTIMACIÓN DA MAGNITUDE DO RISCO

Para poder determinar a importancia dos riscos detectados, é importante poder clasificalos. Esta clasificación está definida por dúas variables: A severidade e a probabilidade.

Severidade: Indica o dano que pode producir ao traballador o risco detectado

- Lesión leve: Representa aquelas lesións ou trastornos que non requiren baixa médica. Considéranse como tal as seguintes:
  - Danos superficiais
  - Cortes e contusións superficiais
  - Irritación dos ollos polo po
  - Molestias e irritación, dor de cabeza
- Lesión grave: Representa aquelas lesións que provocan incapacidade menor:
  - Laceracións, queimaduras extensas, conmocións, torceduras importantes, fracturas
  - Xordeira, dermatites, asma, trastornos músculo-esqueléticos.
- Lesión extremadamente grave ou mortal: Abarca aquelas lesións que provocan incapacidades importantes, ou que acorten severamente a vida:
  - Fracturas maiores
  - Intoxicacións
  - Incapacidade permanente
  - Cancro
  - Gran invalidez
  - Morte

Probabilidade: Define a frecuencia coa que un risco se pode producir:

- Alta: a lesión prodúcese sempre ou case sempre
- Media: a lesión prodúcese nalgunhas ocasións
- Baixa. A lesión prodúcese raras veces

6.2 AVALIACIÓN DO RISCO

O contratista deberá elaborar a avaliación de riscos e a planificación da acción preventiva. Na seguinte relación tabúlanse os riscos mais significativos en base á probabilidade de que se produza un incidente e a severidade que este poida ocasionar.

RISCOS PRINCIPAIS NA ZONA DE TRABALLO	PROBABILIDADE DE RISCO			SEVERIDADE DO RISCO		
	Baixa	Media	Alta	Leve	Media	Grave
Desprendementos	X					
Caídas a diferente nivel	X					
Caídas de obxectos		X				
Cortes, picadas e golpes con máquinas, ferramentas e materiais			X			
Proxección de partículas aos ollos		X				
Pos e ruídos			X			
Atropelos e envorcos sobre o traballador		X				
Incendios e explosións	X					
Posibles dermatoses	X					
Lesións lumbares		X				
Riscos producidos por axentes atmosféricos	X					
Riscos eléctricos	X					
Riscos de danos a terceiros		X				
Riscos por incendio	X					
Falta de hixiene no traballo		X				

Táboa 1. Riscos principais na zona de traballo

7 DEFINICIÓN DE RISCOS

Indícanse a continuación unha relación das actuacións a realizar no presente proxecto que teñen interese no campo da seguridade e saúde.

7.1 RISCOS PROFESIONAIS

En demolicións e movemento de terras

- Atropelos por maquinaria e vehículos.
- Atrapamentos.
- Accidentes de vehículos por exceso de carga.
- Colisións e envorcos.
- Caídas de persoas a distinto nivel.
- Caídas de materiais.
- Proxeccións de partículas nos ollos.
- Aprisionamento por deslizamento e desprendementos.
- Po.
- Ruído.

En execución de drenaxes

- Golpes e cortes
- Caídas de material e obxectos
- Caídas ao mesmo nivel de persoas e materiais
- Proxección de partículas
- Caídas a distinto nivel de persoas e materiais
- Interferencias con outras conducións
- Salpicaduras e po
- Atrapamentos por maquinaria e material

- Envorco de maquinaria.
- Feridas en mans e pés
- Sobreesforzos
- Caídas de obxectos.
- Caídas de maquinaria e material ao interior da gabia
- Dermatoses

En traballos con formigóns e morteiros

- Caídas de persoas ao mesmo e a distinto nivel.
- Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación.
- Afundimentos.
- Pisadas sobre obxectos punzantes.
- Atrapamentos.
- Sobreesforzos, posturas inadecuadas.
- Contaminación acústica.
- Proxección de fragmentos ou partículas.
- Salpicaduras.
- Ambiente pulvígeno e irritante.
- Dermatites por contacto de cemento.
- Traballos sobre pisos húmidos ou mollados

En encofrado e desencofrado

- Desprendementos polo mal amontoado da madeira.
- Golpes nas mans, ao cravar puntas.
- Perigo de incendio.
- Caídas de encofradores e desencofradores dos tallos ao baleiro.
- Envorcos dos medios de elevación de encofrados por defectuosos enganches dos mesmos.
- Caída de taboleiros ou pezas de madeira a niveis inferiores ao encofrar ou desencofrar.
- Caída de encofradores e desencofradores ao andar polo bordo dos encofrados.
- Cortes ao utilizar a mesa de serra circular.
- Sobreesforzos por posturas inadecuadas.
- Golpes na cabeza.
- Contactos co cemento

En execución de firmes e pavimentos

- Atropelos
- Interferencia entre vehículos
- Caídas a distinto nivel
- Caídas ao mesmo nivel.
- Envorco de vehículos.
- Vibracións
- Caídas de materiais.
- Sobreesforzos
- Golpes e cortes

Cortes e desvíos de carril

- Atropelos.
- Alcances entre vehículos.
- Saídas de calzada, envorcos, etc, entre vehículos.
- Inhalacións de gases tóxicos desprendidos da pintura de obra.
- Invasión da calzada de ferramentas ou elementos.
- Feridas con ferramentas.
- Ambientes pulvígenos.
- Rebumbios que diminúen a visibilidade.
- Ruído.

Transporte, izado e descarga de materiais

- Caídas de persoas ao mesmo e a distinto nivel
- Envorco por accidente de vehículos e máquinas
- Atropelos por máquinas ou vehículos
- Posta en marcha fortuita de vehículos.
- Choques con ou contra vehículos
- Caída de obxectos ou ferramentas en manipulación.
- Caída imprevista de materiais transportados
- Desprendementos
- Afundimentos
- Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos
- Contaminación acústica
- Proxección de fragmentos ou partículas
- Ambiente pulvígeno e irritante

Sinalización e balizamento

- Caídas de persoal a distinto nivel.
- Esmagamento por esborralles de elementos pesados.
- Enfermidades causadas polo traballo baixo condicións meteorolóxicas adversas
- Feridas ou cortes con ferramentas ou obxectos punzantes.
- Interferencias co tráfico de obra.
- Sobreesforzos.
- Inhalacións de gases tóxicos desprendidos pola pintura.

Provisión de áridos

- Indución de corrementos de terra de escavacións próximas.
- Corrementos de terras da propia provisión.
- Accidentes de tráfico pola localización da provisión.
- Danos ambientais e/ou invasión de propiedades.
- Ambientes pulvígenos.

- Provisións de tubos e outros elementos prefabricados.
- Esborralle da propia provisión.
- Esmagamento de articulacións.
- Danos ambientais e/ou invasión de propiedades.
- Sobreesforzos.
- Torceduras.

Emprego de maquinaria pesada (Retroescavadoras, Camións, etc.)

- Envorcos
- Afundimentos
- Choques
- Formación de atmosferas agresivas ou molestas
- Ruído e vibracións
- Explosión e incendios
- Atropelos
- Caídas a calquera nivel
- Atrapamentos
- Cortes
- Golpes e proxeccións
- Contactos coa enerxía eléctrica
- Queimaduras

Emprego de ferramentas mecánicas, eléctricas e pneumáticas

- Cortes
- Queimaduras
- Contactos coa enerxía eléctrica
- Electrocución
- Golpes
- Proxección de fragmentos.
- Caída de obxectos.
- Vibracións
- Ruídos

Emprego de ferramentas manuais

- Golpes nas mans e nos pés
- Cortes
- Proxección de partículas
- Caídas ao mesmo nivel.

7.2 RISCOS PRODUCIDOS POR AXENTES ATMOSFÉRICOS

- Por efecto mecánico do vento.
- Por tormentas con aparello eléctrico.
- Por efecto do xeo, a neve, a choiva ou o calor.

7.3 RISCOS ELÉCTRICOS

Interferencias de maquinaria con liñas eléctricas.

7.4 RISCOS POR INCENDIO

En almacéns, provisionais ou definitivos, vehículos, instalacións eléctricas, barracóns, etc., ou por explosión de emanacións de gas.

7.5 RISCOS DE DANOS A TERCEIROS

Derivan da circulación dos vehículos de transporte de terras, firmes ou cascallos por estradas públicas.

Así mesmo, os derivados da posibilidade de proxección de materiais sobre persoas e vehículos, como consecuencia da situación da obra, así como a posible interferencia con algúns servicios (auga, electricidade, teléfono, rede de sumidoiros, gas, etc.).

Para iso tomaranse as pertinentes medidas preventivas, enumeradas no correspondente apartado.

8 MEDIDAS DE PREVENCIÓN

8.1 PROTECCIÓNS INDIVIDUAIS

Protección da cabeza

- Cascos: para todas as persoas que participan na obra, incluídos visitantes.
- Lentes contra impactos e antipo.
- Máscaras antipo.
- Protectores auditivos.

Protección do corpo

- Monos: teranse en conta as reposicións ao longo da obra, segundo Convenio Colectivo Provincial.
- Cintos de seguridade, cuxa clase se adaptará aos riscos específicos de cada traballo.

Protección de extremidades superiores

- Luvas de goma.
- Luvas de coiro.

- Luvas de soldador.

Protección de extremidades inferiores

- Botas de auga.
- Botas de seguridade de coiro.
- Botas dieléctricas.

8.2 PROTECCIÓNS COLECTIVAS

- Vallas de limitación e protección.
- Sinais de seguridade.
- Carteis informativos.
- Tapas para pequenos ocos e arquetas mentres non dispoñan dunha definitiva.
- Topes para desprazamento de camións.
- Extintores para almacéns, locais, zonas con combustibles, etc.
- Rega das zonas onde os traballos xeren po.
- Orde e limpeza
- Formación e información

8.3 MEDIDAS PREVENTIVAS ESPECÍFICAS

Previo ao comezo das obras

Para evitar interferencias con servicios existentes, e de forma previa ao comezo dos traballos, solicitarase por escrito das compañías subministradoras a información necesaria sobre plano da exacta localización dos servicios da súa competencia, a fin de tomar as medidas precisas en orde á debida seguridade dos traballos.

No caso de que durante os traballos se atope unha liña que se sospeite poida estar en carga, paralizaranse de inmediato os traballos na zona e darase aviso á correspondente compañía subministradora para determinar o alcance do risco derivado da canalización.

Se fose necesario descubrir unha liña eléctrica en tensión, hai que ter en conta que os traballos con retroexcavadora poderán realizarse ata 1 metro da canalización, con martelo pneumático ata os 0,5 metros, e o último tramo con ferramentas manuais. En caso de dúbida, para localizar unha liña utilizaranse aparellos detectores.

A implantación da obra trae como consecuencia directa unha afección ao tráfico rodado das estradas da zona, polo que nas zonas de traballo instalaranse os correspondentes sinais de tráfico, e mesmo, segundo as circunstancias, unha persoa encargarase de dirixir as manobras.

Cando sexa necesario procederase á limpeza da vía ou mesmo da maquinaria, de forma que se evite a formación de po e/ou barro.

Nas zonas de acceso á obra colocaranse sinais e balizaranse de maneira que ningunha persoa allea a ela poida introducirse na mesma e ocasionarse un accidente.

Previa incorporación ao traballo, realizaranse as actividades necesarias para garantir unha formación e información suficiente e precisa dos traballadores, que se irán actualizando ou adaptando en función da aparición de novos riscos.

Movemento de terras e firmes en xeral

- Acoutarase a zona de acción de cada máquina no seu tallo.
- Prohíbese sobrecargar os vehículos por encima da carga máxima admisible, que levarán sempre escrita de forma lexible.
- Regaranse periodicamente os tallos, as cargas e caixas de camión, para evitar os rebumbios.
- Prohíbese a permanencia de operarios nun radio non inferior as 5 m entorno á maquinaria en funcionamento.
- Sinalizarase a vía pública na zona de obras mediante os sinais normalizados de “perigo indefinido”, “perigo saída de camións/presencia de maquinaria na calzada” e “STOP”, e no seu caso, sinais de advertencia de presenza de semáforos.
- Así mesmo sinalizaranse as obras de estrada conforme as recomendacións do Ministerio de Fomento.
- No seu caso, sinalizaranse os accesos e percorridos dos vehículos no interior da obra para evitar interferencias.
- Na saída de vehículos á vía pública, ou cando se traballe na propia vía, existirá un ou dous sinalista/s dotado/s da sinalización adecuada, que realizará/n a misión de facilitar a incorporación á vía pública e/ou a circulación no tramo de obras.
- Os vehículos de carga, antes de saír á vía pública, contarán cun tramo horizontal de terreo consistente de lonxitude non menor de vez e media a separación entre eixos, nin menor de 6 m.
- Todos os vehículos, maquinaria e camións de obra levarán incorporada un sinal acústico ao realizar a marcha atrás.
- Conservaranse as zonas de circulación de maquinaria de obra, cubrindo fochancas, eliminando blandóns e compactando mediante saburras, escorias, gravas, etc.
- O ancho mínimo das ramplas provisionais, no caso de que sexa necesaria a súa execución para o movemento de vehículos e máquinas de obra, será de 4,5 m ensanchándose nas curvas e as súas pendentes non serán maiores do 12 e 8% segundo se trate de tramos rectos ou curvas.
- Non se permitirá o acceso dos traballadores ao fondo das escavacións mentres non se garantiu a seguridade das paredes da escavación.
- Prohibirase a provisión de terras ou de materiais a menos de dous metros do bordo da escavación para evitar sobrecargas e posibles envorcos do terreo. A distancia mínima de seguridade para a aproximación de maquinaria ao bordo do baleirado será de dous (2) metros e deberá sinalizarse mediante unha liña de xeso, cal, etc.
- Instalaranse nos bordos dos terrapléns de vertido, sólidos topes de limitación de percorrido para o vertido en retroceso.
- Cando existan desmontes, nas ladeiras que queden por encima dos mesmos, farase previamente unha revisión, quitando as pedras soltas que poden rodar con facilidade.
- Procederase ao recheo e compactación de gabias ou escavacións o máis axiña posible, de forma que se evite o risco de caídas ao interior das mesmas. No caso de que non sexa posible, procederase ao valado da zona, e se é necesario, disporanse de pasos sobre as citadas gabias a

base de pasarelas de piso continuo de taboleiros de grosor mínimo cinco centímetros e anchura mínima da plataforma cen centímetros.

- En caso de presenza de auga por un alto nivel freático ou por fortes choivas ou inundacións por causas naturais, procederase ao seu achique, en prevención de alteracións do terreo que repercutan na estabilidade dos noiros ou cimentacións lindeiras.
- Cando sexa necesaria a entibación executarase inmediatamente a continuación da escavación. Amorearase material de entibación en cantidade suficiente para caso de emerxencia. Diariamente e antes de iniciar os traballos revisaranse as entibacións.
- Nas entibacións o acceso ao fondo de gabia farase mediante escaleiras que sobresaian un metro sobre o bordo.
- A maquinaria a empregar, manterá a distancia de seguridade ás liñas de condución eléctrica.

Traballos de encofrado e desencofrado

- O transporte con guindastre de taboleiros efectuarase con bateas emplintadas, en cuxo interior disporanse os taboleiros ordenados e suxeitos mediante fleixos ou cordas suxeitas con nó de mariñeiro.
- Os traballos de encofrado estarán dirixidos por persoal competente
- O desprendemento de taboleiros executarase mediante uña metálica.
- Concluído o desencofrado, amontoaranse os taboleiros ordenadamente para o seu transporte sobre bateas emplintadas, suxeitas con sogas con nós de mariñeiro.
- Terminado o desencofrado procederase a un varrido da planta para retirar os cascallos e proceder a súa evacuación.
- Todas as madeiras e elementos do encofrado serán retirados da obra e almacenados coidadosamente.
- Previamente as madeiras serán desprovistas de cravos e puntas.
- A serra de disco disporá das medidas de protección regulamentarias.
- O persoal que empregue máquinas ferramenta contará coa autorización por escrito da Xefatura de Obra.
- As ferramentas manuais se transportarán en caixas ou en bolsas portaferramentas.
- Os mangos e empuñaduras das ferramentas manuais deberán ser de dimensións apropiadas, non terán bordos agudos, cortantes ou punzantes e as superficies non serán esvaradías.
- Se esmerará a orde e a limpeza durante a execución dos traballos.

Traballos con formigóns e morteiros

Formigonado por vertido directo:

- Previamente ao comezo do vertido do formigón directamente co camión formigoneira, instalaranse fortes topes no lugar onde haxa de quedar situado o camión, sendo conveniente non estacionalo en ramplas con pendentes fortes.
- Os operarios nunca se situarán detrás dos vehículos en manobras de marcha atrás que, por outra parte, sempre deberán ser dirixidos desde fóra do vehículo. Tampouco se situarán no lugar de formigonado ata que o camión formigoneira non está situado en posición de vertido.
- Para facilitar o paso seguro do persoal encargado colocaranse escaleiras regulamentarias.

Formigonado con cubos:

- Non se cargará o cubo por encima da carga admisible do guindastre. Sinalizarase expresamente o nivel de enchido equivalente ao peso máximo.
- Prohíbese rigorosamente a persoa algunha permanecer debaixo das cargas suspendidas polos guindastres.
- Obrigarase aos operarios en contacto cos cubos ao uso de luvas protectoras.
- Os cubilotes guiaranse mediante cordas que impidan golpes ou desequilibrios ás persoas.

Formigonado con bombas:

- O persoal encargado do manexo da bomba de formigón estará especializado neste traballo específico.
- Despois de formigonar, lavarase e limparase o interior dos tubos e antes de formigonar, “engraxaranse as tubaxes” enviando masas de morteiro de pobre dosificación para xa posteriormente, bombear coa dosificación requirida.
- Haberá que evitar “tapóns” porque estes producen risco de accidente ao desmontar a tubaxe. Isto lograrase eliminando ao máximo os cóbados da tubaxe e sobre todo os cóbados de radio pequeno, pois isto dá lugar a grandes perdas de carga e, polo tanto, a un mal funcionamento da instalación.
- Evitarase todo movemento da tubaxe da bomba de formigonado, colocándoa sobre caballetes e arriostrándose as partes máis susceptibles de movemento.
- O manexo, montaxe e desmonte da tubaxe da bomba de formigonado, deberá realizarse coas máximas preocupacións e mesmo dirixidos os traballos por un operario especialista.
- Cando se utilice a “pelota de limpeza” colocarase un dispositivo que impida a proxección da pelota; non obstante, os operarios afastaranse do radio de acción da súa proxección.
- Deberanse revisar periodicamente os condutos de aceite a presión da bomba de formigonado, e cumprirase coas operacións de mantemento expresa polo fabricante.

Instalación de drenaxes

- Sempre que se prevexa o paso de persoas ou vehículos alleos á obra, disporanse a todo o longo da gabia, no bordo contrario ao que se amorean os produtos da escavación, ou ambos os lados se estes non existen, valos que se iluminan cada certa distancia.
- Cumprirá todo o especificado para o movemento de terras (escavacións en gabias etc.).
- A colocación de tubaxes, cando non se poida realizar por medio dos operarios, empregarase un camión guindastre o cal soportará cada tubo a colocar en gabia a través de dous puntos para equilibrar a carga.
- Os tubos almacenaranse nun lugar destinado para iso e estarán perfectamente amontoados e acuñados para que non se produzan desprendementos.

Emprego de maquinaria pesada e traballos con cargas suspendidas (Retroescavadoras, Camións, etc.)

- Os motores con transmisión a través de eixos e poleas, estarán dotados de carcasas protectoras antiatrapamentos (cortadoras, serras, compresores, etc.).
- Os motores eléctricos estarán cubertos de carcasas protectoras eliminadoras do contacto directo coa enerxía eléctrica. Prohíbese o seu funcionamento sen carcasa ou con deterioracións importantes destas.

- Prohíbese a manipulación de calquera elemento compoñente dunha maquina accionada mediante enerxía eléctrica, estando conectada á rede de subministración.
- As engrenaxes de calquera tipo, de accionamiento mecánico, eléctrico ou manual, estarán cubertos por carcasas protectoras antiatrapamentos.
- As máquinas de funcionamento irregular ou avariadas serán retiradas inmediatamente para a súa reparación.
- As maquinas avariadas que non se poidan retirar sinalizaranse con carteis de aviso coa lenda: "MAQUINA AVERIADA, NON CONECTAR".
- Prohíbese a manipulación e operacións de axuste e arranxo de máquinas ao persoal non especializado especificamente na máquina obxecto de reparación.
- Como precaución adicional para evitar a posta en servicio de máquinas avariadas ou de funcionamento irregular, bloquearanse os arrancadores, ou no seu caso, extraeranse os fusibles eléctricos.
- A mesma persoa que instale o letreiro de aviso de "MAQUINA AVERIADA", será a encargada de retiralo, en prevención de conexións ou postas en servicio fóra de control.
- Só o persoal autorizado será o encargado da utilización dunha determinada maquina ou máquinaferramenta.
- As máquinas que non sexan de sustentación manual apoiaranse sempre sobre elementos nivelados e firmes.
- A elevación ou descenso a máquina de obxectos ou cargas, efectuarase lentamente, izándoos en directriz vertical. Prohíbense os tiróns inclinados.
- Os ganchos de colgue dos aparellos de izar quedarán libres de cargas durante as fases de descenso.
- As cargas en transporte suspendido estarán sempre á vista, co fin de evitar os accidentes por falta de visibilidade da traxectoria da carga.
- Os ángulos sen visión da traxectoria de carga, supliranse mediante operarios que, utilizando sinais preacordadas, suplan a visión do citado traballador.
- Prohíbese a permanencia ou o traballo de operarios en zonas baixo a traxectoria de cargas suspendidas.
- Os aparellos de izar a empregar nesta obra, estarán equipados con limitador de percorrido do carro e dos ganchos, carga punta viro por interferencia.
- Os motores eléctricos de guindastres e dos montacargas estarán provistos de limitadores de altura e do peso a desprazar, que automaticamente corten a subministración eléctrica ao motor cando se chegue ao momento no que se debe deter o xiro ou desprazamento da carga.
- Os cables de izado e sustentación a empregar nos aparellos de elevación e transportes de cargas nesta obra, estarán calculados expresamente en función dos solicitados para os que os instala.
- A substitución de cables deteriorados efectuarase mediante man de obra especializada, seguindo as instrucións do fabricante.
- Os lazos dos cables estarán sempre protexidos interiormente mediante forrillos gardacabos metálicos, para evitar deformacións e cizalladuras.
- Os cables empregados directa ou auxiliarmente para o transporte de cargas suspendidas inspeccionaranse como mínimo unha vez á semana polo Servicio de Prevención, que previa comunicación ao Xefe de Obra, ordenará a substitución daqueles que teñan máis do 10% de fíos rotos.
- Os ganchos de suxeición ou sustentación, serán de aceiro ou de ferro forxado, provistos de "pestillo de seguridade".
- Prohíbese nesta obra, a utilización de enganches artesanais construídos a base de redondos dobrados.
- Todos os aparellos de izado de cargas levarán impresa a carga máxima que poden soportar.
- Todos os aparellos de izar estarán solidamente fundamentados, apoiados segundo as normas do fabricante.
- Prohíbese nesta obra, o izado ou transporte de persoas no interior de xaulóns, bateas, cubilotes e asimilables.
- Todas as maquinas con alimentación a base de enerxía eléctrica, estarán dotadas de toma de terra.
- Os carrís para desprazamento de guindastres estarán limitados, a unha distancia de 1 m do seu término, mediante topes de seguridade de final de carreira.
- Manterase en bo estado a graxa dos cables dos guindastres (montacargas, etc.).
- Semanalmente, o Servicio de Prevención, revisará o bo estado do lastre e contrapeso do guindastre torre, dando conta diso á Xefatura de Obra, e esta, á Dirección Facultativa.
- Semanalmente, polo Servicio de Prevención, revisaranse o bo estado dos cables contraventos existentes na obra, dando conta diso ao Xefe de Obra, e este, á Dirección Facultativa.
- Os traballos de izado, transporte e descenso de cargas suspendidas, quedarán interrompidos baixo réxime de ventos superiores aos sinalados para iso, polo fabricante da máquina.

Emprego de ferramentas mecánicas, eléctricas e pneumáticas

- As máquinas-ferramentas eléctricas a utilizar nesta obra, estarán protexidas electricamente mediante dobre illamento.
- Os motores eléctricos das máquinas- ferramentas estarán protexidos pola carcasa e resgardos propios de cada aparello, para evitar os riscos de atrapamentos, ou de contacto coa enerxía eléctrica.
- As transmisións motrices por correas, estarán sempre protexidas mediante bastidor que soporte unha malla metálica, disposta de tal forma que, permitindo a observación da correcta transmisión motriz, impida o atrapamento dos operarios ou dos obxectos.
- As maquinas en situación de avaría ou de semi-avaría entregaranse ao Servicio de Prevención para a súa reparación.
- As máquinas-ferramenta con capacidade de corte, terán o disco protexido mediante unha carcasa antiproxeccións.
- As máquinas-ferramenta non protexidas eléctricamente mediante o sistema de dobre illamento, terán as súas carcasas de protección de motores eléctricos, etc., conectadas á rede de terras en combinación cos quebradores diferenciais do cadro eléctrico xeneral da obra.
- En ambientes húmidos a alimentación para as máquinas-ferramenta non protexidas con dobre illamento, realizarase mediante conexión a transformadores a 24 V.
- Prohíbese o uso de máquinas-ferramentas ao persoal non autorizado para evitar accidentes por impericia.
- Prohíbese deixar as ferramentas eléctricas de corte ou trade, abandonadas no chan ou en marcha, aínda que sexa con movemento residual en evitación de accidentes.

Emprego de ferramentas manuais

- As ferramentas manuais utilizaranse naquelas tarefas para as que foron concibidas.
- Antes do seu uso revisaranse, refugándose as que non se atopen en bo estado de conservación.

- Manteranse limpas de aceites, graxas e outras sustancias deslizantes.
- Para evitar caídas, cortes ou riscos análogos, colocaranse en portaferramientas ou estantes adecuados.
- Durante o seu uso evitarase o seu depósito arbitrario polo chan.
- Os traballadores recibirán instrucións concretas sobre o uso correcto das ferramentas que haxan de utilizar.

8.4 TRABALLOS NOCTURNOS

Os traballos nocturnos deberán ser previamente aprobados polo Director de Obra e realizados soamente nas unidades de obra que indique. O Contratista deberá instalar os equipos de iluminación do tipo de intensidade que o Director de Obra aprobe e mantelos en perfecto estado mentres duren os traballos nocturnos.

8.5 FORMACIÓN

Todo o persoal debe recibir ao ingresar na obra, unha exposición dos métodos de traballo e os riscos que estes puidesen entrañar, xuntamente coas medidas de seguridade que deberá empregar.

Elixindo ao persoal máis cualificado, impartiranse cursos de socorrismo e primeiros auxilios, de forma que todos os tallos dispoñan dalgún socorrista.

Periodicamente realizaranse reunións de seguridade, nas que se informará do Plan de Traballo programado e dos seus riscos, así como das medidas a adoptar para minimizar os seus efectos.

8.6 SERVICIOS HIXIÉNICOS

Os traballadores deberán ter á súa disposición vestiarios adecuados, nos que a roupa de traballo poderá gardarse separada da roupa de rúa e dos efectos persoais. Así mesmo, os vestiarios serán de fácil acceso, coas dimensións adecuadas e con asentos e instalacións que permitan a cada traballador poñer a secar, se fose necesario, a súa roupa de traballo.

8.7 MEDICAMENTO PREVENTIVO E PRIMEIROS AUXILIOS

Botiquíns

Disporase dun botiquín contendo o material especificado na Ordenanza Xeral de Seguridade e Saúde. O botiquín revisarase mensualmente e reporase inmediatamente o material consumido.

Asistencia a accidentados

Deberase informar á obra do emprazamento dos diferentes Centros Médicos (Servicios propios, Mutuas Patronais, Mutualidades Laborais, Ambulatorios, etc.) onde debe trasladarse aos accidentados para o seu máis rápido e efectivo tratamento.

É moi conveniente dispor na obra, e en sitio ben visible, así como nas máquinas que vaian operar na mesma, unha lista cos teléfonos e direccións dos centros asignados para urxencias, ambulancias, taxis, etc., para garantir un rápido transporte dos posibles accidentados aos centros de asistencia.

Recoñecemento médico

Todo o persoal que empece a traballar na obra, deberá pasar un recoñecemento médico previo ao traballo.

Analizarase a auga destinada ao consumo dos traballadores para garantir a súa potabilidade, se non provén dunha rede de abastecemento da poboación. En caso necesario instalaranse aparellos para a súa cloración.

9 PREVENCIÓN DE RISCOS DE DANOS A TERCEIROS E SINALIZACIÓN

Sinalizaranse as obras de acordo co REAL DECRETO 485/1997, 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo, e a Norma de Estradas 8.3-IC, “Sinalización de Obras”, tomando as adecuadas medidas de seguridade que cada caso requira. Poderase facer uso da guía de Exemplos de sinalización de obras fixas publicada polo Ministerio en 1997, que desenvolve casos prácticos de aplicación da norma 8.3-IC. En función da natureza dos traballos, tamén será necesario sinalizar a zona de obras conforme a guía de Sinalización móbil de obras, publicada polo Ministerio de Fomento no ano 1997.

Sinalizaranse os accesos naturais á obra, prohibíndose o paso a toda persoa allea á mesma, colocándose no seu caso os cerramentos necesarios.

10 PLAN DE SEGURIDADE

A empresa adxudicataria das obras deberá presentar un Plan de Seguridade e Saúde no Traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas neste Estudo de Seguridade e Saúde. O plan de Seguridade e Saúde deberá ser informado favorablemente polo Coordinador en materia de Seguridade e Saúde durante a execución da obra, e aprobado pola Administración competente, antes do inicio da obra.

O Plan de Seguridade e Saúde estará na obra a disposición permanente da dirección facultativa, así como da Inspección de Traballo da Seguridade Social e dos técnicos dos órganos especializados na materia de seguridade e saúde nas Administracións públicas competentes. Outra copia deste plan e das súas posibles modificacións, será facilitada polo contratista aos representantes dos traballadores no centro de traballo.

11 LIBRO DE INCIDENCIAS

Durante a realización das obras farase uso do Libro de Incidencias, estendéndose no mesmo as follas por cuadriplicado.

A Coruña, Setembro de 2020

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
Autor do Proxecto

12 COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE

O promotor estará obrigado a designar un Coordinador de seguridade e saúde sempre que durante a fase de execución da obra interveñan máis dunha empresa ou unha empresa e varios traballadores autónomos.

O Coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, deberá desenvolver as seguintes funcións:

1) Coordinar a aplicación dos principios xerais de prevención e seguridade.

2) Coordinar as actividades da obra para garantir que as empresas e persoal actuante apliquen de maneira coherente e responsable os principios da acción preventiva que se recollen no artigo 15 da Lei de Prevención de Riscos Laborais durante a execución da obra, e en particular, nas actividades a que se refire o artigo 10 do R.D. 1627/1997.

3) Informar o Plan de seguridade e saúde elaborado polo contratista e, no seu caso, as modificacións introducidas no mesmo.

4) Organizar a coordinación de actividades empresariais previstas no artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

5) Coordinar as accións e funcións de control da aplicación correcta dos métodos de traballo.

6) Adoptar as medidas necesarias para que só as persoas autorizadas poidan acceder á obra.

Fdo.:Gael Sáncez Rivas
Nº Colegiado; 24644

13 PARALIZACIÓN DOS TRABALLOS

Cando o Coordinador durante a execución das obras observase o incumprimento das medidas de seguridade e saúde, advertirá ao contratista e deixará constancia de tal incumprimento no libro de incidencias, quedando facultado para, en circunstancias de risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores, dispor a paralización de tallos, ou no seu caso, da totalidade da obra.

Dará conta deste feito para os efectos oportunos, á Inspección de Traballo e Seguridade Social da provincia en que se realiza a obra. Igualmente notificará ao contratista, e no seu caso aos subcontratistas e/ou autónomos afectados pola paralización, e aos representantes dos traballadores.

APÉNDICE 1. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

CADRO DE MAN DE OBRA

CÓDIGO	CANTIDADE	UD	RESUMEN	PREZO	IMPORTE
GMO.01.01.080	41.667	h	Peón especialista	16.61	692.08
GMO.01.01.090	90.500	h	Peón ordinario	16.29	1,474.25
			Grupo GMO		2,166.33
			TOTAL		2,166.33

CADRO DE MATERIAIS

CÓDIGO	CANTIDADE	UD	RESUMEN	PREZO	IMPORTE
GMT.10.01.010	2.000	Ud	Cono TB-6 h=50 cm	3.45	6.90
GMT.10.01.020	2.000	Ud	Cono TB-6 h=70 cm	3.86	7.72
GMT.10.01.030	4.000	Ud	Cono TB-6 h=90 cm	4.25	17.00
GMT.10.01.050	2.000	Ud	Baliza de borde TB-8/9 h=70 cm	33.08	66.16
GMT.10.01.110	0.400	Ud	Triple luz ámbar intermitente TL-4	16.84	6.74
GMT.10.01.190	0.400	Ud	Panel zona excluida ao tráfico TB-5 Clase RA2	22.20	8.88
GMT.10.01.210	0.800	Ud	Sinal de seguridade triangular de lado 900 mm	42.25	33.80
GMT.10.01.220	0.800	Ud	Sinal de seguridade triangular de lado 1350 mm	62.25	49.80
GMT.10.01.250	0.800	Ud	Sinal de seguridade circular de diámetro 900 mm	44.00	35.20
GMT.10.01.260	0.800	Ud	Sinal de seguridade circular de diámetro 1200 mm	50.60	40.48
GMT.10.01.270	0.400	M2	Cartel de indicación tipo TS	202.00	80.80
GMT.10.01.280	0.800	Ud	Sinal manual de obra TM-1, TM-2 ou TM-3	25.00	20.00
GMT.10.01.290	0.400	Ud	Panel direccional TB-1 ou TB-3	85.65	34.26
GMT.10.01.340	400.000	Ml	Marca vial reflexiva cor amarela ou laranxa tipo TB-12	1.60	640.00
GMT.10.01.350	800.000	Kg	Pintura para cebreados cor amarela ou laranxa tipo TB	1.40	1,120.00
GMT.10.01.360	0.400	Ud	Grupo semafórico tipo TL-1	1,950.00	780.00
GMT.10.02.010	0.200	Ud	Mesa de madeira con capacidade para 10 persoas	200.00	40.00
GMT.10.02.020	0.400	Ud	Banco de madeira de 2,40 m	92.00	36.80
GMT.10.02.030	0.800	Ud	Recipiente para recollida de lixo	54.87	43.90
GMT.10.02.040	2.000	Ud	Taquilla metálica individual	97.50	195.00
GMT.10.02.050	2.000	Ud	Botiquín de primeiros auxilios	60.52	121.04
GMT.10.02.060	0.400	Ud	Reposición botiquín de primeiros auxilios	45.86	18.34
GSS.01.01.020	Ud	Reunión mensual de coordinación de Seguridade e Saúde	

Reunión mensual de coordinación de Seguridade e Saúde.

Materiais		180.00
Suma la partida		180.00
Custes indirectos	6.00%	10.80
TOTAL PARTIDA		190.80

4 ORZAMENTOS PARCIAIS

CÓDIGO	RESUMEN	UDS	LONXITUDE	ANCHURA	ALTURA	PARCIAIS	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE
	CAPÍTULO SS_01 CAPÍTULO 1. PROTECCIÓNS INDIVIDUAIS								
GSS.06.01.010	Ud Casco de seguridade								
	Casco de seguridade, certificado segundo normativa vixente (amortizable en 2 anos).								
		10				10.00			
							10.00	3.69	36.90
GSS.06.01.020	Ud Traxe de traballo								
	Traxe de traballo dunha peza (mono ou mergullador) en tecido de algodón 100%, con petos e peche de cremalleiras, certificado segundo normativa vixente (amortizable en 2 anos).								
		5				5.00			
							5.00	11.55	57.75
GSS.06.01.030	Ud Traxe impermeable								
	Traxe impermeable de dúas pezas (chaquetón con carapucha e pantalón), certificado segundo normativa vixente (amortizable en 2 anos).								
		5				5.00			
							5.00	8.23	41.15
GSS.06.01.040	Ud Par de luvas de uso xeral								
	Par de luvas de uso xeral de lona e serraxe, certificados segundo normativa vixente (amortizable en 2 anos).								
		10				10.00			
							10.00	1.20	12.00
GSS.06.01.060	Ud Par de luvas para soldador								
	Par de luvas para soldador, certificados segundo normativa vixente (amortizable en 2 anos).								
		2				2.00			
							2.00	4.27	8.54
GSS.06.01.070	Ud Par de botas de Seguridade								
	Par de botas de Seguridade con punteira metálica para reforzo e persoais de aceiro flexibles, para riscos de perforación, certificados segundo normativa vixente (amortizable en 2 anos).								
		5				5.00			
							5.00	19.54	97.70
GSS.06.01.090	Ud Par de botas aillantes								
	Par de botas illantes ata 5000 voltios de tensión, certificados segundo normativa vixente, (amortizable en 2 anos).								
		3				3.00			
							3.00	15.90	47.70
GSS.06.01.100	Ud Chaleco reflectante								
	Chaleco reflector de cor amarela formada por peto e espaldera de tecido sintético, certificado segundo normativa vixente, (amortizable en 2 anos).								
		10				10.00			
							10.00	3.34	33.40
GSS.06.01.110	Ud Gafas antiproxeccións e antiimpactos								
	Gafas antiproxeccións e antiimpactos, con montura en acetato, patillas adaptables e visores de vidro neutro, tratados e inastillables, certificado segundo normativa vixente (amortizable en 2 anos).								
		10				10.00			
							10.00	2.75	27.50
GSS.06.01.120	Ud Gafas anti-pó								
	Gafas anti-pó, certificadas segundo normativa vixente, (amortizable en 2 anos).								
		10				10.00			
							10.00	1.67	16.70
GSS.06.01.150	Ud Mascarilla anti-pó								
	Máscara anti-pó que conste de corpo, arnés de suxeición e válvula de exhalación, certificada segundo normativa vixente (amortizable en 2 anos).								
		10				10.00			
							10.00	1.43	14.30
GSS.06.01.160	Ud Filtro recambio para mascarilla anti-pó e fumes								
	Filtro recambio para mascarilla anti-pó e fumes, certificado segundo normativa vixente.								
		10				10.00			
							10.00	0.70	7.00
GSS.06.01.170	Ud Orelleiras de seguridade								
	Orelleiras compostas por dúas casquetes axustables con elementos almofadados, certificadas segundo normativa vixente (amortizable en 2 anos).								
		5				5.00			
							5.00	3.03	15.15
GSS.06.01.180	Ud Xogo de tapóns antirruido de silicona								
	Xogo de tapóns antirruido de silicona, certificado segundo normativa vixente.								
		10				10.00			
							10.00	0.32	3.20
GSS.06.01.200	Ud Cinto portaferramentas								
	Cinto portaferramentas, certificado segundo normativa vixente (amortizable en 5 anos).								
		5				5.00			
							5.00	1.55	7.75
GSS.06.01.210	Ud Arnés de seguridade								
	Arnés de seguridade con correas de poliamida alta resistencia (>2000 kg), aneis de aceiro tratado, punto de enlazamiento dorsal e dobre punto de enlazamiento esternal, con correas regulables para o peito, certificado segundo normativa vixente (amortizable en 5 anos).								
		5				5.00			
							5.00	12.51	62.55
GSS.06.01.220	Ud Pantalla de soldadura								
	Pantalla de soldadura eléctrica, con mirilla abatible resistente á perforación e penetración por obxecto candente, antiinflamable, certificada segundo normativa vixente (amortizable en 5 anos).								
		2				2.00			
							2.00	8.01	16.02
GSS.06.01.230	Ud Mandil para traballos de soldadura								
	Mandil para traballos de soldadura, fabricado en coiro con suxeción ao pescozo e cintura a través de correa, certificado segundo normativa vixente (amortizable en 5 anos).								
		2				2.00			
							2.00	3.49	6.98
GSS.06.01.240	Ud Par de polainas para traballos de soldadura								
	Par de polainas para traballos de soldadura, fabricado en coiro, sistema de protección debaixo do calzado, certificadas segundo normativa vixente (amortizable en 5 anos).								
		2				2.00			
							2.00	2.99	5.98

GSS.06.01.250 Ud Par de manguitos para traballos de soldadura

Par de manguitos para traballos de soldadura, fabricados en pel, certificados segundo normativa vixente (amortizable en 5 anos).

2	2.00			
	2.00	0.89	1.78	

TOTAL CAPÍTULO SS_01 CAPÍTULO 1. PROTECCIÓNS INDIVIDUAIS 520.05

CAPÍTULO SS_02 CAPÍTULO 2. PROTECCIÓNS COLECTIVAS

GSS.05.01.010 m Liña horizontal de seguridade

Liña horizontal de seguridade para ancoraxe e desprazamento de cintos de seguridade con corda para dispositivo anticaída, D= 14 mm, e ancoraxe autoblocante de fixación de mosquetóns dos cintos, mesmo desmonte.

100	100.00			
	100.00	17.94	1,794.00	

GSS.05.01.020 Ud Valo de obra

Valo de obra autoreflectante de 170 x 25 cm de poliester reforzado con vidro, con terminación en cores vermello e branco, mesmo colocación e desmonte (amortizable en 5 anos).

10	10.00			
	10.00	26.10	261.00	

GSS.05.01.030 m Varanda de protección lateral de gabías

Varanda de protección lateral de gabias, composta por guardacuerpos metálicos cada 2,5 m, pasamanos formado por taboleiro de 20x5 cm, rodapie e traveseiro, mesmo colocación e desmonte (amortizable en 5 anos).

50	50.00			
	50.00	56.28	2,814.00	

CÓDIGO	RESUMEN	UDS	LONXITUDE	ANCHURA	ALTURA	PARCIAIS	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE
GSS.05.01.040	Ud Pasarela de 60 cm de anchura e 2,5 m de lonxitude								
	Pasarela de 60 cm de anchura e 2,5 m de lonxitude formada por tres taboleiros de madeira de 20x7 cm unidos entre si mediante taboleiros transversais, e varanda de protección de 90 cm de altura, instalada a ambos os dous lados da pasarela, formada por tres taboleiros de 20x5 cm e guardacorpos metálicos, incluso p. p. de ancoraxes, colocación e desmonte posteriores (amortizable en 5 anos).								
		5				5.00			
							5.00	97.59	487.95
GSS.05.01.070	h Camión de rego de auga								
	Camión de rego de auga								
		36				36.00			
							36.00	45.79	1,648.44
GSS.01.03.010	Ud Suministro e instalación de extintor ABC 6 kg								
	Subministración e instalación de extintor ABC de po químico seco de 6 kg para lumes sólidos, líquidos e eléctricos; con válvula de disparo rápido, manómetro autocomprobable, base de PVC alta resistencia, mangueira de caucho flexible e difusor tubular.								
		2				2.00			
							2.00	38.98	77.96
GSS.01.03.040	Ud Armario para extintor de 6-9 kg								
	Subministración e instalación de armario para extintor, pintado en vermello e marco con bisagra integral para a súa apertura de dimensións 650x250x200 mm, con fechadura chave única.								
		2				2.00			
							2.00	47.70	95.40
GSS.01.03.050	Ud Cristal fino-rotura para armario de extintor								
	Subministración e instalación de cristal especial fino-rotura para armario de extintor de 6-9 kg								
		2				2.00			
							2.00	3.07	6.14
GSS.01.03.060	Ud Sinal indicadora de ubicación de extintor.								
	Subministración e instalación de sinal de PVC de 297x420 mm, fotoluminiscente, indicadora de localización de extintor.								
		2				2.00			
							2.00	6.13	12.26

TOTAL CAPÍTULO SS_02 CAPÍTULO 2. PROTECCIÓNS COLECTIVAS 7,197.15

CAPÍTULO SS_03 CAPÍTULO 3. INSTALACIÓNS

CÓDIGO	RESUMEN	UDS	LONXITUDE	ANCHURA	ALTURA	PARCIAIS	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE
GSS.01.02.010	ms Aluguer caseta aillada para vestiario 10 pers.								
	Aluguer de caseta prefabricada de obra, de estrutura metálica e con capacidade para 10 persoas, mesmo acometidas provisionais a sercivios públicos, cadros xerais, posta terra e todos os dispositivos necesarios para a súa correcta colocación e posta en funcionamento.								
		6				6.00			
							6.00	145.49	872.94
GSS.01.02.030	Ud Limpeza e conservación de instalacións								
	Limpeza e conservación de instalacións								
		6				6.00			
							6.00	199.21	1,195.26
GSS.01.02.040	Ud Mesa de madeira con capacidade para 10 persoas								
	Mesa de madeira con capacidade para 10 persoas.(amortizable en 5 anos)								
		1				1.00			
							1.00	42.40	42.40
GSS.01.02.050	Ud Banco de madeira con capacidade para 5 persoas								
	Banco de madeira con capacidade para 5 persoas. (amortizable en 5 anos)								
		2				2.00			
							2.00	19.50	39.00
GSS.01.02.060	Ud Recipiente para recollida de lixo								
	Recipiente para recollida de lixo de polietileno inxectado de 200 litros de capacidade.(amortizable en 5 anos)								
		4				4.00			
							4.00	11.63	46.52
GSS.01.02.070	Ud Taquilla metálica individual								
	Taquilla metálica individual para vestiario de 1,80 m de altura. (amortizable en 5 anos)								
		10				10.00			
							10.00	20.67	206.70

TOTAL CAPÍTULO SS_03 CAPÍTULO 3. INSTALACIÓNS 2,402.82

CAPÍTULO SS_04 CAPÍTULO 4. SINALIZACIÓN DAS OBRAS

GSS.01.04.010 Ud Sinal de seguridade triangular de lado 900 mm

Sinal de seguridade triangular de lado 900 mm e retrorreflectancia nivel II, mesmo poste galvanizado de sustentación, ancoraxes, cimentación e posterior desmonte (amortizable en 5 anos).

	4				4.00	
				4.00	8.96	35.84

GSS.01.04.020 Ud Sinal de seguridade triangular de lado 1350 mm

Sinal de seguridade triangular de lado 1350 mm e retrorreflectancia nivel II, mesmo poste galvanizado de sustentación, ancoraxes, cimentación e posterior desmonte (amortizable en 5 anos).

	4				4.00	
				4.00	13.20	52.80

GSS.01.04.050 Ud Sinal de seguridade circular de diámetro 900 mm

Sinal de seguridade circular de diámetro 900 mm e retrorreflectancia nivel II, mesmo poste galvanizado de sustentación, ancoraxes, cimentación e posterior desmonte (amortizable en 5 anos).

	4				4.00	
				4.00	9.33	37.32

GSS.01.04.060 Ud Sinal de seguridade circular de diámetro 1200 mm

Sinal de seguridade circular de diámetro 1200 mm e retrorreflectancia nivel II, mesmo poste galvanizado de sustentación, ancoraxes, cimentación e posterior desmonte (amortizable en 5 anos).

	4				4.00	
				4.00	10.73	42.92

GSS.01.04.070 M2 Cartel de indicación tipo TS

Cartel de indicación tipo TS, de chapa galvanizada e nivel de retrorreflectancia III, mesmo poste galvanizados de sustentación, ancoraxes, cimentación e posterior desmonte.(amortizable en 5 anos).

	2				2.00	
				2.00	42.82	85.64

GSS.01.04.080 Ud Sinal manual de obra TM-1, TM-2 ou TM-3

Sinal manual de obra TM-1, TM-2 ou TM-3 (amortizable en 5 anos).

	4				4.00	
				4.00	5.30	21.20

CÓDIGO	RESUMEN	UDS	LONXITUDE	ANCHURA	ALTURA	PARCIAIS	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE

GSS.01.04.090 Ud Panel direccional TB-1 ou TB-3

Panel direccional TB-1 ou TB-3, de dimensións 195 x 95 cm, mesmo poste galvanizados de sustentación, ancoraxes, cimentación e posterior desmonte (amortizable en 5 anos).

	2				2.00	
				2.00	18.16	36.32

GSS.01.04.110 Ud Panel de zona exluida ao tráfico TB-5

Panel de zona excluída ao tráfico TB-5, de dimensións 140 x 25 cm, mesmo poste galvanizados de sustentación, ancoraxes, cimentación e posterior desmonte (amortizable en 5 anos).

	2				2.00	
				2.00	4.71	9.42

GSS.01.04.120 Ud Cono de balizamento tipo TB-6 de altura 50 cm

Cono de balizamento tipo TB-6 de altura 50 cm, mesmo colocación e retirada (amortizable en 5 anos).

	10				10.00	
				10.00	0.73	7.30

GSS.01.04.130 Ud Cono de balizamento tipo TB-6 de altura 70 cm

Cono de balizamento tipo TB-6 de altura 70 cm, mesmo colocación e retirada (amortizable en 5 anos).

	10				10.00	
				10.00	0.82	8.20

GSS.01.04.140 Ud Cono de balizamento tipo TB-6 de altura 90 cm

Cono de balizamento tipo TB-6 de altura 90 cm, mesmo colocación e retirada (amortizable en 5 anos).

	20				20.00	
				20.00	0.90	18.00

GSS.01.04.160 Ud Baliza tipo TB-8 o TB-9

Baliza tipo TB-8 ou TB-9 de dimensións 15 x 70 cm, mesmo colocación e retirada (amortizable en 5 anos).

	10				10.00	
				10.00	7.02	70.20

GSS.01.04.200 m Marca vial reflexiva cor amarela ou laranxa tipo TB-12

Marca viaria reflexiva amarela ou laranxa tipo TB-12, executada con pintura acrílica e aplicación de microesferas de vidro, mesmo varrido e premarcaxe, realmente executada.

	400				400.00	
				400.00	1.70	680.00

GSS.01.04.210 M2 Superficie pintada en cebreados cor amarela ou laranxa tipo TB

Superficie pintada en cebreados, rótulos e signos, con pintura reflexiva cor amarela ou laranxa tipo TB-12, mesmo varrido e premarcaxe, realmente pintada.

	800				800.00	
				800.00	1.48	1,184.00

GSS.01.04.240 Ud Grupo semafórico tipo TL-1

Grupo semafórico tipo TL-1, inclúe columnas galvanizadas, semáforos repetidores de tres lentes, regulador eléctronico en armario, mangueira antihumedade, caixa acometida, pequeno material de posta a terra, instalado e funcionado, incluída retirada (amortizable en 5 anos).

	2				2.00	
				2.00	413.40	826.80

GSS.01.04.270 Ud Triple luz ámbar TL-4 o TL-7

Triple luz ámbar intermitente TL-4 ou TL-7, incluso pezas especiais, colocación e retirada (amortizable en 5 anos).

	2				2.00	
				2.00	3.57	7.14

CÓDIGO	RESUMEN	UDS	LONXITUDE	ANCHURA	ALTURA	PARCIAIS	CANTIDADE	PREZO	IMPORTE

GSS.01.04.310 h Man de obra de sinalista

Mano de obra de sinalista

	30				30.00	
				30.00	17.27	518.10

TOTAL CAPÍTULO SS_04 CAPÍTULO 4. SINALIZACIÓN DAS OBRAS 3,641.20

	CAPÍTULO SS_05 CAPÍTULO 5. MEDICINA PREVENTIVA				
GSS.01.01.030	Ud Recoñecemento médico				
	Recoñecemento médico obrigatorio anual traballador				
	5	5.00			
		5.00	55.28	276.40	
GSS.01.02.080	Ud Botiquín de primeiros auxilios				
	Caixa de primeiros auxilios de primeiros auxilios instalado en obra, contendo o material que especifica a Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo.				
	2	2.00			
		2.00	64.15	128.30	
GSS.01.02.090	Ud Reposición de material sanitario do botiquín				
	2	2.00			
		2.00	9.72	19.44	
GSS.01.02.100	Ud Padiola portátil de evacuacións e traslados.				
	Padiola portátil de evacuacións e traslados. (amortizable en 5 anos).				
	1	1.00			
		1.00	29.04	29.04	
	TOTAL CAPÍTULO SS_05 CAPÍTULO 5. MEDICINA PREVENTIVA				453.18
	CAPÍTULO SS_06 CAPÍTULO 6. FORMACIÓN E REUNIÓNS				
GSS.01.01.010	h Formación en Seguridade e Saúde				
	Formación e información específica en materia de Seguridade e Saúde no traballo, segundo os riscos previsibles na ejecucción da obra.				
	20	20.00			
		20.00	43.89	877.80	
GSS.01.01.020	Ud Reunión mensual de coordinación de Seguridade e Saúde				
	Reunión mensual de coordinación de Seguridade e Saúde.				
	6	6.00			
		6.00	190.80	1,144.80	
	TOTAL CAPÍTULO SS_06 CAPÍTULO 6. FORMACIÓN E REUNIÓNS.....				2,022.60
	TOTAL.....				16,237.00

5 RESUMO ORZAMENTO

CAPITULO	RESUMEN	EUROS	%
SS_01	CAPÍTULO 1. PROTECCIÓNS INDIVIDUAIS.....	520.05	3.20
SS_02	CAPÍTULO 2. PROTECCIÓNS COLECTIVAS.....	7,197.15	44.33
SS_03	CAPÍTULO 3. INSTALACIÓNS.....	2,402.82	14.80
SS_04	CAPÍTULO 4. SINALIZACIÓN DAS OBRAS	3,641.20	22.43
SS_05	CAPÍTULO 5. MEDICINA PREVENTIVA.....	453.18	2.79
SS_06	CAPÍTULO 6. FORMACIÓN E REUNIÓNS.....	2,022.60	12.46
	TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	16,237.00	

Ascende orzamento de execución material á expresada cantidade de DEZASEIS MIL DOUSCENTOS TRINTA E SETE EUROS

O Enxeñeiro de Camiños autor do Proxecto

Autor do Estudo de Seguridade e Saúde

Gael Sánchez Rivas

ANEXO Nº 20
COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS E SERVIZOS

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 COORDINACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS E ENTIDADES 2

3 OFICIOS ENVIADOS 3

4 OFICIOS RECIBIDOS 22

1 OBXECTO

O obxecto do presente anexo é a descrición dos mecanismos empregados para a coordinación con outras Administracións e entidades con interese ou competencias sobre o ámbito das Sendas na AC-552, treitos: 34+400-34+860 e 44+300-45+080 – Montecelo e Agolada.

2 COORDINACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS E ENTIDADES

A coordinación con outras Administracións e Entidades con intereses ou competencias no ámbito de actuación das Sendas na AC-552, treitos: 34+400-34+860 e 44+300-45+080, realizouse mediante un procedemento de reunións e comunicacións con responsables municipais, das Administracións Públicas e doutras entidades, coa finalidade de solicitar a información precisa para a redacción do proxecto e a coordinación das actuacións.

As Administracións Públicas e entidades coas que se mantiveron reunións ou se realizaron tramitacións ou consultas se listan a continuación:

- Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Xefatura Territorial da Coruña. Servizo de Xestión Cultural.
- Xunta de Galicia. Augas de Galicia. Delegación Provincial de A Coruña.
- Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Patrimonio Natural. Servizo Provincial de Conservación da Natureza de A Coruña.
- Concello de Coristanco. Alcaldía e Concellería de Infraestruturas, Obras, Urbanismo e Medio Ambiente.

En todas as reunións mantidas solicitouse distinta información que foi integrada na redacción do proxecto.

Ademais, realizáronse as pertinentes comunicacións coas empresas subministradoras ou xestoras dos servizos, coa finalidade de determinar as afeccións existentes e as reposicións necesarias.

3 OFICIOS ENVIADOS

PROXECTO DE CONSTRUCIÓN SENDAS NA AC-552. TREITOS: 34+400-34+860 E 44+300-45+080. CLAVE: AC/19/132.06

AFECCIÓN PATRIMONIO

axencia galega de infraestruturas · TERRAVANZA

PROXECTO DE CONSTRUCIÓN SENDAS NA AC-552.
TREITOS: 34+400-34+860 E 44+300-45+080.
CLAVE: AC/19/132.06
ESTUDO AFECCIÓN PATRIMONIO

CONTIDOS

I. OBXECTO 2
II. NORMATIVA 2
III. OBRAS PROXECTADAS 3
III.1. LOCALIZACIÓN 3
III.2. DESCRICIÓN DAS OBRAS 4
IV. ELEMENTOS PATRIMONIAIS 11
IV.1. CATALOGADOS 12
IV.2. OUTROS ELEMENTOS NON CATALOGADOS 14
V. AFECCIÓN AOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS 16
V.1. METODOLOXÍA 16
V.2. IMPACTO AOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS 17
VI. INTEGRACIÓN DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS NO PROXECTO 19
VII. MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS 22
VIII. CONCLUSIÓNS 22
ANEXO. FICHAS ELEMENTOS PATRIMONIAIS 23
ELEMENTOS CATALOGADOS 23
ELEMENTOS NON CATALOGADOS 26

I. OBXECTO

O obxecto do presente documento é a identificación e caracterización dos bens incluídos no Patrimonio Cultural no entorno das obras derivadas do proxecto que motiva este estudo, a análise dos posibles riscos ou impactos que poidan afectar aos devanditos bens e a formulación das medidas correctoras para cada caso de ser precisas.

II. NORMATIVA

O marco xurídico de referencia para a protección do Patrimonio Cultural de Galicia é o seguinte:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia.
- Decreto 46/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento do Comité Asesor do Camiño de Santiago, modificado polo Decreto 225/2010, do 30 de decembro.
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio.

A estas normas hai que engadir as cartas e convenios internacionais ratificados por España e, en particular, a Convención sobre a Protección de Patrimonio Mundial Cultural e Natural de 1972 e as Directrices operativas para a aplicación desa Convención.

III. OBRAS PROXECTADAS

As obras proxectadas consisten na execución de sendas peonís, con posible compatibilidade co tránsito ciclista, en dous tramos da estrada AC552 ao seu paso polo termo municipal de Coristanco.

A continuación, sinálanse as principais características das obras.

III.1. LOCALIZACIÓN

As obras localizanse na estrada AC552 no Concello de Coristanco, divididas en dous treitos:

- TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860
- TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

O TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860 localizase no núcleo de Montecelo (Coristanco), proporcionando continuidade á senda Carballo – Bértoa xa proxectada e continuando ao longo da marxe esquerda da estrada AC552 ata a beirarrúa existente no entorno do Centro Comercial Carrefour e a súa glorieta de acceso.

O TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080 localizase no núcleo de Agolada, proporcionando continuidade ás beirarrúas existentes no mesmo ata a vía de acceso ao Cemiterio de Agrillos, e atravesando no seu percorrido sobre a ponte do Río Calvar.

Na seguinte imaxe amosase a localización de ambos treitos dentro do Concello de Coristanco:



Fig. 1. Localización das sendas (Elaboración TERRAVANZA)

III.2. DESCRICIÓN DAS OBRAS

As obras proxectadas consistirán na execución de dous tramos de sendas peonís na estrada AC552 ao seu paso polo Concello de Coristanco.

A continuación, describirase de xeito detallado as obras obxecto deste proxecto.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Respecto ao Treito 1, o presente proxecto consiste na execución dunha senda peonil entre o PK34+400 e o PK34+860 pola marxe esquerda da estrada AC552 no termo municipal de Coristanco. O punto de partida é ao final da senda xa proxectada entre Carballo e Bértoa, tras o seu entronque coas beirarrúas existentes no núcleo de Montecelo. Deste xeito, un primeiro tramo consistirá na mellora das beirarrúas existentes no devandito núcleo, incrementando o seu ancho e executando unha nova pavimentación. A implantación desta senda implicará distintas actuacións de homoxeneización das beirarrúas existentes, e o estendido de novas

canalizacións de servizos e de drenaxe das pluviais, ademais suporá a redución parcial da beiravía actual, deixando alúmenos un ancho de 1 m.

Fig. 2. Estado actual do primeiro tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Un segundo tramo comeza ao finalizar a zona de beirarrúas existentes na actualidade, interrompidas en gran medida pola presenza dun muro de pedra que delimita unha parcela, e que posúe un trazado en curva. Este muro de pedra limita considerablemente o espazo existente para a implantación dunha senda peonil, sobre todo nos seus primeiros metros, ademais de condicionar considerablemente a seguridade vial, xa que o trazado en curva presenta notables deficiencias en canto a este aspecto e a visibilidade, en particular no punto de inicio. Por este motivo, o proxecto contempla unha actuación máis complexa de acondicionamento da curva, coa finalidade de incrementar a súa visibilidade e seguridade, sobre todo para os peóns, empregando o espazo de dominio público viario existente. Deste xeito, esta actuación implicará o retranqueo e traslado do muro de pedra actual, coa finalidade de acondicionar a curva, mediante unha certa rectificación da mesma, incrementando o seu radio de curvatura.

Fig. 3. Estado actual do segundo tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Un terceiro, e último tramo, comeza ao finalizar o muro de pedra anterior e mantendo unha aliñación sensiblemente recta, no cal a explanada da estrada AC552 situase nunha cota de aproximadamente 2 m superior ao espazo circundante, unha zona baixa de brañas frecuentemente asolagada e que está delimitada por unha serie de árbores. Neste caso, a senda proposta deberá ocupar tanto parte da beiravía como do noiro, sempre dentro do dominio publico viario, coa finalidade de garantir o ancho suficiente para a seguridade e comodidade dos peóns, polo que será preciso realizar un pequeno muro, de altura inferior aos 1,5 m, para proporcionar o espazo suficiente para a explanada da senda.

Fig. 4. Estado actual do terceiro tramo no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

Na seguinte imaxe amosase de xeito esquemático a proposta de actuación no Treito 1.

Fig. 5. Proposta de Actuación no Treito 1 (Elaboración TERRAVANZA)

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

Respecto ao Treito 2, o presente proxecto consiste na execución dunha senda peonil entre os PK44+300 e PK45+080 pola marxe dereita da estrada AC552 entre o final do núcleo de Agolada ata a pista de acceso ao Cemiterio de Agrillos no termo municipal de Coristanco. Esta senda peonil pode dividirse en tres tramos claramente diferenciados en canto ós seus condicionantes.

Un primeiro tramo comeza no remate das beirarrúas existentes no núcleo de Agolada, onde a senda poderase apoiar nun amplo espazo existente entre unha ancha cuneta transitable e o noiro existente. Non obstante na súa zona final, o ancho redúcese notablemente polo que será preciso empregar unha solución de cuneta transitable, xa que nin existe beiravía suficiente nin o noiro existente permite un posible incremento sen poñer en cuestión a súa seguridade.

Fig. 6. Estado actual do primeiro tramo no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Fig. 7. Estado actual do primeiro tramo na zona de menor anchura no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Un segundo tramo apoiarase na ponte sobre o Río Calvar existente na actualidade, o cal ten un trazado en curva aproveitando uns longos pontóns ou estribos. Deste xeito, durante unha lonxitude de aproximadamente 150 m a senda peonil implantarse mediante un voladizo apoiado na ponte actual.

Fig. 8. Estado actual do segundo tramo no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Un terceiro tramo comeza ao finalizar a ponte sobre o Río Calvar ata a pista de acceso ao Cemiterio de Agrillos. Tratase dun tramo de moi baixa pendente e no cal a senda peonil poderá na súa maior parte apoiarse sobre a cuneta existente, garantindo obviamente a correcta drenaxe das pluviais.

Fig. 9. Estado actual do terceiro tramo no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

Na seguinte imaxe amosase de xeito esquemático a proposta de actuación no Treito 1.



Fig. 10. Proposta de Actuación no Treito 2 (Elaboración TERRAVANZA)

IV. ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Coa finalidade de determinar as posibles afeccións ou impactos sobre o Patrimonio Cultural, elaborouse unha ficha a partir do Catálogo de Patrimonio Cultural incluídos no PXOM e/ou no Plan Básico Autonómico de todos os elementos ou depósitos arqueolóxicos identificados.

Esta ficha inclúe os seguintes apartados:

Identificación

- Número de referencia do elemento: segundo a numeración do catálogo do PXOM se o ben está incluído no mesmo.
- Nome do elemento: denominarase o depósito co topónimo do sitio no que se sitúe.

Situación

- Localización: segundo a denominación que os habitantes do lugar dan ou coñecen a esa zona.
- Parroquia: entidade administrativa eclesiástica que articula o territorio en Galicia.
- Núcleo: entidades administrativas civís.

Descrición

- Adscrición cultural: indícase, na medida do posible, a que época ou cultura pertence o elemento ou depósito arqueolóxico.
- Tipoloxía: indica a tipoloxía do ben.
- Descrición xeral: realízase unha descrición xeral do elemento.
- Descrición das estruturas: cando existan estruturas visibles.
- Conservación: indícase se é moi boa, boa, regular, mala ou moi mala.
- Descrición das alteracións: relaciónanse, con detalle, os axentes de destrución ou alteración.
- Materiais arqueolóxicos: indícase a súa aparición, se procede, e as súas características xerais.
- Valoración Patrimonial: precísase a importancia dese elemento en función da súa monumentalidade, conservación e interese patrimonial e/ou científico.

Impacto e medidas correctoras

- Relación coa obra: igual que na ficha do inventario, pero indicando a marxe e a distancia ao viario.
- Identificación e Descrición do Impacto: defínese o impacto ou alteración.
- Valoración do impacto: conforma o establecido na metodoloxía que se adapta á clasificación definida no Real Decreto 1131/88 de Avaliación do Impacto Ambiental (Crítico, Severo, Moderado e Compatible).
- Xustificación do Impacto: xustifícase a valoración do elemento patrimonial.
- Medida correctora: indícanse as medidas correctoras necesarias para impedir ou minimizar o impacto.
- Valoración económica: no caso de ser necesario indícase de modo global o custo estimado das actuacións derivadas das medidas correctoras.

Na identificación dos elementos patrimoniais no entorno das obras proxectadas realizouse unha división entre aqueles catalogados nalgún instrumento urbanístico ou de ordenación do territorio e aqueles non catalogados pero susceptibles de posuír valor patrimonial.

IV.1. CATALOGADOS

Os elementos patrimoniais identificados no entorno das obras e catalogados nalgún instrumento urbanístico ou de ordenación do territorio son os seguintes:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

No Treito 1 e con base no Catalogo do PXOM do Concello de Coristanco e no Plan Básico Autonómico (PBA) identificáronse os seguintes elementos catalogados sobre os que poden ter afección as obras deste proxecto:

Elemento	Categoría	Catalogación
Dúas casas con hórreos en Montecelo	Arquitectónica	PXOM PBA



Fig. 11. Delimitación no PXOM de Coristanco e no PBA do elemento catalogado (Elaboración TERRAVANZA)

Fig. 12. Dúas casas con hórreos en Montecelo: Casa 1 e Hórreo 1(Elaboración TERRAVANZA)

Fig. 13. Dúas casas con hórreos en Montecelo: Casa 2 e Hórreo 2 (Elaboración TERRAVANZA)

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

No Treito 2 e con base no Catalogo do PXOM do Concello de Coristanco e no Plan Básico Autonómico (PBA) non se identificaron elementos catalogados sobre os que poden ter afección as obras deste proxecto.

Tanto no Treito 1 como no Treito 2 e con base na consulta do Catálogo de Patrimonio Cultural e dos planos de Elementos de Catálogo da PXOM correspondentes, non se constata a presenza de vestixios de natureza arqueolóxica na área de afección do proxecto.

IV.2. OUTROS ELEMENTOS NON CATALOGADOS

Outros elementos non catalogados no entorno das obras pero susceptibles de posuír valor patrimonial atópanse os seguintes:

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Dentro do Treito 1 identificáronse os seguintes elementos non catalogados:

Elemento	Categoría
Lavadoiro en Montecelo	Etnográfica

Fig. 14. Fotografía do lavadoiro en Montecelo non catalogado identificado (Elaboracion TERRAVANZA)

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

Non se detectaron elementos non catalogados neste treito que puideran ser susceptibles de posuír valor patrimonial.

V. AFECCIÓN AOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Tendo en conta os elementos identificados e as características das obras proxectadas avaliouse a potencial afección das mesmas aos primeiros, segundo a metodoloxía exposta a continuación. Ao mesmo tempo, valorouse a necesidade de establecer medidas correctoras de ser o caso.

V.1. METODOLOXÍA

A metodoloxía de actuación formúlase estruturada en varias fases, que se describen a continuación.

- A fase de gabinete supón a consulta e recompilación de toda a información relacionada coa arqueoloxía da zona obxecto de estudo. Os labores máis significativos desta fase encamíñanse a:
    - Revisión da documentación existente. Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, depositado no Instituto de Conservación e Restauración de BB.CC.
    - Consulta bibliográfica, traballos de investigación anteriores, plans municipais, etc.
- A fase de traballo de campo supón a comprobación de toda a información recollida e unha valoración sobre a presenza doutros posibles elementos culturais que poidan existir, pero que non se recolleron nos inventarios e outras posibles fontes, para o cal se procederá a:
    - Realizar visitas á zona de proxecto, centrándose na comprobación de todos aqueles elementos pertencentes ao patrimonio cultural situados no ámbito da obra.
    - Procederase a consultar aos habitantes do lugar de cara a confirmar a natureza dos elementos visitados e para coñecer a posible afección sobre outros non incluídos nos diferentes inventarios.

Unha vez identificados os elementos arqueolóxicos existentes, e definidos os seus límites exteriores, procederase á identificación das actuacións do proxecto que incidirán sobre eles, de forma directa ou indirecta, e que poidan causar algunha modificación ou alteración.

No presente estudo adáptanse as características dos elementos patrimoniais ás esixencias establecidas na lexislación para establecer a valoración dos impactos. Os criterios que se utilizan terán en conta unha serie de aspectos, que serán moito máis estritos no caso do patrimonio arqueolóxico, pola propia natureza deste tipo de elementos patrimoniais.

- A definición do ben. Se está realmente definido como tal, tendo en conta o seu estado de conservación.

- A alteración física que padecerá o ben coa execución das obras. Este feito é moito máis estrito no caso de depósitos arqueolóxicos, dos que en moitos casos non se coñecen os límites precisos.
- A natureza do ben. No caso de elementos arqueolóxicos diferénciase entre zonas de hábitat (que teñen unha área de dispersión incerta), representacións gráficas (que teñen unha localización puntual), as superficies de dispersión de materiais diferenciando os que son de procedencia coñecida dos de procedencia incerta ou descoñecida, etc.
- A importancia do ben. Diferéncianse os elementos pola súa importancia, xa que hai elementos que poden ser postos en valor ou que polas súas características merecen ser conservados e outros que polas súas propias características non teñen excesivo interese. Nos elementos arqueolóxicos diferéncianse depósitos en posición primaria daqueles en posición derivada e se o nivel está pouco ou moi alterado.

Segundo estes criterios a valoración de impacto que se establece é:

- Impacto crítico: aqueles elementos patrimoniais, confirmados como tales, que se verán fisicamente alterados e destruídos na fase de execución, sen posibilidade de interpor medidas correctoras.
- Impacto severo: elementos ou depósitos arqueolóxicos que poderían verse afectados de forma directa ou indirecta, sobre os que se poden introducir medidas correctoras, ou aqueles que, debido á súa importancia, unha modificación nas súas proximidades supoña unha perda de calidade.
- Impacto moderado: aqueles elementos, depósitos arqueolóxicos, ou posibles depósitos que en función da cartografía de detalle do proxecto non corre ningún risco de alteración, aínda que pola súa proximidade necesítase algunha medida correctora e un control rigoroso durante a fase de remoción de terras. Tamén inclúense dentro desta categoría aqueles posibles depósitos, inducidos a partir da recuperación dalgúns elementos superficiais, que están nas proximidades da superficie a modificar.
- Impacto compatible: será o que lle corresponde a todos os elementos ou depósitos arqueolóxicos que, sobre a base da cartografía de detalle do proxecto executivo, atópanse afastados de superficie que se verá alterada pola traza, aínda que están dentro dos límites de protección ou respecto, e por tanto non corren ningún risco de alteración.

Finalmente, en función do impacto previsto, establécense as medidas correctores ou protectoras a desenvolver durante a execución das obras.

V.2. IMPACTO AOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

A partir da metodoloxía exposta no punto anterior e das características das obras proxectadas determináronse os seguintes impactos sobre os elementos patrimoniais presentes no entorno das mesmas.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

As principais actuacións previstas están relacionadas coa mellora da pavimentación no entorno dos elementos, os cales posúen fundamentalmente protección estrutural, por unha banda, e que non se incide directamente sobre os mesmos, por outra parte, non se deberían agardar impactos directos significativos sobre os elementos catalogados.

Non obstante, hai que sinalar que a necesidade de retranquear o muro de peche existente para acondicionar e incrementar a seguridade viaria na curva existente, supón un notable impacto sobre este elemento, que a pesar de non posuír catalogación e protección particular, pertence ao contorno de protección dos bens catalogados. Neste senso, o traslado deste muro deberá realizarse coa maior cautela posible, evitando a afección directa aos elementos catalogados.

No caso dos elementos non catalogados, as actuacións non inciden directamente sobre os mesmos, polo que tampouco son agardables impactos significativos.

En calquera caso, nas fichas anexas sinalase o impacto que se agarda sobre os distintos elementos considerados.

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

Dado que non se identificaron elementos con valor patrimonial neste treito, non se considera ningunha situación de posible impacto sobre o Patrimonio Cultural no mesmo.

VI. INTEGRACIÓN DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS NO PROXECTO

Nos seguintes parágrafos sinalase a proposta de integración, que xunto coas medidas preventivas e correctoras para minimizar a posible afección, deseñouse para os elementos patrimoniais no proxecto, de tal xeito que sexan non só protexidos senón que tamén postos en valor.

Deste xeito, a continuación, descríbense as principais características da proposta do proxecto no entorno dos elementos patrimoniais identificados coa finalidade da súa protección e posta en valor. Non obstante, hai que sinalar que só se ten en conta o primeiro dos treitos, xa que no segundo dos mesmos non se identificaron elementos patrimoniais.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

No Treito 1 os elementos patrimoniais, catalogados e non catalogados, afectados polo proxecto son dúas edificacións e hórreos, xunto cun lavadoiro. Ambos casos tivéronse en conta de cara ao deseño da actuación proxectada coa finalidade de minimizar o impacto e a súa posta en valor.

- **DÚAS CASAS CON HÓRREOS EN MONTECELO**

No caso das dúas casas con hórreos en Montecelo a integración patrimonial e paisaxística de ambas debe considerar a distinta situación respecto da senda e o posible impacto sobre os mesmos, tendo en conta a relación que posúen e a existencia doutros elementos que poden mediatizar a incidencia das obras.

Así, no tócante do Hórreo nº 1 asociado á Casa 1, que se atopa cara o Leste, a senda está trazada aos pés do zocalo sobre o que se apoia, polo que a integración deberá ser moito máis coidadosa. Neste senso, a modificación do borde da estrada para realizar o acondicionamento da curva existente, por motivos de seguridade, deberá considerar a separación precisa para non afectar de xeito directo ao elemento patrimonial sinalado.

No caso de ambas casas, as dúas sitúanse sobre unha vía ou rúa de acceso pavimentada cun rego asfáltico moi deteriorado na actualidade.

Pola súa parte, o Hórreo nº 2 asociado á Casa 2 atopase no interior da parcela, a cal está delimitada por un muro de pedra de notable entidade, o cal deberá ser retranqueado e trasladado para facilitar o acondicionamento da curva. Neste senso, hai que sinalar que o dominio público viario atravesa a parcela e o devandito muro atopase dentro da delimitación deste espazo funcional da estrada. Dado que a normativa de protección do PXOM inclúe non só os inmobles (Delimitación do Ben), senón que tamén a parcela e o seu muro de peche (Contorno de Protección), o acondicionamento da curva e a implantación da senda proxecta suporá un notable impacto sobre este contorno, polo que será preciso tomar as medidas de integración máis axeitadas para garantir o máximo respeto da solución adoptada cara os elementos patrimoniais identificados. Polo tanto, a solución adoptada suporá o traslado do muro de peche, mediante os procedementos máis axeitados, ao pé do Hórreo nº2, no límite do dominio público viario, procurando conservar e garantir a

integridade deste elemento. Ao mesmo tempo, a senda proxectada adaptarase á nova configuración do muro, procurando empregar o espazo dispoñible e respectando a integridade do muro, e buscando unha mellora visual e estética da fronte muraria. Neste senso, hai que sinalar que na actualidade este muro de peche atopase moi afectado pola vexetación e a auga que circula pola cuneta do seu pé, polo que a actuación prevista levará aparellada tamén o entubado desta última, o cal representará unha notable mellora visual e estética da fronte deste muro.

Tendo en conta a situación de partida dos distintos elementos englobados neste epígrafe, considerouse que a mellor solución desde o punto de vista formal que posibilita unha mellor integración, coa salvedade da necesidade de retranqueo do muro de peche devandito, consiste na pavimentación da senda no tramo que afecta tanto ao Hórreo nº1, e o viario ao seu carón, xunto co viario de acceso a ambas casas mediante un formigón lavado con árido do entorno e no caso da senda incorporar un bordo de granito, coa finalidade de proporcionar unha solución moito máis axeitada e sensible co valor patrimonial de ambos elementos. Neste senso, unha correcta execución deberá ser asegurada para que a integración sexa o máis respectuosa posible cos elementos patrimoniais. Ao mesmo tempo, procurarase implantar unha iluminación ornamental, ademais de mellorar a integración da iluminación viaria cun modelo de luminaria máis axeitada.

Na seguinte imaxe amosase a proposta de actuación no entorno destes elementos catalogados.

Fig. 15. Proposta de Actuación no entorno do elemento patrimonial catalogado (Elaboración TERRAVANZA)

- **LAVADOIRO**

A senda proxectada remata na marxe contraria ao lavadoiro da vía de titularidade municipal coa que delimita polo Oeste, mentres que a estrada AC552 xa posúe unha beirarrúa no seu límite Norte, ficando os restantes lindeiros co espazo fluvial do que se deriva a auga para uso deste elemento etnográfico, o cal en repetidas ocasións asolagase de xeito considerable.

Neste senso, e aínda que non se incide directamente no entorno máis próximo ao elemento, procurase estender a senda prevista na marxe contraria, coa finalidade de realizar un remate axeitado da mesma e proporcionar un achegamento visual ao lavadoiro, que ao mesmo tempo que facilite o acceso a futuros espazos verdes municipais, permita a posta en valor do elemento.

Na seguinte imaxe amosase a proposta de actuación no entorno do Lavadoiro de Montecelo.

Fig. 16. Proposta de Actuación no entorno do elemento patrimonial non catalogado (Elaboración TERRAVANZA)

VII. MEDIDAS PREVENTIVAS E CORRECTORAS

Como medida preventiva de carácter xenérico, aplicable a todos os bens presentes no ámbito das obras, así como aos movementos de terras en toda a superficie da obra, proponse o seguimento e control arqueolóxico.

No caso do traslado do muro de peche, considerase que será preciso tomar aquelas medidas correctoras que permitan a súa reconstrución coa maior fiabilidade e a procura da minimización do impacto sobre os elementos protexidos.

Tamén se procederá á sinalización dos bens culturais máis próximos á zona de obra, mediante o balizado do perímetro próximo ás obras con material non perecedoiro, controlando periodicamente o seu estado.

A aparición durante a fase de control e seguimento arqueolóxico da obra de calquera evidencia histórica ou restos susceptibles de ser estudados con metodoloxía arqueolóxica, dos que non se teñan constancia ata a data, será obxecto de comunicación inmediata á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia. No caso de identificar unha incidencia de natureza arqueolóxica, o arqueólogo responsable dos labores de Seguimento Arqueolóxico procederá ao balizamento preventivo da superficie na que aparezan os elementos arqueolóxicos, sendo tamén necesario informar puntualmente aos responsables das obras e á administración competente desta actuación, realizando un informe puntual de incidencias inmediato, no que se identifique e describa o elemento e establézase o tipo de impacto así como a proposta de medida correctora.

VIII. CONCLUSIÓNS

Considérase que coas medidas correctoras e cautelares no presente informe garántese a conservación e salvagarda do patrimonio cultural presente na zona de estudo.

A proposta de medidas correctoras realizouse en función das características e coñecemento actual das obras de modo que, de producirse algún cambio, o grao de afectación sobre os bens inventariados podería variar.

ANEXO. FICHAS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

ELEMENTOS CATALOGADOS

IDENTIFICACIÓN

Nome : Dúas casas con hórreos en Montecelo.		**Ficha:** 9-5 PXOM, 4031993 clave PBA
Núcleo: Montecelo	**Parroquia:** Oca (San Martiño)	**Municipio:** Coristanco
Tipo de ben: Arquitectónico	**X;Y (ETRS89 UTM29):**	X:522686 Y: 4782953
Grado de protección: Casas estrutural, hórreos Integral	**Ordenanza aplicación:**	**Clasificación do solo:** SNR-HT
Descrición do ben	Conxunto de dúas vivendas de volumetría rotunda, planta rectangular e dous andares, cada un cun hórreo de pedra. A estrutura é de muros de cachotería con cantería en esquinais e ó redor dos cocos, enfuscados ou á vista. A disposición de ocos é irregular, estos son de pequeno tamaño coas carpinterías na liña de paramento. As cubricións realízanse a dúas augas. Descoñécese como se conserva o interior das vivendas, xa que non se tivo acceso ás mesmas. Os hórreos son de tipo Coristanco en transición co tipo Fisterra, de planta rectangular, estreitos, altos e longos. Suspensión realízase sobre pés de pedra, baixos, pero para aumentar a altura de sustentación van apoiados sobre un zócalo de cachotería, que ademais compensa o desnivel do chan. Os pés son moi finos e numerosos, cónicos, estreitándose cara arriba. Os tornarratos sobre cada pé son circulares, de diámetro reducido e cara superior convexa. A cámara é totalmente de pedra. Sobre os tornarratos colócase a padieira formada por pezas de cantería que soportan as ringleiras horizontais de pedra pequena, e pouca altura e moi numerosas. A cuberta resólvese con tella curva a dúas augas. Sobre os pinches dos penais executados en cantería, colócanse os gardaventos de pedra e enriba a cruz e o lampión ornamentais, un en cada extremo	



IMPACTO E MEDIDAS CORRECTORAS

Relación coa obra
Distancia á traza no punto máis próximo de 2 m.
Identificación e descrición do impacto
A senda discorre polo viario que da fronte o elemento patrimonial, na cal se plantexa unha senda de formigón. O retranqueo e traslado do muro de peche actual supón un notable impacto sobre o Contorno de Protección, aínda que se tomarán as medidas precisas para minimizar a súa entidade
Valoración do impacto
Medio - Compatible
Xustificación do impacto
Dado que os elementos patrimoniais encóntranse no interior de dúas parcelas e que a actuación a realizar é unha pavimentación non é esperable un impacto, polo que considerouse un seguimento visual dos traballos. Non obstante, no caso do traslado do muro de peche tomaranse aquelas medidas pertinentes a evitar posibles impactos directos sobre os elementos catalogados.

ELEMENTOS NON CATALOGADOS

IDENTIFICACIÓN

Nome : Lavadoiro en Montecelo		**Ficha:** -
Núcleo: Montecelo	**Parroquia:** Oca (San Martiño)	**Municipio:** Coristanco
Tipo de ben: etnográfico	**X;Y (ETRS89 UTM29):**	X:522527 Y: 4782842
Grado de protección: Sen protección	**Ordenanza aplicación:**	**Clasificación do solo:** SRPAU
Descrición do ben	**Lavadoiro**	

IMPACTO E MEDIDAS CORRECTORAS

Relación coa obra
Distancia á traza de 13 m.
Identificación e descrición do impacto
Situado enfronte de onde termina a senda
Valoración do impacto
Inexistente
Xustificación do impacto
Non afecta nos traballos.


TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860
TREITO 2. PK .44+300 - 45+080
AC-552
CP-2901
CP-2904
CP-1912
Coristanco (San Paio)
San Roque (Coristanco)
A Ponte Pequena
A Esfarrapa
Lume de Suso
Centiña
As Tarandeiras
A Rabuxenta
O Carrizal
O Pinheiro
Bormoio
Nogueira
A Rabadeira
Brenlla
Ferreira
Ferreira (Santa Maria)
Figueiroa
Salgueiras
A Brañeira
O Anido
Bormoxi
Valenza
Lestón
A Serra
Castrobó
Santa Baia de Castro
Castro
Midón
Xaviña (San Xemel)
Campo Longo
O Pedrouzo
Codesido
Rececmde
A Cuca
Traba (Santa Maria)
Buxán
Amboade
Seavia
Segude (San Mamede)
Freixeiro
Vilameán
Cerqueirás de Abaixo
Cerqueirás de Arriba
A Igrexa
O Capelán
Carantos
A Miñata
As Casas Novas
O Cruceiro
Os Loureiros
A Pomba
Erbecedo (San Salvador)
Casa de Sánchez
Capela de Milagrosa
Muiño da Fábrica
Capela de Sta. Ana
Arixón
Redondelo
O Rodeiro
O Marquiño
Monte de Santa Ana
A Gamposa
Os Campos
Os Prados
Fonte de Bierte
Monte de Caamaña
Bierte de Abaixo
Bierte de Arriba
As Teixoeiras
Casa da Chousa
Casas do Receste
Muiño de Torres
Souto
Central do Batán
O Batán
Alto de Torreiro
Mte. de Castro
Mte. de Figueiras
Mte. da Rabadeira
Fraga Norte
O Castrallón
Muiño Novo
As Baliñas
Muiño de Bargolla
A Folgueira
O Riomouro
Baiocido
O Outeiro
Muiñoseco
As Codeseiras
O Carballal
A Abellariza
O Rueiro
A Varela
Casa do Monte
Fonte
Fte. do Pichón
Os Barreiros
Gatiande
O Cercedo
Pedraita
Muiño de Toxa
Muiño de Abelenda
Muiño das Chousas
A Furoca
Fornelos
Vilartrigueiro
A Carambola
Lumián
Lume da Cova
O Seixal
A Penicosa
Portoquintáns
A Ribeira
Muiño do Foro
Pontecinas
San Xusto (San Xoán)
A Costa
O Cotón
Muiño do Rei
O Campo
O Ferreiro
O Paceiro
O Pinheiro
Sorribas
Vilarello
O Vao
O Canal
O Mouchó
Podrizo
Os Pe
Fte. do Pichón
O Muiño Alberro
Marrozáns
Porto Ousín
A Revu
A Blander
O Sapal
Os Pe
Casa do Monte
Fonte
Fte. do Pichón
Muiños da Burba
Casas do Campo
Castro de Insua
Lume
Lumián
Coristanco (San Paio)
Fornelos
Vilartrigueiro
Os Barreiros
Gatiande
Santa Baia de Castro
Santa Baia
Muiño de Abelenda
Muiño das Chousas
Lume de Suso
Centiña
Baiocido
O Outeiro
Muiñoseco
As Codeseiras
O Carballal
A Abellariza
O Rueiro
Traba (Santa Maria)
A Varela
A Igrexa
Podrizo
O Canal
O Mouchó
A Miñata
Carantos
O Capelán
As Casas Novas
A Blander
Xaviña (San Xemel)
Sorribas
O Pinheiro
Campo Longo
O Pedrouzo
A Avieira
Vilarello
O Vao
O Paceiro
TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860
O Campo
O Ferreiro
Codesido
Rececmde
Muiño do Rei
Pontecinas
San Xusto (San Xoán)
A Costa
O Cotón
A Cuca
A Penicosa
Muiño do Foro
A Ribeira
Portoquintáns
A Pedreira
O Seixal
Lume da Cova
Lume
A Carambola
Midón
San Paio
A Ponte Pequena
GMT.03.01.020	1.350	M2	Xeotextil NT-11 90g/m2		0.98	1.32	
GMT.04.02.390	1.000	Ml	Tubo drén de PVC Ø=160 SN-4		5.95	5.95	
GMT.05.02.100	0.160	T	Grava 25/40		7.20	1.15	
GMT.05.02.210	0.070	T	Area lavada		8.70	0.61	
				Suma da partida			14.58
				Costes indirectos	6.00%		0.87
				TOTAL PARTIDA			15.45

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de QUINCE EUROS con CORENTA E CINCO CÉNTIMOS

SUBCAPÍTULO 2.5 SUBCAPÍTULO 2.5. SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
APARTADO 2.5.1 APARTADO 2.5.1. SINALIZACIÓN VERTICAL

GOB.07.02.100		Ud	**Sinal rectangular de 900x1350 mm**				
			Sinal rectangular de 900x1350 mm e retrorreflectancia nivel RA2, mesmo poste galvanizado de sustentación,				
GMO.01.01.060	0.250	h	Oficial de primeira	x 0.50	17.64	2.21	
GMO.01.01.090	1.000	h	Peón ordinario	x 0.50	16.29	8.15	
GMQ.02.02.840	0.250	h	Retroescavadora mixta 7.6 t	x 0.50	51.10	6.39	
GMT.07.01.010	1.000	Ud	Parafusería e pezas especiais		3.00	3.00	
GMT.07.01.290	1.000	Ud	Sinal rectangular 900 x 1350 mm Clase RA2		164.70	164.70	
GMT.07.01.670	3.000	Ml	Poste 80 x 40 x 2 mm G.		13.04	39.12	
GAX.01.03.020	0.100	M3	Formigón HM-20		49.09	4.91	
				Suma da partida			228.48
				Costes indirectos	6.00%		13.71
				TOTAL PARTIDA			242.19

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de DOUSCENTOS CORENTA E DOUS EUROS con DEZANOVE CÉNTIMOS

GOB.07.02.020		Ud	**Sinal triangular de lado 900 mm**				
			Sinal triangular de lado 900 mm e retrorreflectancia nivel RA2, mesmo poste galvanizado de sustentación,				
GMO.01.01.060	0.250	h	Oficial de primeira	x 0.50	17.64	2.21	
GMO.01.01.090	1.000	h	Peón ordinario	x 0.50	16.29	8.15	
GMQ.02.02.840	0.250	h	Retroescavadora mixta 7.6 t	x 0.50	51.10	6.39	
GMT.07.01.010	1.000	Ud	Parafusería e pezas especiais		3.00	3.00	
GMT.07.01.380	1.000	Ud	Sinal triangular lado=900 mm Clase RA2		58.43	58.43	
GMT.07.01.670	3.000	Ml	Poste 80 x 40 x 2 mm G.		13.04	39.12	
GAX.01.03.020	0.100	M3	Formigón HM-20		49.09	4.91	
				Suma da partida			122.21
				Costes indirectos	6.00%		7.33
				TOTAL PARTIDA			129.54

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de CENTO VINTE E NOVE EUROS con CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS

GOB.07.02.080		Ud	**Sinal circular de diámetro 900 mm**				
			Sinal circular de diámetro 900 mm e retrorreflectancia nivel RA2, mesmo poste galvanizado de sustentación,				
GMO.01.01.060	0.250	h	Oficial de primeira	x 0.50	17.64	2.21	
GMO.01.01.090	1.000	h	Peón ordinario	x 0.50	16.29	8.15	
GMQ.02.02.840	0.250	h	Retroescavadora mixta 7.6 t	x 0.50	51.10	6.39	
GMT.07.01.010	1.000	Ud	Parafusería e pezas especiais		3.00	3.00	
GMT.07.01.200	1.000	Ud	Sinal circular Ø=900 mm Clase RA2		100.05	100.05	
GMT.07.01.670	3.000	Ml	Poste 80 x 40 x 2 mm G.		13.04	39.12	
GAX.01.03.020	0.100	M3	Formigón HM-20		49.09	4.91	
				Suma da partida			163.83
				Costes indirectos	6.00%		9.83
				TOTAL PARTIDA			173.66

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de CENTO SETENTA E TRES EUROS con SESENTA E SEIS CÉNTIMOS

GOB.07.02.170		Ud	**Caxetín complementario dimensións 900x400 mm**				
			Caxetín complementario de dimensións 800x400 mm con nivel de retrorreflectancia RA2, incluso pezas especiais				
GMO.01.01.090	0.250	h	Peón ordinario		16.29	4.07	
GMT.07.01.650	1.000	Ud	Caxetin complementario 800 x 400 mm Clase RA2		43.75	43.75	
				Suma da partida			47.82
				Costes indirectos	6.00%		2.87
				TOTAL PARTIDA			50.69

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de CINCUENTA EUROS con SESENTA E NOVE CÉNTIMOS

CÓDIGO	CANTIDADE	UD	RESUMEN		PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
APARTADO 2.5.2 APARTADO 2.5.2. SINALIZACIÓN HORIZONTAL							
GOB.07.01.090		m	**Marca vial reflexiva branca de 10 cm (termoplástica en quente)**				
			Marca viaria reflexiva branca de 10 cm de ancho, executada con pintura termoplástica en quente e aplicación de				
GMO.01.01.090	0.500	h	Peón ordinario	x 0.00	16.29	0.03	
GMQ.07.01.060	1.000	h	Máquina pintabandas spray	x 0.00	42.05	0.17	
GMT.07.03.060	0.050	Kg	Microesferas de vidro		0.65	0.03	
GMT.07.03.090	0.070	Kg	Pintura termoplástica quente		1.45	0.10	
					Suma da partida		0.33
					Costes indirectos	6.00%	0.02
					TOTAL PARTIDA		0.35

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de ZERO EUROS con TRINTA E CINCO CÉNTIMOS

GOB.07.01.100		m	**Marca vial reflexiva branca de 15 cm (termoplástica en quente)**				
			Marca viaria reflexiva branca de 15 cm de ancho, executada con pintura termoplástica en quente e aplicación de				
GMO.01.01.090	0.500	h	Peón ordinario	x 0.00	16.29	0.03	
GMQ.07.01.060	1.000	h	Máquina pintabandas spray	x 0.00	42.05	0.17	
GMT.07.03.060	0.090	Kg	Microesferas de vidro		0.65	0.06	
GMT.07.03.090	0.140	Kg	Pintura termoplástica quente		1.45	0.20	
					Suma da partida		0.46
					Costes indirectos	6.00%	0.03
					TOTAL PARTIDA		0.49

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de ZERO EUROS con CORENTA E NOVE CÉNTIMOS

GOB.07.01.120		m	**Marca vial reflexiva branca de 40 cm (termoplástica en quente)**				
			Marca viaria reflexiva branca de 40 cm de ancho, executada con pintura termoplástica en quente e aplicación de				
GMO.01.01.060	1.000	h	Oficial de primeira	x 0.01	17.64	0.09	
GMO.01.01.090	1.000	h	Peón ordinario	x 0.01	16.29	0.08	
GMQ.07.01.060	1.000	h	Máquina pintabandas spray	x 0.01	42.05	0.21	
GMT.07.03.060	0.180	Kg	Microesferas de vidro		0.65	0.12	
GMT.07.03.090	0.290	Kg	Pintura termoplástica quente		1.45	0.42	
					Suma da partida		0.92
					Costes indirectos	6.00%	0.06
					TOTAL PARTIDA		0.98

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de ZERO EUROS con NOVENTA E OITO CÉNTIMOS

APARTADO 2.5.3 APARTADO 2.5.3. BALIZAMENTO							
GOB.07.03.300		Ud	**Baliza cilíndrica de 750 mm de altura**				
			Baliza cilíndrica de 750 mm de altura e 200 mm de diámetro, ancorada ao pavimento, totalmente colocado.				
GMO.01.01.060	0.500	h	Oficial de primeira	x 0.33	17.64	2.94	
GMO.01.01.090	1.000	h	Peón ordinario	x 0.33	16.29	5.43	
GMT.07.02.230	1.000	Ud	Baliza cilíndrica h=750 mm. Clase RA2		36.00	36.00	
					Suma da partida		44.37
					Costes indirectos	6.00%	2.66
					TOTAL PARTIDA		47.03

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de CORENTA E SETE EUROS con TRES CÉNTIMOS

CÓDIGO	CANTIDADE	UD	RESUMEN		PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
GOB.07.03.460		Ud	**Panel direccional de dimensións 160x40 cm (1 panel)**				
			Panel direccional de dimensións 80x40 cm (1 panel) e retrorreflectancia nivel RA2, incluso poste galvanizado de				
GMO.01.01.060	0.250	h	Oficial de primeira		17.64	4.41	
GMO.01.01.090	1.000	h	Peón ordinario		16.29	16.29	
GMT.07.01.670	2.000	Ml	Poste 80 x 40 x 2 mm G.		13.04	26.08	
GMT.07.02.310	1.000	Ud	Panel direccional 160 x 40 mm. Clase RA2		76.65	76.65	
GAX.01.03.020	0.150	M3	Formigón HM-20		49.09	7.36	
					Suma da partida		130.79
					Costes indirectos	6.00%	7.85
					TOTAL PARTIDA		138.64

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de CENTO TRINTA E OITO EUROS con SESENTA E CATRO CÉNTIMOS

GOB.07.03.180		Ud	**Fito kilométrico S-572 de 40x60 cm de lado**				
			Fito quilométrico S-572 de 40x60 cm de lado, mesmo poste, parafusería e cimentación, totalmente colocado.				
GMO.01.01.060	0.250	h	Oficial de primeira	x 0.50	17.64	2.21	
GMO.01.01.090	1.000	h	Peón ordinario	x 0.50	16.29	8.15	
GMT.07.01.670	2.000	Ml	Poste 80 x 40 x 2 mm G.		13.04	26.08	
GMT.07.01.770	1.000	Ud	Fito quilométrico S-572 de 40X60 cm		98.59	98.59	
GAX.01.03.020	0.050	M3	Formigón HM-20		49.09	2.45	
					Suma da partida		137.48
					Costes indirectos	6.00%	8.25
					TOTAL PARTIDA		145.73

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de CENTO CORENTA E CINCO EUROS con SETENTA E TRES CÉNTIMOS

GOB.07.03.040		Ud	**Captafaro retroreflectante a duas caras**				
			Captafaro retroreflectante a dúas caras, fixado sobre o pavimento con adhesivo de dous compoñentes, mesmo				
GMO.01.01.090	1.000	h	Peón ordinario	x 0.13	16.29	2.04	
GMT.07.02.450	1.000	Ud	Captafaro reflectante a duas caras		3.98	3.98	
GMT.07.02.460	0.040	Kg	Adhesivo 2 componentes captafaros c/ancoraxe		7.98	0.32	
					Suma da partida		6.34
					Costes indirectos	6.00%	0.38
					TOTAL PARTIDA		6.72

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de SEIS EUROS con SETENTA E DOUS CÉNTIMOS

APARTADO 2.5.4 APARTADO 2.5.4. DEFENSAS							
GOB.07.04.230		m	**Peitoril urbano** N1, W2, A, VI2				
			Metro lineal de peitoril estético urbano, de tipo monorail e tubular, con nivel de contención N1, clase de severidade A e anchura de traballo W1, segundo norma europea UNE-EN 1317-5 ou equivalente, incluídos os elementos de ancoraxe e fixación, e capaz de conter a autobuses de 13 toneladas a 50 Km/h con anchura de traballo W2 e intrusión VI2. Fabricado en aceiro e recubierto con tratamento DÚPLEX, acabado galvanizado segundo norma UNE-EN ISO 1461 ou equivalente e termolacado, color RAL-5002, formado por tubo superior de ø140x3mm e postes cada 2 m., incluido preparación da superficie, zuncho de atado,p.p. de abatimento formado por tubo				
GMO.01.01.060	0.100	h	Oficial de primeira		17.64	1.76	
GMO.01.01.090	0.200	h	Peón ordinario		16.29	3.26	
GMQ.07.01.011	0.050	h	Fincadora de poste tubular		52.47	2.62	
GMT.07.04.510	1.000	m	Peitoril urbano MU002B ou equivalente		100.44	100.44	
GMT.07.04.140	0.330	Ud	Separador estándar		3.91	1.29	
GMT.07.04.240	0.330	Ud	Xogo de parafusería para elementos de contención		1.80	0.59	
GMT.06.01.030	12.610	Kg	Barras corrugadas de aceiro soldable B500S Ø12		0.87	10.97	
GMT.07.04.122	0.050	ud	Terminal peitoril urbano		160.00	8.00	
GMT.01.02.060	0.800	M2	Taboleiro de madeira de piñeiro para 20 usos		4.10	3.28	
GAX.01.03.030	0.200	M3	Formigón HA-25/I		53.21	10.64	
GAX.01.03.020	0.100	M3	Formigón HM-20		49.09	4.91	
					Suma da partida		147.76
					Costes indirectos	6.00%	8.87
					TOTAL PARTIDA		156.63

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de CENTO CINCUENTA E SEIS EUROS con SESENTA E TRES CÉNTIMOS

CÓDIGO	CANTIDADE	UD	RESUMEN		PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
SUBCAPÍTULO 2.6 SUBCAPÍTULO 2.6. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA							
APARTADO 2.6.1 APARTADO 2.6.1. MEDIDAS CORRECTORAS							
OE.MC.1		PA	Acondicionamento de parque de maquinaria				
			Partida alzada de abono íntegro para o acondicionamento do parque de maquinaria, segundo o anexo de Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística, conexión ata a balsa de decantación, incluso posterior				
			Sin descomposición				200.00
			Costes indirectos.....		6.00%		12.00
			TOTAL PARTIDA.....				212.00
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de DOUSCENTOS DOCE EUROS							
OE.MC.2		PA	Medidas de protección do sistema hidrolóxico				
			Partida alzada de abono íntegro para medidas de protección do sistema hidrolóxico segundo o Anexo de				
			Sin descomposición				300.00
			Costes indirectos.....		6.00%		18.00
			TOTAL PARTIDA.....				318.00
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de TRESCENTOS DEZAOITO EUROS							
OE.MC.3		PA	Medidas de protección atmosférica				
			Partida alzada de abono íntegro para medidas de protección atmósferica segundo o Anexo de Ordenación				
			Sin descomposición				200.00
			Costes indirectos.....		6.00%		12.00
			TOTAL PARTIDA.....				212.00
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de DOUSCENTOS DOCE EUROS							
APARTADO 2.6.2 APARTADO 2.6.2. PROXECTO DE RESTAURACIÓN PAISAXÍSTICA							
GMA.01.01.120		M2	Sementa natural a bato				
			Siembra manual a voleo a base de 25 g/m2 de especies gramíneas y/o leguminosas en terrenos de pendiente				
GMO.01.01.050	0.250	h	Capataz	x 0.05	17.80	0.22	
GMO.01.01.080	1.000	h	Peón especialista	x 0.05	16.61	0.83	
GMT.01.03.010	0.100	M3	Auga		0.65	0.07	
GMT.08.04.010	0.030	Kg	Semente mestura de pratenses		3.20	0.10	
GMT.08.04.050	0.100	Kg	Abono orgánico		0.35	0.04	
			Suma da partida				1.26
			Costes indirectos.....		6.00%		0.08
			TOTAL PARTIDA.....				1.34
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de UN EUROS con TRINTA E CATRO CÉNTIMOS							
SUBCAPÍTULO 2.7 SUBCAPÍTULO 2.7. OBRAS COMPLEMENTARIAS							
APARTADO 2.7.1 APARTADO 2.7.1. ILUMINACIÓN							
GSA.03.01.110		m	Canalización 2 tubos corr. PE p/electr. Ø=90 mm				
			Tubo de polietileno de dobre parede (interior lisa e exterior corrugada), de Ø=90 mm con resistencia á compresión 450 N, para uso eléctrico. Colocado sobre cama de area de 10 cm., rasanteo da mesma, colocación da tubaxe, recheo de area de 15 cm, inluido selado de xuntas, subministración, transporte a obra, material auxiliar e				
GMO.01.01.050	0.050	h	Capataz	x 0.10	17.80	0.09	
GMO.01.01.060	1.000	h	Oficial de primeira	x 0.10	17.64	1.76	
GMO.01.01.080	1.000	h	Peón especialista	x 0.10	16.61	1.66	
GMT.13.03.020	2.000	Ml	Tubo corr. PVC Ø=90 mm		1.38	2.76	
GMT.05.02.210	0.025	T	Area lavada		8.70	0.22	
			Suma da partida				6.49
			Costes indirectos.....		6.00%		0.39
			TOTAL PARTIDA.....				6.88
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de SEIS EUROS con OITENTA E OITO CÉNTIMOS							

CÓDIGO	CANTIDADE	UD	RESUMEN	PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
GSA.03.01.130		Ud	Arqueta de formigón prefabricada de 40x40 cm			
			Arqueta de formigón prefabricada de dimensións interiores 40x40 cm, con tapa prefabricada de formigón ou reixa			
GMO.01.01.050	0.050	h	Capataz	17.80	0.89	
GMO.01.01.060	1.000	h	Oficial de primeira	17.64	17.64	
GMQ.02.02.840	0.100	h	Retroescavadora mixta 7.6 t	51.10	5.11	
GMQ.02.02.850	0.050	h	Camión guindastre	57.20	2.86	
GMT.01.02.020	0.010	dm3	Material de selado	84.03	0.84	
GMT.04.04.280	1.000	Ud	Tapa/Marco cadrada HM 40X40	18.90	18.90	
GMT.04.04.200	1.000	Ud	Arqueta prefabricada de formigón de 40x40 cm	18.90	18.90	
			Suma da partida			65.14
			Costes indirectos.....	6.00%		3.91
			TOTAL PARTIDA			69.05
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de SESENTA E NOVE EUROS con CINCO CÉNTIMOS						
GSA.03.01.900		ud	Proxector LED orientado 28 W Tipo HR-24S ou equivalente			
			Proxector LED orientado 28W Tipo HR-24S ou equivalente, de corpo pechado con carcasa e marco en aceiro inoxidable e chasis en aluminio mecanizado e anodizado, regulación da inclinación entre 0º e 90º, grado de protección IK-08/010 IP68, Clase II, con lámpada de LED 28W, fluxo lumínico Lm = 4099, Temperatura Cor 2700 -			
GMO.01.01.050	0.050	h	Capataz	17.80	0.89	
GMO.01.01.080	1.000	h	Peón especialista	16.61	16.61	
GMQ.02.02.850	0.500	h	Camión guindastre	57.20	28.60	
ILU.900	1.000	ud	Proxector LED orientado 28W Tipo HR-24S ou equivalente	300.00	300.00	
			Suma da partida			346.10
			Costes indirectos.....	6.00%		20.77
			TOTAL PARTIDA			366.87
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de TRESCENTOS SESENTA E SEIS EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS						
GSA.03.01.910		ud	Proxector LED lineal 12W Tipo HL-10S ou equivalente			
			Proxector LED lineal 12W Tipo HL-10S ou equivalente, de corpo pechado con carcasa e marco en aluminio mecanizado e anodizado, grado de protección IK-08/10 IP68, Clase II, con lámpada de LED 12W, fluxo lumínico			
GMO.01.01.050	0.050	h	Capataz	17.80	0.89	
GMO.01.01.080	1.000	h	Peón especialista	16.61	16.61	
GMQ.02.02.850	0.500	h	Camión guindastre	57.20	28.60	
ILU.910	1.000	ud	Proxector lineal LED 12W Tipo HL-10S ou equivalente	300.00	300.00	
			Suma da partida			346.10
			Costes indirectos.....	6.00%		20.77
			TOTAL PARTIDA			366.87
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de TRESCENTOS SESENTA E SEIS EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS						
CAPÍTULO 03 CAPÍTULO 3. VARIOS						
3.1		PA	Limpeza e remate das obras			
			Partida Alzada para limpeza e remate das obras			
			Sin descomposición			1,800.00
			Costes indirectos.....	6.00%		108.00
			TOTAL PARTIDA			1,908.00
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de MIL NOVECENTOS OITO EUROS						

CÓDIGO	CANTIDADE	UD	RESUMEN	PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
CAPÍTULO 04 CAPÍTULO 4. XESTIÓN DE RESIDUOS						
4.1		u	Xestión de Residuos Xestión de Residuos, segundo o estudo e a estimación incluída no anexo correspondente			
			Sin descomposición			18,911.67
			Costes indirectos		6.00%	1,134.70
			TOTAL PARTIDA			20,046.37

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de VINTE MIL CORENTA E SEIS EUROS con TRINTA E SETE CÉNTIMOS

CÓDIGO	CANTIDADE	UD	RESUMEN	PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
CAPÍTULO 05 CAPÍTULO 5. SEGURIDADE E SAÚDE						
5.1		u	Seguridade e Saúde Seguridade e Saúde, segundo o estudo incluido no anexo correspondente			
			Sin descomposición			15,317.92
			Costes indirectos		6.00%	919.08
			TOTAL PARTIDA			16,237.00

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de DEZASEIS MIL DOUSCENTOS TRINTA E SETE EUROS

ANEXO Nº 26
ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL 2

3 ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN 2

4 VIXILANCIA AMBIENTAL 2

5 VIXILANCIA PATRIMONIAL 2

6 EXPROPIACIÓNS E BENS AFECTADOS 3

7 SERVICIOS AFECTADOS 3

8 ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN 3

1 OBXECTO

O presente anexo ten por obxecto presentar un breve resumo do Orzamento do proxecto: "SENDAS NA AC-552. TREITOS: 34+400-34+860 E 44+300-45+080".

O Orzamento completo desenvólvese no Documento NºIV: Orzamento.

2 ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL

O Orzamento da obra dividiuse nos seguintes capítulos:

1. TRAMO 34+400 - 34+860
2. TRAMO 44+300 - 45+080
3. VARIOS
4. XESTIÓN DE RESIDUOS
5. SEGURIDADE E SAÚDE

A distribución do orzamento nos seguintes capítulos, segundo as medicións e prezos de todas as unidades de obra que interveñen no proxecto, móstrase na seguinte táboa:

1	CAPÍTULO 1. TRAMO 34+400 - 34+860	238.148,42 €	48,18 %
2	CAPÍTULO 2. TRAMO 44+300 - 45+080	210.450,45 €	43.86 %
3	CAPÍTULO 3. VARIOS	1.908,00 €	0,40 %
4	CAPÍTULO 4. XESTIÓN DE RESIDUOS	20.046,37 €	4,18 %
5	CAPÍTULO 5. SEGURIDADE E SAÚDE	16.237,00 €	3,38 %
	ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	**479.790,24 €**	**100 %**

Táboa 1. Organización e importe por Capítulos

Ascende o ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL a CATROCENTOS SETENTA E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA EUROS con VINTE E CATRO CÉNTIMOS(479.790,24 €).

3 ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O Orzamento Base de Licitación obtense como a suma do incremento do Orzamento de Execución Material das obras nun 13 % de Gastos Xerais e un 6 % de Beneficio Industrial, de acordo coa lexislación vixente:

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL, O.E.M.	479.790,24 €
GASTOS XERAIS, G.G. (13% DO O.E.M.)	62.372,73 €
BENEFICIO INDUSTRIAL, B.I. (6% DO O.E.M.)	28.787,41 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (TOTAL O.E.M. + G.G. + B.I.) sen IVE	**570.950,38 €**

Ascende a ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN sen IVE a CINCOCENTOS SETENTA MIL NOVECENTOS CINCUENTA EUROS con TRINTA E OITO CÉNTIMOS (570.950,38 €).

A este Orzamento Base de Licitación engadiráselle un 21% de IVE, resultando nun importe total das obras do proxecto segundo o reflectido na seguinte táboa:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	570.950,38 €
IVE (21 % DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN)	119.899,58 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	**690.849,96 €**

Ascende o ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN a SEISCENTOS NOVENTA MIL OITOCENTOS CORENTA E NOVE EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (690.849,96 €).

4 VIXILANCIA AMBIENTAL

Segundo se reflicte no Anexo nº 16. Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística, o conxunto das actuacións de Vixilancia Ambiental ascende á cantidade de SEIS MIL CATROCENTOS EUROS (6.400,00 €) SEN IVE.

5 VIXILANCIA PATRIMONIAL

Segundo se reflicte no Anexo nº 16. Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística, o conxunto das actuacións de Vixilancia Patrimonial ascende á cantidade de MIL EUROS (1.000,00 €) SEN IVE.

6 EXPROPIACIÓNS E BENS AFECTADOS

As actuacións previstas neste proxecto implican, nalgunhas zonas, a ocupación de terreos, tomando como limite de expropiación, en caso de ser preciso, a liña de derrame dos noiros, incrementada nun metro. Non obstante, nas zonas nas que existen peches ou beirarrúas en terreos con pouco desnivel, decidiuse facer coincidir a nova liña de expropiación coa de ocupación.

No Anexo nº 21. Expropiacións figura a valoración detallada dos bens afectados e dos terreos que será necesario ocupar para executar as obras, sendo a cantidade total de CATRO MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CICUENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.889,59 €) SEN IVE.

7 SERVIZOS AFECTADOS

Segundo se reflicte no Anexo nº 22. Reposición de Servicios, as obras proxectadas afectan a distintos tipos de servicios, tanto da Administración Pública como de titularidade privada. Neste sentido, os servicios de titularidade privada deben ser incluídos no Orzamento para Coñecemento da Administración como unha partida aparte.

Deste xeito, considerase a reposición dos servizos afectados de titularidade privada, neste caso da compañía subministradora da enerxía eléctrica, por un valor de DOUS MIL SETECENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (2.736,06 €) SEN IVE.

8 CONTROL DE CALIDADE

Segundo se reflicte no Anexo nº 28. Valoración de Ensaios, os ensaios de contraste considerados supoñen unha porcentaxe do 3,1 %, superior ao 1 %, polo que será preciso considerar o importe que excede ao 1 % como compoñente do Orzamento para Coñecemento da Administración.

Deste xeito, considerando o Orzamento de Execución Material e o 1 % do mesmo (4.797,90 €) e o importe que se reflicte no devandito anexo para ensaios de contraste (14.895,00 €), o importe a engadir será de DEZ MIL NOVENTA E SETE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS(10.097,10 €)

9 ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

Unha vez obtido o Orzamento Base de Licitación, ao cal é preciso engadir o 21 % de IVE, o Orzamento para Coñecemento da Administración é a suma deste valor máis as expropiacións, a reposición de servicios afectados por parte das compañías, o Plan de Vixilancia Ambiental e o Plan de Vixilancia Patrimonial:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	690.849,96 €
EXPROPIACIÓNS	4.889,59 €
REPOSICIÓN DE SERVICIOS AFECTADOS (COMPAÑIAS)	2.736,06 €
PLAN DE VIXILANCIA AMBIENTAL	6.400,00 €
PLAN DE VIXILANCIA PATRIMONIAL	1.000,00 €
CONTROL DE CALIDADE	10.097,10 €
ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN	**715.972,71 €**

Ascende o ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN a SETECENTOS QUINCE MIL NOVECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (715.972,71 €).

ANEXO Nº 27
FORMULA DE REVISIÓN DE PREZOS

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 NORMATIVA 2

1 OBXECTO

O obxecto do presente anexo é establecer a pertinencia e o procedemento de revisión de prezos no caso de que sexa necesaria tal operación debido á execución das obras.

2 NORMATIVA

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; establece no seu artigo 103, no Título III, Capítulo II, Revisión de prezos nos contratos das entidades do Sector Público, o seguinte:

"1. Os prezos dos contratos do sector público só poderán ser obxecto de revisión periodica e predeterminada nos termos establecidos neste Capítulo.

Salvo nos contratos non suxeitos a regulación armonizada aos que se refire o apartado 2 do artígo 19, non caberá revisión periodica non predeterminada ou non periodica dos prezos dos contratos.

Entenderase por prezo calquera retribución ou contraprestación económica do contrato, ben sexan aboadas pola Administración ou polos usuarios.

2. Previa xustificación no expediente e de conformidade co previsto no Real Decreto ao que se refiren os artigos 4 e 5 da Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, a revisión periódica e predeterminada de prezos só se poderá levar a cabo nos contratos de obra, nos contratos de subministros de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas, nos contratos de subministro de enerxía e naqueles outros contratos nos que o período de recuperación da inversión sexa igual ou superior a cinco anos. Dito período calcularase conforme ao disposto no Real Decreto anteriormente citado.

Non se considerarán revisables en ningún caso os custes asociados ás amortizacións, os custes financeiros, os gastos xerais ou de estrutura nin o beneficio industrial. Os custes da man de obra dos contratos distintos aos de obra, subministro de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas, revirasaranse cando o período de recuperación da inversión sexa igual ou superior a cinco anos e a intensidade no uso do factor traballo sexa considerada significativa, de acordo cos supostos e límites establecidos no Real Decreto (...)"

Polo tanto, e en base ao devandito artigo da Lei de Contratos do Sector Público, os prezos enténdense como fixos e non son susceptibles de revisión.

ANEXO Nº 28
VALORACIÓN DE ENSAIOS

ÍNDICE

1 OBXECTO 2

2 INTRODUCIÓN 2

3 NORMATIVA APLICADA 2

4 DESCRICIÓN DAS OBRAS 2

5 CONDICIÓNS PARA A REALIZACIÓN DOS ENSAIOS 3

5.1 SUBMINISTRO 3

5.2 IDENTIFICACIÓN E RECEPCIÓN. EXAME E ENSAIO 3

5.3 TOMA DE MOSTRAS 4

5.4 IDENTIFICACIÓN DAS MOSTRAS 4

5.5 REALIZACIÓN DE ENSAIOS 4

5.6 DECISIÓNS DERIVADAS DO PROCESO DE CONTROL 4

5.7 ACTAS DE RESULTADOS 5

5.8 INFORMES MENSUAIS 5

5.9 INFORME FINAL 5

6 UNIDADES OBXECTO DE CONTROL 5

6.1 CONTROL DE REFORMULO DAS OBRAS 5

6.2 MOVEMENTO DE TERRAS 6

6.2.1 ESCAVACIÓNS 6

6.2.2 RECHEOS 6

6.3 FIRMES E PAVIMENTOS 6

6.3.1 REGAS DE IMPRIMACIÓN E ADHERENCIA 6

6.3.2 MESTURAS BITUMINOSAS EN QUENTE 6

6.4 TUBARIAS 7

6.5 FORMIGÓNS 7

6.5.1 ÁRIDOS PARA FORMIGÓN 7

6.5.2 CEMENTO 7

6.5.3 OUTROS COMPOÑENTES DO FORMIGÓN 7

6.6 ACEIROS 8

6.7 INSTALACIÓNS 8

6.7.1 INSTALACIÓN ELÉCTRICA E ALUMEADO PÚBLICO 8

6.8 SINALIZACIÓN 8

6.8.1 SINALIZACIÓN HORIZONTAL 8

6.8.2 SINALIZACIÓN VERTICAL 8

6.9 ENSAIOS IMPREVISTOS 8

7 ORZAMENTO 9

8 DOCUMENTACIÓN ANEXA 9

1 OBXECTO

O presente anexo ten por obxecto establecer unha relación valorada dos distintos ensaios e as medidas necesarias para realizar un control efectivo da calidade na execución deste proxecto.

A relación de ensaios e probas descritas neste anexo de control de calidade se refiren ás principais unidades de obra e consideraranse como mínimas.

2 INTRODUCIÓN

Durante a execución das obras levaranse a cabo tres actuacións diferenciadas de control de calidade, que serán:

- Control de materiais e equipos
- Control de execución.
- Probas finais de servicios

A Dirección de Obra, en vista aos resultados obtidos nos distintos ensaios e probas, a súa apreciación, á non conformidade cos materiais ou as operacións, ou ao emprego de novas unidades de obra; sinalará as modificacións deste programa.

O contratista solicitará e contratará a realización dos ensaios, análises e probas a un laboratorio homologado, previamente aceptado pola Dirección Técnica da Obra, sendo de aplicación, con respecto á Cláusula 38 do PCAG do Estado.

Os materiais que non cumpran as condicións serán retirados e reemprazados a súa costa polo contratista.

Como resultado deste anexo obtense unha relación valorada de ensaios a realizar para as obras proxectadas, que servirán para establecer un Plan de Control de Calidade durante a súa execución, en función das necesidades técnicas definitivas das obras, establecidas pola Dirección de Obra.

3 NORMATIVA APLICADA

Para a redacción do presente anexo tivéronse en conta as instrucións e normais actualmente vixentes, tanto as citadas directamente a continuación, como aquelas de superior rango as que as mesmas remiten:

- Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3), incluíndo todos os artigos actualizados desde a OC 292/1986 T ata a orde FOM/2523/2014.
- Recomendacións para o control de calidade das obras de estradas. Dirección Xeral de Estradas.
- MOPU 1987.
- O Real Decreto 1247/2008, do 18 de xullo, polo que se aproba a “Instrución de formigón estrutural (EHE-08)”
- UNE. Unha Norma Española, emitida ou citada expresamente en Decretos ou Normais (O.C.) “Obrigado cumprimento”, tanto en metodoloxía como especificacións.
- NLT. Normas do Centro de Experimentación de Obras Públicas (CEDEX), antes “Laboratorio do transporte”.
- ASTM. American Society for Testing and Materials.
- Normas ISO: International Standards for Business.

En xeral cantas prescricións figuren nos Regulamentos, Normas e Instrucións oficiais que garden relación coas obras do presente Proxecto.

4 DESCRICIÓN DAS OBRAS

As obras proxectadas consisten na execución de sendas peonís, con posible compatibilidade co tránsito ciclista, en dous tramos da estrada AC552 ao seu paso polo termo municipal de Coristanco.

A continuación, sinálanse as principais características das obras.

As obras localízanse na estrada AC552 no Concello de Coristanco, divididas en dous treitos:

- TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860
- TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

O TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860 localizase no núcleo de Montecelo (Coristanco), proporcionando continuidade á senda Carballo – Bértoa xa proxectada e continuando ao longo da marxe esquerda da estrada AC552 ata a beirarrúa existente no entorno do Centro Comercial Carrefour e a súa glorieta de acceso, estendendo deste xeito a actuación ata o PK 34+925.

O TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080 localizase no núcleo de Agolada, proporcionando continuidade ás beirarrúas existentes no mesmo ata a vía de acceso ao Cemiterio de Agrillos, e atravesando no seu percorrido sobre a ponte do Río Calvar.

A continuación, describirase de xeito detallado as obras obxecto deste proxecto.

TREITO 1. PK . 34+400 - 34+860

Respecto ao Treito 1, o presente proxecto consiste na execución dunha senda peonil entre o PK34+400 e o PK34+860 pola marxe esquerda da estrada AC552 no termo municipal de Coristanco. O punto de partida é ao final da senda xa proxectada entre Carballo e Bértoa, tras o seu entronque coas beirarrúas existentes no núcleo de Montecelo. Deste xeito, un primeiro tramo consistirá na mellora das beirarrúas existentes no devandito núcleo, incrementando o seu ancho e executando unha nova pavimentación. A implantación desta senda implicará distintas actuacións de homoxeneización das beirarrúas existentes, e o estendido de novas canalizacións de servizos e de drenaxe das pluviais, ademais suporá a redución parcial da beiravía actual, deixando alúmenos un ancho de 1 m.

Un segundo tramo comeza ao finalizar a zona de beirarrúas existentes na actualidade, interrompidas en gran medida pola presenza dun muro de pedra que delimita unha parcela, e que posúe un trazado en curva. Este muro de pedra limita considerablemente o espazo existente para a implantación dunha senda peonil, sobre todo nos seus primeiros metros, ademais de

condicionar considerablemente a seguridade vial, xa que o trazado en curva presenta notables deficiencias en canto a este aspecto e a visibilidade, en particular no punto de inicio. Por este motivo, o proxecto contempla unha actuación máis complexa de acondicionamento da curva, coa finalidade de incrementar a súa visibilidade e seguridade, sobre todo para os peóns, empregando o espazo de dominio público viario existente. Deste xeito, esta actuación implicará o retranqueo e traslado do muro de pedra actual, coa finalidade de acondicionar a curva, mediante unha certa rectificación da mesma, incrementando o seu radio de curvatura.

Un terceiro comeza ao finalizar o muro de pedra anterior e mantendo unha aliñación sensiblemente recta, no cal a explanada da estrada AC552 situase nunha cota de aproximadamente 2 m superior ao espazo circundante, unha zona baixa de brañas frecuentemente asolagada e que está delimitada por unha serie de árbores. Neste caso, a senda proposta deberá ocupar tanto parte da beiravía como do noiro, sempre dentro do dominio publico viario, coa finalidade de garantir o ancho suficiente para a seguridade e comodidade dos peóns, polo que será preciso realizar un pequeno muro, de altura inferior aos 1,5 m, para proporcionar o espazo suficiente para a explanada da senda.

Un cuarto, e último tramo, e a partir do cruce dunha pista municipal e do PK 34+855 e ata o PK. 34+925, proxectase unha senda peonil mediante a renovación das beirarrúas existentes na actualidade, realizando a ampliación da plataforma no caso de que o ancho das mesmas sexa inferior a 2,00 m, coa finalidade de garantir cumprimento da normativa de accesibilidade. Non obstante, naqueles puntos que pola súa configuración non se poida acadar esta dimensión, asegurase un ancho mínimo de 1,50 m. No caso de ser necesaria e posible a ampliación da plataforma realizase dentro do espazo delimitado como de titularidade pública. Por outra banda, a extensión da senda peonil ata a glorieta de acceso ao Centro Comercial Carrefour implica a súa continuidade polo vía de acceso á mesma ata un punto no que se poida implantar un paso de peóns coa suficiente seguridade e comodidade.

TREITO 2. PK. 44+300 - 45+080

Respecto ao Treito 2, o presente proxecto consiste na execución dunha senda peonil entre os PK44+300 e PK45+080 pola marxe dereita da estrada AC552 entre o final do núcleo de Agolada ata a pista de acceso ao Cemiterio de Agrillos no termo municipal de Coristanco. Esta senda peonil pode dividirse en tres tramos claramente diferenciados en canto ós seus condicionantes.

Un primeiro tramo comeza no remate das beirarrúas existentes no núcleo de Agolada, onde a senda poderase apoiar nun amplo espazo existente entre unha ancha cuneta transitable e o noiro existente. Non obstante na súa zona final, o ancho redúcese notablemente polo que será preciso empregar unha solución de cuneta transitable, xa que nin existe beiravía suficiente nin o noiro existente permite un posible incremento sen poñer en cuestión a súa seguridade.

Un segundo tramo apoiarase na ponte sobre o Río Calvar existente na actualidade, o cal ten un trazado en curva aproveitando uns longos pontóns ou estribos. Deste xeito, durante unha lonxitude de aproximadamente 150 m a senda peonil implantarse mediante un voladizo apoiado na ponte actual.

Un terceiro tramo comeza ao finalizar a ponte sobre o Río Calvar ata a pista de acceso ao Cemiterio de Agrillos. Tratase dun tramo de moi baixa pendente e no cal a senda peonil poderá na súa maior parte apoiarse sobre a cuneta existente, garantindo obviamente a correcta drenaxe das pluviais.

5 CONDICIÓNS PARA A REALIZACIÓN DOS ENSAIOS

5.1 SUBMINISTRO

Todos os materiais que se utilicen na obra deberán cumprir as condicións que se establecen no Prego de Prescricións Técnicas do Proxecto e ser aprobados pola Dirección de Obra. Para iso, todos os materiais que se propoñan deberán ser examinados e ensaiados para a súa aceptación.

Os materiais non incluídos no Prego de Prescricións Técnicas do Proxecto serán de calidade adecuada ao uso a que se destinen. Débense presentar neste caso as mostras, informes e certificados dos fabricantes que se consideren necesarios. Se a información e garantías oficiais non se consideran suficientes, a Dirección de Obra ordenará a realización doutros ensaios, recorrendo se é necesario a laboratorios especializados.

O Contratista estará en consecuencia obrigado a informar á Dirección de Obra sobre as procedencias dos materiais que vaian ser utilizados para que se poidan realizar os ensaios oportunos.

Co fin de garantir a calidade de materiais, elementos e equipos para a construción da obra realizarase a adecuada inspección en orixe, entendendo como tal a supervisión dos procesos de traballo dos subministradores nos seus talleres respectivos de forma tal que soamente poidan incorporarse á instalación aqueles materiais, elementos e equipos que cumpran estritamente os requisitos de calidade esixidos.

A aceptación dun material nun certo momento non será obstáculo para que o mesmo material poida ser rexeitado máis adiante se se lle atopase algún defecto de calidade ou uniformidade.

5.2 IDENTIFICACIÓN E RECEPCIÓN. EXAME E ENSAIO

Todos os materiais chegarán á obra identificados e en perfectas condicións para o seu emprego. Para iso, serán transportados en vehículos mecánicos adecuados para cada clase de material que, ademais de cumprir todas as disposicións legais referentes ao transporte, estarán provistos dos elementos que se precisen para evitar calquera alteración do material transportado.

As operacións de carga e descarga efectuaranse de forma que non produzan deterioración nos materiais ou nos envases.

Os materiais almacenaranse asegurando a conservación das súas características e aptitudes para o seu emprego en obra e de forma que se facilite a súa inspección, utilizando, se é necesario, plataformas adecuadas, cobertizos ou edificios provisionais para a protección daqueles materiais que o requiran.

Establecerase a pé de obra a almacenaxe ou ensilado dos materiais coa suficiente capacidade e disposición adecuada, en orde a asegurar non só que é posible atender o ritmo previsto da obra, senón tamén verificar o control de calidade dos materiais co tempo necesario para que sexan coñecidos os resultados dos ensaios antes do seu emprego.

5.3 TOMA DE MOSTRAS

A toma de mostras será preceptiva en tódolos materiais cuxa recepción mediante ensaios se estableza na programación do control e naqueles que, durante a marcha da obra, considere a Dirección Facultativa.

Realizarase ao azar pola Dirección Facultativa, a cal poderá delegar en persoal do laboratorio acreditado, podendo estar presente o construtor ou persoa delegada por este.

O procedemento de mostraxe realizarase de acordo coa normativa de cada produto e en cantidade suficiente para a realización dos ensaios e contraensaios.

Todas as mostras conservaranse con garantías de inalterabilidade: baixo cuberta, protexidas da humidade do chan, ao abrigo da intemperie e o máis illadas posible de calquera maltrato. Estas medidas adoptaranse especialmente no caso de conglomerantes e moi especialmente nas mostras de formigón, que necesariamente deberán conservarse en obra polo menos 24 horas.

O construtor deberá aportar os medios adecuados que garantan a conservación nos termos indicados e encargarase da súa custodia.

Cando se reciba en obra un material con algún certificado de garantía, como; marca de calidade (AENOR, AITIM, CIETSID, etc.), ou homologación polo MICT, que teña que vir acompañado por un certificado de ensaios como é obrigatorio nos aceiros e cementos, o construtor entregará á Dirección Facultativa os documentos acreditativos para obrar en consecuencia.

No caso dos cementos, cada partida deberá chegar acompañada do certificado de garantía do fabricante.

5.4 IDENTIFICACIÓN DAS MOSTRAS

Todas as mostras estarán identificadas facéndose constar os seguintes puntos:

- Denominación do produto.
- Nome do fabricante ou marca comercial.
- Data de chegada a obra.
- Denominación da partida ou lote que corresponde a mostra.
- Nome da obra.
- Número de unidades ou cantidade, en masa ou volume que constitúe a mostra.
- Farase constar se ostenta selo, ten homologación ou lle acompaña algún certificado de ensaios.

5.5 REALIZACIÓN DE ENSAIOS

Unha vez fixada a procedencia dos materiais, a súa calidade comprobarase mediante ensaios cuxo tipo e frecuencia se especifican e fixan polo equipo de Control.

Cando non se cite explicitamente o tipo de ensaio e/ou frecuencia, serán os que se determinen de acordo coa Dirección de Obra feita consideración da Lexislación e Normativa Oficial correspondente.

Os ensaios e probas realizados aos materiais, elementos, compoñentes e equipos, terán como fin demostrar o cumprimento cos requisitos de deseño e funcionamento e/ou comportamento adecuado cando se poñan en servicio. Débese actuar e controlar os seguintes campos:

- Ensaios sistemáticos da calidade de obra executada, de acordo cos tipos de ensaios e frecuencia fixada.
- Ensaios para a recepción de materiais en obra antes de ser aceptados como válidos.
- Estudo das fórmulas de traballo de chans estabilizados, formigóns e mesturas asfálticas e das áreas de ensaio que proporcionen a información necesaria para a execución dos recheos.
- Control das plantas de fabricación de formigóns e aglomerados.
- Control de subministracións.
- Ensaios para a avaliación das condicións operacionais dos equipos e recomendacións de controis de supervisión.
- Ensaios de montaxes e control de equipos montados.
- Execución de ensaios para a recepción parcial das obras con vistas a súa aceptación.
- Control das instalacións do Contratista se houbese e calibración de aparellos e análises de datos.
- Outros aplicables, levaranse a cabo en cada caso, de acordo cun “Procedemento de Probas e Ensaios”, que formará parche do Plan de Control de Calidade e que será sometido á aprobación da Dirección de Obra.

Todas as probas e ensaios deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estarán debidamente documentados en procedementos e instrucións.
- Faranse nas fases definidas no Plan de Control de Calidade aplicable.
- Nos casos necesarios, serán supervisados pola Dirección de Obra.
- Utilizaranse equipos, instalacións, e instrumentos homologados, controlados e calibrados de acordo con procedementos aprobados.
- Serán realizados por persoal especializado e debidamente cualificado.
- Da súa realización derivarase a correspondente constancia documental.

5.6 DECISIÓNS DERIVADAS DO PROCESO DE CONTROL

En caso de control non estatístico ou non ao cento por cento, cuxos resultados sexan non conformes, e antes do rexeitamento do material, a Dirección Facultativa poderá pasar a realizar un control estatístico ou ao cento por cento, coas mostras conservadas en obra.

A aceptación dun material ou o seu rexeitamento por parte da Dirección Facultativa, así como as decisións adoptadas como demolición, reforzo ou reparación, deberán ser acatadas polo promotor ou construtor.

Ante os resultados de controis non satisfactorios, e antes de tomar a decisión de aceptación ou rexeitamento, a Dirección Facultativa poderá realizar os ensaios de información ou probas de servicio que considere oportunos.

5.7 ACTAS DE RESULTADOS

O Laboratorio acreditado que realice os ensaios correspondentes a cada un dos materiais citados neste Plan de Control, emitirá unha acta de resultados cos datos obtidos neles, contendo ademais a seguinte información:

- Nome e dirección do Laboratorio de Ensaios.
- Nome e dirección do Cliente.
- Identificación da obra ou precisión de a quen corresponde o material analizado co seu número de expediente.
- Definición do material ensaiado.
- Data de recepción da mostra, data de realización dos ensaios e data de emisión do Informe de Ensaio.
- Identificación da especificación ou método de ensaio.
- Identificación de calquera método de ensaio non normalizado que se utilizou.
- Calquera desviación do especificado para o ensaio.
- Descrición do método de mostraxe se así é especificado pola normativa vixente ou polo Peticionario.
- Identificación de se a mostra para o ensaio recolleuse en obra ou foi entregada no Laboratorio.
- Indicación das incertidumes dos resultados, nos casos que se dean.
- Firma do Xefe de Área correspondente, constatando titulación e visto bo do Director do Laboratorio.

5.8 INFORMES MENSUAIS

A final de cada mes, mentres dure a Obra, o Laboratorio emitirá un informe resume dos traballos realizados nese período que conterá a seguinte información:

- Resumo dos ensaios realizados en obra durante ese mes.
- Interpretación dos resultados en canto ao seu cumprimento coas especificacións da Normativa actual ou co Prego de Prescricións Técnicas Particulares do Proxecto.
- Cantas observacións se puideran derivar do cumprimento do Plan de Control ou outras que se crean oportuno sobre o desenvolvemento do Control de Calidade.

5.9 INFORME FINAL

De igual modo, e ao finalizar a execución da Obra, emitirase por parte do Laboratorio un informe resume contendo a mesma información que os anteriores, pero xa dunha forma global en canto ao cumprimento e seguimento do Plan de Control.

- Resumo dos ensaios realizados en obra.
- Interpretación dos resultados en canto ao seu cumprimento coas especificacións da Normativa actual ou co Prego de Prescricións Técnicas Particulares do Proxecto.
- Cantas observacións se puideran derivar do cumprimento do plan de control e outras que se crean oportunas sobre o desenvolvemento do plan de calidade.

6 UNIDADES OBXECTO DE CONTROL

Realizaranse ensaios para controlar as unidades de obra correspondentes a:

- Control de reformulo das obras
- Movemento de terras
- Firmes e Pavimentos
- Tubarias
- Formigóns
- Aceiros
- Instalacións e Servizos
- Sinalización
- Ensaios imprevistos

Este índice trata de abarcar o maior número de unidades de obra que desenvolve este Proxecto, así como as máis representativas do mesmo. No caso de que a Dirección Facultativa o considere necesario, poderanse incluír dentro do Control de Calidade novos ensaios de control para as unidades que se incorporen.

6.1 CONTROL DE REFORMULO DAS OBRAS

O control de reformulo das obras realizarase antes da firma da Acta de Reformulo. Durante dito control deberanse comprobar como mínimo os seguintes puntos de carácter xeral:

- Dispoñibilidade dos terreos da zona, prestando especial interese a límites e franxas exteriores de terreos afectados.
- Comprobación das conexións coa vialidade existente (posibles cambios de rasante na conexión).
- Comprobación en planta das dimensións.
- Comprobación das rasantes.
- Comprobación da posible existencia de servicios afectados que poidan comprometer a execución das obras e que non se tiveron en conta na realización do proxecto.
- Comprobación dos puntos de desaugadoiro do sistema de drenaxe.

- Compatibilidade cos sistemas xerais.
- Sinalización de elementos existentes a conservar.

6.2 MOVEMENTO DE TERRAS

6.2.1 ESCAVACIÓNS

Tanto para a escavación en desmonte como para a escavación en gabia, levará a cabo o control xeométrico da escavación, coidando que quede saneado o fondo da mesma.

O fondo da escavación quedará refinado e compactado.

6.2.2 RECHEOS

Os materiais a empregar en recheos tipo terraplén serán, con carácter xeral, chans ou materiais locais que se obterán das escavacións realizadas en obra, ou que se autoricen polo Director das obras.

Os criterios para conseguir un recheo tipo terraplén que teña as debidas condicións irán encamiñados a empregar os distintos materiais, segundo as súas características, nas zonas máis apropiadas da obra, e segundo as normas habituais de boa práctica nas técnicas de posta en obra.

En todo caso, utilizaranse materiais que permitan cumprir as condicións básicas seguintes:

- Posta en obra en condicións aceptables.
- Estabilidade satisfactoria da obra.
- Deformacións tolerables a corto e longo prazo, para as condicións de servizo definidas en proxecto

Comprobarase que o material cumpre co establecido no PPTP da obra, tanto na súa orixe como no lugar de emprego, para evitar as alteracions que puideran producirse como consecuencia das operacións de extración, carga, transporte e descarga.

6.3 FIRMES E PAVIMENTOS

6.3.1 REGAS DE IMPRIMACIÓN E ADHERENCIA

Control do material

Se co produto se aportara certificado acreditativo do cumprimento das especificacións obrigatorias recollidas no PG3/75 e/ou documento acreditativo do recoñecemento da marca, selo ou distintivo de calidade do produto, os criterios para realizar o control de recepción das cisternas e bidóns non serán de aplicación obrigatoria, sen prexuízo das facultades que corresponden ao Director das Obras.

Control da execución

Comprobarase visualmente que a superficie a regar está completamente limpa tras o obrigado varrido, e suprimiranse os posibles excesos de ligantes existentes.

A dotación media de ligante non deberá superar a dotación patrón nun +/- 10%.

Deberase vixiar especialmente a temperatura ambiente e a de aplicación de ligante, así como a presión da bomba impulsora de ligante e a velocidade de rega, manténdose o máis uniformes posibles durante a rega.

6.3.2 MESTURAS BITUMINOSAS EN QUENTE

Defínese como formigón bituminoso a combinación dun ligante hidrocarbonado, áridos (incluído o polvo mineral) e, eventualmente, aditivos, de maneira que todas as partículas do árido queden recubertas por unha película homoxénea de ligante. O seu proceso de fabricación implica quentar o ligante e os áridos e a súa posta en obra debe realizarse a unha temperatura moi superior á ambiental.

De acordo cos Artigos 542 “mesturas bituminosas en quente” e 543 “mesturas bituminosas descontinuas en quente para capas de rodadura”, do PG-3, o control de calidade de calquera tipo de formigón bituminoso inclúe as seguintes operacións:

- Estudo da mestura e obtención da fórmula de traballo.
- Fabricación da mestura de acordo coa fórmula de traballo.
- Transporte da mestura ao lugar de emprego.
- Preparación de superficie que vai recibir a mestura.
- Extensión e compactación da mestura.

Control de calidade dos materiais

No caso dos betúns, se co produto se aportara certificado acreditativo do cumprimento das especificacións obrigatorias recollidas no PG3/75 e/ou documento acreditativo do recoñecemento da marca, selo ou distintivo de calidade do produto, segundo o indicado no apartado 211.7 da O.M. do 27 de decembro de 1999, os criterios para realizar o control de recepción das cisternas non serán de aplicación obrigatoria, sen prexuízo das facultades que corresponden ao Director das Obras.

Comprobarase que os materiais a utilizar cumpren o especificado nos Pregos de Prescricións Técnicas.

De cada partida esixirase o certificado de análise correspondente e tomarase mostra para realizar os ensaios que marcan os pregos de prescricións Técnicas.

Control de fabricación

O obxecto é comprobar que os materiais que constitúen a unidade de obras mestúranse nas proporcións establecidas na fórmula de traballo, que deberá ser preparada con anterioridade, de acordo co fjxado no Prego de Prescricións Técnicas do Proxecto.

Ademais, en todos os camións que saen da planta controlarase a temperatura.

Control de extensión

O obxecto é comprobar que a extensión da capa de mestura bituminosa realízase de acordo ao Prego de Prescricións Técnicas, e coas dimensións indicadas nos planos de proxecto, ou na súa falta, as fixadas polo Enxeñeiro Director.

